


# TAPA

TRABALLOS de ARQUEOLOXÍA e PATRIMONIO

---



Santiago de Compostela 2002 ISSN 1597-5357

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento

# 29

Pasado e Futuro de Castrolandín (Cuntis):  
unha proposta de recuperación e revalorización

---

Xurxo Ayán Vila (Coord.)



# TAPA 29

## PASADO E FUTURO DE CASTROLANDÍN (CUNTIS): UNHA PROPOSTA DE RECUPERACIÓN E REVALORIZACIÓN

Xurxo M. Ayán Vila (Coord.)

*Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento*  
Consejo Superior de Investigaciones Científicas - Xunta de Galicia

[TRABALLOS DE ARQUEOLOXÍA E PATRIMONIO]  
novembro de 2002





# TAPA

Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio

## Consello de redacción

Felipe Criado Boado, IEGPS, CSIC-XuGa (director)  
Xesús Amado Reino, IEGPS, CSIC-XuGa (secretario)  
Agustín Azkárate, Universidad del País Vasco  
Teresa Chapa Brunet, Universidad Complutense  
Marco García Quintela, LaFC, Universidade de Santiago de Compostela  
Antonio Gilman Guillén, California State University (EEUU)  
Kristian Kristiansen, University of Göteborg (Suecia)  
María Isabel Martínez Navarrete, Instituto de Historia, CSIC  
Eugenio Rodríguez Puentes, D. X. do Patrimonio Cultural, Xunta de Galicia  
María Luisa Ruíz Gálvez, Universidad Complutense

## Consello asesor

Björn Olsen, University of Tromsø (Noruega)  
Christofer Tilley, University College (Gran Bretaña)  
Gonzalo Ruíz Zapatero, Universidad Complutense  
João Senna Martínez, Universidade de Lisboa (Portugal)  
José M<sup>a</sup> López Mazz, Universidad de la República Oriental del Uruguay (Uruguay)  
Juan Manuel Vicent García, Instituto de Historia, CSIC  
Luis Caballero Zoreda, Instituto de Historia, CSIC  
María Pilar Prieto Martínez, Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento, CSIC-XuGa  
Paloma González Marcén, Universitat Autònoma de Barcelona  
Pedro Mateos, Instituto de Arqueología de Mérida, CSIC  
Víctor Hurtado, Universidad de Sevilla

## Comisión de publicacións do IEGPS

Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, IEGPS, CSIC-XuGa (director)  
Felipe Criado Boado, IEGPS, CSIC-XuGa  
César Olivera Serrano, IEGPS, CSIC-XuGa  
Isidro García Tato, IEGPS, CSIC-XuGa (secretario)

## Edita

Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento  
Consejo Superior de Investigaciones Científicas - Xunta de Galicia

## Enderezo de contacto

Rúa de San Roque nº 2  
15704 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Galicia, España

Tel. 981 590555  
Fax 981 598201  
E-mail: [tapa@cesga.es](mailto:tapa@cesga.es)  
Web <http://www.iegps.csic.es>

Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio intercámbiase con toda clase de publicacións de Prehistoria e Arqueoloxía de calquer país.

**Edita:** Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia)  
**Depósito Legal:** C-538-03  
**ISBN:** 84-688-1478-4  
**ISSN:** 1579-5357

# FICHA TÉCNICA

## Edición patrocinada

Fundación Terra Termarum Castrolandín

## Coordinador

Xurxo M. Ayán Vila

Bolseiro predoutoral do CSIC, Programa I3P financiado polo Fondo Social Europeo IEGPS, (CSIC-Xunta de Galicia)

## Autores

Matilde González Méndez

María Pilar Prieto Martínez

IEGPS, (CSIC-Xunta de Galicia)

Francisco Ameixeiras

Asociación de Amigos dos Castros, Fundación Terra Termarum

Olimpio Arca

Asociación de Amigos dos Castros, Fundación Terra Termarum

Roberto Ameijeiras Paz

Asociación de Amigos dos Castros, Fundación Terra Termarum

José Manuel Mesego Fernández

Asociación de Amigos dos Castros, Fundación Terra Termarum

Cesar Parcerio Oubiña

IEGPS, (CSIC-Xunta de Galicia)

Lorena Vidal Caeiro

Asociación de Amigos dos Castros, Fundación Terra Termarum

Héitor Picallo Fuentes

Asociación de Amigos dos Castros, Fundación Terra Termarum

Martiño Picallo Fuentes

Asociación de Amigos dos Castros, Fundación Terra Termarum

Carlos Otero Vilariño

IEGPS, (CSIC-Xunta de Galicia)

## Traballo de campo

A base documental que se emprega neste texto procede dos traballos arqueolóxicos levados a cabo polo LAFC relacionados con proxectos de obras públicas, e nos traballos realizados pola *Asociación de Amigos dos Castros* e a *Fundación Terra Termarum*

## Procedencia dos materiais

Seguimento arqueolóxico das obras de construción

do oleoducto A Coruña-Vigo. 1993-1995 (CLH)

Seguimento arqueolóxico da concentración

parcelaria de San Mamede (Cuntis) 1994.

## Tratamento de materiais arqueolóxicos

Isabel Cobas Fernández

Yolanda Porto Tenreiro

M. Pilar Prieto Martínez

## Corrección lingüística

Alicia Padín Otero

## Delineación

Anxo Rodríguez Paz

## Deseño e maquetación

Rafael Rodríguez Carreira

## Responsable de edición

Xesús Amado Reino

## Dirección da serie

Felipe Criado Boado

*Góstame imaxinar que nos outos castros hai aínda muito ouro escusado,  
e tellados de ouronas cidades asolagadas, e tesouros que falan, e moreas de riqueza  
gardadas por fadas, mouros, enanos, ... Cada ano algo de ouro vello aparece na tona da terra,  
i entón naquela aldea acéndese a imaxinación das xentes e saen a relucir raras e prodixiosas  
historias, que en conxunto fan un tratado compreto do trato respeitoso que o home debe de ter  
con ise gran misterio que é o ouro, e revelan a capacidade fantástica da xente galega, que é  
moita. Eu participo dise asombro, e quero crer en todo o que se cre e non se ve. Xa dixeran  
denantes o que me gustaría ver na coroa do castro de Riotorto saír o enano coa súa pucha  
colorada a tocar, vespertino, o sonoro corno. Si non tivese saído algunha vez verdadeiramente,  
non se sabería que o había alí, gardador de brillante ouro. Namentras a xente nosa fale do ouro  
escondido, é que estará viva en nós a ledicia imaxinativa, e seremos aínda máis ricos por soñar  
con tesouros que tendo tódolos tesouros do mundo nunha arca gardada. Valen máis escondidos.  
Vai un por un camiño, nos doce mediodías do outono, e choviña e parez que naquela miranda  
veciña brila algo entre a herba, i un párase e soña cunha fada que ten na súa man un peite de  
ouro. Iso non fai dano a ninguén. Na aspereza da vida cotián, soñar é necesario, e perder o  
tesouro dos ensonos é perder o meirande dos tesouros do mundo. Cando eu escoito nalgunha  
aldea nosa falar de tesouros, coido que na nosa pobreza aínda somos ricos.*

Álvaro Cunqueiro

*Tesouros novos e vellos*



# Índice

<b>Presentación: Evocación de Castrolandín</b> <i>Felipe Criado Boado e Xurxo M. Ayán Vila</i> .....	11
<b>O Xacemento de Anllada: localización e descrición dun asentamento da Prehistoria Recente</b> <i>Matilde González Méndez</i> .....	17
<b>Estudio da cerámica do xacemento de Anllada en San Mamede de Piñeiro (Cuntis,Pontevedra)</b> <i>María Pilar Prieto Martínez</i> .....	23
<b>O Megalitismo en Cuntis</b> <i>Francisco Ameixeiras Sánchez, Olimpio Arca Caldas</i> .....	33
<b>A Arte Rupestre</b> <i>Francisco Ameixeiras Sánchez, Olimpio Arca Caldas</i> .....	39
<b>O poboamento castrexo en Cuntis</b> <i>Roberte Ameijeiras Paz, José Manuel Mesego Fernández</i> .....	49
<b>Síntese dos traballos de escavación no xacemento castrexo de Alto do Castro</b> <i>César Parcero Oubiña</i> .....	59
<b>O xacemento de Castrolandín: recuperación a partir dun traballo superficial</b> <i>Xurxo M. Ayán Vila</i> .....	73
<b>O impacto da romanización na comarca</b> <i>Lorena Vidal Caeiro</i> .....	85
<b>Achegamento ó estudio dunha nova ara cuntiense. DII BUXIMUS: contribución ó panteón galaico-romano</b> <i>Héitor Picallo Fuentes, Martiño Picallo Fuentes</i> .....	105
<b>A articulación do poboamento medieval na antiga Terra Termarum</b> <i>Héitor Picallo Fuentes</i> .....	115
<b>O Camiño Portugués a Compostela. Alternativa menor por Cuntis</b> <i>Héitor Picallo Fuentes</i> .....	129
<b>Mámoas, castros e tesouros: a <i>Mourindá</i> nas terras de Cuntis</b> <i>Xurxo M. Ayán Vila, Francisco Ameixeiras Sánchez</i> .....	143
<b>Proxecto de recuperación e revalorización do castro de Castrolandín</b> <i>Carlos Otero Vilariño</i> .....	169



## PRESENTACIÓN: EVOCACIÓN DE CASTROLANDÍN

Xurxo M. Ayón Vila e Felipe Criado Boado

*Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento*

Consejo Superior de Investigaciones Científicas - Xunta de Galicia

### Resumo

Este traballo constitúe unha síntese dos traballos de investigación desenvolto polo Laboratorio de Arqueoloxía do Instituto *Padre Sarmiento* de Estudos Galegos e a *Fundación Terra Termarum* sobre o Patrimonio Cultural do concello de Cuntis. O volume recolle aportacións sobre xacementos e aspectos da historia desta terra dende a Prehistoria Recente deica os actuais proxectos de recuperación, posta en valor e divulgación social do rico Patrimonio cuntiense.

### Palabras Chave

Cuntis, Arqueoloxía da Paisaxe, Patrimonio Cultural, Desenvolvemento Comunitario Local, Revalorización do Patrimonio, Divulgación Social.

### Abstract

This work is a synthesis of historical and archaeological research developed by the Laboratory of Archaeology of the *Padre Sarmiento* Galician Studies Institute and the *Terra Termarum* Foundation about the Cultural Heritage of the Council of Cuntis. This volume starts with a series of studies about archaeological and different issues on History of this land from the Recent Prehistory to the present projects on Heritage Reassessment and Social Dissemination of the rich Heritage of Cuntis.

### Keywords

Cuntis, Landscape Archaeology, Cultural Heritage, Local Community Development, Heritage Reassessment, Social Dissemination

Contaban os vellos un conto que, coma todos os contos, teñen unha historia detrás. Pero hoxe en día esa historia xa non conta nada e caseque non hai quen escoite ou lembre as vellas contas e contos dos vellos. Pese a iso, tres anos de esforzo de variada xente fixeron que na actualidade Castrolandín non sexa ningún conto, senón real e con ideas e posibilidades para facerse máis real: Castrolandín aínda pode facer historia revivindo no presente a historia mediante a recuperación dos vellos contos dos vellos.




Figura 1: Ubicación do concello de Cuntis.

## CONTABAN OS VELLOX UN CONTO

No castro viven os mouros. Pola noite as moursas do castro baixan ás pozas do rego que pasa a carón do castro. Alí lavan as súas caras branquiñas, peitean os seus cabelos e agochan os seus tesouros. Un día un mozo da aldea veu a unha delas e namorou da súa fermosura. A moursa díxolle que se quería romper o encanto e casar con ela, tiña que voltar pola noite cun bólo de pan quente. Pero cando chegou onda ela, o bólo estaba frío e a moursa, ó collelo para tirar un belisco do seu pito, deixou caer espantada, converteuse en serpe e meteuse na auga. O mozo morreu ali mesmo.

Dende aquela, a xente evitaba o río e procuraba non subir ó castro. Cando alguén atravesaba o río cunha cunca de leite recién muxido, o leite cortábase e tornaba sangue. No sangue crecían moi ben as troitas, cas suas pintas roxas. Só os homes pescaban as troitas que en cambio fuxían das mulleres.

Un día un pescador veu a outra moursa peiteando os cabelos no reflexo das augas do río. Pediulle casar con ela. A moursa díxolle que volvera pola noite e que ela viría en forma de serpe e que para a desencantar tiña que darlle un bico nunha flor roxa que levaría nos beizos, e que ademais lle trouxera unha cunca de leite.

O mozo voltou pola noite. A serpe apareceu e bebeu todo o leite que o mozo trouxera. Despois de bebela, subiulle polos pés e o corpo ata o pescozo. O mozo aguantou o noxo que lle daba e bicou a flor roxa que levaba nos beizos. De súpeto, a serpe desencatouse, a moursa tornou muller e marchou co mozo para a aldea, onde casaron, tiveron moitos fillos e viviron cos tesouros que os mouros agachaban no río.

Dende aquela as mulleres xa poden volver ó río, atravesalo cos cántaros de leite, e os mouros enterráronse no castro e non saen nunca del. Só nas noites de San Xoán, xúntanse e prenden unha coroa de lumes na croa do castro e botan rodas ardendo dende o castro abaixo para lembrar a todos os veciños do val o seu antigo esplendor e gloria.



Figura 2: A vila de Cuntis co castro de Castrolandín ó fondo.

## OS CONTOS TEÑEN HISTORIA ...

Cando aínda non había Arqueoloxía e ninguén estudiaba a Prehistoria, cando nin tan sequera se sabía que era a Prehistoria, os nosos antigos paisanos puxeron en orde cousas do mundo que non entendían, os monumentais e chamativos restos dos poboados protohistóricos que chamamos *castros*, dicindo que eran o lugar no que vivían uns seres míticos, antigos pero aínda presentes, ós que chamaban *mouros* e que non tiñan nada que ver cos mouros históricos.

Como bos seres míticos, os *mouros* levaban unha existencia paralela á dos seres humanos. Chegaran aquí moito antes que os humanos. Pero seguían vivindo aquí e compartindo un espacio común cos paisanos e aldeáns. Mantiñan incluso relacións ocasionais.

Sen embargo esas relacións non eran constantes nin fluídas. Eran dous grupos distintos: os paisanos, pobres, traballadores, faces queimadas polo sol; os *mouros* ricos, solaregos, caras brancas. Os paisanos vivían na aldea, no agro, sobre a terra; os *mouros* nos castros, no monte, na auga.

As relacións en ámbolos dous estaban sometidas a códigos estritos. En particular estáballes vetado o casaren. A non ser que previamente os mouros foran desencantados e abandonasen o seu grupo (*casasen para fóra*) para convertírense en mulleres normais.

A 'normalidade' da muller era ser a de ser nai. A familia campesiña baseábase sobre todo na reprodución do grupo doméstico para ter a capacidade de traballo suficiente para asegurar a supervivencia. A muller como nai e o leite como alimento garantían a descendencia e polo tanto a perpetuación da familia, abríndolle un lugar na Historia.

As *moursas* non eran 'normais'. Non se lles coñecía descendencia e en cambio andaban todo o día enfeitándose fachendosas; coqueteando, diríamos hoxe en día. O seu ambiente natural era a auga, líquido contrario ó leite ata o punto de que éste, ó entrar en contacto con ela tornaba en sangue. Porque mentres o leite é o líquido maternal por excelencia, o líquido nutricio, alimento primeiro e orixinal que dá a vida, a auga vencellábase dalgún xeito á vida disoluta e sen compromisos.

Cando o achegamento entre humanos e *mouros*, entre homes e *moursas*, se realizaba segundo pautas correctas, que no fondo querían dicir que os homes debían non só cortejar ás moursas (bica-la flor roxa que é unha metáfora do seu órgano sexual) e empregalas para o seu solar (*ca moursa metes o dedo no bólo de pan quente e tírase un pedazo do seu pito*), senón casar con elas, convertílas en esposas e nais (como sinala a inclinación da moursa cara o leite: a domesticación da potencia sexual da súa feminidade para poñela ó servizo da maternidade) e traer a casa unha muller que engadise fillos e riqueza, entón as





Figura 3: Celebración do S. Xoán na croa do castro (ano 2001).

mouras desencantábanse e transformábanse en mulleres normais.

Pero cando a aproximación entre humanos e *mouras*, entre homes e *mouras*, fallaba, derivábanse grandes estragos. Os humanos podían morrer e, como mínimo, ámbolos dous grupos quedaban unha vez máis e tal vez para sempre apartados e distanciados. O monte e a auga, sendo ésta o oposto da terra e aquel un terreo non doméstico (como a casa ou o *agro*) nin frecuentado nos labores cotiáns, funcionaban daquela como as fronteiras que marcaban a distancia entre o espazo humano e mailo mítico. Transitar polo monte ou achegarse ó río podía supor un encontro cos *mouras* e converterse nunha experiencia perigosa ou alomenos non desexada.

Só no *San Xoán*, para evocar esa vella historia e en parte conxurar os seus medos, os humanos xuntan leña na croa de Castrolandín, prenden a súa *lumeirada*, acenden unha guirnalda de lume arredor do castro e, recuperando unha tradición que se perde na noite dos tempos das tradicións míticas célticas, botan a andar rodas de lume coma os antigos moradores do castro facían ó longo da pendente.

... PERO A HISTORIA XA NON CONTA NADA

Todo o anterior xa pasou. Agora ninguén sabe nada. Ós propios ollos dos nosos maiores, os antigos *contos* deviron en chistes. Namentres, mozos e nenos xa non entenden estes relatos, non saben que foron os castros segundo os seus pais e avós. A duras penas o fai a escola, pero ninguén lles contou unha narrativa substitutoria daquela outra.

Ténse perdido o senso de lugar, a tradición e o tempo. Os castros perecen abandonados e a cultura empobrécese. Hai sesenta anos que xa ninguén acendía a *lumeira* nin prendía a guirnalda de lume arredor do castro. Pasenñamente incluso a lembranza destas tradicións esmorecía na memoria e o seu lugar é ocupado por novos referentes.

Hoxe en día é máis doado ver un OVNI sobre Castrolandín, que ver ós seus veciños prender alí enriba a fogueira de *San Xoán* en lembranza das vellas tradicións e *mouras* do castro.

#### CASTROLANDÍN NON É NINGÚN CONTO

Pero esa traxectoria crebou. A inefable liña do tempo parece que quixo parar un pouco en Castrolandín e tornarse cara o vello e a tradición. Castrolandín reverdece sobre o bosque de piñeiros. A súa lumeira de *San Xoán* volveuse prender por dous anos consecutivos (2001 e 2002). Ten sido recuperado como espazo social e de socialización, de uso e de relación entre veciños e público alleo.

*O presente de Castrolandín é o dun conto do pasado en vías de facerse realidade.*

O seu propio presente non é conto ningún: a converxencia, excepcional na nosa terra, dunha serie de axentes, circunstancias, intencións e posibilidades, comezou a recuperá-la historia de Castrolandín para poñela ó servizo do presente.

Neste punto cómpre facer unha **breve historia** dun proxecto recente. A comunidade de montes de Castrolandín e a Asociación de Amigos dos Castros de Cuntis converxen no ano 2000 para poñeren en marcha unha ambiciosa intención de recuperación do castro.

Estas instancias pónense en contacto co -daquela- *Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais* (LAFC) da Universidade de Santiago (na actualidade *Laboratorio de Arqueoloxía do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento*) para atopar-la fórmula máis axeitada para a posta en valor do sitio. Comprométese a colaboración dos veciños, celébranse reunións, párense ideas, ensáianse situacións diversas...

Como froito de todo iso chégase ó acordo de elaborar e executar un **Plan Director para a posta en valor de Castrolandín**.



Figura 4: Entidades vencelladas á Fundación Terra Termarum.

Cedo chegamos á conclusión de que compraría constituír unha unidade de xerencia ou institución que encetase o proxecto, resolvendo para comezar o problema da cesión de terreos. Así xurde a idea de constituí-la **Fundación Terra Termarum de Castrolandín**, cun padroado que está constituído a partes iguais por representantes do concello, comunidade de montes e a Asociación de Amigos dos Castros. Nos estatutos desta fundación recóllense como obxectivos a conservación e promoción do xacemento, cuns terreos que lle son cedidos por un tempo de 30 anos. A súa constitución foi facilitada e posibilitada pola aportación de capital social do Concello de Cuntis procedente das súas partidas presupostarias propias.

*Pero Castrolandín aínda pode facer historia.*

Avístase agora o futuro de Castrolandín. As ambicións do presente teñen realmente a oportunidade de convertirense nos actos dun mañá comprometido coa recuperación de Castrolandín, da súa historia e tradición.

*O futuro de Castrolandín é o dun conto do pasado que se faga realidade.*

Co Plan Director proxectado procúrase deseñar unha actuación que permita en cinco anos recuperar Castrolandín como recurso socio-cultural para a bisbarra Ulla-Umia.



Figura 5: Presentación oficial da *Fundación Terra Termarum* (ano 2001)

## UN VOLUME SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL DE CUNTIS

A recuperación do xacemento de Castrolandín serviu de eixo vertebrador de toda unha serie de actividades de posta en valor do Patrimonio Cultural de Cuntis desenvolvidas nos dous últimos anos. Entre estas iniciativas destacan a realización dunha exposición na Biblioteca Municipal sobre a cultura castrexa, a organización dun ciclo de conferencias sobre a Prehistoria e o Patrimonio Arqueolóxico do concello así como a recuperación da festa tradicional do San Xoán na Chan do Castro de Castrolandín.

Dentro deste marco de actuacións plantexouse a posibilidade dende o LAR do IEGPS da elaboración dun volume monográfico sobre Cuntis integrado na serie *Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio* (TAPA). Esta liña de publicacións materializa a perspectiva arqueolóxica asumida pola nosa institución, levando á práctica unha estratexia de investigación que defende o artellamento de proxectos plantexados como programas de Xestión Integral do Patrimonio, nos que o coñecemento xerado pola disciplina arqueolóxica revirta na sociedade mediante a súa revalorización e divulgación.

Cómpre destacar que a Arqueoloxía tradicional apenas tratou o problema da difusión social do coñecemento histórico. Deste xeito, por exemplo, as intervencións en xacementos arqueolóxicos limitáronse ó desenvolvemento de campañas de escavación, cuns resultados -raramente publicados- que só trascenderon en círculos de especialistas e profesionais. Polo tanto, convértese en proxectos subsidiarios á propia sociedade que paradoxicamente é o axente que os financia na meirande parte das ocasións.

Esta circunstancia pódese relacionar cunha perspectiva excesivamente academicista que obvia a natureza e función social dunha disciplina humanística como a Arqueoloxía. Todo isto explica que se teña marxinado -de maneira inconsciente a miúdo- o traballo co produto sociocultural da investigación arqueolóxica por antonomasia: o Patrimonio Arqueolóxico. Asemade as iniciativas que xurden por parte da poboación interesada neste tema, como son asociacións de afeccionados á Arqueoloxía, apenas son escoitadas por parte dos especialistas e da Administración.



Figura 6: Detalle da exposición sobre a cultura castrexa organizada pola Asociación no ano 2001

Como contrapunto a esta situación o presente volume tentar cubrir un triple obxectivo editorial:

- En primeiro lugar cubrí-lo baleiro de investigación arqueohistórica existente sobre a comarca cunha obra de síntese (ou estado da cuestión) de carácter divulgativo que recolla os diferentes traballos desenvolvidos nos últimos dez anos en Cuntis. Neste

senso preséntanse os resultados das intervencións arqueolóxicas levadas a cabo en Cuntis polo LAR do IEGPS no marco de diferentes proxectos.

- Divulga-lo labor de investigación inédito levado a cabo primeiramente pola *Asociación de Amigos dos Castros* e posteriormente pola *Fundación Terra Termarum*, materializado en senllos traballos de pescuda etnográfica, recollida de lendas e tradicións, inventariado de xacementos arqueolóxicos, defensa do Patrimonio, etc...
- Culmina-lo proceso de recuperación do Patrimonio Cultural de Cuntis cunha obra que recolla os textos das conferencias impartidas no Ciclo *sobre Patrimonio Cultural* celebrado na capital municipal no 2001.

Partindo destes presupostos o presente volume organízase coma un compendio de diferentes capítulos independentes (e á súa vez interrelacionados) que tratan monograficamente unha temática arqueohistórica ou xacementos concretos da zona de Cuntis. Estableceuse como fío conductor unha orde diacrónica na presentación dos apartados que abranguen dende a Prehistoria Recente ata a actualidade.

Deste xeito o primeiro artigo versa sobre o xacemento habitacional máis antigo coñecido na zona de Cuntis correspondente a un momento do Neolítico Final-Idade do Bronce. O sitio arqueolóxico de Anllada é un dos pucos casos coñecidos en Galicia no que se rexistra a sucesión de dous horizontes culturais representados polas cerámicas tipo '*Penha*' e campaniforme.

O estudo do material cerámico de Anllada lévase a cabo polo miúdo no segundo capítulo, encetando unha contextualización deses achádegos na Prehistoria Recente galega en función dos datos dispoñibles na actualidade, así coma unha detallada análise formal dos cacharros recuperados.

No terceiro artigo recóllese unha síntese sobre o fenómeno megalítico en Cuntis que aporta interesantes datos sobre aspectos tan diversos coma a existencia de túmulos en zonas apenas prospectadas anteriormente, o rexistro do folklore asociado a estas mámoas ou unha revisión da súa situación patrimonial e estado de conservación actual.

Co cuarto capítulo procurouse unha catalogación exhaustiva das manifestacións de arte rupestre prehistórica emprazadas no territorio do actual concello de Cuntis. Estas estacións intégranse no magno conxunto rupestre que se espalla polo veciño Campo Lameiro e amosan datos sobranceiros sobre novos achádegos, a paisaxe cultural e o estilo propio xerado polos habitantes da Idade do Bronce.

O poboamento castrexo é o obxecto de estudo do quinto apartado, no que se sintetizan os contidos da exposición organizada en Cuntis no ano 2001 pola



Figura 7: Talleres castrexos no castro de Castrolandín (San Xoán de 2002)

*Asociación de Amigos dos Castros* e na que se dá conta dos poboados da Idade do Ferro existentes na paisaxe cuntese.

O sexto capítulo recolle os resultados da escavación desenvolta en 1993 no castro de Laxos, afectado pola construción do oleoducto Coruña-Vigo. Este xacemento presenta unha continuidade de poboamento ó longo de toda a Idade do Ferro e xunto co castro de Penalba en Campo Lameiro vén sendo o referente fundamental para coñecé-la evolución da cultura castrexa nesta zona de Galicia.

No séptimo artigo descríbese o proxecto de limpeza do castro de Castrolandín (2000) que permitiu a recuperación deste espacio así coma un mellor coñecemento da súa morfoloxía e estado real de conservación.

Co oitavo apartado lévase a cabo un traballo de síntese que viña sendo necesario dende hai tempo sobre a problemática da romanización nesta zona. Este fenómeno é crucial para a comprensión histórica de Cuntis, vila termal que xurde neste período e da que conservamos abundantes vestixios materiais, a meirande parte vencellados co culto ás divindades das augas.

O máis recente destes achádegos, unha ara clásica provinciana, ocupa a atención do noveno artigo, no que se aventura argumentadamente unha lectura epigráfica que leva a pensar na existencia dun teónimo inédito dentro do panteón galaicorromano.

No décimo capítulo recóllese unha investigación detallada sobre o monacato e a organización do espacio rural en época medieval no territorio da coñecida dende aquela como *Terra Termarum* ou *Termas de Cuntis*. Este traballo complementase coa hipótese exposta no undécimo apartado do volume no que se defende a existencia dunha ruta xacobeá ou camiño menor a Santiago (vencellada ó Camiño Portugués) que percorrería as terras de Cuntis e A Estrada.

O penúltimo artigo analiza unha manifestación senlleira do Patrimonio inmaterial como é o conxunto lendario e a tradición oral vencellada ós xacementos arqueolóxicos de natureza monumental espallados pola paisaxe de Cuntis.

Finalmente pecha o volume o proxecto marco deseñado polo LAr para a posta en valor do xacemento de Catrolandín. Neste texto sintetízanse a historia dos traballos efectuados sobre o castro e maila súa situación actual, os obxectivos arqueolóxicos e patrimoniais que se propón cubrir, a organización do traballo que posibilita este programa e os principios teóricos que sustentan unha estratexia de revalorización baseada na Arqueoloxía da Paisaxe.



## FESTA S. XOÁN

23 de xuño pola noite

A recuperación dunha tradición

**“Cacharela ó redor  
da chan do Castro”**

*Sardiñas, empanada, bebida*

*e ... FESTA*

AMIGOS  
dos CASTROS  
CUNTIS

PATROCINA:  
Fundación Terra Termarum  
Castrolandín

# O XACEMENTO DE ANLLADA: LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN DUN ASENTAMENTO DA PREHISTORIA RECENTE

Matilde González Méndez

*Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais*  
Universidade de Santiago de Compostela

## Resumo

O traballo que seguidamente se describe tiña como obxecto valorar o impacto que as obras de concentración parcelaria, realizadas en 1994 na parroquia de S. Mamede de Piñeiro, Cuntis, Pontevedra, puidesen ter sobre o Patrimonio Arqueolóxico desta zona. Resultado do mesmo é a localización dunha zona de ocupación que corresponde a un momento do Neolítico Final-Bronce.

## Palabras Chave

Prehistoria Recente. Xacemento. Neolítico. Idade do Bronce. Avaliación de impacto arqueolóxico.

## Abstract

The aim of the paper that is described follow, has been value the impact that the building of the concentration of smallholdings, carried out in 1994 in the parish of S. Mamed de Piñeiro, Cuntis, Pontevedra, could have in the Archaeological Heritage of this zone. In results of this, it has been located an area of occupation that is related to Last Neolithic- Bronze Age.

## Keywords

Late Prehistory. Settlement. Neolithic. Bronze Age. Archaeological Impact Assesment.



## INTRODUCCIÓN

As obras de concentración dos terreos agrícolas da parroquia de S. Mamede de Piñeiro, Cuntis, centráronse na apertura de pistas e na limpeza e preparación de terras de monte para a plantación ou cultivo. Esta última tarefa implicou, non só a corta e roza de vexetación senón que, ademais, incluíu outros labores que van desde a remoción e volteado das terras, ata o achanzado dalgunhas áreas de forte pendente e a drenaxe de zonas húmidas. Todos estes traballos, realizados con pa escavadora, supoñen unha profunda remoción do chan e, nalgúns casos, o desmantelamento total da capa edáfica. Un exemplo extremo disto último é a apertura de pistas ou a desecación de terreos.

A área obxecto desta concentración revisada por nós localízase na marxe O da estrada N-640, a 2.5 Km. ó N do cruce principal da capital do concello de Cuntis. Os terreos

afectados pola remoción ocupan unha fronte de 200-300 m de anchura (lado E-O), e pouco máis de 1 Km. de lonxitude (lado N-S). O seu extremo máis septentrional cadra co lugar de Anllada.

A área afectada pola remoción localízase no val do río Gallo, concretamente ocupa unha zona inmediata a este e a un pequeno regueiro que desauga nel. Aquí pódense distinguir topograficamente (de E a O) desde zonas baixas e húmidas, brañas e zonas anexas a ámbolos dous cursos de auga, ata unha pequena lomba que marca a transición entre o que sería o fondo do val e a chaira aluvial propiamente dita. Non obstante, na beira septentrional da área non existe tal gradación topográfica, xa que as veigas neste extremo máis apartado dos cursos de auga sitúanse sobre unha zona chá de val.

A dedicación agrícola previa ás obras era distinta segundo as zonas: monte de repoboación na zona alombada e nas súas inmediacións, monte autóctono nas




Figura 1: Levantamento fotogramétrico da COTOP escala 1:20.000 no que se sinalizan os diferentes puntos arqueolóxicos localizados.




Figura 2: Esbozo realizado sobre a fotografía aérea da zona afectada polas obras no que se sinalizan diferentes circunstancias.

marxes dos cursos de auga e prados nas zonas máis baixas e de chaira.

Paralelamente, as tarefas de concentración implicaron a realización de traballos distintos segundo as zonas. En función dos diferentes traballos de preparación agrícola e das características topográficas, presentouse un labor arqueolóxico de tipo e intensidade variable tal e como se describe no apartado seguinte.

## PRESENTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO ARQUEOLÓXICO

Partindo das características xeográficas e topográficas da área e da comprensión do rexistro e datos arqueolóxicos (tanto xerais como da comarca de Cuntis en concreto)

podíase formular a posibilidade de que se localizaran restos arqueolóxicos que correspondesen a diferentes momentos. Estes son os que se citan a continuación:

1. A inmediatez co Gallo (que atravesa unha ampla zona de chaira), e máis concretamente a confluencia deste cun curso de menor entidade, suscitaba a posibilidade de que se localizasen xacementos paleolíticos, tal e como se constatou noutras zonas de Galicia.
2. Pola súa parte, a existencia dun couto, (área elevada), de solo delgado e dedicación extensiva, inscrito nunha área de val, con ampla visibilidade, permitía propor a hipótese de que se localizasen xacementos que correspondesen ó Neolítico Final.
3. As referencias á existencia de certa ocupación romana no val de Cuntis (tales coma o achádegos de aras, moedas, restos de edificacións, un probable miliario e o paso da vía XIX ou unha secundaria a ésta) autorizaba a apuntar a posibilidade de localizar restos desta ocupación.
4. Finalmente, a inspección detida da área posibilitaría a localización doutros restos arqueolóxicos non previstos nos apartados anteriores.

En función das hipóteses e posibilidades enunciadas, así como das obras de preparación agrícola realizouse o seguinte traballo arqueolóxico:

Nas parcelas situadas no couto e as súas inmediacións, e na área de confluencia dos cursos de auga realizouse unha prospección superficial intensiva do terreo. Se ben as fortes remocións e a sequidade estival<sup>1</sup> dificultarían a súa visualización, as hipóteses de traballo formuladas apoiaban a abordaxe dunha inspección minuciosa.

Nas parcelas dedicadas a prado ou áreas de braña, realizouse unha prospección de menor intensidade xa que ademais da remoción total do solo, parte destes terreos sometéronse ó recheo con xabre para a súa drenaxe.

A deposición de xabre imposibilitaba a visualización e distinción entre materiais naturais e antrópicos. Así, o traballo reduciuse a unha inspección máis extensiva dedicada a localizar puntos menos alterados pola remoción e constatar a existencia ou non de restos de estruturas e/ou material arqueolóxico.

## RESULTADOS

O traballo anterior permitiu descubrir catro pequenas áreas nas que se recolleu material arqueolóxico, lítico e cerámico, xenericamente encadrable no momento Neolítico Final<sup>2</sup>. Estas son as que seguidamente se describen:

<sup>1</sup> O traballo de campo realizouse nos meses de xullo e agosto.

<sup>2</sup> O posterior estudo minucioso da cerámica por parte de P. Prieto permite ampliar o espectro cronolóxico deste xacemento ata a Idade do Bronce (véxase o traballo desta autora neste mesmo volume).

(1) A primeira delas PU940714M01, sitúase no extremo S da área afectada polas obras, na zona anexa á confluencia dos cursos de auga (Figura 2). Situado no extremo SE do couto, concretamente localízase nun pequeno relanzo duns 40 m de radio no que a pendente relativamente importante da zona se suaviza de forma evidente. As súas coordenadas xeográficas son: 42° 29' 1'' latitude N e 08° 33' 32'' lonxitude O.

O material localizado conforma un conxunto de 79 pezas líticas e cerámicas. Respecto dos líticos contamos cun conxunto de 76 talladas en material variado [cristal de roca (1), xisto (7), granito (17) e seixo (42) e pulimentadas en granito (2)]. Con respecto ás cerámicas, recolléronse 3 fragmentos lisos, de factura manual. A indefinición deste conxunto non permite un encadre crono-tipolóxico concreto pudiendo constatar unicamente a súa correspondencia a un momento prehistórico.

(2) A uns 150 m ó N/NO deste punto puidose descubrir outra zona na que se recuperou un segundo conxunto material, PU940714M02. Os achádegos deste punto concéntranse no cumio e parte alta do extremo septentrional da lomba. Estes achádegos esténdense por unha banda duns 25 m de ancho que discorre en dirección N-S ó longo duns 75 m. As coordenadas xeográficas son 42° 39' 16" de latitude N e 08° 33' 34'' de lonxitude O.

O conxunto material que corresponde a este segundo punto consta de algo máis de 60 cerámicas tipoloxicamente encadrables nos tipos *Penha* e *Campaniforme impreso* e 59 líticos sobre seixo, cristal de roca e silex, entre os que cabe destacar unha raspadeira e unha punta en silex, ou un fragmento de machadiña en cuarcita.

En ningún dos dous puntos se puideron localizar indicios da existencia de estruturas que permitan definir o tipo de ocupación ou delimitar a súa extensión. Os dous catalogáronse como GA36015014.

A uns 350 m ó N do segundo punto, xa na zona cha, localizáronse outras dúas áreas con material arqueolóxico. Localízanse nunha mesma parcela a ambos lados (E e O) dunha área húmida cunha pequena entidade (uns 75 m de diámetro) o que non permite cualificala de braña. O seu conxunto ergolóxico é numérica e tipoloxicamente inferior do documentado nos puntos anteriores. En concreto trátase de:

(3) O PU940816M01, situado no lado O da área húmida. As súas coordenadas xeográficas son: 42° 39' 29,6" de latitude N e 08° 33' 32,6" de lonxitude O.

Nunha superficie duns 60 x 40 m localizáronse 15 cerámicas lisas (a excepción dun fragmento que presenta unha suave acanaladura) e 3 líticos de tipoloxía indiferenciada elaborados sobre seixo.

(4) O PU940816M02, sitúase no lado E. As súas coordenadas xeográficas son: 42° 39' 29" de latitude N e 08° 33' 26" de lonxitude O.



Figura 3: Vista xeral do PU940714M02



Figura 4: Vista xeral dos PU940816M01 e 940816M02

O seu conxunto ergolóxico limitase a 6 pequenas cerámicas lisas, de factura manual e tipoloxía indiferenciada e 11 líticos sobre seixo. De forma similar ó que sucedía cos dous primeiros puntos, as fondas remocións impediron localizar indicios da existencia de estruturas habitacionais de calquera tipo. Estas, caso de que as houbera, moi ben puideron ser destruídas no curso das obras.

## VALORACIÓN ARQUEOLÓXICA DOS ACHÁDEGOS

Unha vez sopesados os datos que corresponden ós puntos localizados podemos facer as seguintes consideracións:

1. O conxunto dos puntos veñen a indicar unha ocupación da lomba e o seu contorno dilatada no tempo e/ou dispersa no espazo xa que se estende durante un momento Neolítico Final/Bronce Inicial, aínda que moi ben puido ser máis ampla.
2. A indefinición crono-tipolóxica dos puntos 940714M01, 940816M01 e 940816M02 non permitía precisar nunha valoración inicial se se trataba de zonas con materiais cronoculturalmente similares ó PU940714M02. Así, os tres primeiros puntos mencionados poderían ser dun



momento simultáneo ó PU940714M02 pero igualmente poderían ser anteriores ou posteriores. O seu conxunto cerámico (moi fragmentado e sen decoración) e a súa industria lítica (na súa inmensa maioría composta por lascas simples) inicialmente permitía só un encadre xenérico entre o Neolítico e a Idade do Bronce.

3. Posteriormente, o estudio polo miúdo do material cerámico realizado por P. Prieto (véxase capítulo correspondente neste volume) leva a suxestionar esta autora que se trata dun mesmo xacemento. Con todo, é preciso notar que os dous primeiros puntos (PU940714M01 e PU940714M02) xeograficamente encóntranse bastante afastados dos dous segundos (PU940816M01 e PU940816M02). En efecto, mentres os dous primeiros se distribúen en torno a unha lomba os dous segundos sitúanse na chaira aluvial separados por unha distancia mínima de 350 m (ver figuras 1 e 2).

Á vista do anterior parece claro que nos encontramos ante unha zona de ocupación prehistórica dispersa. Ben se trate dun único asentamento ou de xacementos diferenciados, estes achádegos evidencian unha ocupación polo menos durante o momento Neolítico Final-Bronce Inicial.

Respecto do estado de conservación do xacemento, con posterioridade á realización das obras, aínda sen o poder precisar, a remoción da capa edáfica ata o nivel do xabre lévanos a pensar na súa total alteración.

Poderíase considerar a posibilidade de que exista algún punto no que a menor intensidade da remoción permitise a conservación de estruturas ou restos delas. Isto non sería estraño a xulgar polo tipo e condicións de rexistro que ofrecen xacementos destas épocas: negativos de estruturas habitacionais escavados na rocha.

Non obstante, aínda considerando a posibilidade de que algunha estrutura ou parte dela se librase do destrozo, a súa localización e documentación previa ó traballo agrícola ó que se dedicarán as parcelas, nunha zona tan ampla e tan intensamente remexida, suporía un investimento de esforzo cremos que excesivamente custoso para a escasa resolución que ofrecería desde o punto de vista arqueolóxico. En efecto, a localización dalgún resto de estruturas nunha área tan ampla só permitiría un rexistro sesgado e descontextualizado do que sería a conformación orixinal do/os xacemento/s. Por iso non cremos de grande utilidade propor cautelas arqueolóxicas no cultivo de tales zonas.

A pesar do que acabamos de apuntar debemos facer unha consideración distinta respecto daquelas zonas que non se removeron. Este é o caso da área anexa polo O ós dous primeiros puntos GA36015014 (parte occidental do couto) que non se roturou no curso das obras de concentración. Tendo en conta isto, xunto co feito de que

estes xacementos prehistóricos poden ter unha ampla extensión, cremos conveniente determinar, previamente da realización de calquera obra que implique a remoción de terras, a extensión do xacemento cara esta zona (na actualidade dedicada a monte baixo de herbáceas) xa que no caso de se confirmar a ocupación prehistórica sería necesario documentar estes restos antes de abordar calquera obra que ameace coa súa destrución.

En función destas valoracións pódense apuntar diferentes medidas cautelares de cara á conservación futura do sitio:

1. A necesidade de realizar unha prospección intensiva das zonas anexas á área do noso traballo previa a calquera obra de roturación. O obxecto da mesma sería o de tratar de localizar restos arqueolóxicos, que de acordo co visto máis arriba, son moi previsibles e delimitar así máis correctamente a extensión do xacemento que aquí tratamos.

2. Ademais, e posto que os xacementos máis predicibles (romanos e prehistóricos) non adoitan ofrecer estruturas visibles en superficie, e posto que descoñecemos en gran medida o comportamento arqueolóxico das áreas de val como é esta que estamos a tratar, sería oportuno realizar un seguimento arqueolóxico daquelas obras que impliquen unha remoción de terras.

Isto permitiría, non só evitar a probable alteración de xacementos senón tamén apuntar datos en torno a un dos pisos topográficos do mapa galego máis descoñecido e á vez máis afectado por obras e construcións en xeral, traballo que parece de grande interese desde o punto de vista patrimonial.

## FICHA TÉCNICA

Traballo de campo: *Matilde González Méndez e Mar López Cordeiro.*

Documentación e valoración do material lítico: *Mar López Cordeiro.*

Documentación e valoración do material cerámico: *Matilde González Méndez.*

Realización do informe: *Matilde González Méndez.*<sup>3</sup>

Debuxo de Materiais: *Anxo Rodríguez Paz.*

Título do traballo do que procede este texto: Informe sobre o Impacto no Patrimonio Arqueolóxico da concentración parcelaria de S. Mamede de Piñeiro (Cuntis, Pontevedra).

Aval Científico: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura Comunicación Social e Turismo, Xunta de Galicia.

Financiamento: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo, Xunta de Galicia.

<sup>3</sup> Con posterioridade á realización deste traballo o material cerámico estudiouse en detalle por P. Prieto. O resultado deste estudio pódese ver neste mesmo volume.



# ESTUDIO DA CERÁMICA DO XACEMENTO DE ANLLADA EN SAN MAMEDE DE PIÑEIRO

María Pilar Prieto Martínez

*Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento*  
Consejo Superior de Investigaciones Científicas - Xunta de Galicia

23

2002

Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio, 29

## Resumo

Preséntase un estudo sobre a cultura material cerámica do xacemento de *Anllada* (Cuntis), non só se realiza unha descrición senón que se trata de contextualizar o xacemento de maneira máis xeral na Prehistoria Recente galega en función dos datos coñecidos na actualidade.

## Palabras Chave

Cerámica. Campaniforme. Inciso-metopada. Prehistoria Reciente. Anllada

## Abstract

We are showing introducing a study about "pottery material culture" in Anllada Site (Cuntis), it's not only a formal description but a way to put in context the site in Galicia late Prehistory in function of nowadays knowledge.

## Keywords

Pottery. Bell-beaker. Decoration with "methopas". Late Prehistory. Anllada Site.

## INTRODUCCIÓN

Anllada é un sitio arqueolóxico prehistórico ó aire libre do que se recolleu material nunha prospección intensiva realizada con motivo da elaboración dun informe sobre o impacto dunha concentración parcelaria na parroquia de San Mamede, Cuntis (Pontevedra); o traballo dirixiuno a arqueóloga M. González Méndez en 1994.

O obxectivo deste artigo é describi-lo conxunto cerámico documentado no xacemento de Anllada, coa finalidade de contextualizalo polo menos de maneira xeral na Prehistoria galega. Para isto realizárase unha comparación dos distintos aspectos da cerámica<sup>1</sup>, baseándonos no seu proceso de produción, aportando así máis información para a investigación da cerámica de época prehistórica en Galicia.

Nun nivel metodolóxico, mostrarase a reconstrución da cadea técnica operativa (v. Definición en Cobas Fernández e Prieto Martínez 1998a) de dous momentos significativos na prehistoria galega.

Ésta será realizada a partir da deconstrución formal previa de cada un dos conxuntos, dos trazos relacionados coa morfoloxía, o tratamento técnico e a decoración. No noso procedemento pátense da descrición dos aspectos concretos da cerámica ata alcanza-los aspectos máis xerais do conxunto global (os criterios definíronos Cobas Fernández e Prieto Martínez 1998c).

Pátense de formulacións xerais que se fundamentan na Arqueoloxía da Paisaxe que concibe as entidades arqueolóxicas, e dentro delas a cultura material, non como entes illados, senón como formas producidas pola acción social e, polo tanto, só comprensibles en relación co contexto cultural no que se engloban (Criado Boado et al. 1991, Criado Boado 1993).

Polo tanto a cultura material cerámica é un reflexo da sociedade que a produciu, aínda que non de modo directo, universal e ahistórico senón en relación co contexto espacial e temporal no que se insire e onde o individuo actúa mediatizado polo corpo social que o acolle. Así, non se debe limita-la interpretación da cerámica unicamente ós aspectos máis visibles no produto acabado senón a tódalas fases do seu proceso de produción.

E finalmente a nosa **hipótese** básica pódese resumir en que a *cerámica é un produto social* e tanto o seu aspecto final como a totalidade do proceso técnico non son fortuítos senón que forman parte do tipo de patrón de racionalidade que empapa unha sociedade (Prieto Martínez, 1993, 1996, 1998, 1999).

É dicir, non unicamente os produtos acabados son significativos socialmente senón que o coñecemento tecnolóxico que permite unha maneira de facer concreta está implicado profundamente en todo o sistema.

## PROBLEMÁTICA DA CERÁMICA DO XACEMENTO DE ANLLADA

A cerámica do sitio de Anllada caracterízase por posuír pezas que se corresponden con recipientes sen decorar, a máis abundante, e fragmentos decorados tipo *penha* e *campaniforme*, que cronoloxicamente se poden situar no Neolítico Final (2.700-2.300 AC) e na Idade do Bronce Inicial (2.300-1.400 AC), respectivamente.

Cando o rexistro empírico coñecido era escaso, e falamos de finais dos anos oitenta do século pasado, considerábase que existían dous tipos de asentamentos domésticos basicamente (Delibes de Castro 1989: 54): un tipo caracterizado pola incorporación 'sin estridencias' de campaniforme ó substrato local cunha representación minoritaria no repertorio de cerámicas decoradas, dentro do que destacan catro xacementos no noroeste peninsular, Pastoría, Vinha da Soutilha, A Fontenla e Lavapés; e un segundo tipo, onde a cerámica campaniforme é predominante, sendo tres os exemplos paradigmáticos, Tapado da Caldeira, O Fixón e Morcigueira.

O repertorio empírico que actualmente posuímos non contradí esta clasificación pero a representación duns xacementos e outros é moi diferente.

Así, no Bocelo, encontrámonos con trinta sitios da Idade do Bronce con campaniforme (entre eles Morcigueira) e oito con cerámica neolítica nos que non existen materiais doutras épocas prehistóricas. Nas OOPP documentamos vinte da Idade do Bronce e catorce neolíticos nos que tampouco aparecen mesturados materiais doutras épocas (unicamente en dous se documentan amalgamados: Cartas de Vilar 4 e Anllada).

Mentres que o número total de xacementos galegos nos que se documentan cerámicas tipo *penha* e *campaniforme* é de sete (incluíndo Anllada): Guidoiro Areoso (Rey García 1991 e 1995), O Regueiriño (Peña Santos 1985a, Suárez Otero 1986 e 1995), As Forcadas (Suárez Otero 1986: 34-40), A Fontenla (Peña Santos 1985b, Suárez Otero 1986, García-Lastra 1988), Lavapés (Peña Santos 1985c, Suárez Otero 1986 e 1997) e Cartas de Vilar 4 (Prieto Martínez 2000). A cerámica campaniforme normalmente aparece de maneira ocasional no conxunto cerámico decorado global.

Ademais hai que sumar, a esa escasez de xacementos nos que se poida constata-la presenza de dous fósiles directores cerámicos, que a maior parte dos xacementos que coñecemos en Galicia de época prehistórica son coñecidos gracias ó material recobrado en superficie. Os poucos xacementos escavados actualmente presentan unha estratigrafía de difícil definición, de carácter horizontal (Méndez Fernández 1994) e isto fai que os materiais recuperados non se poidan datar mediante a

<sup>1</sup> Este traballo segue a liña de investigación en Cultura Material do Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais, e de feito realizáronse algúns traballos inmersos nela (Cobas Fernández e Prieto Martínez 1998a, 1998b, 1999).

cronoloxía absoluta, polo que non é posible valorar con fiabilidade o carácter sincrónico ou diacrónico do material recuperado nestes xacementos.

## PRESENTACIÓN HISTORIOGRÁFICA

Realizaráse unha síntese historiográfica sobre a investigación relacionada cos estudos de cultura material cerámica na Prehistoria Próxima coa finalidade de introducir e presentar brevemente o tema tratado neste texto; e aínda que nos imos centrar sobre todo en Galicia farase referencia a outros territorios para contextualizármolos. Iniciarémo-lo percorrido cronoloxicamente, desde o Neolítico Inicial e Medio para acabar na Idade do Bronce Final. Onde o máis destacable é a parcialidade do rexistro, aínda escaso nun nivel peninsular.

A investigación sobre a cerámica neolítica na Península Ibérica é parcial, de feito, a sinopse máis actual remóntase a finais dos anos oitenta e trata de abarcarlos aspectos coñecidos da época neolítica ata o momento (López 1988).

En Galicia, o coñecemento que se ten sobre este período da Prehistoria Recente é moito máis reducido aínda, xa que a única síntese polo de agora, realízase en función de tres sitios ó aire libre pouco estudados como son O Reiro, A Cunchosa (Vázquez Varela 1988) e O Regueiriño (Fábregas Valcarce e Suárez Otero 1999, Suárez Otero e Fábregas Valcarce 2000). Un pouco máis coñecidos son os contextos funerarios, dos que se realizaron dúas sinopses (Eguileta 1987, Fábregas Valcarce e Fuente Andrés 1988).

A información vinculada ó que na Península se denomina Calcolítico é maior cuantitativamente falando, coñécense máis xacementos e están algúns deles escavados. As publicacións sobre a materia son máis abundantes na última década, aínda que a síntese máis completa lévanos, ata este momento, ó Norte de Portugal (Jorge O.S. 1986).

Actualmente en Galicia, a pesar de que aínda é insuficiente a información que se posúe dos xacementos do Neolítico Final, pódese dicir algunha cousa máis dende que a finais dos oitenta se descubriron os primeiros xacementos desta época (González Méndez 1991, Eguileta Franco 1996 e 1997). Aínda así, hoxe en día aínda non está actualizada de forma sistemática a información que se coñece en relación cos sitios neolíticos ó aire libre, en parte porque aumentou a base empírica considerablemente na última década e en parte porque non está publicada na súa totalidade.

No que se refire á Idade do Bronce, ata finais dos anos oitenta non se identificaron xacementos sistematicamente (Méndez Fernández 1991 e 1994), estes posúen cerámica de tradición campaniforme entre outros elementos de cultura material e a pesar de que na maior parte da Península este tipo de cerámica adscribese á época final

do período Calcolítico. E de feito, así aparecen considerados os xacementos ó aire libre na síntese máis actualizada para Galicia (Delibes de Castro 1989), dende a Arqueoloxía da Paisaxe consideramos que estes materiais xunto con outros aspectos do rexistro como a localización, son propios de sociedades da Idade do Bronce. Con esta formulación aínda que con criterios metodolóxicos ben diferentes, apoiados nunha corrente tradicional, existen outros traballos galegos (p.ex. Suárez Otero 1998). De novo, e ata época recente, é a cultura material funeraria a máis coñecida en Galicia (Criado Boado e Vázquez Varela 1982, Eguileta Franco 1987, Fábregas Valcarce e Fuente Andrés 1988). A última investigación na que se realizou un traballo de síntese global para esta rexión, na que analizan os contextos domésticos e funerarios, é de finais dos noventa (Prieto Martínez 1998 e 1999).

Por último, para o Bronce Final debemos recorrer a traballos do Norte de Portugal (Jorge S.O 1988, VAA 1995) xa que este período é bastante descoñecido no rexistro galego, agás excepcións actuais (traballos que aínda están en proceso de elaboración).

Despois desta breve presentación historiográfica, centrarémonos nos datos, as áreas de concentración de xacementos da Prehistoria Próxima en Galicia.

## ÁREAS DE CONCENTRACIÓN DE XACEMENTOS PREHISTÓRICOS Ó AIRE LIBRE

A distribución espacial de sitios de época prehistórica en Galicia, en primeiro lugar os neolíticos e en segundo lugar os da Idade do Bronce, é a seguinte:

### Neolítico

Durante os traballos arqueolóxicos do LAFC realizados nas diferentes **OOPP** de trazado lineal documentáronse dezasete xacementos de época neolítica, dez son da fase inicial/media (As Pontes, A Gándara, O Cabrón, Monte das Modias, Monte Espiño de Arriba, Porto dos Valos, Cutián/Val da Porca, O Coto, Alto da Plaza, Saídos das Rozas) e sete da fase final (Monte do Cereixo, A Millara, Ramil, A Pedra II (Agra dos Campos), Cartas de Vilar 4, As Pipileiras, *Anllada*) (Prieto Martínez 2000).

Na **área do Bocelo** coñécense oito puntos con material cerámico neolítico (González Méndez 1991): catro son de difícil adscripción (PA 99, PA 100, PA 194 e PA 196), un é neolítico inicial/medio (PA 170 coñecido por Pena Martiña) e nunha fase final do neolítico coñécense un sitio emblemático actualmente para Galicia, Carballeira de Bragaña-Requeán (constituído polos PAs 58, 60 e 202).

No **Morrazo** coñécense cinco xacementos con material cerámico neolítico: O Regueiriño, A Fontenla (Peña Santos 1985a), Lavapés (Peña Santos 1985c), As Forcadas (Suárez Otero 1986), A Cunchosa (Vázquez Varela 1988). O último posúe material desde o neolítico Inicial e os restantes posúen material do Neolítico Final.

Na zona da **Baixa Limia** coñécense oito xacementos con cerámica do Neolítico Final (Eguileta Franco 1996): Castro do Ferreiro, Illa de Pazos, Veiga de Requiás, As Conchas, Santa Comba, Outeiro de Veiga, Porto Quintela e Maus de Baños. De maneira aillada coñécense outros xacementos, Guidoiro Areoso (Rey García 1991 e 1995) con material dunha fase final do Neolítico, e O Reiro, do que se di que é Neolítico Antigo (Vázquez Varela 1988).

## Idade do Bronze

Así mesmo, nos traballos arqueolóxicos do LAFIC realizados nas diferentes **OOPP** documentáronse vinte e catro xacementos da Idade do Bronce: dezaseis do Bronce Inicial (*Anllada*, Cargadoiro, A Pedra I, Portabrés, As Estivadas, As Cavadas, Chaián, Trambosíros, Saídos das Rozas, Penalba, Monte Espiño de Abaixo, Coto Cosel, Arierio, Cartas de Vilar 3, Freán/A Pita, Pedra da Cruz) e nove do Bronce Final (As Cerdeiras, Silvouta, Cartas de Vilar 1, As Moreiras, Cartas de Vilar 2, Monte Buxel, Mirás, O Cepo e Fraga do Zorro) (Prieto Martínez 2000).

Existe unha relativa abundancia de sitios arqueolóxicos, sobre todo dos asentamentos domésticos.

desde finais dos anos oitenta, e en concreto desde o proxecto **Bocelo-Furelos** (Méndez Fernández 1991) onde se marcaron as pautas para localizar este tipo de xacementos. Na tese de doutoramento (Prieto Martínez 1998) utilizouse información de trinta e dous xacementos ó aire libre.

Ademais, coñécese un conxunto amplo de xacementos do Bronce Inicial na **área do Morrazo**: O Fixón (García Lastra 1985 e 1988, Suárez Otero 1997), As Forcadas, Vilaboa, Fonte Verde, Sobreira e Devesa de Abaixo (Suárez Otero 1986), A Fontenla (Peña Santos 1985b), O Regueiriño (Peña Santos 1985a), Chan de Armada e A Chan da Coiro (García Lastra 1987 e 1988); do Bronce Final hai constancia nesa mesma área dun único xacemento, O Casal (Suárez Otero 1998).

En resumo, documéntanse actualmente na bibliografía un centenar de xacementos ó aire libre da Prehistoria Recente galega: doce do Neolítico Inicial/Medio, vintedous do Neolítico Final, cincuenta e oito do Bronce Inicial e dez do Bronce Final.

Sen embargo, aínda se observan grandes baleiros, xa que Galicia non é coñecida na súa totalidade, e as áreas coñecidas arqueoloxicamente non o están coa mesma intensidade. A información sobre estes xacementos é moi desigual e, en concreto, non existen estudos sistemáticos do material cerámico que neles aparece.

Polo tanto, como se pode observar no mapa que acompaña, a metade oriental é a zona da que posuímos menos información, tanto nun nivel cuantitativo coma cualitativo. De feito, o xacemento de Anllada encóntrase na metade occidental, mellor coñecida.

### DESCRIPCIÓN DA CERÁMICA

O xacemento de *Anllada* está conformado por dúas dispersións (YA940714M01 e YA940816M01) que presentan un total de duascentas corenta e dúas pezas, noventa delas son fragmentos de cerámica e cento cincuenta e dúas son líticos. Do total de fragmentos cerámicos puidéronse constatar sete decorados (PZ940714M02a2, a43, a1, a16 e PZ940816M02a3 con decoración incisa, e PZ940714M02a42 e a3 con decoración impresa), mentres que os restantes oitenta e tres non presentan decoración.




Figura 1: Distribución de xacementos e áreas de maior concentración de asentamentos da Prehistoria Recente de Galicia, xunto coa localización do xacemento de Anllada.




Figura 2: Materiais cerámicos máis significativos documentados no xacemento de Anllada

As pezas documentadas son prehistóricas, aínda que se poden establecer dous grupos formais e cronoculturais diferentes (ver ); por un lado, documéntanse sesenta e nove pezas cerámicas que se poden adscribir a un momento **Neolítico Final** e, por outro lado, un total de vinteunha da **Idade do Bronce**.

A seguir realizaremos unha descrición do material dividíndoo en tres apartados básicos: morfoloxía, pasta e decoración.

### Tratamento morfolóxico

En relación coa **morfoloxía**, aínda que o rexistro está moi fragmentado, non parece que exista gran variedade de formas que, en síntese, se reducen a siluetas simples e pechadas, posiblemente con forma de escudela e ola, e a siluetas compostas e abertas, con morfoloxía de vaso.

Tres bordos, un de orientación pechada e dous abertos horizontais, de labios redondeados; só se detectan dous pescozos, nun apréciase unha suave inflexión e nun segundo caso está máis claro xa que se observa unha concavidade suave de tendencia esbelta; as barrigas son

un total de oitenta e unha, sesenta e tres presentan unha convexidade de tendencia esférica na súa morfoloxía, todas elas con e sen decoración, de perfís simples excepto unha peza de perfil composto (PZ940714M02a3, que corresponde a un fragmento con decoración campaniforme).

Outras dezanove, presentan unha convexidade máis suave e de tendencia case recta, posiblemente se corresponden con perfís compostos; soamente se documentou un fondo, que presenta unha morfoloxía plana cun rebordo perimetral redondeado e pouco marcado; e por último, un fragmento de asa con sección en cinta.

### Tratamento técnico

No tocante ó **tratamento técnico**, a cerámica está feita a man, coa técnica de urdido aínda que nalgúns casos tamén se detectou a técnica a presión. Obsérvanse varios grupos en relación co tratamento da *pasta*, en primeiro lugar trátase o tipo de textura e os desgrasantes, que conforman tres grupos:

- Texturas compactas medias cun tamaño do desgrasante que pode alcanzar ata 10 mm, aínda que a media está en 5 mm, o gran de desgrasante é moi esporádico e predomina o inferior ó milímetro. O tipo de desgrasante predominante é cuarcítico, abundando tamén o micáceo. Poden ser fragmentos con decoración incisa ou lisos.

- Pastas compactas grosas, que aínda que alcanzan un máximo de 7 mm no grosor do desgrasante, o tamaño medio é 3 mm e é máis abundante na arxila. O tipo de desgrasante é granítico. Unicamente se aprecia en fragmentos sen decorar. Neste grupo abundan os fragmentos que presentan na superficie fendas.

- Un terceiro grupo, de texturas compactas finas, desgrasante escasísimo e gran inferior ó milímetro. Este grupo redúcese a dous fragmentos (decorados de tradición campaniforme).

En relación co *acabado*, obsérvase que é sempre alisado e excepcional o brunido medio, con diferentes niveis no coidado superficial, así vólvense atopar tres grupos:

- Alisados finos, observados na cerámica decorada campaniforme (PZ940714M02a-42, PZ940714M02a3) e excepcionalmente nalgún fragmento con decoración incisa (PZ940714M02a2).

- Alisados medios, cunha aparencia relativamente coidada, son os máis abundantes, propios da cerámica lisa e decorada incisa, que presenta un desgrasante de gran tamaño pero moi escaso.

- Alisados bastos, menos abundantes (en torno a trinta fragmentos do total) pero non tan excepcionais coma os primeiros; son propios das cerámicas non decoradas cun desgrasante relativamente abundante na arxila.

En canto á *cor*, rexístranse tons claros (sobre todo marróns claros e laranxas) e escuros (marróns escuros e negros) na mesma proporción. A fractura predominante é monocroma, en función do ton das superficies das paredes; son menos abundantes as fracturas en *sandwich* (cun nervio central escuro), que se rexistran na cerámica decorada principalmente, e son excepcionais as fracturas bicromas. Polo tanto, o ambiente de cocción é tanto reductor coma oxidante.

O desgrasante micáceo unicamente se documenta nos fragmentos que presentan acabados cun alisado medio e con tons escuros, aínda que non necesariamente se documenta en tódolos anacos destas características. Nos fragmentos de paredes claras e acabados medios, o desgrasante é cuarcítico cando as texturas son compactas medias, e granítico cando son compactas grosas e acabados bastos.

### Tratamento decorativo

Finalmente, no que respecta ó tratamento **decorativo**, documentáronse sete fragmentos con decoración, podéndose separar dous grupos en función das súas características formais:

- Por un lado, a cerámica con decoración incisa feita a partir de elementos decorativos xeométricos (liñas rectas horizontais e verticais, reticulados, espiñas de peixe); Soamente nun fragmento se documenta impresión de punzón triangular. Con estas características documentáronse cinco fragmentos de cerámica (PZ940714M02a2, a43, a1, a16 e PZ940816M02a3).

- Por outro lado, a cerámica realizada con impresión de peite, tamén xeométrica, baséase en liñas rectas horizontais, cunha variedade que se expresa a partir das formas das improntas dos instrumentos que utilizan para realiza-la decoración. Con estas características documentáronse dous fragmentos de cerámica (PZ940714M02a3 e a42).

A fragmentación das pezas de época neolítica impide unha reconstrución nin sequera hipotética dos esquemas decorativos. Incluso resulta difícil reconstruí-la decoración a un nivel de maior detalle, é dicir, de motivo decorativo, xa que non se nos mostra estandarizada a combinación dos diferentes elementos decorativos como é o caso da cerámica campaniforme.

### Valoración final

O estudo da cerámica deste sitio arqueolóxico permitiunos ampliar un pouco máis o elenco material que se coñece en Galicia, e máis concretamente no concello de Cuntis. Este xacemento presenta unha peculiaridade no tocante ó tipo de cerámica encontrada: penha e campaniforme, de dúas culturas diferentes e que se suceden cronoloxicamente, aínda que non é descartable



que nalgún momento fosen coetáneas, a pesar de que ó seren recuperadas en superficie non se poden contextualizar mellor. E como se dixo con anterioridade, en Galicia son pouco numerosos.

No que se refire á tecnoloxía cerámica e a partir dos trazos formais antes presentados, cremos que se pode diferenciar a cerámica de época neolítica e a da Idade do Bronce nos seguintes aspectos, sempre con carácter moi xeral:

A **morfoloxía** é pechada e simple na cerámica neolítica, e composta aberta na Idade do Bronce.

A **pasta** é de texturas compactas medias, desgrasante (cuarcítico ou micáceo) que pode ter un gran tamaño superior pero moi escaso na mestura da arxila, acabados medios, fracturas de tendencia monocroma (oxidante ou reductora en función da cor das superficies) na cerámica neolítica. Son estes trazos os que comparten lisas e decoradas, e que dificulta a identificación dos fragmentos illados á hora de definir se pertencen a un recipiente que presenta decoración ou non. Mentres, a Idade do Bronce presenta diferencias entre a cerámica lisa e decorada. A lisa é de texturas compactas grosas, desgrasante máis abundante mesturado coa arxila, acabados bastos e tons claros con preferencia pola cocción en ambiente oxidante, e fracturas monocromas; a decorada mostra un tratamento moi coidado de texturas compactas finas, desgrasante moi escaso, de gran case invisible, acabado alisado fino, cocción de ambiente oxidante con fracturas en sandwich e tons avermellados.

A **decoración** se ben é xeométrica en tódolos fragmentos, na cerámica neolítica está feita baseándose en incisións de punzón romo, con elementos que alternan diferentes orientacións dentro do motivo e o esquema, a decoración é parcial no recipiente, disposta en vertical e oblícuo cunha lectura horizontal do esquema decorativo e é francamente difícil reconstruír con certa fiabilidade o esquema decorativo. Sen embargo na Idade do Bronce a técnica é a impresión de peite con elementos decorativos de pequeno tamaño, un patrón reiterativo que cobre o recipiente practicamente de forma completa, cunha disposición dos elementos decorativos de maneira horizontal e unha lectura vertical que permite reconstruí-lo esquema decorativo con certa fiabilidade.

Concluindo e en definitiva, non só é importante analizarlo xeito de fabricar produtos formais diferentes como trazo tecnolóxico, senón tamén caracteriza-lo modo de crear identidades formais a través dos produtos cerámicos como risco cultural. Así, identificando os aspectos que manteñen homoxeneidade ou puntos de continuidade dentro e entre periodos, e identificando tamén os puntos de ruptura que sinalan a heteroxeneidade, será posible detectar os cambios nas sociedades e interpretar eses cambios nun nivel sociolóxico.

Por outro lado, un fragmento aillado é pouco indicativo porque ó longo da Prehistoria galega utilízanse técnicas

semellantes de manufacturación cerámica. Para caracterizar a tecnoloxía dunha cultura, necesitamos un conxunto ou conxuntos de material que permitan observar as combinacións das técnicas distintas, a súa frecuencia e relacións dentro do conxunto.

E a pesar de que o estudio dun só xacemento, cun material que se rexistrou en superficie, non é clave para o estudio, si é evidente que se pode considerar importante, en tanto proporciona datos que permiten contrastar diferentes modelos formais.

## BIBLIOGRAFÍA

- Cobas Fernández, M. I. e Prieto Martínez, M. P. 1997. Defining social and symbolic changes from the Bronze Age to Iron Age through the Operational Chains in NW Iberian pottery. *Landscape, Archaeology, Heritage* (F. Criado Boado e C. Parcero Oubiña, eds.). *Trabajos en Arqueología del Paisaje* (TAPA), 2: 27-34. Santiago: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.
- Cobas Fernández, M. I. e Prieto Martínez, M. P. 1998a: Regularidades espaciales en la cultura material: la cerámica de la Edad del Bronce y la Edad del Hierro en Galicia. *Gallaecia*, 17: 151-75. Santiago de Compostela.
- Cobas Fernández, M. I. e Prieto Martínez, M. P. 1998b. Defining Social and Symbolic Changes from the Bronze Age and Iron Age through the Operational Chain in NW Iberian Pottery. En S. Milliken & M. Vidale (eds.). *Craft Specialization: Operational Sequences and Beyond*. Papers from the EAA Third Annual Meeting at Ravenna 1997. Volume IV. BAR International Series 720: 95-106. Oxford.
- Cobas Fernández, M. I. e Prieto Martínez, M. P. 1998c. *Criterios y Convenciones para la Gestión y el Tratamiento de la cultura material mueble*. Criterios y Convenciones en Arqueología del Paisaje (CAPA), 7: (1998). Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.
- Cobas Fernández, M. I. e Prieto Martínez, M. P. 1999. *Introducción a la cerámica Prehistórica y Protohistórica de Galicia*. Trabajos en Arqueología del Paisaje (TAPA), 17. Santiago: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.
- Criado Boado, F. 1993. Visibilidad e interpretación del registro arqueológico. *Trabajos de Prehistoria*, 50: 39-56. Madrid.
- Criado Boado, F. (dir.); Bonilla Rodríguez, A.; Cerqueiro Landín, D.; Díaz Vázquez, M.; González Méndez, M.; Infante Roura, F.; Méndez Fernández, F.; Penedo Romero, R.; Rodríguez Puentes, E. e Vaquero Lastres, J. 1991. *Arqueología del Paisaje. El área del Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales*. (Campañas de 1987, 1988 y 1989). A Coruña: Arqueoloxía / Investigación 6.

- Criado Boado, F. e Vázquez Varela, X. M. 1982. *La cerámica campaniforme en Galicia*. Cuadernos do Seminario de Sargadelos, 42. A Coruña: Edicións O Castro.
- Delibes de Castro, G. 1989. Calcolítico y Vaso Campaniforme en el Noroeste Peninsular. *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*., LV: 41-59. Valladolid.
- Eguileta Franco, J. M. 1987. Catálogo dos materiais ergolóxicos depositados no Museo de Ourense procedentes de túmulos prehistóricos. *Boletín Auriense*, XVII: 9-98. Ourense.
- Eguileta Franco, J. M. 1996. Yacimientos calcolíticos al aire libre en torno al embalse de As Cochas (Baixa Limia, Ourense, Galicia). *Minus*, V: 41-64. Sada.
- Eguileta Franco, J. M. 1997. Megalitos y coordenadas espaciales en la Baixa Limia gallega: ¿Una neolitización tardía en la Galicia interior? En Rodríguez Casal (ed.) *O Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo*: 553-71. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Fábregas Valcarce, R. e Fuente Andrés, F. de la. 1988. *Aproximación a la cultura material del megalitismo gallego: la industria lítica pulimentada y el material cerámico*. Arqueohistórica, 2. Santiago de Compostela: Tórculo Artes Gráficas.
- Fábregas Valcarce, R. e, Suárez Otero J. 1999. El proceso de neolitización en Galicia. *Saguntum Extra-2*: 541-48 (Actes del II Congrés del Neolític a la Península Ibérica. 7-9 d'Abril 1999, Universitat de València). Valencia: Departament de Prehistòria i d'Arqueologia.
- García-Lastra, M. 1985. Primeros resultados de la campaña de excavaciones arqueológicas 1982, en el yacimiento campaniforme de 'O Fixón' (Hío, Cangas de Morrazo, Pontevedra). *Pontevedra Arqueológica*, I: 113-44. Pontevedra.
- García-Lastra, M. 1987. El yacimiento de 'Chan de Armada' (Vilaboa-Pontevedra). Resultados de la excavación arqueológica en 1983. *Pontevedra Arqueológica*, II: 41-64. Pontevedra.
- García-Lastra, M. 1988. Aportación a la cronología del Noroeste. *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, vol. 28 (1-2): 175-9. Porto.
- González Méndez, M. 1991. Yacimientos del III milenio a.C. entre la problemática del Calcolítico y un pasado huido. En Criado Boado, F. (dir.). *Arqueología del Paisaje. El área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales*. (Campañas de 1987, 1988 y 1989: 147-72. A Coruña: Arqueología/ Investigación 6.
- Jorge, S. O. 1986. *Povoados da Pré-história recente da região de Chaves-Vª. Pª. de Aguiar* (3 vols.). Porto: Câmara Municipal de Chaves.
- Jorge, S. O. 1988. *O povoado de Bouça do Frade (Baião) no quadro do Bronze Final do Norte de Portugal*. Porto: Monografías Arqueológicas 2.
- López, P. (coord.). 1988. *El Neolítico en España*. Madrid: Cátedra.
- López, P. 1988. Historia de las investigaciones en torno al origen del Neolítico español. En P. López (coord.). *El Neolítico en España*: 59-64.
- Méndez Fernández, F. 1991. El Campaniforme tardío: entre un pasado monumental y una cerámica conspicua. En F. Criado Boado (dir.). *Arqueología del Paisaje. El área del Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales*. (Campañas de 1987, 1988 y 1989): 173-98. A Coruña: Arqueología/Investigación 6.
- Méndez Fernández, F. 1994. La domesticación del paisaje durante la Edad del Bronce gallego. *Trabajos de Prehistoria*, 51 (1): 77-94.
- Peña Santos, A. de la. 1985a. Sondeo estratigráfico en el yacimiento de 'O Regueiriño' (Moaña). *Pontevedra Arqueológica*, I: 85-90. Pontevedra.
- Peña Santos, A. de la. 1985b. Sondeo estratigráfico en el yacimiento de 'A Fontenla' (Moaña). *Pontevedra Arqueológica*, I: 91-98. Pontevedra.
- Peña Santos, A. de la. 1985c. El yacimiento de Lavapés (Cangas del Morrazo): Balance de las excavaciones 1981-1982. *Pontevedra Arqueológica*, I: 149-178. Pontevedra.
- Prieto Martínez, M. P. 1993. *Aproximación al análisis formal de la cerámica de la Edad del Bronce en Galicia*. (Trabajo de Investigación del Tercer Ciclo). Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais, Departamento de Historia I, Facultad de Xeografía e Historia, USC. Santiago de Compostela. Inédito.
- Prieto Martínez, M. P. 1995. Definición de un sistema metodológico para el estudio de la cerámica de la Edad del Bronce en Galicia: La tradición campaniforme del yacimiento de A Lagoa (Toques, A Coruña). *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología de Vigo 1993*, Vol. II: 17-24. Vigo: Artes Gráficas Galicia.
- Prieto Martínez, M. P. 1996. *Estudio de la cerámica del III milenio a. C. en la sierra de O Bocelo y el occidente gallego*. (Tese de Licenciatura). Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais, Departamento de Historia I, Facultad de Xeografía e Historia, USC. Santiago de Compostela. Inédito.

- Prieto Martínez, M. P. 1998. *Forma, Estilo y Contexto en la Cultura Material de la Edad del Bronce Gallega: Cerámica Campaniforme y Cerámica No Decorada*. (Tese de doutoramento). Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais, Departamento de Historia I, Facultade de Xeografía e Historia, USC. Santiago de Compostela. Edición en CD, ISBN: 84-8121-680-1.
- Prieto Martínez M.P. 1999. Caracterización del estilo cerámico de la Edad del Bronce en Galicia: Cerámica campaniforme y cerámica no decorada. *Complutum*, 10: 71-90. Madrid.
- Prieto Martínez, M.P. 2000 (e.p.). *La Cultura Material Cerámica en la Prehistoria Reciente de Galicia: Yacimientos al Aire Libre*. TAPA 20. Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.
- Rey García, X. M. 1991. Guidoiro Areoso (Vilanova de Arousa, Pontevedra). *Arqueoloxía /Informes 2. Campaña 1988*: 29-32. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Rey García, X. M. 1995. Escavación arqueolóxica no illote de Guidoiro Areoso (Vilanova de Arousa, Pontevedra). *Arqueoloxía /Informes 3. Campaña 1989*: 15-8. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Suárez Otero, J. 1986. *A Idade do Bronce en Galicia: Aspectos ceramolóxicos. O Bronce Inicial*. Santiago de Compostela: Tese de Licenciatura inédita. Universidade de Santiago de Compostela: Facultade de Xeografía e Historia.
- Suárez Otero, J. 1995a. O Fixón: Una nueva perspectiva del Bronce Inicial en Galicia. *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología de Vigo 1993*, Vol. II: 57-68. Vigo: Artes Gráficas Galicia.
- Suárez Otero, J. 1995b. Escavación arqueolóxica de urxencia no Fixón-Hío (Cangas do Morrazo, Pontevedra). *Arqueoloxía /Informes 3. Campaña 1989*: 159-63. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Suárez Otero, J. 1997a. Del yacimiento de A Cunchosa al Neolítico en Galicia. Primera aproximación al contexto cultural de la aparición del Megalitismo en Galicia. En Rodríguez Casal (ed.) *O Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo*: 485-506. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Suárez Otero, J. 1997b. O vaso de Martul (Outeiro de Rei, Lugo) e o problema dos vasos de borde revirado no Noroeste Hispánico. *Croa*, 7: 22-9. Lugo.
- Suárez Otero, J. 1998. Cerámicas e cultura na Idade do Bronce en Galicia. *A Idade do Bronce en Galicia: Novas perspectivas* (R. Fábregas, ed.): 81-103. A Coruña: Edicións do Castro.
- Suárez Otero, J. e Fábregas Valcarce, R. 2000. O Neolítico en Galicia. Estado da cuestión. *Neolitização e megalitismo da Península Ibérica. Actas do 3º Congreso de Arqueología Peninsular* (septembro 1999, Vila Real Portugal), vol. III: 135-47. Porto: ADECAP.
- Vázquez Varela, J. M. 1988. El Neolítico en Galicia. En P. López (coord.). *El Neolítico en España*: 329-336.
- WVAA. 1995. *A Idade do Bronce em Portugal. Discursos de Poder*. Lisboa: Ed. S.E.C.
- Prieto Martínez, M.P. 2000 (e.p.). *La Cultura Material Cerámica en la Prehistoria Reciente de Galicia: Yacimientos al Aire Libre*. TAPA 20. Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.



## O MEGALITISMO EN CUNTIS

Francisco Ameixeiras Sánchez

*Asociación de Amigos dos Castros*

Fundación Terra Termarum

### Resumo

Neste capítulo faise referencia os restos megalíticos existentes no concello de Cuntis, describíndose as súas características máis salientables e nalgúns casos, o folclore asociado a elas.

### Palabras Chave

Megalitismo. Mámoa. Folclore. Neolítico.

### Abstract

This chapter it is refereed to megalithic remains that there are placed in Cuntis council, describing its main features and in some cases, the folklore associated.

### Keywords

Megalithism. Mound. Folklore. Neolithic.

## INTRODUCCIÓN

As áreas tumulares do concello de Cuntis, coma as de todo o NO peninsular, están condicionadas polas chairas e altos nos que adoitan concentrarse as necrópoles. Neste concello estas chairas cingúense xeograficamente ós límites oriental e nor-occidental do termo municipal, aínda que existen algunhas mámoas illadas fóra destes núcleos, quedando aínda por supervisar certas zonas con boas perspectivas, coma os altos do Cádavo ó SE. Así, entre as primeiras necrópoles descritas temos ó NE o grupo do Alto da Cruz, afectada pola estrada Cuntis-A Estrada ó seu paso pola parroquia de Arcos (antigo camiño real e un dos pasos naturais do val de Cuntis á comarca do Ulla), citadas dende hai anos e engadidas por Filgueira Valverde e García Alén no seu "Inventario de Monumentos Megalíticos de la Provincia de Pontevedra". Tamén engadiron no mesmo algunha das mámoas do grupo SE do alto de Troáns. Por outra banda, neste inventario xa se citan as mámoas de Ferreiros que, aínda que moi próximas ó termo de Cuntis, están realmente na parroquia de Ouzande (A Estrada); esta necrópole, nos últimos anos completouse con novos achádegos, existindo varias mámoas a ambos lados da pista Ferreiros (Arcos)-Zo (Cuntis), algunhas delas no termo da Estrada e outras no de Cuntis, coma as catro atopadas nos recentes labores de catalogación do concello (agosto 2001), que sinalaron catro pequenos túmulos no Chan do Castro, moi próximos ó Castro de Arcos. Seguindo esta liña de túmulos cara ó S, temos un dos grupos máis salientables que vén de ser hai

pouco moi afectado polos labores de repoboación forestal (motivo polo que se catalogaron no 1997): é o grupo da Lagoa ou Eira dos Mouros, en Zo (tamén chamadas as "momas" de Zo), conxunto situado a carón dunha lagoa estacional que é reiteradamente vinculada ás mámoas do lugar no abundante folclore da zona. Máis ó S, xa de novo penetrando no concello da Estrada, a necrópole continúa con máis túmulos nun alto coñecido coma "O Santo Branco" (parroquia de Arca).

No que se refire ás chairas dos montes que conforman a parte occidental, comezando de S a N, temos o núcleo principal na parroquia de Troáns, nas inmediacións do alto do mesmo nome, liña que continúa cara ó N con varias mámoas, algunhas tamén na veciña parroquia de Santo André de Cesar. A liña prolóngase ata a parroquia de Estacas con dúas mámoas máis e un posible menhir (Marco Carreira), supoñéndose a aparición de máis túmulos de prosegui-las prospeccións. Non moi apartadas deste núcleo SE de Troáns, apareceron nos últimos anos algunhas mámoas illadas en Teaño, A Bragaña e A Ran.

## ZONA OCCIDENTAL

### *Mámoas do Alto da Cruz (Campo das Antas)*

Segundo Filgueira Valverde e García Alén (en "Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra, XVIII, 1959, páx. 26") contabilizábanse ata 7 mámoas a ámbolos lados da estrada no mesmo alto. Hoxe pódense ver claramente uns catro túmulos entre A Estrada e Cuntis (figura 1)



Figura 1: Mámoa I no Alto da Cruz.



Figura 2: Mámoa II no Alto da Cruz.

### *Mámoas en Congostra do Río (Ferreiros, Arcos)*

Dúas mámoas duns 20 m de diámetro e 2 m de altura, moi próximas ós límites do concello de Cuntis pero sitas na parroquia de Ouzande do concello de A Estrada (figuras 2,3), foron citadas tamén por Filgueira Valverde e García Alén en "Adiciones...", ó longo da pista que pasa xunto os túmulos pódense ver varias mámoas máis, continuando a liña cara ó S, todas elas no mesmo concello.



Figura 3: Mámoa de Congostra do Río, (Ferreiros).

### ***Mámoas no Chan do Castro (Arcos)***

Ó S das anteriores, pero de novo no concello de Cuntis, hai 4 pequenas mámoas duns 12 m de diámetro e uns 0,50 m de altura, descubertas en prospeccións de catalogación do patrimonio arqueolóxico do concello (agosto 2001). É de salientar a proximidade ó Castro de Arcos, distante a penas 100 m das mesmas.

### ***A Moma e a Pedra Moma (Arcos)***

Mámoa illada entre as necrópoles do Chan do Castro e a da Eira dos Mouros. Buscouse deliberadamente este alto para salientar a súa presenza. A poucos metros dela, unha pedra plana chantada nun cruce de camiños e coñecida na zona como "Pedra Moma", ben puidera ser o ortostato de cubrición da mesma. Dende este cruce de vías chégase seguindo a liña de montes cara ó S, ata a seguinte concentración de túmulos: A Eira dos Mouros (figura 4, mámoa I no mapa 2).

### ***Mámoas da Eira / Lagoa dos Mouros (Zo, Cuntis)***

Importante necrópole cunha forte pegada no folclore da zona, xa mencionada noutro artigo do presente volume. Coñecense co nome de "Momas" e aparecen relacionadas

coa Lagoa ou Eira dos Mouros (figura 5), arredor da que se dispoñen varios túmulos (figura 6, mámoa III no mapa 2). Algúns deles presentan ortostatos á vista e resultaron seriamente afectados polas remocións de terra levadas a



Figura 6: Mámoa I de Eira dos Mouros.



Figura 7: Mámoa II de Eira dos Mouros.



Figura 4: A Moma, (Arcos).



Figura 5: A Lagoa, (Eira dos Mouros).



Figura 8: Elemento pétreo dun dos túmulos de Eira dos Mouros





Figura 9: A Lagoa de Meán.



Figura 10: "O forno da tella", mámoa IV.



Figura 11: Mámoa I da Pena de Arriba, (Troáns).



Figura 12: Mámoa I da Pena de Arriba, (Troáns).



Figura 13: Mámoa II de Pena de Arriba, (Troáns).

cabo para realizar a repoboación forestal con eucaliptos (figura 8). A lagoa de Meán, tamén moi próxima, forma parte desta paisaxe (figura 9). Existen outras necrópoles en Galicia tamén relacionadas con lagoas (ás veces de notable forma circular) na paisaxe e no folclore (o exemplo máis próximo sitúase no chamado "Campo das Antas" na parroquia de Santa Mariña de Castrelo, no lugar de Mámoa, en Forcarei, tal e como apuntan Filgueira Valverde e García Alén en "Inventario de Monumentos Megalíticos de la provincia de Pontevedra", páx. 36). Non se pode descartar que as depresións do terreo nas que se formaron estas lagoas foran traballadas artificialmente no tempo no que se ergueron os túmulos veciños. Hoxe son visibles os restos de 3 túmulos, pero había ata tres máis xa desaparecidos. Un deles, coñecido coma "O Forno da Tella" (foto 10, mámoa IV) foi utilizado para esta función segundo a tradición popular, que tamén afirma a existencia de pedras con pegadas de animais nas inmediacións, ademais de dúas pequenas mámoas que había a carón do túmulo do "Forno". Máis ó S-SE penetrando en terras da parroquia estradense de Arca e preto do monte do mesmo nome, atopamos outra concentración de mámoas, estas aínda intactas.

Cara o S existen áreas propicias para a aparición de necrópoles, de difícil localización por teren sido xa moi removidas polas repoboacións forestais (altos do Castro Sevil) ou ben, por estaren insuficientemente prospectadas (Monte Cádavo).



## ZONA ORIENTAL

### Mámoas de Troáns

Trátase de varias mámoas situadas nas chairas do Alto de Troáns, na parroquia do mesmo nome (fotos 11,12), Filgueira Valverde e García Alén citan unha mámoa detrás da escola nacional de nenos (figura 13), pero existen ata 6 túmulos máis ben visibles, aínda que algún xa moi alterado (figura 14 mámoa removida recentemente con maquinaria pesada trala busca do suposto "ouro" que contén). Tamén aquí atopámonos cun folclore aínda moi presente, que nomeou xenéricamente os túmulos coma "Petoutos dos Mouros" ou ben "Outeiriños do Ouro", e algúns foron individualizados con microtopónimos coma o "Petouto do Sino" (a mámoa xa citada parcialmente destruída). O folclore local fala incluso de que un sepulcro se agocha baixo dos "petoutos" e que "Alí hai enterrado un mouro con toda clase de género". Arredor deste núcleo atopáronse outros 4 túmulos máis ou menos aillados e distantes entre si, algúns na veciña parroquia de Santo André e outros na Bragaña, Teaño ou no contorno da Ran, a non moita distancia dos petroglifos alí existentes.



Figura 14: Mámoa "Petouto do Sino", Pena de Arriba.



Figura 15: Mámoa "Petouto do Sino", Pena de Arriba.

### Mámoas e posible menhir de Estacas

Seguindo a liña dos montes cara ó N, no que se supón será unha zona que poida conter máis necrópoles aínda non localizadas, localízanse dúas mámoas illadas entre si. Unha delas, moi destacada no alto que separa a parroquia de Estacas da de Santo André é a das Piñeiras (figura 15) e outra preto do lugar do Casal, xa moi alterada.

Pero o achádego máis salientable desta zona - caso de confirmarse o seu carácter de monumento megalítico-, podería ser o Marco Carreira (figuras 16,17), de 1,80 m de altura por uns 0,80 m de diámetro na base, de forma oval. Trátase dunha "Pedra Legua" segundo o folclore local, sita no "Camiño Real" que pasaba por alí, segundo se afirma, e que marcaba os lindes entre a parroquia de Estacas en Cuntis e a de Santo André de César, en Caldas. Na súa superficie, ademais de gravados modernos, froito do seu uso continuado como marco delimitante dun territorio, existen unha serie de covañas que poderían ser as marcas máis antigas. Aínda por determinar o seu carácter prehistórico, trataríase, de confirmarse este, dun dos escasos exemplares de pedras-fitas en Galicia, e en Cuntis sinala a continuación das liñas tumulares que veñen cadrar cos lindes administrativos da actualidade.



Figura 16: Mámoa "As Piñeiras" Vilameán, (Estacas).



Figura 17: "Marco Carreira", pedra fincada.



Figura 18: Vista de "Marco Carreira".




Figura 19: Localización das mámoas do Concello de Cuntis.




Figura 20: Situación das mámoas de Zo.

## A ARTE RUPESTRE

Francisco Ameixeiras Sánchez, Olimpio Arca Caldas

*Asociación de Amigos dos Castros*

Fundación Terra Termarum

### Resumo

O presente traballo consiste nunha recompilación gráfica de tódolos vestixios rupestres localizados no Concello de Cuntis. Ademais elaborouse unha ficha descritiva de cada unha das mostras de arte rupestre que se poden atopar nestas terras.

### Palabras Chave

Arte rupestre, gravados rupestres.

### Abstract

This work consists of a graphic compilation of the whole remains of rock art located within the Cuntis municipality. Furthermore, a descriptive sheet for each one of them is also presented here.

### Keywords

Rock art, rock engravings.

## INTRODUCCIÓN

O concello de Cuntis, lindando ó SE co de Campo Lameiro, está xusto no extremo norte dunha das áreas de maior concentración de gravados rupestres ó ar libre, conformada polos concellos ribeirás do val do Lérez no seu curso medio. Isto fixo que as intensas prospeccións dos primeiros tempos da investigación dos petroglifos, no primeiro cuarto de século, trouxeran consigo a aparición de estacións rupestres neste concello, na porción do seu territorio que máis se adentra no daquela considerado núcleo fundamental da Arte Rupestre. Cuntis considerábase nese tempo coma un dos focos máis septentrionais desta arte prehistórica, cando pouco máis se prospectara no norte da ría de Arousa ou no sur da ría de Vigo. Concretamente, débemoslle a D. Ramón Sobrino Buhigas, autor do *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* (S.E.G. 1925), o descubrimento e difusión das estacións máis importantes atopadas naqueles primeiros tempos de investigación da Arte Rupestre; foi precisamente a "Casa da Eira", en Cequeril (Cuntis), pertencente á familia da muller de D. Ramón, o lugar de partida das súas excursións na procura de novos achádegos. Así, o nome de Cuntis, aparece vencellado dende aquelas datas na literatura arqueolóxica ás estacións rupestres da Laxe dos Homes (naquel entón considerada como unha das máis importantes representacións antropomorfas na Arte Rupestre), o Outeiro dos Campiños, o Outeiro do Galiñeiro, ou o Outeiro do Casal, todas elas na parroquia de Cequeril. A singular morfoloxía dalgúns dos petroglifos destas estacións, con cruces inscritas no centro de círculos concéntricos, motivou que Castelao os incluíra na súa obra "As Cruces de Pedra na Galiza" (Nós, 1950). Sen embargo, e a pesar desta temperá aparición de gravados rupestres no concello, o parón nos estudos e publicacións que supuxo a Guerra Civil, tamén afectou ás prospeccións e catalogacións deste concello, sendo así que a zona non foi novamente revisada ata os anos cincuenta, tempo no que Carlos Paratcha, profesor da escola da parroquia de San Martiño de Laxe, do termo veciño de Moraña, realiza unha intensa prospección na zona (que, entre outros achádegos, deu como froito o coñecemento do menhir da Lapa de Gargantáns, Moraña). Así, aparece unha nova estación en Cuntis, ó norte das anteriores e moi preto xa da capital do concello. Trátase dos petroglifos do Outeiro de Cartas de Fóra (Cardecide, Cuntis) e O Pereiriño (Laxos), coa iconografía máis común de combinacións circulares e coviñas. Este grupo e os de Cequeril foron durante anos os únicos coñecidos no concello, e así aparecen reflectidos na recompilación de Peña Santos e García Alén no libro "Grabados Rupestres de la Provincia de Pontevedra" (Fundación Barrié de la Maza, 1980). Quizais o feito de ser Cuntis unha zona limítrofe, ou tamén debido ó cuestionamento do carácter prehistórico dos antropomorfos da Laxe dos Homes, levou a pasar por alto os xacementos do concello en posteriores revisións,

chegando ata os últimos anos da década dos 90 sen contar sequer con calcos dos gravados xa descubertos, a excepción das reproducións gráficas do Outeiro dos Campiños (fig. 2) e A Laxe dos Homes (fig. 4), feitas por Sobrino Buhigas nos anos 20.

O panorama dos achádegos no concello renóvase no ano 1998, data do descubrimento casual dun petroglifo con cervidos no contorno do polígono industrial da Ran, a penas a 1 km da capital municipal, trátase do petroglifo do Outeiro do Forno da Tella, unha laxe duns 15 m de longo que posúe ata unha ducia de animais e catro círculos concéntricos, en diferentes paneis de execución. É o único petroglifo destas características do concello e da comarca, e o seu descubrimento incitará a prospección intensiva da zona por parte de varias persoas vencelladas a asociacións culturais locais, dando como resultado o achádegos de 9 grupos máis de gravados nos que non volven aparecer máis cervidos, sendo a nota dominante as combinacións circulares. Estando moitas destas inscritas en alombamentos de pedras e nalgún grupo coma o do Outeiro do Moucho, con círculos e coviñas no interior, círculos solapados e unha espiral. Con este importante núcleo, o concello de Cuntis pasa a ser un dos máis relevantes da comarca en canto a importancia dos achádegos atopados ata o momento. A Asociación Amigos dos Castros, creada no 2000, integrada na




Figura 1: Outeiro dos Campiños, (Cequeril, Cuntis).

Fundación Arqueolóxica Terra Termarum Castrolandín, aúnan esforzos dos afeccionados para lograr a posta en valor, conservación e recoñecemento deste importante apartado do noso patrimonio.

## NÚCLEOS DE ARTE RUPESTRE EN CUNTIS

Situando os petroglifos de Cuntis sobre un mapa distinguimos tres áreas claramente diferenciadas pola proximidade entre si dos grupos de gravados atopados ata o momento: os petroglifos de Cequeril (parroquia do mesmo nome), os de Laxos-Cardecide e os do contorno da Ran (estes dous grupos na parroquia de Cuntis, moi preto do casco urbano).

### *Grupo de Cequeril*

A falta de prospectar máis intensamente outras áreas do concello, os achádegos desta zona, os primeiros citados en Cuntis, pódense atopar en tres áreas ben diferenciadas. Así, os petroglifos da parroquia de Cequeril, descubertos por Sobrino Buhígas nos anos 20, abarcarían unha área ó S-SE da aldea de igual denominación, diferenciándose tres estacións ben próximas entre si, situadas nunha suave lomba que ascende cara ó Cádavo, con amplas vistas do val do Umia, nunha zona de outeiros e penedos que destaca sobre o contorno circundante. Alí podemos atopar en outeiros próximos ós conxuntos de Outeiro dos Campiños e a Laxe dos Homes, a uns 40 m un do outro, e o grupo de Outeiro do Galiñeiro, nun promontorio ben visible a uns 100 m ó S do último. Os tres presentan características ben diferenciadas, aínda que a cruz, ben inscrita en círculos ou cadrados, aparece nuns e noutros coma un elemento común. Isto levou a autores coma Peña Santos e García Alén (Grabados Rupestres de la Provincia de Pontevedra, Fund. Barrié de la Maza) a afirmar que os gravados do Outeiro do Galiñeiro, con cruciformes inscritos en cadrados sobre unha superficie vertical, son sinais de termo medievais ou modernos, aínda que o desgaste repetible nas súas incisións non parece froito dun traballo máis ou menos próximo no tempo. Por outra banda, Sobrino Buhígas sinala máis petroglifos na parte superior da pedra que agora xa non se observan, quizais debido á acción das canteiras; estes serían - segundo os deseños que reproduce o Corpus - dunha tipoloxía máis similar ós outros dous grupos máis próximos, con cruces simples inscritas en círculos. Parece polo tanto que este conxunto debiera ser coetáneo dos outros dous, ou polo menos puido haber unha modificación histórica dun petroglifo prehistórico, como si é o caso, con toda probabilidade, da veciña Laxe dos Homes, un dos primeiros petroglifos antropomorfos citados con profusión a partir do Corpus de Sobrino e despois case esquecido, unha vez descubertos máis antropomorfos e descatalogado o seu carácter prehistórico, ó non se atopar paralelismo ningún entre



Figura 2: "Outeiro dos campiños" (Cequeril).



Figura 3: Detalle de "Outeiro dos Campiños"

estas figuras, con corpos e extremidades feitas a partir de cabezas debuxadas con círculos e cruces inscritas que parecen ser o único elemento claramente prehistórico. A profundidade dos sucos evidencia a falta de coetaneidade, pero non deixa de ser unha estación dun gran valor etno-antropológico, polo que ten de reinterpretación popular das figuras prehistóricas nun momento histórico indeterminado. Así, xa ben sexa en tempos prehistóricos ou plenamente históricos, a necesidade de gravar a pedra e reinterpretar o que sobre ela aparece dá como froito moitos dos conxuntos que agora observamos, as máis das veces probablemente gravados en diferentes épocas.

O gravado do Outeiro dos Campiños, a uns 40 m da Laxe dos Homes, é o que máis claramente se identifica



cos elementos clásicos da Arte Rupestre, con círculos concéntricos, unha pequena espiral e covañas, pero tamén posúe trazos diferenciados, como son as cruces inscritas en círculos, algunha delas con trazos radiais. Os sucos son máis ben marcados, e non posúen a clásica sección erosionada ou pulida en "U" como vemos na maioría dos gravados de Campo Lameiro ou nas outras estacións de Cuntis, polo que habería que considerar se tal vez nos atopamos ante un conxunto de gravados máis tardíos co núcleo principal da Arte Rupestre.

Por último, noutro outeiro próximo á aldea de Cequeril, o Outeiro do Casal, algo apartado deste núcleo, en dirección S, Sobrino Buhígas sinala unha pequena superficie de gravados de círculos concéntricos (xa de tipoloxía común) do que mostra unha foto, pero que non foi posible atopar na actualidade, quizais pola excesiva vexetación, ou pola desaparición do mesmo por labores de cantería.

### **Outeiro dos Campiños**

Situación: na pista que sae da estrada Cequeril-Montillón, a penas despois das últimas casas da aldea, á dereita, sae unha pista de terra no alto que vai cara o monte Cádavo. Pasados uns outeiros e penedos sobresalientes, topamos o Outeiro dos Campiños xunto á pista, á dereita, pouco antes de chegar a un desvío á dereita da pista, nunha pedra partida polos canteiros, lixeiramente inclinada.

Descrición: ata 12 combinacións circulares excepcionalmente ben marcadas e de deseño atípico dentro da iconografía da Arte Rupestre, pois en lugar de ter covaña central, hai cruces inseridas no centro nun dos círculos; posúe tamén varios trazos radiais, así coma unha espiral. A parte superior da pedra presenta tres pías de erosión natural unidas unhas a outras por canles escavadas de factura humana, o que fai supoñer a existencia dalgún tipo de ritual con líquidos.

Bibliografía: Sobrino Buhígas, R. 1935 *Corpus petroglyphorum Gallaeciae*. Compostela, Seminario de Estudos Galegos, 1935.

García Alén, A. e Peña Santos, A. 1980 *Grabados rupestres de la Provincia de Pontevedra*. Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza.

### **Laxe dos Homes**

Situación: seguindo a pista que pasa a carón do Outeiro dos Campiños, uns 40 m máis adiante (ó S) á dereita, antes do xiro que vai cara ó monte, nunhas laxes hoxe moi ocultas polas matogueiras, atópase A Laxe dos Homes.

Descrición: varias figuras antropomorfas de cabeza redonda con cruz inscrita. Hai dous grupos de gravados un dos cales é ilocalizable hoxe pola vexetación. Tan só é



Figura 4: "Laxe dos Homes" (Cequeril).

visible unha delas, a máis divulgada nos tempos do Corpus. Os sucos son moi profundos e de sección en V, e denotan unha factura de instrumento metálico, en contraste cos gravados prehistóricos moi erosionados e suco en sección de U aberto. O máis probable é que a partir de círculos prehistóricos de cruz inscrita similares ós dos gravados veciños do Outeiro dos Campiños e do Galiñeiro, se redebuxaran corpos humanos e extremidades por parte dalgún pastor xa nunha época plenamente histórica indeterminada.

Bibliografía: Sobrino Buhígas, R. 1935 *Corpus petroglyphorum Gallaeciae*. Compostela: Seminario de Estudos Galegos.

García Alén, A. e Peña Santos, A. 1980 *Grabados rupestres de la Provincia de Pontevedra*. Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza.

### **Petroglifos do Outeiro do Galiñeiro**

Situación: seguindo a pista que pasa xunto ó Outeiro dos Campiños e posteriormente preto da Laxe dos Homes, pasando a curva, ó final da costa, á esquerda, hai un outeiro ben sobresaínte onde se sitúan estes gravados, a uns 100 m ó sur da 1ª pedra descrita do Outeiro dos Campiños.

Descrición: os petroglifos agora visibles sitúanse nunha parte vertical da pena. Aparecen deseños cuadrangulares e cruces. Arriba, na parte superior, Sobrino Buhígas describe deseños circulares con cruces inscritas



Figura 5: "Outeiro do Galiñeiro" (Cequeril).



Figura 6: Detalle de "Outeiro do Galiñeiro" (Cequeril).



Figura 7: "Cartas de Fóra" (Cardecide).

e coviñas, simellantes ós próximos do Outeiro dos Campiños; hoxe non se aprecian ou desapareceron pola acción extractiva dos canteiros.

Bibliografía: Sobrino Buhías, R. 1935 *Corpus petrogllyphorum Gallaeciae*. Compostela: Seminario de Estudos Galegos.

García Alén, A. e Peña Santos, A. 1980 *Grabados rupestres de la Provincia de Pontevedra*. Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza.

### Grupo de Laxos-Cardecide

O grupo central foi citado por primeira vez polo mestre Carlos Paratcha nos anos cincuenta e sitúase no chamado Outeiro de Cartas de Fóra, entre os lugares de Cardecide e Laxos. Describíronse varias rochas con gravados de combinacións circulares e algún pseudolabirinto, máis algunha das pedras descritas e fotografadas naquel tempo atópase agora cuberta de sedimentos. A pedra que se contempla hoxe é unha importante e ben marcada combinación circular con coviña central unida por un suco a unha combinación circular exterior e círculos exteriores abertos -un dos "pseudolabirintos" descritos-, nas restantes superficies da pedra aparecen máis combinacións circulares moito máis desgastadas e de menor tamaño, todas elas con coviña central.

Nas proximidades, máis preto do lugar de Laxos, cara ó W (a uns 200 m) hai un outeiro coñecido coma Outeiro do Pereirño, no que existe un importante grupo de coviñas. Nos últimos anos tamén apareceu unha combinación circular aillada na laxe dun outeiro a uns 300 m ó N deste grupo, situado entre as casas do lugar de Cardecide e denominado precisamente O Outeiro, moi destacado sobre a paisaxe circundante.

Tamén nestes anos se atopou unha laxe con catro coviñas rodeadas de círculos simples e con liñas exteriores, algo máis distante deste núcleo -uns 700 m ó S, xa preto do lugar de Xinzo.

### Outeiro de Cartas

**Situación:** á dereita da estrada Cuntis-Cequeril, ó pasar as últimas casas do lugar de Cardecide (a primeira aldea que atopamos saíndo do casco urbano) sae un camiño á esquerda que sobe o outeiro. Na ladeira S do mesmo outeiro, hai unha laxe que destaca no terreo.

**Descrición:** pedra con combinacións circulares exclusivamente (contabilizadas unhas 35, entre as completas e incompletas pola erosión); varias con radio



Figura 8: Detalle "Cartas de Fóra" (Cardecide).



central e conexión con outras combinacións veciñas. Destaca unha sobre tódalas demais, tanto no tamaño, coma na profundidade e anchura da súa factura, coma no deseño peculiar, que case se pode emparentar con certos pseudo-labirintos. Existen máis pedras inscultradas neste outeiro hoxe ocultas polos sedimentos e malezas.

**Bibliografía:** García Alén, A. e Peña Santos, A. 1980 *Grabados rupestres de la Provincia de Pontevedra*. Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza.

Filgueira Valverde, J. e García Alén. 1959 Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra, "El Museo de Pontevedra", XIII. Pontevedra, (tomado das referencias do mestre C. Paratcha).

### Outeiro do Pereiriño

**Situación:** uns 200 m ó E dos gravados do Outeiro de Cartas, nunhas pedras que sobresaen visiblemente do terreo (aínda que tamén hai algunha pedra inscultrada a rentes do chan).

**Descrición:** integrado case exclusivamente por coviñas distribuídas ó longo das pedras, na parte superior. Tamén outros trazos lineais e circulares, sen chegar a haber combinacións de círculos coma na Laxe do Outeiro de Cartas, uns 200 m ó O.

**Bibliografía:** García Alén, A. e Peña Santos, A. 1980 *Grabados rupestres de la Provincia de Pontevedra*. Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza.



Figura 9: "O Pereiriño" (Laxos).

### O Outeiro de Cardecide

**Situación:** na parte media da superficie inclinada do Outeiro de Cardecide

**Descrición:** unha combinación circular ben visible, con radio central e outra menos visible e varios trazos lonxitudinais.



Figura 10: "O Pereiriño" (Laxos).

### Petroglifos do Castelo

**Situación:** á dereita dunha pista que une Laxos con Xinzo, no monte deste último lugar. Nas proximidades do outeiro coñecido co nome de "O Castelo".

**Descrición:** nunha gran laxe plana lixeiramente inclinada, atópanse 5-6 pequenas combinacións circulares dun pequeno círculo simple arredor dunha cova central, e tres delas con trazos que parten do centro e prolónganse na mesma dirección. Os círculos atópanse próximos os uns dos outros e máis ou menos aliñados. Son deseños atípicos pola súa simplicidade. Nas pedras de arredor, a pesar das excelentes condicións para o gravado, non aparecen máis, exceptuando uns trazos lineais próximos.



Figura 11: Petroglifos "Grupo I A Ran", Forno da tella.

### Grupo da Ran (Mapa 3)

Como quedou descrito anteriormente, foi este o grupo que xurdiu das novas exploracións en torno á espectacular estación do Outeiro de Forno da Tella, descuberta en 1998, dentro da área do polígono industrial da Ran, moi próximo á capital municipal. É esta estación, composta por dúas laxes (a xa mencionada de 15 m e unha moi próxima de a

penas 2 m), a única do concello descuberta ata o momento con representacións de cuadrúpedos; tódalas demais estacións atopadas a raíz deste achádego (9 grupos máis) están integradas exclusivamente por combinacións circulares, non descartándose que aparezan máis grupos de gravados en posteriores supervisións. Para situar con maior facilidade sobre o mapa 3 as estacións dos gravados optouse por nomear os diferentes agrupamentos dende a estación I do Outeiro do Forno da Tella, ata a X, a máis apartada do grupo I, a uns 650 m ó NE en liña recta. Neste contorno, conformado por unha zona semi-chaira que demarca unha zona de brañas -hoxe xa moi modificadas polo deterioro ambiental da zona- en torno á que se dispoñen varios outeiros sobresaíntes, sendo precisamente estes lugares elevados os elixidos para a localización da maioría dos gravados, cunha ampla visualización do territorio dende cada un deles.

### *Estación I: petroglifos da Ran*

#### *Outeiro do Forno da Tella*

**Situación:** dende a pista recta que atravesa o polígono, entrando dende o desvío da estrada Cuntis-Caldas, pasando a última fábrica, á dereita, hai un pequeno outeiro antes de chegar ó vertedoiro municipal. Cara a este outeiro sae unha pista no medio duns foxos e zona de remoción de terras. No cumio do mesmo, ós pés da torreta de alta tensión alí existente, está a laxe que contén a maior parte dos gravados deste grupo.

**Descrición:** hai nesta estación dúas pedras con gravados; unha gran laxe no alto duns 15 m de longo, con varias superficies insculturadas e unha pequena rocha plana situada a rente do chan, uns 30 m ó S, composta dun círculo concéntrico e un cervo. Para situar con maior facilidade os gravados da laxe grande do grupo I, divídense en catro paneis (I-IV) as superficies insculturadas, case exclusivamente de cérvidos. Foi no



Figura 12: Petroglifos "Grupo I A Ran", Forno da tella.



Figura 13: Petroglifos "Grupo I A Ran", Forno da tella.



Figura 14: "Outeiro do Forno da tella" (A Ran).

panel I onde se descubriu o primeiro gravado, pois sitúase na beira do camiño alí existente, no extremo E da pedra: abarca unha superficie plana lixeiramente inclinada cara ó observador que representa a tres cervos machos de suco ben marcado e corpo estreito e longo (un grande no medio doutros dous de menor tamaño). Na parte superior da pedra non se ven gravados tan definidos, distinguíndose algún cérvido sen cornamenta, preto das pías naturais (e algunha covaña artificial) da zona superior.

No panel II, ó O do anterior, distinguimos na zona inferior tamén lixeiramente inclinada cara ó observador, ata catro cérvidos, de trazo moito máis débil cós anteriores, puidendo aparecer máis, xa que a pedra continúa cara abaixo cuberta de sedimentos. Tamén existen preto deles dúas pequenas combinacións circulares.



O panel III, no centro da laxe, ten como motivo máis evidente unha combinación circular piqueteada no interior nunha época posterior cun instrumento metálico, hai liñas moi pouco marcadas que parecen indicar a existencia de cérvidos moi desgastados.

O panel IV representa á esquerda unha combinación circular seguida de dous cervos machos tras de tres femias, algunha delas en actitude dinámica, en ringleira todos eles, con combinacións circulares arredor, compondo unha escena de gran naturalismo.

A súa conservación é moi delicada, pois á proximidade do vertedoiro e escavacións actuais de terra, hai que lle sumar a proximidade da liña de alta tensión e a extracción de pedra no pasado.

**Bibliografía:** Héitor e Martiño Picallo Fuentes. Revista A Taboada nº II (Cuntis, Asociacións "O Meigallo" e "A Cabana")

### *Estación II: Outeiro de Vales*

**Situación:** no outeiro que está case acaroado ó valo do lado N do vertedoiro. A uns 100 m ó NO do Outeiro do Forno da Tella onde se sitúa a Estación I.

**Descrición:** neste outeiro rochoso de pedras que sobresaen do terreo chan circundante, aparentemente sen superficies propicias para os gravados ter numerosos



Figura 15: Petroglifos "Grupo II, A Ran", Outeiro de Vales



Figura 16: Petroglifos "Grupo II, A Ran", Outeiro de Vales

petóns e formas sobresaíntes sen moitas superficies planas (polo menos se o comparamos coas laxes do veciño Outeiro do Forno da Tella da Estación I), aprécianse ata 10 combinacións de círculos concéntricos espalladas polas pedras que conforman o outeiro. Case todas de forma illada salvo un par de casos nos que están dúas xuntas. O deseño máis complexo sitúase nunha pequena laxe plana inclinada. Contrastando co veciño Grupo I, aquí non hai ningún cérvido, e as superficies aparentemente máis propicias para os gravados non se usaron. Destaca en particular unha combinación circular deformada adaptada ó promontorio sobresaínte dunha das pedras do conxunto (figura 17). Este aproveitamento dos lombos das pedras repítese nalgunha pedra máis desta estación e en case tódalas restantes do polígono da Ran. Tamén é de destacar unha combinación circular nunha pequena superficie plana lixeiramente inclinada cara ó observador e que contén nos círculos exteriores varias coviñas que conforman unha figura diferenciada das do contorno (figura 16, figura 11).

Aínda que o estado de conservación das figuras é bo, a proximidade do vertedoiro (escasos metros) afecta de forma importante o xacemento.

**Bibliografía:** Héitor e Martiño Picallo Fuentes. Revista A Taboada nº II (Cuntis-Moraña, Asociacións "O Meigallo" e "A Cabana")

### *Estación III*

**Situación:** pequeno outeiro rochoso situado a poucos metros da pista que atravesa o polígono, pasando o vertedoiro, uns 300 m máis adiante, á dereita.

**Descrición:** trátanse de só dúas combinacións circulares, aínda que podería haber máis soterradas pois a laxe presenta zonas favorables para o gravado que agora están baixo terra. Os círculos están feitos aproveitando os pequenos lombos da pedra, como é común en case tódalas estacións desta zona.

### *Estación IV: petroglifo do Outeiro do Moucho*

**Situación:** no petouto rochoso coñecido como "Outeiro do Moucho". Situado moi próximo da estrada Calvos-Teaño, desviándose por unha pista á esquerda antes do alto.

**Descrición:** grupo importante de combinacións circulares (cóntanse ata 9) nunha mesma superficie de execución, aproveitando as formas da pedra para buscar o efecto relevo xa mencionado nas outras estacións veciñas. Este petroglifo presenta a particularidade fronte dos que o rodean de existiren moitas combinacións con coviñas e círculos no seu interior. O motivo máis grande e destacado presenta no seu interior dous círculos solapando un ó outro, e arredor hai unha liña que forma unha espiral levóxima que parte dunha coviña exterior.

**Bibliografía:** Héitor e Martiño Picallo Fuentes. Revista A Taboada nº II (Cuntis-Moraña, Asociacións "O Meigallo" e "A Cabana")

### *Estación V: As Moreiras*

**Situación:** nun pequeno promontorio do terreo que se asoma sobre a zona do polígono industrial, na área coñecida como As Moreiras, próxima á pista que pasa xunto ó Outeiro Grande en dirección a Guldrigáns.

**Descrición:** unha pedra illada, cunha combinación circular que aproveita a forma alombada.

### *Estación VI: As Moreiras*

**Situación:** próximo ó grupo V, a uns 100 m ó SE, en varias laxes con boas condicións para o seu gravado e que dominan visualmente a zona.

**Descrición:** aparecen tres combinacións circulares, unha simple de círculo e covaña central, e outras de varios círculos concéntricos, unha delas con tres covañas no interior, aproveitando unha superficie algo alombada. Todas elas arredor dunha pedra con pía que sobresaie lixeiramente sobre o contorno. Son figuras illadas con pouca interrelación entre elas.

### *Estación VII: As Moreiras*

**Situación:** na aba que dá ó Nacente do monte chamado Outeiro Grande, nunha laxe plana situada entre dúas pistas, a uns 250 m ó E. do grupo VI.

**Descrición:** laxe plana que se asoma sobre o territorio circundante cunha ampla visibilidade. Hai catro combinacións circulares moi claramente marcadas (máis pola acción dos líques, que oscureceron as zonas gravadas, ca pola profundidade das mesmas) e restos de tres máis xa deterioradas. Case todas presentan radio central, que non se ve noutras combinacións circulares da zona. Non se atopou ningún petroglifo máis nas pedras circundantes, a pesar de que aparentemente algunhas presentan moi boas condicións para o gravado.

A laxe está moi deteriorada superficialmente, o cal afectou ós gravados. En parte pola propia configuración da pedra e en parte quizais causado polos lumes. Aquí tamen afectou bastante a extracción de pedra polos canteiros.

### *Estacións VIII-IX*

**Situación:** na aba do monte que dá á estrada Calvos-Teaño, fronte do Outeiro do Moucho nunha elevación próxima ó outeiro veciño das Campás por baixo do tendido eléctrico (est. VIII) e nunha ladeira próxima do monte (est. IX).

**Descrición:** hai indicios de que houbo estacións de Arte Rupestre neste outeiro próximo ó Outeiro das Campás (onde se sitúa a est. X). Baixo do tendido eléctrico hai un pequeno gravado nunha pedra que sobresaie, pero podería haber máis soterrados na zona, baixo unha capa duns 4 cm de terra e brión.

Nunha gran laxe plana inclinada deste outeiro, a uns 80 m ó E da estación VIII, atopamos a estación IX, cunha pequena combinación circular moi desgastada que pode ser o último vestixio dun repertorio máis amplo xa imperceptible.

### *Estación X. Outeiro das Campás*

**Situación:** nunha laxe entre os penedos do cumio coñecido como "Outeiro das Campás".

**Descrición:** combinacións circulares xunto a dúas pías naturais modificadas pola acción humana, con indicios de ser erosionadas cunha acción erosiva similar á usada nos muíños de sección navicular (¿quizais se realizaba algunha moenda ritual?). As dúas combinacións están feitas en pequenos alombamentos das pedras. A figura principal está deformada, tendente á elipse, con ata catro trazos radiais, un deles en conexión con outra combinación circular máis pequena.

**Bibliografía:** Héitor e Martiño Picallo Fuentes. Revista A Taboada nº II (Cuntis-Moraña, Asociacións "O Meigallo" e "A Cabana")



Figura 17: Petroglifos "Grupo II, A Ran".

## CONSERVACIÓN, DIVULGACIÓN E PERSPECTIVAS DE POSTA EN VALOR DOS PETROGLIFOS DE CUNTIS

Dende os inicios das actuacións da Asociación de Amigos dos Castros de Cuntis e a posterior posta en marcha da Fundación Terra Termarum Castrolandín tendo inicialmente como obxectivo fundamental o da recuperación e posta en valor do Castro de Castrolandín, tívose en conta que a adecuación dun importante achádegos, como pode ser un castro próximo ó núcleo urbano de Cuntis, pode e debe provocar e incitar a recuperación doutros xacementos anteriores ou posteriores que reforcen o atractivo cultural e arqueolóxico da zona; así nun radio similar -a menos de 1 km do casco urbano-sitúanse outros castros, como o Alto do Castro (Laxos), xa escavado polo Grupo de Arqueoloxía da Paisaxe pola afección do oleoduto, e dous dos grupos de gravados descritos anteriormente, como son o grupo de Laxos-Cardecide, con tres estacións moi accesibles -xa incluídas dende hai anos en pequenos roteiros turísticos- e as dez estacións do grupo do contorno da Ran, tamén moi próximas ó núcleo urbano, a maioría delas con fácil acceso. Esta proximidade á capital do concello fai que sexan estes grupos os máis sometidos a acción antrópica, cun estado máis crítico de conservación, sobre todo e especialmente no caso dos situados no contorno do polígono industrial da Ran e o vertedoiro municipal. Polo tanto, atopámonos con que a aparición destas excepcionais estacións nun contorno destinado en parte a un uso industrial, deberá condicionar os usos da zona para que os gravados queden

preservados, na medida do posible, para un uso cultural do mesmo. Reservando as áreas de protección estipuladas, non debera ser incompatible con outras utilizacións, e incluso obrigaría a un maior ordenamento ambiental do espazo industrial, comezando polo selado do vertedoiro (previsto para os vindeiros meses) e que, dada a extrema proximidade a algún dos outeiros insculturados (O Outeiro de Vales ten o valado a 3 m dos gravados) haberá de contemplar necesariamente unha nova planificación deste contorno.

Presentase así un reto que, coma no caso de Castrolandín, deberá aunar esforzos municipais, de comuneiros e mesmo empresariais para que se afronte a preservación e ordenamento destes bens, xa visitados nos últimos tres anos nas excursións guiadas polos membros dos colectivos culturais do concello, quen incluso promoveron roteiros de sendeirismo nocturnos para a mellor contemplación dos paneis á luz das lanternas sen interferir no medio. Só dende unha comprensión e información dos bens podemos ofertar un uso responsable do patrimonio arqueolóxico, polo que os esforzos futuros neste campo deberían encamiñarse a crear espazos de interpretación e aulas didácticas que expliquen os achádegos e os roteiros arqueolóxicos que se poden realizar nas proximidades do contorno urbano. Estes espazos deberían, pois, contar cunha axeitada ordenación ambiental e unha sinalización cunha clara e rigorosa información; deste xeito conseguiríanse crear varios puntos de referencia cultural, diversificando a oferta turística do territorio e redundando na mellor calidade de vida de visitantes e visitados.

## O POBOAMENTO CASTREXO EN CUNTIS

Roberte Ameijeiras Paz, José Manuel Mesego Fernández

*Asociación de Amigos dos Castros*  
Fundación Terra Termarum

### Resumo

É da nosa pretensión facilitar neste traballo un elenco dos conxuntos castrexos localizados no término municipal cuntiense, dando conta á par dos restos arqueolóxicos atopados, ata estas datas, nos seus recintos ou no seu perímetro.

Intentarase facer, na medida das nosas posibilidades, a máis precisa localización dos referidos xacementos.

### Palabras Chave

Inventario de castros. Achados e restos arqueolóxicos. Localización, tipoloxía e dimensionado dos recintos castrexos.

### Abstract

The author's intention is to carry out an inventory of the Iron Age hillforts located within the Cuntis municipality, including the material remains located in them, in order to make it available for public use.

As far as possible, a detailed geographic location of these sites is also made.

### Keywords

Hillforts inventory. Archaeological finds. Location, type and site of hillforts.

## INTRODUCCIÓN

Co presente artigo tentaremos informar dos achádegos de poboamentos localizados nos límites xeográficos que abranguen o actual concello pontevedrés de Cuntis.

Son os castros os primeiros núcleos de poboación estables, permanentes e fortificados, onde viviron os pobos que habitaron o noroeste peninsular (terras das actuais Galicia, occidente de Asturias e León e norte de Portugal), aproximadamente entre os séculos VII a.C ata o período comprendido entre os séculos II-IV d.C.

Os castros situábanse en posicións estratéxicas para controla-lo territorio, dominando deste xeito as áreas de captación de recursos (os vales nos que se cultivaban as terras, as vías de comunicación, os cursos de auga e mananciais, etc) e estaban xeralmente en contacto visual cos castros do contorno.



Figura 1: Localización xeográfica.




Figura 2: Término municipal de Cuntis.

## CUNTIS

O Concello de Cuntis atópase no norte da provincia de Pontevedra, nunha zona de transición (tanto xeográfica como cultural) entre a costa e a zona de interior (Terra de Montes). Está vertebrado en oito parroquias (Portela, Couselo, Piñeiro, Arcos de Furcos, Cequeril, Estacas, Troáns e Cuntis) que abarcan en conxunto unha superficie de 79,5 km<sup>2</sup>.

## OS CASTROS

A día de hoxe temos coñecemento da existencia de polo menos 14 castros, repartidos por tódalas parroquias do concello.

De entre eles, por seren obxecto dun primeiro estudio e achegamento o *Castro de Laxos* (coñecido na bibliografía científica como *Alto do Castro*), que foi parcialmente escavado e investigado no ano 1993 polo Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais da Universidade de Santiago de Compostela, e o *Castro de Castrolandín*, principal elemento das actuacións realizadas pola Fundación Terra Termarum Castrolandín -co apoio do mencionado Laboratorio- para a súa posta en valor e posterior escavación.

### *Castro de Laxos (Alto do Castro)*

O castro de Laxos está localizado nun outeiro que ocupa unha posición de esporón sobre o val do río Gallo con moi boa visibilidade das terras baixas, estando situado moi preto do actual núcleo de Cuntis, localidade á que pertence. É propiedade da CMVMC de Laxos

A súa situación exacta está definida polas coordenadas UTM 537.000; 4.719.980, a unha altitude de 272 metros sobre o nivel do mar, aparecendo na cartografía 1:25.000 na folia 152-II.

A zona de asentamento presenta unha compoñente de inaccesibilidade bastante acentuada (forte pendente natural), sendo seguramente este o motivo da súa situación.

Presenta unhas dimensións de 120 m no eixe N-S e 140 m no E-O, sendo escavado parcialmente no 1.993 por mor da afección directa do oleoducto Coruña-Vigo sobre o castro. Gracias á realización destas sondaxes dispónse dunha ampla e concreta información sobre o xacemento.

Un dos feitos salientables deste castro é que presenta 3 fases de ocupación:

- 1ª fase de ocupación: ata ó século V a.C
- 2ª fase de ocupación: do século IV-III a.C
- 3ª fase de ocupación: do século II ata o cambio de era.






Figura 3: Localización do castro de Laxos.



Figura 4: Restos de edificación no castro de Laxos.

Seguindo esta cronoloxía, poderíase falar dunha 4ª fase de ocupación, que sería o abandono do castro e a creación dun novo ente poboacional que perdura ata os nosos días e que é a aldea de Laxos, situada xusto ó pé do mesmo.

Dende a data da súa parcial escavación, non se realizou ningún tipo de labor para conserva-lo seu estado, polo que o crecemento da matogueira e o arboredo pronto agocharán este lugar.

### Castro de Castrolandín

No lugar de Castrolandín, pertencente á parroquia de Santa María de Cuntis, localízase o poboamento castrexo de Castrolandín, encravado nun lugar de especial privilexio, tanto pola súa situación física (está nun cume que conta con defensas naturais por tódolos seus ventos e dende o que se pode divisar todo o val de Cuntis, tendo un doado acceso á auga e terras fértiles, e situado nunha posible vía antiga de tránsito), como pola súa significación social, ó estar a actual aldea de Castrolandín situada xusto ó pé do xacemento castrexo. Isto conlevou que non quedara esquecido como tantos outros, propiciando unha

especial relación entre os habitantes da aldea e o Castro, que se pon de manifesto a través da súa caracterización como lugar de traballo, de reunión, de celebración de festas e ritos tradicionais, existindo abundante lendas sobre o mesmo. Tamén é o lugar que a Fundación Terra Termarum Castrolandín elixiu como sitio principal e preferente no que desenvolver a súa actividade.

A situación física do castro concrétese nas coordenadas UTM 536.850; 4.720.805, aparece na cartografía 1:25.000 na folla 152-II, está catalogado pola Dirección Xeral de Patrimonio co código GA36015009.



Figura 5: Ubicación do castro de castrolandín.

É un castro de recinto único delimitado por unha croa de forma oval, que presenta un diámetro no eixo NO-SE duns 100 m, e no eixo NE-SO duns 60 m, sendo a súa altitude de 245 m. Os elementos definitorios apreciables a simple vista son varios tramos de parapeto dunhas dimensións medias duns 7 m de altura (excepto no seu vento oeste, no que o parapeto desaparece aproveitando a pronunciada pendente que presenta a orografía do terreo), así como un pequeno foxo no seu vento leste.

O grao de deterioro que presenta este castro pódese considerar medio, pois á súa utilización como zona de aproveitamento forestal, hai que engadir a realización dun acceso para vehículos ó interior da croa, a construción dunha pista polo vento norte que afecta a un tramo de parapeto, o desenvolvemento de actividades relacionadas coa cantería (extracción de pedra), e a realización de diversas "catas" feitas por non se sabe quen nin en que condicións.



Figura 6: Vista do castro de Castrolandín.

Na actualidade o castro carece de arboredo e maleza (gracias ó labor realizado pola Fundación Terra Termarum Castrolandín), o que favorece a percepción das súas dimensións reais e características, así como a conversión do recinto nun lugar visitable.

### Castro de Meira

Coñecido polos habitantes das zonas veciñas como *O Castelo*, está localizado moi preto do lugar de Meira, entre o río Gallo e a estrada comarcal Cuntis-Moraña, nas coordenadas UTM 535.800; 4.719.000, aparecendo na folia 152-II da cartografía 1:25.000.

É o castro situado a máis baixa altura dos que se coñecen no concello, cunha altitude de 199 m.

Localízase nun pequeno outeiro que presenta unha importante pendente cara ó río Gallo, proporcionándolle unha defensa natural extraordinaria.




Figura 7: Situación do 'Castelo' de Reira.



Figura 8: Vista do castro dende o Oeste.



Figura 9: Pezas de muíños circulares atopados no castro de Xeira.

Na actualidade está totalmente afectado e oculto por unha plantación de *Eucalyptus globulus*, sendo varios titulares os propietarios deste elemento castrexo.

Hai uns anos atopáronse varios restos de muíños circulares nos valos que dividen as propiedades dentro do castro.

Hai lendas que falan de diversos encantos e de tempos pretéritos nos que dende o *castelo* se facía lume para avisar os outros castros dalgún perigo.

### Castro da Bragaña

Situado no Monte da Cruz (tamén chamado Monte Agudo), na parroquia de Estacas, este castro carece de topónimo que lembre a súa existencia. Localízase nas coordenadas UTM 533.300; 4.722.250 e a unha altitude de 340 m. A folia topográfica 1:25000 é a 152-II. Non se atopa catalogado.

O perfil castrexo amesetado deste monte delátalo dende a distancia, e aínda que estea moi alterado polas repoboacións de *Eucalyptus globulus*, distínguense os niveis de ocupación e as pegadas do que foron as súas estruturas defensivas.




Figura 10: Localización do castro da Bragaña.



Figura 11: Vista panorámica do castro da Bragaña.

A súa cota elévase ata os 340 m, e o seu excelente posicionamento entre dous vales, favorecía o dominio sobre os recursos.

### Castro de Arcos

Este sitio presenta unha croa practicamente circular. Propiedade da Comunidade de Montes de Arcos, está localizado nun elevado monte da parroquia de Arcos de Furcos a unha altitude de 502 m, e nas coordenadas UTM 539.500; 4.723.500, situándose na folla 1:25.000 153-I.

Esta privilexiada situación permítelle dominar unha ampla panorámica sobre o río Gallo, fronte do monte Xesteiras.

Presenta un estado de conservación bo, debido á súa inaccesibilidade e elevada altitude, que imposibilitou a súa explotación agrícola e forestal. Na actualidade a acción da Asociación de Amigos dos Castros de Cuntis, impedíu a repoboación forestal neste castro, que permanece totalmente libre de vexetación.

Nun valo dunha finca da aldea próxima de Arcos de Arriba apareceu unha pedra cun gravado atípico, que con toda probabilidade procede deste castro.

En canto ó folclore, un dito popular na zona reza así: "*Dende o castro de Arcos ó de Loureiro, hai un muíño roendo ouriño*", facendo referencia ás supostas riquezas que encerraban os castros. Os veciños de Arcos aínda lembran cando subían ó castro para ver os fogos do Apóstolo.



Figura 12: Insculptura atopada en Arcos de Arriba.

### Castro de Hervés

Atópase entre as aldeas da Hervés e A Pena de Vilabar, na parroquia de Troáns, moi preto do río Umia. As súas coordenadas UTM 533.000; 4.717.550 e a altitude é de 207 m. A folla 1:25.000 é a 152-II.

Actualmente encóntrase nunha situación lamentable debido ás repoboacións, estando as súas defensas mermadas polo uso agrícola. Aínda así pódense apreciar varias terrazas de ocupación.




Figura 13: Situación do castro de Hervés.



Figura 14: Vista parcial do castro de Hervés.



Figura 15: Estela funeraria romana.

A Asociación de Amigos dos Castros de Cuntis atopou un fragmento dunha estela funeraria romana do tipo "fornela dúplice", que foi extraída dun valo do castro. Dátase entre os séculos I-III d.C, o que evidencia a romanización do xacemento e unha continuidade do poboamento despois do cambio de era.

### Castro de Montesandeu

Pequeno castro situado nun promontorio rochoso a 333 m de altitude sobre a aldea de Montesandeu, parroquia de San Mamede de Piñeiro e localízase nas coordenadas UTM 534.200; 4.722.750. Na cartografía 1:25.000 aparece na folia 152-II.

A súa estratéxica situación permitíalle unha magnífica defensa natural polo sur e unha ampla perspectiva sobre o val. Pola cara norte aínda se distinguen hoxe en día o foxo e a muralla, coa pequena terraza onde se situaban as casas.

Coidamos que non quedou lembranza popular deste sitio, pois non aparece folclore, nin sequera o topónimo "castro".




Figura 16: Ubicación do castro de Montesandeu.



Figura 17: Vista dende o Este do castro de Montesandeu.

### Castro de Piñeiro

Está a escasos metros da aldea de San Mamede de Piñeiro situándose a unha cota de 293 m. É difícil de atopar, xa que se acha oculto por un bosque de carballos e piñeiros, discorrendo polos seus foxos vellas corredeiras.

Posicionado nas coordenadas UTM 534.900; 4.723.000, a folia cartográfica 1:25.000 é a 152-II.

A croa é ampla e non é difícil imaxinar a imponente vista que se nos abriría ós ollos de non ser polo mesto bosque que o oculta.




Figura 18: Situación do castro de Piñeiro.

### Castro de Entrecastros

Sitúase no chamado Coto da Raposeira, á beira da aldea de Sevil, preto do río Umia, 539.600; 4.717850, a unha cota de 391 m. Aparece no mapa 1:25.000 na folia 153-I.

Neste castro aínda hoxe se distinguen abundantes restos da muralla que o circunda, sobresaíndo nalgún tramo as pedras que o conformaban.




Figura 19: Localización do castro de Entrecastros.



Figura 20: Vista do castro de Entrecastros.



Acaroado a este castro sitúase outro outeiro xemello, existindo unha especie de chaira entre os dous. Nesa superficie é onde os veciños de Sebil celebraban en tempos pretéritos o San Xoán, e contan que nese lugar se reunían as meigas.

### Castro de Sobrada

Pequeno castro situado á beira da aldea de Sobrada, parroquia de Troáns, ocupando as coordenadas UTM 533.100; 4.719.700. Aparece na folia 152-II do mapa 1:25.000.

Atópase a unha altitude baixa, 206 m, lindando coas terras de cultivo, polo que a súa estrutura se viu moi afectada. Aínda así, son visibles partes da muralla defensiva.



Figura 21: Vista do conxunto castrexo de Sobrada.



Figura 22: Localización do castro de Sobrada.

### Castro de Vilar de Mato

A uns 500 metros de altitude na parroquia de Cequeril, sitúanse un grupo de outeiros na aba do monte Cádavo, coñecido como Coto dos Castros, Os Castros ou O Castro. As coordenadas UTM son 535.500; 4.723.900, na folia 1:25.000 153-I.



Figura 23: Situación do castro de Vilar de Mato.

### Castro de Xinzo

Sobre as aldeas de Xinzo e Rebordelo érguese este pequeno castro, con coordenadas UTM 536.950; 4.718.500, cunha cota de 305 m. Aparece no mapa 1:25.000 na folia 152-II.

Hai uns anos aínda se recollía toxo na súa croa e era visible a muralla, aínda que hoxe coa invasión de vexetación é moi difícil distinguir algo. Na cara sur existe un antecastro a un nivel inferior.

A poucos metros hai un outeiro que se coñece como O Castreliño.

Ademais de cerámica superficial tense atopado algún muíño circular.

Este é outro dos castros nos que se celebraba a festa de San Xoán. Tamén falan as lendas da existencia dunha galiña con pitos de ouro.




Figura 24: Ubicación do castro de Xinzo.

### Castroloureiro

Poucos metros arriba da Casiña, parroquia de Arcos de Furcos, á dereita da pequena estrada que vai cara ó Alto da Cruz, hoxe apenas se distingue un dos castros máis espectaculares da comarca, tamén coñecido como A Aurela.

Sitúase nas coordenadas UTM 538.500; 4.725.000 e a unha altitude de 334 m, sendo sempre un referente na paisaxe da zona. Atópase na folla 120-IV dos mapas topográficos 1:25.000.




Figura 25: Situación dos recintos castrexos do castro de Aurela (Castro Loureiro).



Figura 26: Vista aérea de Castro Loureiro.

As actuais repoboacións de eucaliptos apenas deixan ver as imponentes estruturas defensivas, ademais de estragar un dos baluartes do patrimonio arqueolóxico de Cuntis.

Era sen dúbida o máis grande, quizais beneficiado pola súa situación estratéxica, xa que está nun paso entre dous vales, por onde discorria unha importante vía de comunicación, que despois sería vía romana e máis tarde camiño real.

Este castro, perfectamente conservado ata hai ben poucos anos, presenta dúas entradas perfectamente definidas, unha conduce dende o exterior ó primeiro antecastro, chamado a Eira pequena (cun tamaño como calquera outro castro de Cuntis). A segunda entrada comunica esta Eira pequena co recinto principal, situado nun plano superior.

Aquí apréciase toda a grandiosidade deste recinto, amurallado perfectamente todo o seu perímetro, cunha altura mínima de 4 metros e a máxima sobrepasa os 7 metros.

É un castro rico en folclore, falando os veciños da existencia dunha fonda mina de ouro. Tamén falan de que os seus poboadores comunicábanse con fume cos dos outros castros.

### Castro Sebil

É o castro máis alto do concello ó estar situado a 545 m sobre o nivel do mar, permitindo visualizar por unha banda a ría de Arousa, e por outra as terras do Ulla e incluso a cidade de Santiago. Localízase nas coordenadas UTM 538025; 4.719.000, situado na folla 152-II da cartografía 1:25.000.

As terrazas do castro rodean o picoto pola banda norte e noreste, xa que no lado sur e suroeste existe unha imponente defensa natural composta de bloques graníticos que facían que o Castro Sebil tivera a mellor posición defensiva de tódolos castros da zona.




Figura 27: Curiosidade xeofísica no Castro Sebil.

De calquera xeito, non debía ser nada cómoda a vida nun castro situado a tanta altitude, nunha exposición tan directa ás inclemencias meteorolóxicas.

Tamén é un castro posuidor dun rico folclore e os seus outeiros fendidos son excusa para describir o paso por alí de Santiago Apóstolo co seu cabalo, deixando as súas pegadas nas pedras. Tamén contan os veciños das aldeas próximas da Ermida, Mesego e Laxos, que neste lugar vivían os mouros, que fixeron parapetos para defenderse e que deixaron alí agachada unha trabe de ouro.





# SÍNTESE DOS TRABALLOS DE ESCAVACIÓN NO XACEMENTO CASTREXO DE ALTO DO CASTRO

César Parcer o Oubiña

*Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento*

Consejo Superior de Investigaciones Científicas - Xunta de Galicia

## Resumo

Preséntanse sinteticamente os resultados da intervención arqueolóxica desenvolvida no xacemento castrexo de Alto do Castro (Cuntis, Pontevedra) no ano 1993. Tras presentar as condicións nas que se formulou a intervención, motivadas pola afección directa do oleoducto Coruña-Vigo sobre o xacemento, sintetízanse brevemente os trazos que caracterizan as tres fases de ocupación do xacemento, así como as datacións ó dispor para elas. Finalmente establécense as relacións máis significativas entre estes datos e as dinámicas xerais do mundo castrexo.

## Palabras Chave

Idade do Ferro. Castro. Mundo castrexo. Escavación. Arqueoloxía da Paisaxe. Paleoambiente. Fases de ocupación. Impacto Arqueolóxico.

## Abstract

A brief synthesis of the results of the archaeological excavation carried out in the Iron Age site of Alto do Castro (Cuntis, Pontevedra) in 1993 is shown. After a short presentation of the conditions under which the excavation was made (caused by the direct impact of a pipeline works on the site), the main features of the three phases of occupation of the settlement are designed, as well as the C-14 dates available. Finally some relevant relations between these data and the general dynamics of the period are pointed out.

## Keywords

Iron Age. Hillfort. Castros culture. Archaeological excavation. Landscape Archaeology. Paleoenvironment. Phases of occupation. Archaeological impact.

## PRESENTACIÓN DO XACEMENTO

O xacemento de Alto do Castro localízase nun outeiro que ocupa una posición en esporón sobre o val do río Gallo, con moi boa visibilidade respecto das terras baixas e próxima ó núcleo actual de Cuntis.

A localización ofrece moitos dos trazos usualmente definidos para os castros: zona de media ladeira, no límite entre os terreos de cultivo (*ager*) e de monte (*saltus*), en estreita proximidade do hábitat tradicional, neste caso a aldea de Laxos (Fig. 1). A vinculación coa área de val e terras baixas non exclúe da existencia dun moi notable compoñente defensivo, notorio desde dous puntos de vista: un deles son as súas estruturas artificiais, que veremos nos parágrafos seguintes, e o outro é o propio sitio arqueolóxico. Éste caracterízase pola maximización do compoñente monumental, traducido nunha notable visibilidade centrada nas terras baixas, e por unha visibilización hoxe en día moi reducida pola vexetación pero que sen dúbida debeu ser importante, tanto desde a base do val como desde a divisoria.

Sen embargo, o factor que máis pareceu condicionar a elección da localización é o das condicións de defensa. As pronunciadas pendentes que rodean case todo o perímetro do xacemento introducen un compoñente de inaccesibilidade que é potenciado polas propias estruturas defensivas artificiais (Fig. 2). A importancia outorgada ó compoñente defensivo é tal que as propias formas e dimensións do *outeiro* no que se localiza o xacemento impoñen uns estritos límites da súa superficie, de forma que o recinto central é de tamaño reducido e só puido ser ampliado polo oeste, que é a única dirección que ofrece pendentes moderadas aínda que, iso si, necesitaran ser aterrazadas.

Tomando a totalidade de estruturas, (incluídos perímetros exteriores das defensas e terrazas) as dimensións do xacemento visible (todas elas norte-sur e leste-oeste) son de 120 m por 140 m. aproximadamente; a croa ten uns 50 m por 40 m, cunha primeira terraza ó oeste de 35 m e unha segunda de 20 m. de diámetro aproximado (Fig. 2, 3). O recinto central aparece defendido e delimitado por un parapeto que se estende de




Figura 1: Localización do xacemento en relación ó trazado do oleoducto Coruña-Vigo. Mapa de detalle do entorno inmediato.




Figura 2: Perfíles topográficos do xacemento e o seu entorno máis inmediato.

oeste a sur; non é, xa que logo, totalmente perimetral. No arco restante o recinto vén definido por terrapléns ou por aterraxamentos do terreo. Estes últimos ábreanse en dirección ó oeste, cara na que a encosta é menos abrupta, e conforman un total de polo menos tres recintos, perceptibles con claridade (hai que ter en conta que a partir deste punto iníciase as construcións da aldea de Laxos). Os aterraxamentos parecen de carácter habitacional, xa que nalgún deles se encontraron materiais en superficie e incluso é visible a planta dunha característica vivenda circular.

O parapeto posúe unha considerable altitude e anchura, especialmente visto desde fóra do castro e no seu lado N de forma máis marcada. A altura media actual vai polos 6 m e increméntase coa existencia dun foxo que rodea a práctica totalidade do recinto. Cara ó sur, a caída natural do terreo conforma un terraplén de notable pendente e altura (superior ós 6 m) que se continuaría cun novo foxo de considerable profundidade, hoxe colmatado e impermeable en superficie, pero moi claro no corte do terreo.

A uns 100 m lineais ó sur de Alto do Castro localízase a zona na que apareceron fortuitamente unha serie de materiais, ó se remexer a terra polo accidente dunha pa escavadora. Este lugar coñécese como Cortiñas (Figs. 2, 3). A pesar da proximidade co xacemento castrexo de Alto do Castro, Cortiñas responde a un patrón de sitio arqueolóxico moi distinto daquel. Trátase dunha pequena conca pechada entre dúas elevacións maiores, claramente aberta cara ás terras baixas de Cuntis, da que dista a penas 1 km lineal. Esta conca está hoxe ocupada por prados artificiais creados sobre solos moi húmidos, case hidromorfos. En concreto no perfil que deixara o accidente da pa pódese observar cómo, sobre os restos de estruturas e materiais, que despois describiremos como xacemento, se desenvolveu unha especie de turfeira, sen dúbida en relación coa acción humana nesta zona.

Por debaixo, polo tanto, desta formación húmida localízanse unha serie de materiais cerámicos (cerámica indeterminada e tégula), así como gran cantidade de entullo (pedra fundamentalmente). Sondaxes aquí executadas confirmarán a existencia dun xacemento neste punto, de cronoloxía imprecisa pero probablemente baixorromano. Dado o carácter non visible en superficie do xacemento e que este só se pode definir pola aparición de materiais e dada a pequena zona sondada, resulta practicamente imposible describir a súa extensión. Non obstante o que as sondaxes van desvelar é que posiblemente esta zona non sexa senón unha área extrema do xacemento, que se debería estender ladeira arriba.

## CONDICIÓN E DESEÑO DA INTERVENCIÓN

Entre os meses de xuño e novembro de 1993 asístese en Galicia ó proceso de construción da primeira das grandes conduccións lineais proxectadas ata o momento: o oleoducto Coruña-Vigo. Froito da colaboración entre as empresas promotora (*Compañía Logística de Hidrocarburos, CLH*) e constructoras (*OSHA e FERPI-PICANDSA*), a Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia e o Departamento de Historia I da Universidade de Santiago de Compostela, o Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe, baixo a dirección do profesor Felipe Criado Boado, encargouse de coordinar e executar o seguimento arqueolóxico desta construción<sup>1</sup>.

O oleoducto Coruña-Vigo é unha vasta trincheira lineal que se estende ó longo de 155 km. entre as dúas cidades, cruzando de Norte a Sur unha ampla variedade de ambientes e paisaxes (Amado 1995). Durante as distintas fases de traballo arqueolóxico que se involucraron na obra (avaliación previa, seguimento,...) puidéronse detectar e corrixir gran cantidade de impactos sobre elementos de distinta entidade. Sen embargo no caso de Alto do Castro o impacto detectouse demasiado tarde, cando as obras xa afetaran o xacemento (Méndez et alii 1995).

O impacto das obras sobre o xacemento resultou ser especialmente significativo por dúas razóns: en primeiro lugar a súa propia natureza, un castro da Idade do Ferro que, se ben neste caso non é especialmente grande, é sempre un elemento de natureza visible e monumental. En segundo lugar, e debido a razóns técnicas que obrigan as máquinas a atacar frontalmente as encostas, o xacemento atravesouse polo centro, co que o impacto resulta especialmente amplo, afectando tanto a estruturas defensivas como habitacionais, etc. (Fig. 4).

Tras dunha rápida avaliación inicial da afección sobre o xacemento, e unha vez que a súa destrución parcial era xa un feito inevitable, a lóxica aconsellaba tratar de obter polo menos unha compensación do que ocorrera, e a única forma posible era deseñar unha intervención que permitira obter, a cambio dunha destrución parcial que xa non se pode corrixir, unha bagaxe de información sobre o xacemento que, cando menos, permita rendibilizar no posible o desafortunado acontecemento.

Nestas condicións fórmase o desenvolvemento dunha serie de traballos arqueolóxicos sobre o xacemento<sup>2</sup>. O tipo de afección que o castro sufrira determinou en gran medida o traballo que se ía desenvolver. Unha obra como a que nos ocupa é en

<sup>1</sup> A partir das premisas e bases de traballo establecidas por este equipo durante as fases de avaliación e corrección de impacto arqueolóxico desenvolvidas de forma previa ó inicio das obras. Un extracto das bases metodolóxicas para o desenvolvemento do seguimento pódense consultar en Criado et alii 1995.

<sup>2</sup> A actuación dirixiuna Fidel Méndez Fernández, figurando o autor como axudante de dirección. O equipo técnico compúxose por María José Boveda Fernández, Narciso Herreros Cleret de Langavant e Ignacio Vilaseco Vázquez.




Figura 3: Croquis del yacimiento mostrando el alcance del impacto de las obras y la localización de los sectores de trabajo.






Figura 4: Cabana da fase antiga localizada no sector 2, cos seus niveis de incendio e derrumbe no perfil.

condicións normais, fronte do que poida parecer, escasamente destructiva. As condicións de construción (Criado et alii 1995) implican a apertura dunha gabia de a penas 1,5-2 m de profundidade por 0,5-1 m de ancho (dependendo das condicións do terreo), obra que supón unha remoción de terra bastante escasa e que, a cambio, ofrece a posibilidade de contar cun amplo perfil que contén gran cantidade de información que non se debe despreciar. Ademais de cantidade, esta información é peculiar pola súa cualidade, xa que permite examinar áreas e cortes que, noutras condicións, nunca serían analizados. Por outra parte, o feito de involucrar este traballo dentro dun proxecto máis amplo, como é o de seguimento arqueolóxico, aporta a necesaria cobertura en recursos como para que o rexistro non quede infrutilizado<sup>3</sup>. Non obstante débese sinalar que, á marxe da destrución que implica a gabia, hai un segundo elemento como é a pista de obra (para a circulación de maquinaria) que, normalmente, se limita a unha roza do terreo e rebaixe da capa vexetal. Sen embargo en puntos de cambios de rasante bruscos, o desnivel tamén se elimina. Desgraciadamente estas eran as condicións do parapeto defensivo do castro que, por isto, se arrasou nunha anchura duns 9 m. Isto constituíu o impacto máis notable sobre o xacemento e a principal problemática patrimonial a resolver.

Sobre estas condicións fundaméntase o deseño da actuación, na que non só se trataba de recuperar información senón que se debía resolver tamén a problemática patrimonial xerada. Segundo isto, a última fase de traballo foi a de restitución final do xacemento, fase con entidade propia e cunha problemática peculiar que non se vai tratar aquí (vid. Cobas e Parceró 1995).

### **Formulación da intervención**

Formulouse o desenvolvemento de dous tipos de traballo complementarios: a documentación dos perfís da gabia e a escavación dalgunhas áreas a maiores cun rexistro que

sexa máis contextualizado e minucioso, sirva non só en si mesmo senón como clave de lectura do amplo perfil ofrecido pola gabia.

Deste xeito dividiuse o xacemento en varios sectores de traballo, numerados correlativamente e que responden a un dos dous tipos comentados (Fig. 4):

1. Sectores de escavación. Un exame valorativo dos perfís de gabia e pista de obra permitiu localizar tres puntos nos que se cortou ou se deixou á vista algún tipo de estrutura, e nestes preséntase a posibilidade da apertura dos tres sectores de escavación (Sectores 1, 2 e 4).

2. Sectores de limpeza e documentación de perfís. Comprenden a totalidade dos perfís da gabia e pista de obra no interior do xacemento (excepto os sectores de escavación), incluíndo as defensas (Sectores 3, 5 e 6). Ademais, fóra xa dos límites do xacemento, limpáronse e documentáronse aqueles puntos do perfil que presentaban algunha estrutura, en previsión dunha posible vinculación co castro.

### **Sondaxes en Cortiñas**

A formulación da intervención non difire en liñas xerais do descrito para o caso de Alto do Castro. En Cortiñas acoutouse unha área de 8 m por 2 m a partir do perfil que se deixara tralo accidente da pa mecánica. Debido a dificultades prácticas (asolagamento do terreo e inestabilidade de perfís) e á propia disposición de tempo, a área definida non se chegou a escavar na súa totalidade, senón que se restrinxiu a unha área de 1,5 metros de ancho e 7,5 metros de lonxitude.

### **SÍNTESE ESTRATIGRÁFICA DO XACEMENTO**

O xacemento presenta tres fases de ocupación bastante ben definidas. Para todas elas dispónse de elementos de datación absoluta tanto arqueolóxicos (abundancia de materiais) como radiocarbónicos. O que expoñemos a continuación é só unha síntese do máis significativo; para unha exposición máis detallada remítese á memoria da escavación (Cobas e Parceró, 1995).

### **Fase antiga**

Na base documentouse a existencia dunha primeira ocupación nidiamente separada das outras. As evidencias desta primeira fase non se localizan en todo o castro e, se ben aparecen con claridade en varios lugares, noutros só o fan de xeito impreciso. En concreto, e como elementos máis significativos, asóciase a esta etapa os restos dunha vivenda presumiblemente circular (Sector 2 de escavación, Fig. 5) e un primeiro estadio constructivo das defensas do Norte do recinto: un primeiro foxo e parapeto,

<sup>3</sup> A actuación custeouse ó 50% entre CLH e a Dirección Xeral do Patrimonio histórico e Documental.



este probablemente dotado dalgũa estrutura vertical de contención nas súas dúas caras. Documentáanse restos máis dispersos desta fase no Sector 1 de escavación, no que aparece unha canle escavada na rocha e improntas de dous buratos de poste e no Sector 6, con restos dun solo de ocupación.

Como se pode deducir dunha análise inicial da dispersión destas evidencias, a ocupación neste primeiro momento parece que se concentrou na metade norte do xacemento. É posible que o castro fora daquela dun tamaño menor do que máis tarde adopta, como apunta a análise dos Sectores 1 e 3.

Aínda que non dispomos de datacións directas de ningún solo de ocupación deste momento, si que se puideron obter datas inmediatamente posteriores do seu abandono<sup>4</sup>. En concreto datouse o incendio do teito dunha casa no Sector 2 (CSIC-1034) e un pequeno nivel de queimado, posiblemente natural, por riba do parapeto defensivo (CSIC-1032), que se selou por unha posterior remodelación. As datacións, case idénticas, ofrecen os seguintes resultados:

Referencia: CSIC-1034

Idade C-14 convencional: 2330 $\pm$ 30 BP

Idade C-14 calibrada (2 sigma): cal BC 410-370

Referencia: CSIC-1032

Idade C-14 convencional: 2320 $\pm$ 25 BP

Idade C-14 calibrada (2 sigma): cal BC 400-370

Isto implica que a construción e habitación desta primeira fase debe ser anterior a ese final do século V. Os materiais asociados a esta primeira etapa non son demasiado numerosos: só contamos con cerámica e algunhas pezas líticas (pequenos seixos con restos de extraccións e algunha peza granítica, muíños planos fundamentalmente), estando ausente o metal. De tódolos xeitos as análises dos materiais cerámicos (Cobas 1997) móstranos plenamente coherentes coas datación radiocarbónicas obtidas, algo que se manterá nos restantes niveis.

### Fase media

Por riba desta primeira ocupación do xacemento documéntanse dúas novas fases constructivas, que van remodelar o castro de forma notable. A separación entre elas e a inicial é bastante evidente; sen embargo inicialmente encontramos certas dificultades para aclarar o carácter das dúas últimas, moi semellantes en extensión, potencia e tipo de estruturas asociadas. O problema estribaba en distinguir se se trata de dúas ocupacións diferentes ou de simples reformas constructivas dentro dunha mesma. Como se verá, a primeira opción parece a correcta.




Figura 5: Fogueira da fase media localizada no sector 2.

Inmediatamente sobre a ocupación inicial testemuñase unha fonda reforma do castro. A ocupación xeralízase con claridade á totalidade do recinto actualmente coñecido. A este momento corresponde a construción e uso de estruturas como unha vivenda circular no Sector 1, unha fogueira con base pétrea no Sector 2 (Fig. 5) ou pequenas fogueiras no Sector 1. Así mesmo asístese a unha notable ampliación do sistema defensivo no lado Norte do poboado: se ben se mantén o esquema de parapeto + foxo que xa existía antes, agora o parapeto duplica as súas dimensións tanto en altura coma en anchura; engádese un novo foxo, tamén maior, máis apartado do castro. Desta forma o sistema defensivo adquire unha aparencia que se corresponde case exactamente coa que terá no final (Fig. 7).

Os materiais tamén multiplican a súa aparición neste momento: a cerámica faise moito máis numerosa (Cobas 1997) e aparecen unha gran parte dos escasos fragmentos metálicos recuperados durante a escavación: bronce e, sobre todo, ferro, así como outros testemuños de actividade metalúrxica (un fragmento de crisol de fundición e outro de molde lítico). Os niveis de ocupación documéntanse xa en todo o xacemento, sen que apareza unha tendencia á concentración de evidencias coma na etapa inicial. Ademais de máis xeralizados, os niveis de ocupación fanse tamén máis potentes, implican un maior traballo de preparación e nivelación do terreo.

Para este momento dispoñemos tamén de dúas datacións. Unha, de contexto equivalente a unha das da primeira fase, localízase sobre o novo parapeto (CSIC-1031). A segunda procede, polo contrario, dun nivel de ocupación; en concreto extraeuse dos restos de queimado asociados á fogueira de base pétrea localizada no Sector 2 (Fig. 19). A súa referencia é CSIC-1035. Os resultados son, outra volta, moi coherentes entre si:

Referencia: CSIC-1035

Idade C-14 convencional: 2250 $\pm$ 40 BP

Idade C-14 calibrada (2 sigma): cal BC 390-190

Referencia: CSIC-1031

Idade C-14 convencional: 2230 $\pm$ 40 BP

Idade C-14 calibrada (2 sigma): cal BC 390-180

A análise do material cerámico ofrece tamén neste caso total verosimilitude para esta data. Débese reseñar a perfecta coherencia que as datacións mostran tamén en relación coas da fase anterior.

### Fase final

A última fase de ocupación do poboado é, como xa se avanzou, semellante da intermedia en extensión e composición estratigráfica. As estruturas son agora máis numerosas que as anteriormente documentadas, aínda que hai que ter en conta que nun dos sectores de traballo (Sector 4) só se escavou esta última fase. A casa circular do Sector 1 segue en uso (Fig. 6), aparece o conxunto de construcións do Sector 4 (casa, muradela e unha estrutura de difícil interpretación). A esta fase pertence tamén a construción (probablemente unha nova casa) reflectida no Sector 6.

Nesta última fase rexístrase a aparición dun dos elementos máis vistosos do castro: unha grande acumulación de cerámica moi fragmentada. Localízase nunha pequena zona de 1,50 m por 1 m dentro do Sector 1.

Debido á súa posición e ó estado de fragmentación que presentan as pezas parece tratarse dun vertedoiro, unicamente destinado á cerámica (entre os fragmentos a penas hai terra ou outro tipo de elemento non cerámico). O máis problemático é que boa parte do material depositado relaciónase coa fase intermedia de ocupación, e non coa final. Entre os fragmentos alí localizados (arredor de 10,000) rexistráronse sobre todo barrigas, sendo escasas as formas (bordos particularmente) e as pezas decoradas, tanto da última fase como, especialmente, da intermedia (Cobas 1997).

Manténse, pois, unha ocupación ampla e xeralizada de todo o xacemento. O parapeto Norte retócase outra vez, pero nesta ocasión só se trata dunha pequena ampliación en altura e adición dun muro de contención na súa cara interna. Os materiais manteñen a tendencia da etapa anterior, con gran cantidade de cerámica e escasos restos doutro tipo, especialmente polo que lle fai ó metal (cabe mencionar un fragmento de molde de sítula). A análise destes materiais é determinante para concluír que existe unha significativa variación respecto da etapa anterior e que estamos ante unha ocupación nova.

Para corroboralo dispomos dunha última datación de radiocarbono, obtida dun pequeno nivel de queimado dentro da nova reforma do parapeto (CSIC-1033):

Referencia: CSIC-1033

Idade C-14 convencional: 2100 $\pm$ 25 BP

Idade C-14 calibrada (2 sigma): cal BC 180-40



Figura 6: Típica construción circular da fase 3 situada no sector 1.

Aínda que non é demasiado precisa, é claramente posterior ás obtidas para a fase media. Por outra parte é, unha vez máis, perfectamente coherente cos materiais asociados e mantén a liña sucesiva co resto das datacións xa mencionadas.

O material non indíxena localizado en Alto do Castro é moi escaso. Recolléronse arredor dunha ducia de fragmentos de cerámica importada nun nivel asociado coa fase media e a penas unha vintena de anacos de dúas ánforas en niveis claramente próximos no tempo (todos no Sector 4). Esta escaseza de material romano, unido á análise do propio material indíxena e á datación obtida para a última fase de ocupación, invitan a pensar nun abandono do castro relativamente temperán, ó redor do cambio de era.

## VALORACIÓN

A análise da documentación estratigráfica, conxugada coas datacións absolutas e co estudio dos materiais, permite concluír a existencia de tres fases de ocupación en Alto do Castro, claramente reflectidas no perfil do xacemento (Fig. 7). O lapso temporal que abranguería cada unha delas é, aproximadamente, o seguinte:

Primera ocupación: *anterior* ó s. V a.C.

Segunda ocupación: ss. *IV-III* a.C.

Terceira ocupación: ss. *II-I(?)* a.C.

Temos deste xeito unha secuencia global de poboamento moi ampla que abarcaría a maior parte do que tradicionalmente se vén considerando como "época castrexa", e desde logo a case todo o seu período prerromano. Neste sentido é especialmente digno de destacar o alto grao de coincidencia de cada unha das fases de ocupación do xacemento coas divisións establecidas en moitas das periodizacións do mundo castrexo habitualmente manexadas (p.e. Martins 1988; Silva 1986; Peña 1992). Así pois, o proceso de ocupación de Alto do Castro non só mostra unha gran coherencia en si mesmo senón que, ademais, parece reflectir de forma clara as tendencias xerais que segue o mundo castrexo no Noroeste. Sen embargo, ó longo deste texto foise remarcando cómo se detecta unha importante variación nos matices de personalidade de cada unha das fases identificadas en Alto do Castro, cómo se aprecian diferencias tanto entre cada unha delas como entre cada un dos momentos de transición. En relación con isto cremos importante destacar dous aspectos: a secuencia de ocupación, as diferencias entre fases pero tamén as semellanzas e puntos comúns.

## Secuencia

En primeiro lugar, a pesar de que si é posible detectar varios puntos de inflexión durante o período de vixencia do

poboamento fortificado no Noroeste, non cremos que se poida outorgar a mesma importancia a todos eles porque, por outra parte, non todos se manifestan con igual significación. Neste sentido Alto do Castro mostra perfectamente o que parece empezar a ser unha constante: a existencia dunha certa transformación, localizada cara ó século V-IV a.C. As verdadeiras implicacións deste cambio están aínda por analizar, pero as súas manifestacións son moi claras en todo o contexto castrexo, por exemplo na modificación dos patróns de localización (Carballo 1990), ou a variabilidade no rexistro cerámico (Rey 1993), por referir os aspectos mellor coñecidos nos que se observa un cambio significativo. Este punto de inflexión, que no Noroeste viviu permanentemente marxinado pola preponderancia outorgada á romanización como factor de cambio, non é algo en absoluto revolucionario, xa que cadraría coa transición entre a Primeira e Segunda Idades do Ferro, perfectamente identificadas e asumidas en toda Europa (vid. p.e., e á marxe das interpretacións que dá para ese cambio, Collis 1989: 215 e ss.).

O paso da segunda á terceira fases de ocupación do xacemento vén cadrar tamén co momento no que habitualmente se establece un segundo punto de inflexión no mundo castrexo: os séculos II-I a.C. De calquera maneira, como xa se sinalou, os datos recollidos en AOC non son tan elocuentes como para o caso anterior: se ben non se pode negar a aparición dunha nova fase de ocupación neste momento, cunha remodelación do poboado e diferencias no rexistro material, tampouco podemos equiparar en absoluto este segundo momento de transición co primeiro. En efecto, o poboado conserva en esencia unha mesma extensión e estrutura, as áreas de ocupación seguen a ser practicamente as mesmas, as estruturas habitacionais que se ocuparan na fase media permanecen en uso agora, as defensas a penas se remodelan,... Igualmente o rexistro material mostra novidades e diferencias pero moito menos evidentes ca en relación coa primeira fase de ocupación (Cobas 1997): mantéñense en esencia os tipos de pastas e cocción cerámica, acabados, decoracións, pero tamén os tipos de pezas líticas, a presenza constante do metal e elementos asociados á súa fabricación, etc. A maior sutileza deste segundo momento de cambio cremos que non é algo peculiar de AOC senón xeral dentro do mundo castrexo, reflexo probablemente dunha transformación moito máis conxuntural que aquela localizada cara ó s. IV.

En relación coas dinámicas evolutivas do mundo castrexo e o tema da romanización, cremos significativo notar que Alto do Castro é un bo exemplo de *xacemento activo*, que mostra unha clara evolución e desenvolvemento internos ó longo das tres fases esenciais definidas para o mundo castrexo sen que se perciban mostras de influencia exterior directa no paso dunha a

outra. Noutras palabras, Alto do Castro exemplifica a posibilidade de que a secuencia evolutiva xeralmente admitida para o mundo castrexo funcione sen que necesariamente sexa necesario recurrir ó factor explicativo da ocupación romana como o elemento que activa o cambio. Unha vez que parece claro que a ocupación romana non supuxo o final do mundo castrexo (p.e. Rodríguez 1994), o que a evidencia de Alto do Castro demostra é que tampoco é o factor necesario e imprescindible do seu desenvolvemento, segundo argumento xa clásico aínda con amplo respaldo (Almeida 1983, Calo 1994); demostra cómo a evolución e progresivo *perfeccionamento* do mundo castrexo desde un punto de vista estritamente arqueolóxico (isto é, material) non é necesariamente un proceso sometido ós impulsos exteriores aplicados sobre unhas comunidades *pasivas*, incapaces de se desenvolver por si mesmas, como moitas veces se quixo facer ver. Non propomos unha argumentación totalmente contraria, senón unicamente relativizar a importancia de certos acontecementos ou procesos históricos cunha relevancia estrutural que está lonxe de ser evidente.

### Permanencias

En segundo lugar e a pesar do que viñemos comentando, convén non esquecer que por riba de tódolos episodios de innovación ou transformación puntual e conxuntural está a permanencia dun elemento certamente estrutural e substantivo: a fortificación, a ordenación do poboamento e do espazo a partir dun tipo de hábitat moi concreto como é o fortificado. Este elemento é o que caracteriza e permite falar dun "*mundo castrexo*" internamente compartimentado e non de varios momentos culturais distintos, principio este que está implícito na maior parte dos autores (p.e. Carballo 1990).

No caso de Alto do Castro esta permanencia é clara: máis alá da sucesión de fases de ocupación, da existencia de períodos indeterminadamente amplos de abandono, das reformas e alteracións no castro e a cultura material, o feito é que durante máis de 500 anos un mesmo lugar, un mesmo modelo de poboamento, un semellante esquema e tipo de ocupación mantéñense en vigor, mostrando a ineludible persistencia dunha mesma forma de racionalidade cultural, matizada co paso do tempo pero non abandonada nin transformada ata (como se verá) bastante máis tarde.

### O poboamento a partir de Alto do Castro

Un desenvolvemento paralelo do proceso que se acaba de expor no apartado anterior séguese a tomar como argumento da secuencia de poboamento e uso do medio na zona anexa a Alto do Castro. A partir basicamente dos

datos extraídos da escavación do xacemento castrexo e das sondaxes en Cortiñas pódese debuxar a grandes trazos o que puido ser a sucesión de formas de ocupación do espazo nesta zona puntual desde aproximadamente o s. VI a. C. ata a actualidade.

Nun momento non concreto, pero en calquera caso anterior ó século V. a.C., documéntase a primeira instalación de poboadores no lugar, fundando o que se vén definindo como primeira fase de ocupación de Alto do Castro. Carecemos de referencias acerca do modo no que o poboamento se articulaba nesta zona con anterioridade; non obstante podemos supor con certeza que a instalación dun poboado fortificado supón a manifestación da existencia non só dunha nova forma de estruturar o poboamento senón sobre todo dun novo tipo de orde cultural, reflectida na existencia dunha nova vontade de visibilización: o lugar de habitación convértese, por primeira vez, en referente que sinala a presenza humana no espazo (Penedo e Rodríguez 1991). E faíno de forma consciente, cunha vontade, ademais, de permanencia no tempo. E faíno, por fin, de forma peculiar, a través dun tipo concreto de poboado como é unha fortificación (Parcero 1995).

Este novo modelo de asentamento opta, ademais, por unha localización e unha ubicación particulares, que non nos parecen en absoluto aleatorios. A elección dun determinado sitio arqueolóxico pódese xustificar, como xa se apuntou noutros lugares (Parcero 1995), pola conxunción de tres factores: *visibilidade* sobre o contorno e *visibilización* desde ese mesmo contorno, en íntima relación coa aparición dunha nova racionalidade, dunha distinta vontade de visibilización, oposta ó que é propio de épocas anteriores (Méndez 1994) (e posteriores, como veremos) e que fai que o asentamento pase a ser referente conspicuo e permanente na paisaxe. O terceiro factor en xogo, a existencia de *condicións defensivas* propicias, relaciónase co feito de que esa vontade de visibilización se concreta en forma de fortificación, o que introduce novos elementos de particularidade.

A elección dun modelo de sitio arqueolóxico como o que acabamos de expor, exemplificada en Alto do Castro desde esta primeira fase de ocupación, matízase e complétase co da localización. Neste sentido o máis digno de destacar é a relación entre a posición do poboado e a proximidade coas terras baixas do val, aquelas de maior potencialidade agrícola (Fig. 1). Esta asociación entre xacementos castrexos e terras de potencial para o cultivo sinalouna numerosas veces, tanto para xacementos concretos (Peña 1992) como dentro de formulacións máis xerais (Carballo 1990, Parcero 1995). Este tipo de localización relaciónase co feito de que no mundo castrexo, como novidade significativa respecto de etapas anteriores, a existencia de novas posibilidades tecnolóxicas e dun diferente contexto social vai facer posible a conquista de terras máis fértiles e pesadas,

como as dos vales. Nelas sitúanse, tamén por primeira vez, campos de cultivo permanentes, e é en relación con isto cómo o hábitat se fai tamén permanente.

A fundación de Alto do Castro parece producirse nun contexto ambiental propio do subatlántico no que unha paisaxe caracterizada polo predominio da vexetación boscosa de frondosas, vai sendo paulatinamente substituído por formacións máis abertas, nas que as praderías de Gramíneas empezan a ser o predominante. Isto, que é unha tendencia xeral para o mundo castrexo (Ramil 1994), pódese ver tamén en Alto do Castro, a través da análise polínica realizada sobre un paleosolo inmediatamente anterior á erección do máis antigo parapeto do castro<sup>5</sup>. Os resultados (Fig. 8) mostran aínda unha importante porcentaxe de *Quercus*, aínda que os indicadores de acción humana sobre o contorno (nun momento, recordemos, aínda fundacional do poboado) empezan a ser evidentes. Esta paulatina acción humana sobre o medio foi sen dúbida en aumento durante as sucesivas fases de ocupación do castro, como demostran os numerosos grans de cereal carbonizado, trigo sobre todo (*Triticum dicoccum*) pero tamén cebada (*Hordeum vulgare nudum*), localizados en contextos da última fase de ocupación no Sector 4<sup>6</sup>. Todo isto constitúe outra das manifestacións, tal vez a máis notable, da aparición desa nova racionalidade cultural antes mencionada: xa non é só o lugar de habitación (castro) o que se fai visible e evidente no contorno, senón que tamén o son as actividades de produción (cultivo). E sono de dúas maneiras: a través da transformación do ambiente, como vimos de ver, e a través da probable construción de elementos artificiais para o cultivo, como veremos máis adiante. O incremento da

presión e o efecto da actividade humana sobre o contorno sitúase na mesma racionalidade que fai que o lugar de habitación, o poboado, se converta tamén agora nunha construción prominente, permanente no medio.

Por debaixo desta tendencia xeral documéntase, como xa se viu, unha modificación de certa entidade á altura do s. IV a.C. Neste momento, ademais das novidades no rexistro que se analizaron, prodúcese unha remodelación do poboamento: ampliáanse as defensas, xeralízase a ocupación e é moi probable que o tamaño do recinto aumente tamén, ata alcanzar a súa forma actual (Fig. 7). Dentro deste proceso é especialmente notable a aparición cara ó oeste de adicións ó recinto central en forma de aterraxamentos, sen dúbida de carácter habitacional. Sen embargo esta evidencia non debe ocultar o feito de que, a continuación das terrazas intramuros hoxe visibles, existiran outras estruturas exteriores ó recinto dedicadas a actividades non habitacionais (cultivo), como os aterraxamentos enmascarados actualmente pola aldea de Laxos ou o foxo lineal que se documenta ó Sur do xacemento.

As liñas mestras de ocupación e uso do castro vanse manter case inalteradas desde este momento ata o seu abandono (cara ó cambio de era), a pesar da existencia dunha terceira fase de ocupación que, no esencial, non alterará a estrutura do poboado. Cando o castro deixa de ser habitado asístese á fin dun período documentado de ocupación (descontinua) de máis de 500 anos no que, pese ás variacións analizadas, se rexistra un feito capital: a persistencia dun mesmo tipo de hábitat, nun mesmo sitio arqueolóxico e, o que é máis importante, dun mesmo tipo de racionalidade, a da paisaxe fortificada.




Figura 7: Perfil xeral do castro e perfis das unidades estratigráficas pertencentes a cada fase.

<sup>5</sup> A análise polínica realizouna Castor Muñoz Sobrino, no Departamento de Bioloxía Vexetal da Facultade de Farmacia, USC.

<sup>6</sup> Identificación de sementes a cargo do Prof. Dr. Pablo Ramil, Departamento de Bioloxía Vexetal, Facultade de Farmacia, USC.






Figura 8: Resultados da análise da columna polínica.

Tras dun lapso temporal pouco concreto, pero que podería andar polos trescentos anos, volvemos ter evidencias de poboamento na zona. Trátase do xacemento de Cortiñas, un punto de tipoloxía e cronoloxía mal coñecidas pero ocupado probablemente desde época baixorromana. A pesar dos poucos datos de que dispomos para avaliar este xacemento, o que si é claro é que a súa aparición obedece a patróns culturais totalmente diferentes:

O sitio arqueolóxico é agora completamente distinto (Fig. 2), e isto é aínda máis significativo considerando a proximidade (a penas 100 metros lineais) con Alto do Castro. Abandónase un lugar prominente, ben defendido e

con amplo dominio visual e ocúpase unha zona relativamente deprimida, escasamente sinalada na paisaxe e cun control visual limitado. Todo isto, de por si xa elocuente, complétase co feito de que o poboamento que representa Cortiñas carece de calquera asomo de fortificación, é un poboamento aberto. As novidades no rexistro son significativas, e sen dúbida relaciónanse con modificacións agora si substantivas nas prácticas sociais e concepcións culturais que se esconden detrás.

A localización, sen embargo, é semellante. Polo tanto pódese soste que os factores que empurraban o hábitat castrexo a centrarse en torno dos vales mantéñense agora vixentes; isto é, que o modelo de aproveitamento económico que rexe neste momento baixorromano - altomedieval non debeu diferir en esencia do practicado no mundo castrexo. Por suposto que existirían diferencias tanto na forma de aproveitamento do medio (sobre todo en canto á súa intensidade) como nas estruturas organizativas que as rexían, pero o que se vai manter é un modelo de produción económica centrado en torno ó val como unidade significativa e á conquista das terras baixas.

En canto á evolución posterior da presenza humana na zona, carécese xa de evidencias importantes para avaliala. Só sabemos que, nun momento inconcreto, se abandona o xacemento de Cortiñas. A presión antrópica sobre o contorno increméntase, e froito disto o lugar convértese progresivamente nunha zona húmida, case hidromorfa, sobre a que se desenvolve unha especie de pequena turfeira. A súa base datouse mediante C-14, co seguinte resultado:

Referencia: Beta 74273

Idade C-14 convencional:  $980 \pm 50$  BP

Idade C-14 calibrada (2 sigma): cal AD 990-1180

Nun principio pensouse que a formación desta turfeira podía ser máis antiga, tal vez próxima á ocupación dalgún dos xacementos; por isto se tomaron mostras para unha análise polínica cunha realización, finalmente e ante a tardía datación, que se desbotou. De feito a formación desta zona húmida indícanos un cambio substancial no uso do solo nesta zona, que por descontado inclúe o abandono definitivo do xacemento, tal vez desde bastante tempo atrás, a xulgar polo amplo volume de sedimento acumulado. En relación con isto hai que situar, moi probablemente, o traspaso da zona de asentamento ó



lugar aberto tradicional que aínda hoxe perdura: a aldea de Laxos. Segundo os datos disponibles este paso habería que situalo nos anos centrais da Alta Idade Media.

## AGRADECIMENTOS

A Isabel Cobas, porque sen ela non habería forma. A Fidel Méndez que, coma o caos, está no comezo.

## BIBLIOGRAFÍA

- Almeida, C. A. Ferreira de, 1983. O castrejo sob dominio romano: a sua transformação, en Pereira Menaut, G. (ed.): *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*. Universidade de Santiago. Santiago: 187-198.
- Amado Reino, X., 1995. Caracterización xeográfica e ditribución do povoamento prehistórico en Galicia. *Actas de la III Reunión Nacional de Geoarqueología* (Santiago, 1995). En prensa.
- Calo Lourido, F., 1994. *A cultura castrexa*. Historia de Galicia, 3. Santiago: A Nosa Terra.
- Carballo Arceo, L. X., 1990. Los castros en la cuenca media del Rio Ulla y sus relaciones con el medio físico. *Trabajos de Prehistoria* 47: 161-199. Madrid: CSIC.
- Cobas Fernández, I., 1997. *Estudio de la cerámica castreña del yacimiento de Alto do Castro (Cuntis, Pontevedra)*. Tese de licenciatura, Inédita. Santiago de Compostela: Facultade de Xeografía e Historia.
- Cobas Fernandez, I. e Parcero Oubiña, C., 1995. *Memoria de los trabajos de excavación en el yacimiento castreño de Alto do Castro (Cuntis, Pontevedra) y sondeos en el yacimiento romano de Cortiñas*. Campaña 1993. Memoria Técnica, inédita, depositada na Dirección Xeral de Patrimonio.
- Collis, J., 1989. *La Edad del Hierro en Europa*. (Ed. original inglesa de 1984). Barcelona: Labor.
- Criado Boado, F., Parcero Oubiña, C. e Villoch Vázquez, V., 1995. Control Arqueológico del Oleoducto Coruña-Vigo. Fase II: Seguimiento de las obras de construcción. *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología* (Vigo, 1993), vol I: 309-16. Vigo: Concello de Vigo, Xunta de Galicia.
- Martins, M., 1988. A arqueología dos castros no Norte de Portugal: balanço e perspectivas de investigação. *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 28, 3-4: 11-35.
- Méndez Fernández, F., 1994. La domesticación del paisaje durante la Edad del Bronce gallego. *Trabajos de Prehistoria*, 51-1: 77-94. Madrid: CSIC.
- Méndez Fernández, F., Parcero Oubiña, C. e Criado Boado F., 1995. Problemática de la Excavación en el Marco del Seguimiento Arqueológico de una Obra de Trazado Lineal. En *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología* (Vigo, 1993), vol. I: 317-22. Vigo: Concello de Vigo, Xunta de Galicia.
- Parcero Oubiña, C., 1995. Elementos para el estudio de los paisajes castreños del Noroeste Peninsular. *Trabajos de Prehistoria*, 52-1: 127-44. Madrid: CSIC.
- Penedo Romero, R. e Rodríguez Puentes E., 1992. La Edad del Hierro: formas concretas del pasado fortificado. En F. Criado Boado (dir.): *Arqueología del paisaje. El área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales: 199-220. Arqueoloxía / Investigación*, 6. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.
- Peña Santos, A. de la, 1992. El primer milenio a.C. en el área gallega: Génesis y desarrollo del mundo castreño a la luz de la arqueología. En M. Almagro Gorbea e G. Ruiz Zapatero (eds.): *Paleoetnología de la Península Ibérica. Actas del Coloquio sobre Etnogénesis de la Península Ibérica* (1989). *Complutum*, 2-3: 373-94. Madrid: Universidad Complutense.
- Ramil Rego, P., 1994. Antropización y evolución del medio vegetal durante la segunda mitad del Holoceno en las sierras septentrionales de Galicia, en F. Jordá Pardo (ed.): *Geoarqueología. Actas de la II Reunión Nacional de Geoarqueología* (Madrid, diciembre 1992): 119-134. Madrid.
- Rey Castiñeira, J., 1993. Cerámica indígena de los castros costeros de la Galicia Occidental: Rías Bajas. Valoración dentro del contexto general de la cultura castreña. *Castrelos*, III-IV: 141-63. Vigo: Museo municipal.
- Rodríguez Fernández, T., 1994. El fin del mundo fortificado y la aparición de las aldeas abiertas. La evidencia del Centro-Oriente de Lugo (Samos y Sarria). *Espacio, Tiempo y Forma*, I (7): 153-89.
- Silva, A. C. Ferreira da, 1986. *A cultura castreja no Noroeste de Portugal*. Paços de Ferreira: Câmara Municipal, Museu Arqueológico da Citânia de Sanfins.



# O XACEMENTO DE CASTROLANDÍN: RECUPERACIÓN A PARTIR DUN TRABALLO SUPERFICIAL

Xurxo M. Ayón Vila

*Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento*

Consejo Superior de Investigaciones Científicas - Xunta de Galicia

## Resumo

Neste capítulo amósase o traballo arqueolóxico desenvolto no marco do proxecto de adecuación do *castro de Castrolandín* (Cuntis). Preséntase a metodoloxía de traballo, os resultados da actuación arqueolóxica e o estado actual de conservación deste xacemento castrexo.

## Palabras Chave

Castro. Limpeza. Posta en valor. Idade do Ferro.

## Abstract

This chapter contains a brief synthesis of the archaeological work developed in the reassessment project of the hillfort named *castro de Castrolandín* (Cuntis). We present the methodology, the results archaeological research and the nowadays archaeological conservation of this site.

## Keywords

Hillfort. Crop. Heritage reassessment. Iron Age.

## INTRODUCCIÓN

O obxectivo do presente capítulo é amosa-lo traballo desenvolvido no marco do proxecto<sup>1</sup> de control arqueolóxico da corta, roza e limpeza do castro de Castrolandín (GA36015009) (Cuntis, Pontevedra) levado a cabo polo Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais (LAFC) da USC. A este respecto, antes de sintetiza-los resultados desta actuación, cómpre salienta-la confluencia dunha serie de factores que afectaron en grande medida ó proxecto inicialmente plantexado:

Por unha banda, as malas condicións meteorolóxicas condicionaron os traballos de limpeza, provocando unha considerable demora nos mesmos. Asemade o retraso da actuación veu dado tamén pola tardanza na contratación da empresa madeireira encargada da tala. Ámbalas dúas circunstancias fixeron que o prazo de realización establecido inicialmente (15 días) se ampliase notablemente.

En relación co punto anterior hai que subliña-la complexidade dos labores de limpeza da grosa capa de ramaxes de piñeiro estradas por todo o xacemento trala tala. O escaso persoal do concello implicado nesta tarefa (tres operarios) non podía facer fronte á actuación nun prazo asequible. Esta situación precaria solventouse coa colaboración da Escola Taller de Cuntis, instancia que intervirá na posterior revexetación e acondicionamento do castro.

Por outra banda, durante o transcurso dos traballos creouse a Fundación Terra Termarum Castrolandín na que se integra a Comunidade de Montes de Castrolandín, o Concello de Cuntis e a Asociación de Amigos dos Castros. Esta institución será o organismo encargado da xestión e posta en valor do castro de Castrolandín, baixo a asesoría e dirección técnica do LAFC da USC.

## ANTECEDENTES

Este proxecto xurdiu do interese dos veciños do concello de Cuntis, constituídos na asociación chamada Amigos dos Castros de Cuntis, pola posta en valor e maila promoción do Patrimonio Arqueolóxico da bisbarra. O labor desenvolvido por esta agrupación local a prol da concienciación cidadá de cara á protección e difusión do coñecemento histórico forneceu un contexto social moi favorable para a presentación de iniciativas vencelladas coa Xestión do Patrimonio neste concello pontevedrés.

Tralos contactos iniciais entre esta asociación e o LAFC da USC, acordouse comezar traballos desta caste coa limpeza e roza do castro de Castrolandín. Esta proposta de actuación veu dada fundamentalmente por dous factores; por unha banda, a colaboración amosada pola Comunidade de Montes (propietaria dos terreos nos



Figura 1: Vista xeral do castro antes da tala. Vista ó E.

que se ubica o castro), e por outra, a monumentalidade do propio xacemento, cunha morfoloxía e emprazamento que o converten nun verdadeiro fito visual na paisaxe da zona.

Nembargantes, a pesares da súa idoneidade para axeitalo como monumento visitable, o castro está cuberto dunha mesta vexetación que impedía a propia visibilización das estruturas artificiais que o conforman. Xa que logo, a roza e limpeza do xacemento presentábase coma o primeiro paso para a súa futura posta en valor.

## XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓNS PREVIAS DO TRABALLO DE CONTROL ARQUEOLÓXICO

### Obxectivos da actuación

O castro atopábase estrado de vexetación herbácea, arbustiva e, sobranceiramente, arbórea (piñeiros, eucaliptos, carballos e castiñeiros) agás no seu cadrante NW. Este condicionamento medioambiental conlevou presentar como un primeiro e fundamental paso a limpeza desta vexetación dentro da zona propiedade da Comunidade de Montes, baixo estrito control arqueolóxico, coa intención de:

- Frear-la alteración do xacemento por bioturbación, producida polo crecemento das raigames das árbores.
- Facer visibles as estruturas do xacemento, para a súa mellor comprensión e coa fin de facilitar hipotéticos traballos arqueolóxicos posteriores.
- Posibilita-la visibilización e tránsito do xacemento, para poder sensibiliza-los veciños da importancia deste elemento senlleiro do seu Patrimonio Arqueolóxico.

Asemade, o control arqueolóxico do desbroce da vexetación ten como finalidade primordial evitar calquera contratempo que poida dana-las estruturas -visibles e soterradas- do castro. A este respecto, o proxecto implementado abrangueu uns obxectivos preventivos moi claros:

<sup>1</sup> Traballo arqueolóxico autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Comunicación Social) segundo Resolución de 22 de agosto de 2000. A entidade promotora foi a Comunidade de Montes de Castrolandín



Figura 2: Vista xeral do castro antes da tala. Vista ó W.

1. Revisar e controla-las cautelas definidas no proxecto previo e que resumiremos máis adiante.
2. Controlar e solucionar a aparición de imprevistos de diversa índole (arqueolóxicos, patrimoniais, técnicos) que puidesen xurdir durante os traballos de roza e limpeza.
3. Evitar e corrixi-la afección sobre os restos materiais novos e/ou coñecidos que conforman o xacemento arqueolóxico de Castrolandín.
4. Soluciona-los problemas prácticos que eses elementos e incidencias presentasen no desenvolvemento normal dos traballos de deforestación.
5. Profundizar no estudio e coñecemento deste xacemento da Idade do Ferro, empregando para unha mellor caracterización e contextualización do mesmo toda a información reunida nos traballos de control arqueolóxico. Trátase, polo tanto, de maximiza-la vertente práctica deste traballo, xerando novo coñecemento dende a investigación aplicada.

### ***Cautelas arqueolóxicas previas***

Alomenos superficialmente non se enxergan estruturas especialmente febles, á marxe dunha canalización pétreo de adscrición incerta. Nembargantes, o desenvolvemento dunha actividade da xorne dunha deforestación implica necesariamente unha serie de riscos potenciais para as estruturas arqueolóxicas que conforman a morfoloxía deste xacemento. Porén, para evitar calquera tipo de afección accidental, directa ou indirecta, sobre o recinto, formulamos no proxecto previo os seguintes criterios e cautelas que deben procurarse para a correcta execución dos traballos sen que estes causen impacto ningún sobre os restos arqueolóxicos conservados.

1. Restrinxir-lo emprego de maquinaria pesada no interior da croa do xacemento, xa que podería alterar posibles restos de estruturas habitacionais soterradas, así como afectar ó sistema defensivo que delimita o recinto central do castro. Alén diso, nesta zona a roza debería realizarse de xeito manual, empregando só máquinas de pequeno tamaño para arrastrar troncos ou evacua-la maleza mediante pequenos tractores.
2. Delimitar como zonas de acceso e saída do interior do xacemento os camiños actualmente xa existentes, xa que a apertura de novos viais ou o desprazamento de maquinaria por zonas non aptas pode ocasionar un grave risco de derrubamentos e arrastres de terra. Neste senso, a circulación de maquinaria pola pista que accede á croa, cortando o parapeto na cara S, terá que limitarse, tendo en conta a posible alteración que poidan sufrir os perfís do parapeto hoxe visibles a ámbolos dous lados da citada pista.
3. Crese conveniente sinalar na cartografía aqueles puntos nos que se ubican estruturas arqueolóxicas artificiais onde cómpre extrema-las precaucións anteriormente sinaladas:
  - Recinto central.
  - Restos de parapeto en superficie
  - Posibles terrazas arqueoloxicamente fértiles.
  - Canalización pétreo, de pequenas dimensións e adscrición incerta, localizada no sector SE do xacemento.
4. Nestas áreas de cautela, aconséllase evita-la caída e arrastre sobre estes elementos do arboredo durante os traballos de desbroce, debendo realizarse éste manualmente. Finalmente, porase especial atención na eliminación dos tocos das árbores taladas, labor que se comezará a posteriori na fase de revexetación mediante a inxección de herbicidas. Deste xeito evítase o emprego de medios mecánicos para



Figura 3: traballos de tala na croa.



Figura 4: Traballos de desbroce no entorno do castro.

arrinca-los tocos, mitigando o risco de alteración do subsolo e consecuentemente das posibles estruturas arqueolóxicas soterradas.

## METODOLOXÍA DE TRABALLO E ORGANIZACIÓN

En consonancia coas consideracións e necesidades resumidas nos parágrafos anteriores formulouse a organización do traballo necesario para realiza-lo control arqueolóxico da deforestación do castro de Castrolandín e mailo seguimento directo dos traballos naquelas zonas nas que, dada a súa relativa potencialidade arqueolóxica, resultaba factible a aparición de evidencias arqueolóxicas en superficie.

### *Organización e desenvolvemento do traballo*

A estratexia de traballo adoptada parte da filosofía xeral que o noso grupo de investigación levou á práctica en proxectos de control arqueolóxico de obras Públicas e Parques Eólicos fundamentalmente. Sen embargo, o Programa de Vixilancia Arqueolóxica desenvolvido en proxectos a grande escala axeitouse a este caso concreto, moi diferente por tratarse dun único xacemento e dunha intervención a pequena escala na que era doado aunar os traballos de seguimento e control arqueolóxico.

#### *Seguimento e control*

O traballo de campo arqueolóxico organizouse de acordo coa secuencia seguida polo programa conxunto da roza e limpeza da vexetación do castro, composto das seguintes intervencións:

1. Corta da vexetación arbórea, e retirada da madeira resultante. Este traballo foi realizado pola propia Comunidade de Montes.
2. Rozado e retirada da restante vexetación, atendendo tamén ás cautelas previstas neste documento, e baixo estricta supervisión arqueolóxica.

3. Revexetación e control da vexetación, mediante o uso de herbicidas e a plantación de especies axeitadas ó biotopo. Esta última actuación permitirá manter no tempo os resultados das actuacións propostas cun custo mínimo.

O seguimento das dúas primeiras fases enfocouse, non só dende unha perspectiva propia da Arqueoloxía Preventiva, senón que procurou acadar un rexistro de toda a información potencial sobre o contexto arqueolóxico do castro. Os ámbitos nos que se recolleu esta información son fundamentalmente:

- Visitas ó xacemento -previas ó desbroce- cos habitantes de Castrolandín, quen forneceron información relevante sobre o uso agrícola e forestal do recinto, a existencia de estruturas soterradas, achádegos, etc...
- Enquisa etnográfica á xente de meirande idade de Castrolandín; esta actuación aportou referencias orais sobre o universo lendario que rodea o castro dende a perspectiva da sociedade tradicional galega.
- Desbroce do manto vexetal.

Esta documentación resultou imprescindible para iniciar unha correcta valoración e contextualización arqueolóxica de cada zona do castro. A información foi recollida no campo polo equipo de seguimento mediante un sistema que inclúe:

- Información cartográfica.
- Fichas de información arqueolóxica que abranguen un amplo conxunto de datos interrelacionados cos contextos arqueolóxico e paisaxístico.
- Fotografía dixital e vídeo.
- Diario.

#### *Traballos de propósito xeral e de gabinete*

Este tipo de traballos implicaron a coordinación xeral da información recuperada, coa fin de sistematizar e informatiza-los datos recollidos no campo, así como valorar continuamente tódalas incidencias que ocorreron durante o traballo para propor solucións ós problemas que se presentaron. A coordinación xeral supuxo mante-la información entre as instancias implicadas, é dicir, equipo de seguimento, empresa constructora e Administración de Patrimonio.

Finalmente, o traballo de gabinete incluíu un exhaustivo baleirado bibliográfico así como a consulta dos ficheiros arqueolóxicos do Museo de Pontevedra, para así recabar toda a información existente sobre o xacemento obxecto de estudo.



## TRABALLO REALIZADO E RESULTADOS

A continuación subliñanse os resultados dos traballos de control arqueolóxico durante os traballos de roza e limpeza do castro de Castrolandín. Este apartado organízase en dous bloques. No primeiro enuméranse de xeito breve as actividades encetadas polo equipo de control arqueolóxico durante o transcurso dos traballos. No segundo indícanse as incidencias arqueolóxicas e mailos elementos arqueolóxicos documentados.

### *Síntese do traballo realizado*

Unha vez notificado ó equipo arqueolóxico o comezo inminente dos traballos, procedeuse a unha revisión do seu impacto arqueolóxico potencial sobre o xacemento. Esta actuación consistiu fundamentalmente na inspección do recinto, coa identificación daquelas zonas máis problemáticas de cara a unha posible afección durante a fase de obra.

Para unha boa caracterización do xacemento procedeuse á toma de coordenadas GPS de tódalas estruturas de natureza visible e monumental que conforman o castro, co gallo de acadar unha planimetría do xacemento de certa exactitude e, deste xeito, ubicar e referenciar correctamente na cartografía as incidencias arqueolóxicas que tivesen lugar.

O segundo paso previo dos traballos de corta e roza foi o establecemento dunha serie de cautelas -consensuadas coa Mancomunidade de Montes de Castrolandín- que guiaron os criterios de actuación seguidos polo persoal implicado no proxecto.

As actividades desenvoltas durante os traballos de control foron as seguintes:

1. Nova revisión do impacto arqueolóxico da roza e limpeza sobre o xacemento.
2. Prospección superficial intensiva das áreas desbrozadas.
3. Inspección sistemática dos perfís e estruturas artificiais anteriormente cubertas pola mesta vexetación.
4. Enquisa etnográfica ós habitantes de Castrolandín.
5. Documentación exhaustiva de tódolos elementos documentados durante as fases de traballo enumeradas anteriormente.
6. Coordinación dos traballos de corta e roza con tódalas instancias implicadas: empresa madeireira e Mancomunidade de Montes de Castrolandín (corta), e mailo persoal operario do Concello de Cuntis (limpeza e roza).
7. Visita ó xacemento coa bióloga consultada para a elaboración do proxecto de revexetación.

### *Incidencias arqueolóxicas detectadas*

A corta e roza da vexetación que cubría o xacemento permitiu documentar-lo estado de conservación real do castro. Antes destes traballos as principais afeccións coñecidas eran as seguintes:

- O corte, pola construción dunha pista, de posibles estruturas defensivas periféricas (posible foxo e parapeto) ó NE do xacemento.
- O corte do parapeto da croa ata a súa base, e colmatación do tramo de foxo inmediato pola pista que actualmente dá acceso ó interior da croa.

A deforestación do xacemento permitiu constata-la utilización como canteira natural da meirande parte dos afloramentos rochosos de natureza granítica que inzan o recinto e os seus aledaños. Deste xeito, estes penedos fornecerían a materia prima pétrea para a construción das edificacións tradicionais da propia aldea de Castrolandín, como así o amosan as cuñas que afuracan algunha destas laxes. No tocante a este tema chegaronnos referencias por parte dos veciños sobre a existencia dunha ricaz veta de walfam no castro que incluso fora explotada nos anos 40 co gallo das necesidades bélicas alemáns na II Guerra Mundial.



Figura 5: Pista de acceso á croa, cortando o parapeto. Vista NW.



Figura 6: Probable sondaxe na croa. Detalle.

Asemade documentáronse tres buracos no recinto da croa que polas súas características formais parecen corresponder con sondaxes arqueolóxicas. De feito os veciños lembran que viñeran de Pontevedra a facelas haberá 15 ou 20 anos. Polo de agora descoñecemos se son o produto dunha actuación furtiva ou se son realmente sondaxes arqueolóxicas.

Finalmente cómpre salientar que durante os traballos non se rexistrou ningunha afección sobre o xacemento, sendo garantida en todo momento a súa preservación.

### ***Elementos arqueolóxicos documentados***

O control arqueolóxico da roza e limpeza de Castrolandín deu como resultado a localización de dous puntos de aparición de restos arqueolóxicos e dúas estruturas arqueolóxicas. A información arqueolóxica dispoñible deica o momento era en grandes trazos a subministrada en 1993 pola avaliación e seguimento arqueolóxico do Oleoducto Coruña Vigo. Esta conducción lineal bordeou o contorno inmediato do xacemento sen que se localizase ningunha estrutura nin elemento arqueolóxico vencellado ó castro<sup>2</sup>.

Polo tanto, estes novos achádegos conlevaron a actualización da información referida a este xacemento e consecuentemente a unha mellor caracterización e definición do mesmo.

### ***PU000905J01-CM000905J01***

O punto sitúase na explanada artificial que conforma o recinto principal do xacemento, concretamente no inicio da subida a un pequeno promontorio con algúns afloramentos rochosos situado na cara NW da croa. Nel atopouse en superficie un conxunto de 10 fragmentos de cerámica lisa, moi rodados e deteriorados. Esta circunstancia impide facer unha valoración certa destes materiais. Malia diso, a súa factura e características formais permiten encadralos no período castrexo.

Neste punto xa se tiñan localizado anteriormente restos cerámicos con decoración; segundo as referenciais orais aportadas por membros da Sociedade de Amigos dos Castros de Cuntis estas pezas presentaban uns motivos ornamentais que permiten encadralos na fase final da IIª Idade do Ferro<sup>3</sup>. Porén, estes achádegos fornecen información sobre un posible período ocupacional do xacemento nesa etapa.

### ***PU000905J02-ES000905J01***

O punto ubícase nunha pequena terraza aterraplenada que se estende ó pé da ladeira E do parapeto da croa, precedendo ó foxo que remata o sistema defensivo do castro. Neste punto localizouse (gracias á enquisa etnográfica) unha estrutura granítica de funcionalidade e adscripción cronocultural indeterminadas que, morfoloxicamente, se asemella a unha canle de pedra delimitada por dúas laxes de granito. Polo de agora non se pode apreixar se é unha estrutura escavada directamente sobre a rocha ou se as laxes foron trasladadas e fincadas na súa posición actual. Polas súas características morfolóxicas podería ter servido de depósito de auga, de canle ou mesmo de sartego escavado na rocha.



Figura 7: Ubicación da estrutura pétreá ó pé do parapeto. Vista ó W.



Figura 8: Detalle da estrutura. Vista ó S.

<sup>2</sup> C. Porcero Ubiña (1995): *Estructuras en el entorno de castros: elementos para el estudio de los paisajes castreños*. Traballo de Investigación de terceiro Ciclo. USC. Inédito. pp. 49-50.

<sup>3</sup> Estes fragmentos cerámicos, recuperados con anterioridade á roza do xacemento de Castrolandín, adscribíense claramente á 2ª Idade do Ferro e comparten os mesmos motivos estilísticos e patróns formais que os exhumados no veciño castro de Laxos, tamén coñecido como Alto do Castro. Véxase Mª I. Cobas Fernández (1997): *Estudio de la cerámica castreña del yacimiento de Alto do Castro (Cuntis, Pontevedra)*. Tese de Licenciatura. USC. Inédito.

Igual que carecemos de datos suficientes para achegar unha certa interpretación da súa funcionalidade, o mesmo acontece coa súa posible datación. Creemos que é descartable unha factura contemporánea; de feito, a pesar de estar cuberta de vexetación, esta estrutura era coñecida xa dende antano polos habitantes de Castrolandín, que a vencellaban directamente co castro (era a entrada que tiñan os mouros para adentro do castro). A este respecto podería haber unha relación de sincronía entre a estrutura e o castro, mais esta hipótese só pode ser contrastada mediante unha sondaxe arqueolóxica no seu contorno inmediato.

#### PU001026J01-CM001026J01

Na aba occidental do castro, atopamos a meta dun muíño circular xiratorio servindo como marco no muro de peche dunha parcela. Obviamente trátase dun elemento arqueolóxico reutilizado que non se localiza *in situ*. A súa factura é tipicamente castrexa e moi semellante á doutros muíños atopados en recintos castrexos -ou tamén reutilizados- da bisbarra e que se atopan expostos na Biblioteca Municipal. Non obstante a posible cronoloxía deste tipo de artefactos segue a ser un interrogante na actualidade xa que se manexan dúas hipóteses; por unha banda, considérase un produto da romanización e por outra preséntase coma un elemento da cultura material indíxena datable na fase final da IIª Idade do Ferro. Como acontece no caso dos restos cerámicos, este achádego amosa que o castro estivo ocupado alomenos nun período entre o Ferro II e a etapa indíxeno-romana.

Sexa como for, esta peza-elemento común na cultura material exhumada nos castros galegos- aporta datos senlleiros sobre o patrón de subsistencia e a economía doméstica desenvolta na Protohistoria. Aínda que non se atopa completo, a peza do muíño recuperada presenta un bo estado de conservación, o que favorece a súa musealización.



Figura 9: Detalle da meta do muíño.



Figura 10: Traslado do muíño atopado na aba W do castro.

#### PU001220J01-ES001220J01

Trátase dunha pequena cruz inscrita sobre un afloramento rochoso de pequenas dimensións, bastante erosionado. O gravado presenta un suco de escasa profundidade, circunstancia que o fai a penas perceptible. A súa factura, así como o motivo decorativo, permiten adscribi-lo hipoteticamente a época histórica. Neste senso, o feito de que a croa do xacemento fose utilizada como espazo simbólico pola sociedade tradicional para desenvolver cerimonias festivas de carácter ritual como é o San Xoán, podería indicarnos que esta cruz gravada sería unha proba material dun proceso de cristianización do antigo asentamento. Con todo, tamén cabe a posibilidade, máis plausible, de que sexa un gravado de época máis recente, moderna ou contemporánea, malia a escasa profundidade do suco.



Figura 11: Detalle do cruciforme gravado.



### *Datos etnográficos*

A enquisa etnográfica levada a cabo durante o traballo de campo demostrou a pervivencia de numerosas lendas e tradicións vencelladas co xacemento castrexo de Castrolandín. Este fenómeno contrasta co acelerado proceso de desartellamento do imaxinario popular e do modo de vida tradicional que se está a vivir no noso país, polo que se fai necesario encetar un labor de rexistro destas lendas que aínda perduran na bisbarra de Cuntis.

O castro de Castrolandín pode ser considerado como un espazo simbólico dentro da paisaxe cultural da zona, como así o amosan as referencias orais recollidas na zona:

"Dende os castros de Casterrandín, ós castelos de Meira, a fonte do Facundo, as maravillas do mundo".



Figura 12: Vista da croa trala tala. Vista ó SE.

"A señora Manuela viu unha galiña con pitos de ouro, camiño do muíño do Cadabuxo"

"Por moito que chova, na Chan do Castro nunca empoza a auga, debe meterse nalgunha parte"

"No castro hai un pote cheo de ouro"

"O Castro é oco por dentro"

"Hai unha porta soterrada de ouro, grande coma a porta da igrexa"

"Hai unha galería que atravesa o castro de lado a lado"

"Dicían que había unha mina e que de aí saía unha serpe voadora bufando"

"Hai unhas campás de ouro soterradas no lugar das Campaíñas, perto do castro"

"Os vellos do lugar contaban que o castro era oco por dentro e que se escoitaban ruidos por dentro"

"O castelo de San Xoán prendíase enriba, na croa, e despois acendíanse unhas piñas dispostas todo en derredor da croa do castro"

"No San Xoán xuntábase moito toxo coa aportación de cada veciño, que poñían na porta da súas casas o seu, de tal xeito que quen non o poñía non tiña dereito a acudir a festa"

"Na noite de San Xoán a xente subía polo camiño das cabras e arriba facíase un morico pequeno e outro grande de toxos... primeiro, antes de que os de Campo acendesen a súa fogueira, prendíase lume ó morico pequeno, de tal xeito que, mentres os de Campo prendían despois a deles fachendeándose de ser a máis grande, os de Castrolandín prendían entón os seus moricos grandes de toxo, rindo de últimos sobre os de Campo"



Figura 13: Vista da croa trala tala. Vista ó NW.

## BALANCE PROVISIONAL

Os datos aportados polo control arqueolóxico da roza e limpeza do castro de Castrolandín permiten facer unha serie de consideracións sobre este xacemento arqueolóxico.

En primeiro lugar, a corta esclareceu as características morfolóxicas do castro. Dispónse arredor dunha croa de forma oval, que se estende en sentido NW-SE, delimitada por un parapeto de dimensións medias (arredor dos 5 m de altura), máis pronunciado pola vertente oriental. Este parapeto é practicamente perimetral, agás no lado occidental onde desaparece reemprazado pola propia pendente natural. A limpeza da vexetación deixou ó descuberto un pequeno derrubo de pedras quizais pertencentes a un posible paramento murario que conformaría o entramado interno desta muralla térrea. Asemade documéntanse unhas pequenas laxes de granito fincadas liñalmente a xeito de marcos no cumio do parapeto, no cadrante N-NE.

Na cara E do castro, a de menor defensibilidade natural, concéntranse o sistema defensivo do xacemento, formado por unha dobre liña de parapetos que preceden a un foso, actualmente colmatado. Éste á súa vez, aparece delimitado polo terraplén dunha terraza que se estende polo lado NE-SE, sen que pareza que forme parte da morfoloxía orixinal do xacemento. Cara o N, o sistema defensivo alterouse recentemente polo corte efectuado como consecuencia da apertura dunha pista. Outro camiño cortou tamén o parapeto da croa na súa cara meridional.

A única estrutura visible en superficie redúcese a unha construción de funcionalidade incerta, semellante a unha canalización pétreo, situada ós pés do parapeto da croa, na cara oriental do xacemento. Asemade, no cumio do pequeno promontorio que coroa o N da croa, obsérvase unha especie de alxibe escavado na rocha, que podería se-lo resultado dos traballos de cantería levados a cabo tradicionalmente polos habitantes da aldea de Castrolandín.

Como se vén subliñar, o castro ten sufrido graves alteracións (apertura de pistas, actividades extractivas, posibles escavacións furtivas); aínda así conserva intacta a meirande parte do sistema defensivo do castro, así como o conxunto do recinto habitacional. Ademais, a súa monumentalidade, localización e condicións de visibilidade e visibilización, convérteno nun fito visual na paisaxe cultural da zona, sendo un dos exemplos máis representativos dentro do conxunto de xacementos da Idade do Ferro situados no val do río Gallo e na bisbarra de Cuntis.



Figura 14: Detalle do posible derrubo na muralla da croa. Vista ó E.



Figura 15: Vista das pequenas laxes fincadas no parapeto. Vista ó N.

A este respecto cremos que a intervención arqueolóxica branda desenvolta no castro de Castrolandín fixo posible a recuperación deste monumento senlleiro, servindo de base para un proxecto que recupere este xacemento como espacio social e cultural da comunidade local.




Figura 16: Levantamento planimétrico con GPS do xacemento de Castrolandín.




Figura 17: Área de actuación prioritaria do proxecto de limpeza e roza do castro de Castrolandín.






Figura 18: Comparativa de diferentes zonas do castro antes e despois da tala.



## O IMPACTO DA ROMANIZACIÓN NA COMARCA

Lorena Vidal Caeiro

*Asociación de Amigos dos Castros*

Fundación Terra Termarum

*Ós meus avós, por nacer en Cuntis (Mesego), por me facer querer este lugar; e sobre todo, por seren como son.*

### Resumo

Neste capítulo revisaranse varias cuestións relacionadas coa historia romana en Cuntis. Por unha banda, as diferencias existentes entre termas e balnearios, a fin de determinar qué tipo de edificio relacionado coas augas se atopa no noso pobo. Nun segundo apartado, realizarase unha recopilación historiográfica sobre a documentación antiga dos distintos restos e estruturas romanas que foron emerxendo nesta terras. En terceiro lugar revisarase e controlarse o rexistro arqueolóxico. Finalmente plantexouse un vello debate; o da localización da mansión romana *Aquis Celenis*.

### Palabras Chave

Romanización. Terma. Balneario. Culto ás Augas. *Aquis Celenis*

### Abstract

This chapter reviews different questions relating the Roman times history in Cuntis. On one hand, the differences between baths and spa are discussed, in order to determine what kind of water-related building is the one built and used in Roman Cuntis. On the second hand, a historiographical compilation of ancient documents concerning the existence of Roman remains in this area is also made. Finally, the archeological record is also reviewed. The aim of this whole discussion is to contribute to the debate on the location of the Roman mansio of *Aqui Celenis*.

### Keywords

Romanization. Baths. Spa. Water Cults. *Aquis Celenis*

## INTRODUCCIÓN: O NOSO LEGADO ROMANO

A todos nós resúltanos suxectivo contempla-los logros romanos. Primeiro polo valor propio das ideas que asumiu das culturas de Oriente e do Helenismo e que nos transmitiu engadindo non poucas achegas orixinais. En segundo lugar por se-la máis directa inspiradora do particular devir histórico Occidental, ó que lle transmitiu lingua, relixión, estruturas urbanas e familiares, réxime de propiedade, e en xeral o ordenamento xurídico e un xeito de entende-la vida e a cultura. É evidente que Roma non alcanzou a floreciente cultura que enchera de gloria a civilización grega. Cun certo desprezo cara á ciencia xa que nunca foi do gusto romano, inclinado a busca-lo útil-, ó afondar na filosofía pura, na teoría política ou na especulación matemática, a civilización romana centrou a súa atención na ciencia aplicada. O resultado témoloo diante dos nosos ollos: calzadas, pontes, construcións termiais e balneares, acueductos... Afortunadamente existen numerosos vestixios daquelas marabillosas obras de enxeñería. En Cuntis conserváronse algúns restos do que puido ser ou foi un balneario ou terma romana. Tamén hai novas da existencia dunha calzada, unha ponte (destruída en 1905), e algunha outra pegada desta floreciente época.

Por todos é coñecida a gran riqueza arqueolóxica que conteñen as terras cuntienses. A abundante presenza de petroglifos e castros preludian o que despois será unha importante ocupación romana que deixou unha grande impronta nestas terras. Sen embargo, a cuestión da presenza da romanización en Cuntis, aínda que indiscutible, e a identificación desta vila coa *Mansión Aquis Celenis* do *Itinerario Antonino*, levou, por parte dos estudiosos do tema, a interesantes conclusións que trataremos de resumir neste breve capítulo sobre a nosa historia.

Precisamente foi o descubrimento de achádegos, relacionados cunhas importantes construcións termiais ou balneares aparecidas no centro da vila, os que indicaron para moitos a cuestión de que Cuntis fora a *Aquis Celenis* dos textos antigos, aquela mansión que moitos sitúan na *Vía XIX* e en Caldas de Reis, vila tamén cunha importante mostra arqueolóxica romana. Sen embargo, e aínda que o obxecto deste capítulo non é discutir nin pescudar nesta cuestión, será tamén tratado brevemente.

De que Cuntis fora no pasado un lugar preferente para o asentamento romano e unha importante vila, non cabe ningunha dúbida. Disto quedou constancia a través dos

numerosos restos que actualmente continúan a aparecer neste concello; sen ir máis lonxe o derradeiro achádego produciuse o pasado mes de Marzo nunha entulleira e onde de maneira totalmente casual apareceron un conxunto de restos romanos formados por unha basa de granito, varios muíños de man e unha ara de considerables dimensións.

Sen embargo, a información que temos sobre a ocupación romana deste concello, é moi escasa; a maior parte da produción historiográfica existente data do século XIX e moi pouca do século XX. Será tamén neste capítulo no que trataremos de resumir toda esta bibliografía para poder obter unha visión global do paso dos romanos polas nosas terras.

Aínda que os restos do Balneario, no que a infraestrutura e edificio construído se refire, foron e son cuestionados por moitos, os achádegos ou restos arqueolóxicos romanos encontrados neste concello apuntan cara á existencia dun establecemento balnear de considerables dimensións. A través deste capítulo trataranse de por de manifesto todos aqueles datos que apuntan cara á existencia dun balneario de época romana destas características e a identificación desta vila cunha das mansións da *Vía XIX* do *Itinerario Antonino*.

## UNHA PRIMEIRA APROXIMACIÓN

## BALNEARIOS E TERMAS

Unha frase que encabeza perfectamente o que se intentará contar ó longo deste capítulo, pertence a Gloria Mora e di: "*La costumbre del baño público es un aspecto de la vida romana que acabó imponiéndose en los países conquistados, formando parte del bagaje de la romanización...*" (Mora, 1981). En efecto o costume do baño público atribuíuse desde sempre á presenza dos romanos, que o adoptaran dos gregos. Sen embargo, esta cuestión nos últimos anos deu lugar a unha serie de discusións e novas interpretacións sobre as construcións castrexas coñecidas como "Pedras Formosas"<sup>1</sup> que aparecen en Galicia, Portugal e Asturias. Sempre se creu que estes edificios eran un lugar destinado a fins funerarios, uso crematorio e en relación coa incineración de cadáveres, entre outras moitas hipóteses xa descartadas. Sen embargo, actualmente a comunidade científica aceptou que estes edificios son o precedente das Termas romanas. Trátase de edificios identificados co uso termal, a modo de saunas ou baños. A súa estrutura,

<sup>1</sup> As "Pedras Formosas" son pedras de grandes dimensións, parcial ou totalmente decoradas, cunha apertura en semicírculo na súa parte inferior e rematadas a dúas augas. Chamáronse así porque a primeira que apareceu, en Briteiros-Portugal estaba moi decorada e por asimilación o resto adquiriron este nome. Estas encóntranse no interior dunhas construcións castrexas formando parede e dividindo dúas estancias. A súa decoración encóntrase por unha das súas caras, o que nos indica que se realizaron para se veren tan só por unha das partes e desde o interior da construción. Tódalas encontradas ata o de agora posúen unhas características moi similares en canto a forma, tipo de encaixe no muro, orificio de entrada con forma semicircular na súa base... A súa función reside na separación de dúas estancias dos monumentos con forno. A ámbolos dous lados das mesmas aparecen unhas asas realizadas en pedra para facilito-lo tránsito dunha sala a outra. Forman parte das construcións coñecidas como monumentos con forno ou saunas castrexas. Actualmente comprobouse que este tipo de construcións responden a un antecedente directo das termas romanas coa función de sauna.

aínda que moi simple, supón o precedente directo dos edificios de baños de época romana, xa que están formados polas salas indispensables para poder falar dunha construción destas características: un espazo aberto cun pequeno estanque que dá paso a unha estancia pechada pola Pedra Formosa, un espazo cerrado cun único lugar de acceso, a través deste elemento Forno, complexo indispensable en edificios de carácter termal e que xeraría calor para toda a construción. Polo tanto a súa disposición recorda a típica e máis elemental estrutura das termas romanas, formadas por *frigidarium* (sala de auga fría), *caldarium* (sala de auga quente) e *tepidarium* (sala de auga morna) ademais do *Forno* que xera calor.

Unha cuestión interesante para o estudo do asentamento romano en Cuntis, é definir e aclarar en primeiro lugar, a diferenza que existe entre unha Terma e un Balneario de produción romanos. Os dous edificios están relacionados directamente coas augas, pero a súa función e significado é distinto. En primeiro lugar débese realizar unha pequena diferenza entre a utilización do termo *Thermae* e o de *Balnea*. O primeiro aparece polo xeral na epigrafía, mentres que o segundo se documenta nos textos e é preferiblemente utilizable, segundo algúns autores, para referirse a baños privados. Por suposto pódense utilizar indistintamente e polo tanto o uso dun ou doutro é aleatorio.

As *termas romanas* son algo máis ca un simple lugar de baño, son un lugar de encontro, de reunión, e convértese en verdadeiros centros culturais mostrando unha íntima convivencia entre hixiene e socialización.

Xa se sinalou que a súa orixe histórica hai que buscala entre os precedentes do mundo grego, sen embargo, é no mundo latino onde se producirá o seu máximo desenvolvemento.

En grandes trazos, nunhas termas pódense distinguir basicamente as seguintes estancias: unha sala e piscina fría, unha habitación lixeiramente quente (quecida normalmente de forma indirecta desde o *Caldarium*), e o *Caldarium*, quecido mediante *Hypocaustum*. *A partir do ano 80 a.C. o sistema de Hypocaustum estará xa consolidado en áreas como a pompeiana (pódese ver perfectamente esta evolución da construción republicana á imperial nas termas Stabianas de Pompeya). Roma incorpórase máis tarde a estes sistemas. Sabemos que existían baños privados pero non será ata época de Agripa, no s.I a.C., cando se constrúan as primeiras termas propiamente entendidas como baños públicos.*

Hai características comúns en relación coa función que desempeñan, pero non hai termas iguais na forma, é dicir, os modelos non se repiten de xeito idéntico. Hai unha adecuación á realidade social do lugar no que se asentán, o que se reflicte no patrón arquitectónico de cada edificio concreto. Poderíamos facer unha clasificación simplificada destes edificios:

- Termas urbanas públicas.

- Termas urbanas privadas, denominadas frecuentemente *Balnea*.

- Termas rurais, de grandes *Vicis* nun contorno rural ou de Vilas.

Os elementos comúns da arquitectura destes establecementos determina que poidamos falar de tres salas constituíntes fundamentais, *frigidarium*, *tepidarium* e *caldarium* das que se vai falar máis adiante con maior detalle. Poderán ademais adoptar a maiores outro tipo de estancias como, por exemplo, o *Apoditerium*, lugar de recepción, normalmente sala fría, onde se deixan as roupas e que pode ter ou non a importancia e envergadura das outras estancias, pode ter nichos ou fornells para garda-las vestimentas, bancos, etc.; outro exemplo é a *Sudatio* ou sala de vapores; estancias dedicadas á unción dos aceites; lugares abertos para facer exercicio incluso cunha piscina ó aire libre,...

Os ambientes ou habitacións principais e básicos dunhas termas son: o *frigidarium*, *tepidarium* e *caldarium*, que deben ser colocados de forma sucesiva e relacionados entre si.

· O *frigidarium* é unha habitación de forma normalmente rectangular, de grandes dimensións, abovedada, con grandes ventanais con estatuas honoríficas, con mosaicos,... e que nos seus laterais unha ou dúas piscinas de auga fría, polo que, sempre ten un sistema de traída de auga e outro de desaugue para que exista renovación constante de auga. Estas piscinas, adoitan ter arredor dun metro de profundidade.

· O *tepidarium* pode ter distintas formas. Adoita ser rectangular dotado dun *Labrum* ou fonte para ablucións manuais e pódese quecer directamente por un *Praefurnium* propio ou de forma indirecta desde o *Caldarium*. Algúns poden ter *Alvei* ou piscina.

· A habitación máis importante é o *Caldarium*. Adoita ter algunha forma peculiar, a máis común a rectangular rematada en ábsidas nas que se sitúan os *Alvei* (bañeiras de submersión, sen entrada nin saída de auga; éñchense mediante caldeiros ou por canalizacións de chumbo procedentes das caldeiras colocadas sobre o *Praefurnium* nas que se quenta a auga, e baléiranse por evaporación, pola auga que derraman e arrastran os bañistas ou por simple baleirado rutineira de limpeza). Moitas destas bañeiras poden ter na parte da cabeceira unha pequena oquedade ou unha especie de andel ou similar para deposita-las roupas.

O sistema de *Hypocaustum* aparece por primeira vez documentado no Golfo de Campania. Parece ser que, en orixe, a través dun sistema natural de augas cálidas realízanse unhas canalizacións que dirixen a auga a unhas bañeiras. Este sistema supón o quecemento dunhas estancias mediante o inicial quecemento dunha habitación

inferior sobre a que se sitúa outra que vai se-la que se pretenda quentar para disfrute dos bañistas. Cando o sistema se perfeccione ademais de ascende-la calor desde o chan ou *Suspensura* vaino facer tamén a través das paredes laterais. Constará dunha habitación na que se sitúa o fogar ou forno, o *Praefurnium*, que pode ser pechado, aberto ou ser simplemente un patio ou *Proprigeum*. O *Praefurnium* é propiamente o espacio onde se fai o lume. A calor distribúese pola estancia inferior e ascende á superior. Sobre o *Praefurnium* colócanse as caldeiras que quentan a auga dos *Alvei*. O chan desta estancia inferior recibe o nome de *Area*; Vitrubio di que debe estar lixeiramente inclinada cara ó *Praefurnium* para que circule mellor a calor, cousa que por outra banda practicamente nunca se cumpre. Sobre a *Area* aséntanse piares ou arquiños sobre os que se coloca o chan da estancia superior ou *Suspensura*, formado por ladrillo ou ímbrices e unha capa de firme ás veces con mosaico.

Existen distintos xeitos de coloca-los piares do *Hypocaustum* (alineados, en forma radial) e existen igualmente distintos tipos de columnas-piares en canto á forma, os materiais e a súa disposición. Os ladrillos utilizados na construción destes piares termais adoitan ser dun tipo específico que non se emprega noutras construcións. Pero, ademais, quéntanse as paredes. Isto lévase a cabo mediante a construción dunhas paredes con cámara denominadas *Concamerations* que se poden realizar de tres formas: mediante as *tegulae mammatae*, os *tubuli latericii* ou os *sistemas de caravillas*. Calquera dos tres permite a circulación do aire en distintas direccións. Tamén se poden utilizar ladrillos colocados en distintas posicións para forma-la cámara. A cheminea ou tiro principal situarase o máis apartada posible do *Praefurnium* para potencia-la boa circulación desta corrente de aire quente.

En resumo pódese afirmar que as *Termas* son aqueles edificios relacionados coas augas pero dedicados a fins hixiénicos e lúdicos, son polo tanto lugares de reunión. Sen embargo, os *Balnearios* son aqueles edificios nos que manan augas con propiedades salúíferas ou medicinais e onde a xente acode co fin de curar algunha enfermidade. Establecendo esta diferenciación, só falta agora tratar de averiguar a qué tipo de edificio romano pertencen os restos encontrados en Cuntis.

Segundo Díez de Velasco (Díez de Velasco, F. 1985) as **Termas** xa privadas ou públicas, son aqueles lugares onde se desenvolve a práctica hixiénica cotiá da poboación. Abasteciáanse de calquera tipo de auga e caracterizábanse polo depurado do procedemento de quecer tanto a auga como as augas dedicadas ó baño quente e intermedio. Para isto requeríanse unha serie de salas indispensables como o *hipocaustum* (por el circulaba a calor que morneaba as salas) e o *praefurnia* (os fornos); estrutura que xa se definiu con anterioridade.

O **Balneario** pola súa parte tiña unha finalidade curativa. Abasteciáse de augas que contiñan propiedades curativas ou medicinais e polo xeral sen procedemento de

quentar xa que a propia terra actuaba como un *hipocaustum* e así a auga non perdía as súas propiedades medicinais por non se quecer de forma artificial. É necesario sinalar que as propiedades curativas non só se lle atribuían á auga que manaba nestes edificios, senón tamén a unha serie de divindades que moraban nestes mananciais.

Os establecementos termais aparecen repartidos por todo o Imperio; cada cidade tiña un ou varios edificios de baños públicos cunha maior ou menor magnificencia que dependía da riqueza dos seus habitantes. Como se sabe, as termas constituían unha parte moi importante da vida social romana, aínda que a súa importancia tamén residía no aproveitamento de mananciais de propiedades curativas ou terapéuticas. Un factor a ter en conta é que a maioría dos balnearios actuais aséntanse sobre construcións balnearias romanas. Por outra parte a pervivencia de balnearios actuais pode responder, en moitos casos, a unha pervivencia no aproveitamento das augas termais.

Segundo Díez de Velasco (Díez de Velasco, 1985), as cidades con fontes termais e balnearios denominábanse *AQUAE*, o que demostra a importancia que tiña o termalismo na antigüidade xa que definía o trazo principal dunha cidade. Polo tanto o balneario tiña unha significación propia entre os romanos, aínda que a técnica constructiva non difire polo xeral da das termas hixiénicas.

## O Culto ás Augas

Como xa se comentou na *Introducción*, as novas sobre os restos encontrados en Cuntis pertencen fundamentalmente ó século XIX, sendo moi escasas as do século XX. A confusión en canto á interpretación dos achádegos encontrados e a escasa e contradictoria información sobre os mesmos, contribúen a dificultar-la tarefa da valoración e importancia dos mesmos na actualidade. Unha vez revisadas as diferencias existentes entre as Termas e os Balnearios, podemos indicar que os restos encontrados en Cuntis poden se-los restos arquitectónicos dun antigo Balneario romano. Esta valoración baséase fundamentalmente nunha serie de cuestións que pouco a pouco serán revisadas a partir da historiografía ou produción bibliográfica existente sobre Cuntis.

Entre os restos romanos encontrados en Cuntis, contamos con tres aras romanas, dúas delas dedicadas ás Ninfas e a outra (encontrada en Marzo deste mesmo ano) en proceso de estudio. Ademais apareceron restos de elementos arquitectónicos, como molduras e basas de columnas, ademais dun gran número de muíños de man. Sen embargo, un dos achádegos máis interesantes é a aparición, o século pasado, dun conxunto de 500 moedas romanas. Isto xunto das aras dedicadas ás Ninfas a favor das augas, fai que a hipótese de que nos encontremos ante un Balneario, máis ca ante unha Terma de produción romana, sexa corroborada.



O culto das augas<sup>2</sup> é un fenómeno que tivo importancia tanto en época romana como en época indíxena, enténdase por isto antes da chegada dos romanos. En todo isto xoga un papel moi importante o sincretismo. En Hispania documéntase, coma no resto do Imperio romano, un forte sincretismo relixioso entre os deuses indíxenas e romanos ou cos das relixións mistéricas. O deus indíxena asóciase co romano cando parece te-lo mesmo carácter ou función (Menéndez Pidal, 1982). Ademais o sincretismo na Hispania Antiga presenta dous aspectos que convén diferenciar: dunha parte o sincretismo establecido polos autores grecorromanos (que encontran puntos de semellanza entre os seus deuses e as divindades hispanas); e por outra parte o sincretismo efectuado polos propios devotos (Blázquez, J. M., 1999). Realizado este pequeno comentario pódese entender dun xeito máis claro a asimilación de certas divindades por parte dunha cultura diferente da existente na Península Ibérica, e no noso caso concreto en Gallaecia, antes de que chegaran os romanos.

Sen embargo, segundo algúns autores (Tranoy; Díez de Velasco 1985) o culto ás Ninfas foi un intento romano por facer desaparecer-los deuses indíxenas e unifica-la vida relixiosa. As Ninfas son divindades concretas facilmente aceptables polos pobos prerromanos a quen se intenta facer asumir novos deuses. Polo tanto o culto ás ninfas preséntase como unha solución intermedia entre os romanos que achegan novas divindades, neste caso relacionadas coa saúde, e os indíxenas entre os que estaba moi arraigado o culto das augas con propiedades curativas.

Díez de Velasco (Díez de Velasco, 1985) ofrece unha definición sobre os poderes curativos destas augas medicinais. A auga termal posuía unha potencialidade sagrada extraordinaria. A razón para isto é que nela aunábase a forza da terra (*no seu seo enriquecese antes de xurdir á superficie como un regalo*) coa forza do ceo (*de onde provén a calor que a caracteriza*). Os mananciais eran sagrados e estaban poboados por seres cun ritmo de vida diferente do humano, pero non por isto menos real.

Polo tanto na curación termal interviña o mecanismo detonante da fe: era o deus da Fonte Termal o que proporcionaba a melloría; nun principio interveñen as crenzas da poboación indíxena para despois ser "absorbidas" polas crenzas romanas que sincretizan ambas divindades nas Ninfas. É necesario precisar, tal e como comenta Díez de Velasco, que esta é unha forma de pensamento diferente do modo que opera noutras rexións do mundo romano, nas que a cura termal se rexía por unha depurada práctica médica e as accións das gracias repartíanse entre os deuses médicos ou sanadores en

abstracto e nalgúns casos as Ninfas. Para os indíxenas os seres responsables da curación e polo tanto os habitantes ou seres poboadores das augas son uns deuses concretos, unha personificación directa do manancial.

As Ninfas son divindades de clara procedencia romana (e incluso grega), e na maioría dos casos as Ninfas das augas teñen poderes curativos, é dicir, asóciase co don de curar. As Ninfas das augas denomínanse *Naiades* (Díez Platas 1987) e o seu padroado abrangue as augas dotadas con propiedades curativas ou medicinais.

As Náíades, en Grecia, eran as Ninfas do elemento líquido e encarnaban a divindade do manancial ou do curso da auga onde vivían. Nun principio residen a carón dunha fonte aínda que parece ser que despois farano na mesma corrente da auga. O dominio das Náíades é o das augas doces, tanto correntes como estancadas pero tamén poden morar nas grutas nas que haxa humidade (Oró Fernández 1996).

A grandes trazos, as Ninfas teñen aspecto de mulleres novas, mozas novas. En grego esta palabra fai alusión ou designa mozas en idade casadeira ou literalmente "*mozas en idade núbil*".

Ese culto ás ninfas non introduce nada novo, xa que se desenvolverá en zonas onde xa era importante o culto ó poder salutífero das augas, é dicir, que se superpón a unha antiga tradición de culto das augas demostrable pola existencia doutras divindades de tipo indíxena<sup>3</sup>.

Rodríguez Colmenero (Rodríguez Colmenero, 1993) comenta que "*la importancia de las ninfas en relación con las aguas se debe sin duda a la identificación del agua como agente vivificador, fecundador y precioso en los lugares en donde escasea. El fenómeno de su culto y su divinización se produce prácticamente en todas las culturas y suele relacionarse casi siempre con los poderes curativos y purificadores que muchas aguas poseen*".

Ademais debemos mencionar que as Ninfas teñen varios atributos, pero sinalaremos tres das propiedades máis significativas (Díez Platas 1987):

1. Propiciación e estímulo da fecundidade. Protexen os matrimonios e a descendencia. Axudan nos nacementos e considéranse amas de cría (Rodríguez Colmenero 1993).
2. Atribuíanselles propiedades curativas, ligadas ou non ás augas que protexían e por esta razón adoitábanse incluír entre os deuses salutíferos.
3. Existe nelas tamén unha cara oculta, un aspecto máxico que as relaciona co don da mántica e da adiviñación e que llelo poden transmitir ós homes.

O culto ás Ninfas levábase a cabo en Grecia e en Roma. Existen obras de autores clásicos nas que se

<sup>2</sup> O culto das augas estaba vixente entre os pobos indíxenas que habitaban Galicia; incluso se documentou que estaba moi estendido na Hispania, conclusión que se tira da lectura da obra de San Martiño de Dumio, na que denuncia a existencia dunha serie de cultos pagáns relacionados coas augas. (Menéndez Pidal; Historia de España: España romana (218 a.C- 414 d.C). La sociedad, el derecho, la cultura. Tomo II, 1982)

<sup>3</sup> Ibídem, nota Nº 8. Tódolos datos de Vázquez Hoys pertencen á citada obra

reflicte a importancia do culto ás augas nestes países e polo tanto o culto derivado ás Ninfas. Así un elemento que contribúe a reflectir a importancia daqueles santuarios ou templos nos que se levaba a cabo o culto ás augas e ás ninfas que habitaban esta auga, encóntrase nunha obra de Hesíodo na que comenta a importancia dunha fonte da Hélade na que despois de realizar unhas inmersións e dedicar uns sacrificios ou ofrendas ás divindades, curaban as enfermidades da pel (Díez Platas 1987). En relación con isto, Blázquez (Blázquez, J. M 1977) achega un documento do grego Plinio no que se demostra, tal e como se mencionou anteriormente, o culto que se lle rendía na antigüidade ás augas e as prácticas supersticiosas relacionadas coa natureza dalgunhas fontes.

Díez Platas (Díez Platas, 1987) afirma que o culto ás ninfas na Península Ibérica durante a época romana está estendido pola Lusitania (testemuñado cun 36% das inscricións), Tarraconense (cun 61% das inscricións) que abarcaría a zona galega e o Norte de Portugal, e a Bética (moi escaso, testemuñado cun 3% das inscricións).

Así pódese comprobar como o documento máis significativo sobre de estas divindades é a epigrafía. Tódolos documentos epigráficos atopáronse en lugares próximos a balnearios, mananciais ou fontes termais de coñecidas propiedades medicinais ou curativas. Este é o caso de Cuntis, no que se ven perfectamente reflectidos os poderes curativos conferidos ás augas e por suposto ás Ninfas que as moran ás que se lles agradecen as curacións a través de Aras ou inscricións votivas.

Polo tanto, este sería un dato máis para considera-las Ninfas como divindades curativas-salutíferas e en todo caso sempre en relación coas augas, o que leva a considera-lo seu culto en estreita relación con elas. Deste xeito o culto a estas divindades tería lugar nestes balnearios ou termas medicinais e desde logo nalgunhas fontes naturais.

## Os Ex -Votos

Sen embargo, os tipos de ex -votos que se lles dedican ós deuses en agradecemento ós seus poderes curativos non acaban aquí. Existen un gran número de ex -votos ou ofrendas para agradecer este tipo de "milagres". Este é un tema que está moi presente en toda unha serie de edificios e, como non, tamén en Cuntis. Os *ex-votos* son unhas ofrendas relixiosas que os crentes fan para os poderes sobrenaturais en acción de grazas pola súa protección e beneficios recibidos.

Para moitos autores estas ofrendas constitúen a principal práctica do culto á auga, independentemente da polémica sobre se o ex-voto é unha ofrenda propiciatoria, feita previamente do tratamento ou un testemuño de recoñecemento do peregrino curado ou mellorado da súa

enfermidade. En calquera caso tratábase sempre dunha homenaxe ás divindades das augas.

Existen moitos tipos de ex-votos (Díez Platas 1987). Podémoslos clasificar en *anatómicos*, grupo formado polas representacións dos membros curados; as *inscricións*, a través das actuais vaise representa-lo recoñecemento e a gratitude ós dioses.

Este grupo ten un grande interese para o noso traballo, xa que como se comentou, en Cuntis apareceron tres inscricións, e polo menos dúas destas dedicadas ás Ninfas. As inscricións usaban como soporte a madeira, o mármore, a pedra, o chumbo, en placas, estelas ou pequenos altares votivos que se fixaban nas paredes dos edificios. Nos seus textos encontramos case sempre en dativo o nome da divindade, en nominativo o do enfermo e ó final adoita ser frecuente a fórmula VSLM (*votum solvit libens merito*) e tamén a fórmula PRO SALUTE (Díez Platas, 1987).

Outro tipo de ex-votos son tamén as *representacións dos deuses*. Son estatuas que simbolizan os deuses e identifícanse polos seus atributos. Na Galia son moi frecuentes as divindades asociadas coas augas. Existen tamén os ex-votos denominados "dobres"; en ocasións a representación do deus da fonte é a propia imaxe do fiel ou do enfermo. Son representacións de personaxes que levan na man a súa ofrenda e que pode ser de moitos tipos: un coello, un can, paxaros, froitos... Aínda que non estamos seguros disto, nas fontes antigas que fan referencia a Cuntis menciónase a aparición dunha pequena escultura en cobre que segundo parece representa ben unha Minerva médica ou un Edil romano. No caso de que se tratase dunha Minerva Médica, estaríamos ante un caso claro de representación de "dobres". Noutras ocasións represéntanse doutra forma diferente: como personaxes que aparecen mostrando as súas enfermidades cun brazo en estribeira, un pé torto, etc...

Outro tipo de ex-votos que deben ser sinalados son as *moedas*. Era moi frecuente botar moedas nas augas e en case tódalas estacións termais encontráronse restos deste testemuño. Con este xesto represéntase a gratitude das xentes que ían curar a estes lugares. Este é un dos mellores exemplos para afirmar case con toda seguridade que en Cuntis o tipo de edificio romano que existiu foi un Balneario romano. As 500 moedas romanas aparecidas nunha das burgas do edificio veñen corroborar que se depositaron como ofrenda ou agradecemento ós poderes curativos das augas que manan nos mananciais cuntienses.

*Outro grupo de ex-votos que se clasificou é o que agrupa as representacións de animais. O grupo polo xeral está formado por representacións de galos, coellos, xabarís, cans, etc... Segundo a opinión de varios autores estas representacións simbolizaban os animais que se*

*sacrificaran no edificio, como parte dos rituais que acompañan unha cura balnearia*<sup>4</sup>.

Segundo Gloria Mora (Mora 1981) existen tres características fundamentais e a ter en conta no estudio ou identificación dunhas termas ou balnearios romanos:

- 1.- *Arqueoloxía*.
- 2.- *Epigrafía*.
- 3.- *Toponimia*.

Estes tres aspectos son as tres fontes fundamentais no estudio deste tipo de construcións. Como veremos, en Cuntis a aplicación destas tres fontes de estudio deunos como resultado conclusións moi favorables:

1.- *Arqueoloxía*: temos abundantes restos de procedencia romana e relacionados coa existencia dun Balneario. Ademais hai que sinala-la información do século XIX, que a pesar de ser dubidosa no que respecta á súa interpretación, deu a coñece-la existencia de construcións romanas por baixo do balneario actual, hoxe imposibles de visitar. O conxunto de moedas, as aras e demais inscricións, os restos arquitectónicos,... falan por si sos da grande importancia que nun momento romano debeu ter esta vila.

2.- *Epigrafía*: temos un pequeno grupo de aras que son suficientes para poder afirmar que en Cuntis existía un edificio relacionado coas augas con propiedades medicinais, xa que estas inscricións están dedicadas a divindades en agradecemento ás súas propiedades curativas. Dúas delas están dedicadas ás Ninfas como moradoras das augas curativas ou salutíferas, mentres que a outra inscrición (ara), está en proceso de estudio, xa que a lectura do seu campo epigráfico e polo tanto o saber a qué divindade estaba advocada é unha tarefa un tanto complexa.

3.- *Toponimia*: "Baños", "Caldas", "Tiermes ou Termes", son algúns dos topónimos que se encontran facendo referencia, ó longo da historia, ás terras cuntienses.

## RESEÑA HISTORIOGRÁFICA: DOCUMENTACIÓN HISTÓRICA.

Como xa se comentou na *Introducción* a este capítulo, a bibliografía existente sobre os vestixios ou restos da ocupación romana nas terras de Cuntis, é moi escasa. A maior parte procede do século XIX, aínda que hai tamén bibliografía puntual procedente do século pasado (XX). Sen embargo, a maior parte da información que se puido consultar é a pertencente a estas datas, procede dun baleirado de fichas do Museo de Pontevedra. Ademais todo isto foi completado cun baleirado de fontes, por outra parte moi escaso, do século pasado que centran a súa

atención na cuestión da existencia ou non en Cuntis da *Mansión Aquis Celenis*.

A primeira referencia histórica da que se ten constancia sobre a romanización en Cuntis, procede de Matías Limón Montero en *"El Espejo Cristalino"* e data de 1697 (Limón Montero 1697). Nesta obra destina un capítulo ós baños de *Caldas de Galicia* e dedica un subcapítulo a *Caldas de Cuntis*. Documenta a existencia de tres fontes na vila e das que manan augas con propiedades curativas: *"la de oriente es caliente en grado excesivo, de fuerte que no se puede sufrir su calor poniendo la mano o pié dentro de ella; sirve para los ritos comunes de pelar aves, y otros animales, y para lavar la ropa... Ni a las orillase halla graso, sino muy poco, el olor y favor de dichas aguas es azufre"*. En párrafos seguintes narra que a segunda fonte é moi morna, con maior olor a xofre que a primeira, e que a terceira fonte é *"muy remisa en calor, no llegando a ser tibia"*.

Esta información constata ou documenta dalgún xeito a existencia de tres fontes de carácter termal das que manan augas a diferente temperatura: quente, fría e morna. Con respecto a isto Lucía Moltó (Moltó 1992) achega datos de grande interés sobre a temperatura das augas Mineromedicinais. Comenta que as augas quentes son relaxantes, sedantes e combaten a fatiga muscular. Superan os 36°C e encontrámolos en Cuntis, e en Caldas de Reis. As augas frías son tónicas e estimulantes e utilízanse polo xeral para beber. Adoitan rondar unha temperatura inferior a 30°C e outra volta están presentes en ámbalas dúas vilas. Por último as augas mornas rondan os 30-36°C e non aparecen en Cuntis, aínda que si en Caldas de Reis. A través de todos estes datos pódese comprobar que as propiedades curativas das augas cuntienses e explotadas na actualidade, podían ser xa coñecidas polos romanos aproveitando as súas propiedades medicinais.

Outro texto que corrobora en parte o coñecemento desde moi antigo destas fontes mineromedicinais en Cuntis data de 1765, momento no que chegan tamén novas sobre a existencia de baños romanos nesta vila e esta vez da man de Pedro Gómez de Bedoya y Paredes (Gómez de Bedoya y Paredes 1765). Neste caso o autor da información comenta, con todo luxo de detalles, a existencia duns baños romanos e o acceso ata eles: *"al entrar en Cuntis por un puentecillo, se encuentra luego una plazuela y al principio de ésta, una casa cuadrada, pequeña, sin otro alto, que en donde se sitúa el Baño y cubierta con tejavana y tan mal reparada que los enfermos están expuestos si se levanta aire Norte. Dicho Baño es como un lagar para pisar uvas, cuadrado, de cantería y adornado con escaleras, para la comodidad de bajar a él y reclinar la cabeza los enfermos cuando se bañan y en el"*

<sup>4</sup> Sobre o tema da representación de animais e os seus poderes curativos existe un artigo de grande interese: Mariño Ferro X. R.: "Os animais na medicina máxica tradicional". En: *Medicina Popular e antropoloxía da Saúde. Actas do Simposio Internacional en Homenaxe a Don Antonio Fraguas*. Santiago 1997. Este artigo trata da importancia dos animais na medicina popular e comenta que animais son máis convenientes para curar certas enfermidades.

*que caben como ocho o diez acomodándose bien. El agua llega a este recinto en cantidad por medio de un canal de madera. Tiene también un acueducto para desaguar el recinto una vez que se ha acabado y el agua va a parar a un riachuelo a través de una huerta que tiene la casa a sus espaldas.*

A auga chega ó recinto a través de dous mananciais que están en dous dos ángulos e na parte alta da praciña e enfronte da Casa de Baño. Estes manan de dúas arquetas de pedra que forman un pozo cadrado, e distan entre si coma corenta pés e do baño 40 pasos. Estas arquetas sitúanse unha ó Norte e a outra ó Sur e esta última ten un burato polo que verte a auga nunha pequena pía que serve para lava-la roupa. De cada un dos mencionados mananciais vai encanada a auga por un conducto de pedra que se xunta a pouca distancia nun que vai recto para o Baño e teñen forma de "Y grego". Antes de chegar e como a seis pasos ten un burato polo que dan saída e extrávan a auga mentres limpan o Baño ou están nel os enfermos.

*Otros dos manantiales nacen del mismo modo dentro de la villa y ambos en dos distintas huertas que también están uno al Norte y otro al Sur. Distan uno de otro como a 60 pasos, de la arqueta Norte a 50 pasos y de la Sur a 40. Estos dos últimos nada contribuyen al Baño pero en todos nace el agua a borbotones muy caliente aunque no tanto en las dos últimas. Los pobladores de esta villa no dan noticias de que esta agua tuviese antiguamente uso alguno. Aunque yo creo que no dejarían de ser frecuentadas por muchos por las virtudes y porque el Baño denota no ser de fábrica moderna....".*

En 1867, Ramón Otero escribe tamén sobre os restos romanos atopados na vila de Cuntis. Comenta que: *"junto al mencionado puente de la carretera de Caldas y Pontevedra, y a la derecha del camino, se hallan los baños conocidos desde muy antiguo con los nombres de "Era Vieja", "Era Nueva" y "Hornillo". Los dos primeros son baños generales y de piedra de forma circular. Ambos se reducen a un baño cada uno, divididos por su mitad por medio de una pared, para que a la vez puedan bañarse los dos sexos con debida independencia.... Ni en el establecimiento de la Era Vieja ni en el de la Era Nueva, se pueden construir baños particulares por la escasez de aguas, lo que no sucede con los demás establecimientos. En la Era Vieja se halla la pluma de agua que sirve para beber...*

*Frente a estos dos edificios, y a muy pocos pasos se halla otra casa de baños, titulada del "Hornillo Viejo y Nuevo"...*

*Hasta 1858 no había en este edificio más que un solo pozo cuadrado de piedra de cabida para cabida para diez personas; parte del agua nace del mismo y parte viene de fuera encañada...*

Segue a estes baños o da "Virxe" situado fronte daqueles pero na parte oposta da ponte e na praza.

*Hace 57 años que habiendo obtenido la curación de una grave enfermedad en el mencionado baño el Excelentísimo Señor Conde de Gimonde, por vía del reconocimiento, inició su regeneración... (Otero, 1867).*

Ata o ano 1835 seguiron as cousas segundo o disposto polo señor Conde, pero descuberto nese ano un baño romano cun rico manantial que se utilizou para servizo público, viuse que pola súa situación era fácil conduci-las súas augas ata o establecemento da Virxe, e que pola súa elevadísima temperatura e considerable caudal de auga, poderíase dar máis extensión a eses baños e establecelos de vapor e duchas...".

A información aportada por este autor é sumamente interesante xa non só polo feito de que constate a existencia e aparición duns baños romanos, identificados como tal e hoxe imposibles de explorar, senón que nos aporta datos sobre a existencia de diferentes casas de Baños. Para empezar fala da existencia de polo menos catro casas de baños: "Era Vieja"; "Era Nueva"; "Hornillo" (Vella e Nova) e da "Virxe". Como se verá posteriormente, o primeir balneario, posiblemente o construído polo Conde de Gimonde, aínda na súa construción dous destes baños termais, polo que aínda quedan por identificar algúns que formarían o complexo termal de época romana, coma o coñecido como o baño do "Castro".

Outra das fichas do Museo de Pontevedra que aporta datos sobre a aparición en Cuntis de restos relacionados cun edificio termal romano, contén información de 1877, e pertence a Nicolás Taboada Leál. Comenta que: *"en 1835, con motivo de las obras llevadas a cabo en los cimientos de una casa situada enfrente de la de Santa María y al recomponerse el caño maestro que conduce a la misma casa, se halló en Cuntis un baño o pozo cuadrado formado por argamasa especial y allí apareció un busto que en las obras fue mutilado parcialmente y destrozando una inscripción que tenía. Esta efigie fue analizada por el Doctor Don Manuel Fernández Mariño, director entonces de aquel establecimiento y que la envió al Museo de la Universidad de Santiago. Medía algo más de una cuarta de alto y era de bronce oscuro y representaba, al parecer, un edil romano, en pie, empuñando en su mano derecha una lanza de hoja ancha, a manera de machete, y un escudo con la izquierda. El baño que todavía hoy se conoce con el nombre de romano y en el que se acomodan al menos (X se ha perdido el número) se halla cubierto con una losa....*

*Sospechamos que en aquellas inmediaciones estarán sepultadas las ruinas de una terma a la cuál pertenecería, sin duda, el baño referido, descubierto hace ahora 41 años y creemos que la expresada terma haya existido debajo de las casas situadas en la acera derecha de una calle que pasa por delante de la casa de la Virgen, de cuyo punto parece partir el mayor raudal de agua caliente que se dirige a la misma, depositándose en la arqueta conocida con el nombre de Fuego de Dios" (Taboada Leal 1877).*

Outros datos que contén esta mesma ficha, fan referencia ó significado da palabra latina Cuntis. "... por más que carezcamos de noticias exactas relativas a la antigüedad de estos baños y que, como dice el Doctor Bedoya, no se conserve dato alguno, ni por tradición ni por documento, entre los habitantes del país, está para nosotros fuera de duda que han sido conocidos y usados por los romanos.... y de sospechar que en este lugar hubiesen establecido una pública fuente para que pudiesen bañarse en ella "todos juntos"; y he aquí la significación de la palabra latina CUNCTIS..."

Para empezar, o autor da ficha aporta a data na que se produciron os achádegos, 1835. Non cabe dúbida que xa neste momento os habitantes de Cuntis coñecían a existencia de augas con propiedades curativas e a súa canalización a través de obras de enxeñería ou infraestrutura romana. O cubículo que describe trátase sen dúbida dunha das piscinas que forman un balneario ou terma romana e no que levan a cabo as inmersións. Ademais e aínda que o dato se perdeu, as súas dimensións eran grandes bastante como para agrupar ou dar cabida a varias persoas.

En segundo lugar e outro dato de grande interese é o que fai referencia á aparición dunha estatueta esculpida en bronce e de pequenas dimensións que se identificou neste momento como a representación dun edil Romano. Sen embargo, houbo interpretacións posteriores acerca desta peza de arte hoxe desaparecida. Unha delas débemoslla a Fernando Acuña Castroviejo. Comenta que esta estatueta atopouse en 1834, cando o propietario da casa na que se encontrou se dispuña a realizar obras nela. Comenta, como na ficha xa realizada, que apareceu nun pozo cadrado cunha fonte en cada ángulo. A información procede de Neira de Mosquera, quen cualifica a estatueta como unha Minerva de bronce, mentres que Rivera e Vázquez a calífican ou interprétana como a representación dun Edil romano empuñando unha espada na súa man dereita e un escudo na esquerda. Polas descrições realizadas ata o momento parecía que se trataba dunha Minerva; sen embargo, argumenta que unha vez revisados os debuxos realizados por Neira de Mosquera sobre esta escultura, parece ser que non é unha obra romana, senón unha copia mal realizada dun posible orixinal (Acuña Castroviejo 1972)

Pese a todo, a expectación que causou a aparición desta escultura, sexa ou non a orixinal, provocou no seu momento a aparición de bibliografía sobre este descubrimento. Neira de Mosquera (1852) comenta que se trata dunha figura de metal e identifícanla cunha Minerva médica; C. Rivera e V. M. Vázquez (1883) interprétana como un busto de bronce de 30 cm que representa un edil romano empuñando na súa destra unha espada e un escudo na sinistra; Enrique de Leguina (1907) asegura que se trata dunha figura de 5 polgadas de altura, esculpida en plancha de cobre, con espigas polo anverso para cravala

sobre un plano. Leva na súa man esquerda un "clypeus" e na dereita sostivo o hastil dunha lanza. Pola galea que cubría a súa cabeza e o tórax de escamas, defensa do peito, crese que representaba a Minerva ou Belona.

A última das fichas analizadas do Museo de Pontevedra que contén información máis próxima sobre a aparición dos restos romanos atopados en Cuntis data de 1974 (Hernández Pacheco et al., 1974). Aínda que como xa se sinalou moitos dos datos que contén xa se comentaron anteriormente, pasamos a reproducirla información que contén por completar aínda máis, se cabe, as achegas anteriores:

"Los antecedentes romanos de las aguas de Cuntis, no se encuentran en las obras clásicas de Plinio, pero es una realidad que todas aguas mesotermales gallegas fueron utilizadas por los romanos y arrasadas por los suevos y demás legiones del norte. La confirmación en el dato concreto de Cuntis está en los restos romanos encontrados en su establecimiento balneario. Del más antiguo que tenemos referencia es el del año 1835, con motivo de la remoción de los cimientos de una casa ubicada frente a la de Santa María. Se encontró un pozo o baño para unas doce personas, formado por argamasa especial, con una fuente en cada ángulo, así como un busto y una inscripción desaparecidos. Esta efigie medía algo más que una cuarta de alto, era de bronce y al parecer representaba a un edil romano empuñando en su mano derecha a manera de machete, una lanza de hoja ancha, y en la izquierda un escudo. La figura fue remitida por el director de aquel entonces, Don Manuel Fernández Mariño, al Museo de la Universidad de Santiago. Este lugar se conocía con la denominación del "baño romano". Sobre la etimología de Cuntis se admite una opinión de su origen romano. Es conocida, por otras termas gallegas la costumbre de que los romanos tuviesen una piscina para el Edil y demás personajes principales y distinguidos, y otra con carácter público donde se bañaban todos juntos- CUNCTIS- y con la pérdida de la C a través de los siglos, quedó la actual denominación de CUNTIS, o la de Limón Montero de CUTIS. Con posterioridad se han encontrado más restos de época romana por los actuales propietarios y sus predecesores..."

Por todo o comentado ata o de agora, vemos cómo a información varía en función do autor que redacte a nova do descubrimento.

Comprobouse como da descrición da escultura de bronce hai varias interpretacións diferentes; o mesmo sucede coa aparición do pozo cadrado no que apareceu a escultura anteriormente descrita. Uns din que este pozo cadrado tiña unha fonte en cada un dos seus ángulos, falan da aparición dunha inscrición que tamén se perdeu. Tamén vimos diferentes interpretacións en referencia á funcionalidade deste recinto e sobre cuántas persoas terían cabida nel.

En calquera caso todo isto vén a demostrar dalgún xeito que a existencia en Cuntis de obras romanas destinadas a baños, ben sexa como balnearios medicinais ou como termas lúdicas coñecíanse desde a antigüidade. Proba disto é a noticia recollida en 1905: "estas aguas fueron conocidas de muy antiguo, y las usaron sin duda los romanos, pues aunque se dice que los vecinos de Cuntis no tienen noticia... prueba lo contrario el descubrimiento que algunos años me hizo el directos de dichos baños, Don Manuel Fernández Mariño, de un baño cuadrado de construcción romana con una fuente en cada ángulo, una figura de metal y una inscripción que, desgraciadamente, destrozaron los operarios" (Anónimo, 1905).

Sen embargo e a través do baleirado das fichas do Museo de Pontevedra, os achádegos de restos romanos en Cuntis non acaban en estruturas arquitectónicas nin en obras de enxeñaría. Nun artigo publicado no xornal *La Opinión*, o 30 de Xuño de 1897 e titulado "Aguas Minerales. Cuntis", coméntase o achádegos de dúas aras romanas dedicadas ás Ninfas por Cayo Antonio Floro. Na ficha coméntase que "Coornide Saavedra fue el responsable de este hallazgo el 18 de Enero de 1768 (según las notas de Don Josef Vicente Piñeiro, que figura en la Miscelánea que él mismo reunió en el Archivo de la Catedral de Lugo, Tomo VI). Éstas aparecieron enterradas en una casita, junto a una de las fuentes termales y pegada a la del mesón". Atopouse tamén un conxunto de 500 moedas romanas cando se limpaba a fonte termal. Entre elas figura unha de TURIASO e outra de CEASEARUGUSTA, de TIBERIO; outra de NERÓN e varios exemplos de DOMICIANO, NERVA e CONSTANTINO II, entre as publicadas.

Outra das fichas consultadas fai referencia á aparición destas aras romanas. Di así: "Nuestro ilustrado amigo y compañero en la prensa Hermenegildo Calvelo en una correspondencia que dirigió a "El Pensamiento Galaico", desde Cuntis, escribe lo siguiente: "He tenido ocasión de ver dos lápidas con la siguiente inscripción esculpida con caracteres romanos:

A LAS NINFAS: CAYO ANTONIO FLORO, más también he visto otra de comienzos del siglo XII, y que por lo enrevesado de sus caracteres parece más antigua, que dice: EL 14 DE MARZO DE 1116 HICIMOS MEMORIA DEL ABAD ADOLFO".

Respecto a la primera de las inscripciones no recordamos si está inédita, siendo de lamentar de todos modos no se publique con escrupulosa exactitud su texto latino; pero la segunda inscripción ha sido ya dada a la estampa de una lámina litográfica que tenemos a la vista y que dice: "Facsimile de la inscripción que se lee en una piedra doble el zócalo de la Iglesia parroquial de Cuntis".

En Cuntis apareceron dúas inscricións dedicadas ás Ninfas. As dúas apareceron "entre los días 13 y 14 de Julio de 1908, al limpiar el pozo con el cuál se captó el manantial llamado Burga. Su revestimiento era de hormigón hidráulico

formado con cuarzo hielino machacado al tamaño de nueces, recubierto con un enlucido de la misma clase, pero con cuarzo al tamaño de arena. Con las monedas aparecieron restos de ladrillos y tejas, un anillo, un garfio, un clavo, un cuchillo y una herramienta no determinada" (Sandino y Barcón, 1908).

#### O REXISTRO ARQUEOLÓXICO.

A través do baleirado das fichas do Museo de Pontevedra, comprobouse que a aparición de restos romanos en Cuntis, a pesares a non ser moi numerosos, é suficiente para poder afirma-la existencia nestas terras en época romana dun Balneario no que levaban a cabo prácticas terapéuticas en relación coas augas que manaban nel. Sen embargo, existe información complementaria sobre estas pezas, a maioría da man de Celestino García Romero (1916)

A aparición de dúas aras romanas dedicadas ás Ninfas en honor ou agradecemento dos favores prestados por estas divindades acuáticas a Caio Antonio Floro, demostra a existencia, cando menos, dun pequeno balneario no que levar a cabo este tipo de prácticas. En relación coa aparición destas dúas aras romanas, existe información de Filgueira Valverde, que en 1944 redacta as condicións do achádegos destas dúas pezas e descríbela. A información extraída dunha recompilación de datos realizada no século XVIII por Don Josef Vicente Piñeiro y Cancio, gardada no Arquivo da Catedral de Lugo (*Miscelánea de varios documentos y apuntes*). Como xa se comentou en anteriores ocasións, o autor do achádegos foi Don José Coornide y Saavedra. Conta que as pezas se atoparon o 18 de Xaneiro de 1768 nunha casiña a carón das Burgas e acaroadas á do mesón e que servían de escaleiras ou pasos para subir ó cuarto dese mesón. Coornide tratou de comprobar se no contorno había ruínas de edificios e encontrou a tradición de que a vila antigamente estaba poboada por 1400 veciños e que nos campos inmediatos e no levante da vila encóntranse alicerces de casas, ladrillos e tellas dun grosor nada ordinario e que no poñente, do outro lado do río, hai un lugar chamado Pazo, outro Vilar, outro Vilaríño, Meyro, Ginzo, Castronandín sobre o que entre Meira e o río hai dous castros (Filgueira Valverde 1944). Hoxe en día os topónimos destes lugares aínda se conservan, cambiando Castronandín por Castrolandín ou Castarrandín; Ginzo por Xinzo, Meyro por Meira, etc...

No tocante ó estado de conservación das aras romanas, Ana Filgueiras Rey (1996) comenta que as dúas están retocadas no lado esquerdo, posiblemente para adaptalas ás necesidades da obra na que se aproveitaron, xa que formaban parte dos banzos dunha escaleira que daba acceso a unha casa.

Esta mesma autora realiza unha interpretación destas dúas pezas. Apunta a posibilidade de que sexa unha



consagración dun *templum* ou *fanum* de carácter público polo tamaño das pezas, realizada por Caio Antonio Floro. A posibilidade de que se trate dun *fanum publicum* vese reforzada pola analoxía das aras, tanto na coincidencia do mesmo dedicante, coma na semellanza na factura das letras e nas características formais das aras. Ademais apunta outro dato de grande interese xa que estas dúas pezas foron dedicadas por un home, cando na maioría dos casos coñecidos son as mulleres as que lles realizan este tipo de ex-votos ás Ninfas.

Sen embargo, os restos romanos atopados en Cuntis non se reducen unicamente ó comentado, a estruturas arquitectónicas, hoxe imposibles de detectar, e aras dedicadas ás Ninfas, senón tamén a outra serie de elementos que nos vai levar, ó longo deste capítulo a falar doutras cuestións.

Por exemplo, a existencia dunha ponte romana situada na estrada de Pontevedra-Caldas e onde hoxe se encontra unha ponte actual a carón dos Baños da Virxe. Esta ponte destruíuse en 1905 (García Romero 1917). Tratábase dunha ponte, de pedra e estreita. No momento de escribir este artigo, comenta que se conservaban algúns ladrillos que apareceron ó seu carón. Tamén menciona a existencia dalgún outro que apareceu próximo dunha das antigas fontes ou baños.

Sinala tamén a existencia doutra ponte romana próximo a Cuntis (2 quilómetros aproximadamente). Trátase da Ponte de Taboada, "en la carretera directa a Pontevedra y emplazado sobre el río Umia. Consta de dos arcos de círculo desiguales, en diámetro y altura. El mayor, bajo el que pasa el río tiene más de 10 metros de diámetro. El menor, por el que apenas circula agua, tiene un diámetro poco mayor a 5 metros y medio y mucha menos altura que el anterior. Los arcos del puente son de sillería en las caras exteriores perpendiculares a la dirección del agua pero no en la parte interior, que está construida con "opus incertum" o mampostería de cemento. Su anchura ronda en torno a



Figura 1: Restos dunha estela de Fornela dúplice atopada na Hervés (Troáns).




Figura 2: Unha das aras romana adicada ás ninfas e atopada no S. XVIII preto das Burgas.

los 2,45 metros, aunque en el momento de escribir el artículo, al parecer fue anheado".

Pola beira dereita deste río, Celestino García Romero asegura que aínda está en uso unha calzada romana, de 1,80 ou 1,90 metros de ancho e que ten unha muralla que a sostén pola parte que dá ó río. Documenta ademais a existencia dunhas laxes de pedra colocadas estratexicamente nalgúns tramos deste camiño, de 10 a 20 centímetros sobre o plano da vía. Comenta que uns metros máis arriba aínda quedan restos doutro tramo desta mesma calzada romana.

Segundo parece esta calzada segue a mesma dirección cá estrada actual xa que para subir ata o castro de Meira hai que partir da mesma estrada. Dalí atravesaríase o *Campo da Festa* para ir ata os referidos pasos e seguir en dirección á Igrexa por detrás da que pasaría esta vía. Apunta a posibilidade de que por este paso chegasen os enfermos a Cuntis que entraban pola referida ponte hoxe desaparecida e substituída pola actual (1905). Formula tamén a posibilidade de que este camiño ou ruta comunicase con Ponte Veá.

Documenta tamén a continuación da mesma calzada romana que pasa ó lado da ponte Taboada en varios traxectos máis. Comenta que pola parroquia de San



Figura 3: Vista xeral da ponte de Taboada documentada por G. Romero.




Figura 4: Detalle da base interior dun dos pilares de arranque do arco.

Martiño de Laxe encamiñase cara á de Cequeril onde se ven varias porcións con calzada quizais romana como sucede en Vilar de Mato a Montillón, que no seu camiño ten outra ponte sobre o río Umia, tamén moi antiga e moi estreita.

Con respecto a esta calzada, nunha das visitas realizadas a esta zona, encontrámo-los restos dunha estrutura pétreo que sobresaí no camiño cunha anchura de 1,50 case 2 metros aproximadamente, realizada en perpiaños de granito e que se adapta perfectamente na orografía do terreo, de maneira que nos lugares de maior encosta o terreo queda a un nivel inferior desta e nos lugares de menor pendente ámbolos dous encóntranse ó mesmo nivel. Esta estrutura chega case ata o río onde está a Ponte Taboada. Ademais discorre polo lugar descrito por Celestino García Romero por onde supostamente se encontraban os restos de calzada romana. É demasiado prematuro emitir un xuízo valorativo sobre este elemento que será sometido a posteriores revisións.



Figura 5: Detalle da base interior dun dos pilares.

Tamén en Cuntis cataloga restos de dous sartegos, apuntando a posibilidade de que sexan romanos aínda que por estar moi deteriorados e mutilados non o asegura. Eran dúas arcas de pedra máis anchas nun extremo ca noutro o que indica que poderían ser empregados como sepulcros. Un serve de pía na fonte ou no manancial da Virxe e outro na Fonte de Campo (García Romero 1917)<sup>5</sup>. No tocante ás moedas romanas aparecidas nunha das burgas de Cuntis, di (García Romero 1920) que se trata dun conxunto formado por 500. En 1908 os propietarios dos baños fixeron reforma na arqueta na que nacen as augas. As obras dirixiunas o enxeñeiro Don Augusto Sandino Barcón, xefe de minas de Ourense.

As moedas apareceron na burga coñecida como *Lume de Deus*, nun pozo de aproximadamente un metro de profundidade e revestido con formigón hidráulico, posiblemente *opus caementicium*. As moedas encontrábanse depositadas no interior do mesmo e formaban unha capa de entullo duns 20 centímetros de espesor, que resultou ser codias semimetálicas e pedras entre as que se encontraban as moedas (Filgueiras Rey 1996).

<sup>5</sup> Chámoselle así por estar próxima dun lugar ó que se accede por un carreiro que chaman a Patela e de San Xoán, por unha capela que dín, houbo ali, cara ó nacente da Igrexa e da vila.



Figura 6: Posibles restos de calzada documentada por García Romero. Vista de perfil.



Figura 7: Vista xeral da posible calzada documentada por G. Romero.

Celestino García Romero (1920) describe algunhas delas, en concreto sete. Por exemplo, unha particular: "*una moneda blanqueada con piedrecitas o arenas de cuarzo aglutinadas por una sustancia oscura que cree que es un derivado del metal de la moneda, quizá un sulfuro de*

*cobre. En una parte negruzca se ve el grabado y tiene adherido un pedazo de carbón a la sustancia incrustante que constituye una especie de cajita en donde esta guardada la moneda*". Con esta breve descrición explica o estado de conservación no que se encontraban estas pezas no momento de se descubrir.

Con respecto a estas moedas Díez de Velasco (1985) comenta que constitúen un exemplo moi representativo da existencia dun manancial romano, xa que posiblemente se empregaron como ofrendas ás augas. Do mesmo xeito as inscricións anteriormente comentadas veñen a corroborar isto.

Outro dos restos romanos encontrados nas marxes do Concello de Cuntis, en A Sobreira, na Parroquia de San Mamede de Piñeiro, é unha estela romana, datada no século III d.C, de 0,40 ancho por 0,63 metros de alto (Picallo Fuentes, 1999). O seu campo epigráfico está distribuído en catro liñas, a primeira delas incompleta e onde se pode ler:

**DI /  
MA S  
FLA / E  
XXV**

Interpretoouse como unha estela romana dedicada ós deuses Manes por Flavia ou Flaviana de 25 anos ("*DI(bus) MA(nibus) S(acrum) FLAV(ia)E XXV*": "*Os deuses Manes sagrados, Flavia de 25 anos*").

Como xa se comentou ó longo do exposto ata o de agora, o pasado mes de Marzo nunha entulleira producta dunhas obras realizadas nunha das casas da vila, apareceron novos restos romanos. Entre os achádegos ten gran relevancia unha nova Ara romana. Trátase dunha peza monolítica realizada en granito; conserva en perfecto estado o seu *Focus*, cunha altura de 0,09/0,10 metros por 0,02 metros de ancho. A súa anchura total é de 0,32 metros de ancho por 0,77 metros de alto. No seu frontal pódense distinguir perfectamente o campo epigráfico, ubicado na parte inferior da peza e cunha altura de 0,48 metros por 0,20 de ancho, estreitándose segundo diminúe a súa altura. O campo superior está formado por pequenas bandas; a superior e ata o *Focus* é de 0,05 m; a segunda mide 0,10 m de alto; na terceira de 0,07 m de alto e nela localízanse uns relevos circulares, avultados colocados cada 0,04 m.

A interpretación do seu campo epigráfico, é practicamente imposible de determinar debido ó precario estado de conservación do mesmo. Sen embargo hai algunhas letras que parecen ser lexibles: *OVIC*, aínda que a súa lectura podería ser outra. Inmediatamente debaixo destas letras parece localizarse unha data, posiblemente do ano de produción da peza. O que parece claro é que a diferenza do resto das aras encontradas no concello, esta non está dedicada ás Ninfas e posiblemente o nome do dedicante é practicamente imposible de determinar.





Figura 8: Vista da pía da fonte de campo documentada por G. Romero como posible parte do sartego.

Outra das pezas encontradas entre este último grupo, é unha basa de claros caracteres romanos. Trátase dunha peza de granito de 0,38 metros por 0,38 m de lado. Está formada por un plinto cuadrangular de 0,07 m; sobre el un toro de 0,08 m e unha escocia de 0,02 m. A parte superior da basa ten o que parece se-lo arranque do fuste da columna. O seu diámetro é de 0,26 metros e a súa altura de 0,07 m. A altura total da peza é de 0,26 metros de alto e o seu diámetro é de 0,36 metros.

Tamén hai que sinala-la aparición na mesma entulleira dun conxunto de muíños de man, posiblemente romanos e realizados en granito.

Entre os restos desta época documentados en Cuntis, é necesario sinalar outros de grande interese, entre os que se encontra unha estela encontrada por varios membros da Asociación "Amigos dos Castros" a finais de 1999 en A Hervés (Troáns), dentro do Concello de Cuntis. O dono recolléaa nun castro do lugar, o castro de Hervés, e debido á súa estraña forma reutilizouna como un tope para unha viña da súa horta. Os membros da Asociación lograron rescatala cambiándolla ó dono por outra pedra de similares dimensións e características. Trátase dunha peza de 45 cm de ancho, por 35 alto, por 8 centímetros de grosor. Encóntrase fragmentada e só se conserva a parte que corresponde á decoración, que representa unha estrutura arquitectónica a base de arcadas, e está rematada por unha moldura semicircular.

Sen embargo, existen tamén outros restos romanos encontrados no casco histórico de Cuntis. Trátase dunhas sepulturas encontradas no mes de febreiro de 1933 no adro da igrexa parroquial (Filgueiras Rey 1996). Tratábase de sepulturas de ladrillos bipedais e cruciformes con lápidas sepulcrais da Alta Idade Media. Segundo parece algúns autores (Ángel del Castillo) non descartan a posibilidade de que se trate de sepulturas de época romana.

Por outra parte nunha serie de sondaxes realizadas en Cuntis, ó sur da casa Rectoral e con motivo dunhas obras de acondicionamento do parque público, da man de Xulio Carballo (informe técnico emitido o 3 de Abril de 1992), apareceron restos de tégalas e materiais romanos mesturados con outros de época moderna. Tamén se constatou a existencia de varias galerías escavadas no xabre, de 1,5 metros de altura por 0,5 de ancho e que se bifiurcaban cara ó río Gallo e o Balneario (Filgueiras Rey 1996). Ana Filgueiras Rey interpreta que pode tratarse de sistemas de capatación de auga de época romana.

Outra serie de materiais desta mesma época constatáronse polas actuacións levadas a cabo por Rosa Gimeno García-Lomas, en Setembro de 1992 e realizadas no antigo hospitaliño, actual Casa da Cultura de Cuntis. Documentáronse restos de tégalas (Filgueiras Rey 1996).

#### O DEBATE HISTORIOGRÁFICO SOBRE AQUIS CELENIS

Outra cuestión interesante sobre os restos romanos atopados en Cuntis é a posible relación desta vila coa mansión *Aquis Celenis* del *Itinerario Antonino* (de la Peña Santos 1990-91)<sup>6</sup>, situada na Vía XIX. Ó longo da historia houbo un gran número de autores que propuxeron para Cuntis, o lugar no que se encontra situada esta importante mansión romana; do mesmo modo houbo outros tantos que propuxeron como posible lugar de residencia a vila tamén romana de Caldas de Reis. Aínda que o cometido deste traballo non é o de esgrimi-las razóns polas que se cre que Cuntis pode albergar entre os seus restos a *Aquis Celenis* romana, farase un breve repaso sobre esta cuestión xa que a consideramos importante para un estudio sobre o paso dos romanos por este concello. Tamén se levará a cabo un pequeno repaso sobre a Vía XIX e o seu posible percorrido polas nosas terras.

Unha das primeiras persoas que presenta a posibilidade de que esta Mansión se encontre baixo o actual Cuntis, é Estefanía Álvarez (1960). O itinerario que formula esta autora para a Vía XIX (que é a que posiblemente pase por Cuntis, aínda que outros autores afirman que o seu paso é por Caldas de Reis) parte de Braga e chega a Lugo polo interior. Para o itinerario desta vía baséase á súa vez no estudio de autores antigos. Así por exemplo cita a Barros Silvelo, quen sinala o paso desta vía desde Tui, por Páramos e Guillarei, pola aba Leste do monte Faro e desde este último chega a Burbén pasando por Almuíña, Budiño e a aba oriental do monte Padrós. Despois de Burbén a vía pasa polo Leste de Pontearreas. Continúa recto ata Caldelas, onde este autor localiza unha mansión, *Turoqua* e desde esta á seguinte mansión, *Aquis Celenis*, que a sitúa en Caldas de Reis. Despois faina pasar polas proximidades de San Xurxo de Sacos, Moimenta, Couso, Moraña, e Norte de Pena Vianda. Despois, entre Estacas e César, lévaa dirección Norte por

<sup>6</sup> O *Itinerario Antonino* é unha compilación de rutas de época imperial elaborada posiblemente no século III d.C.



Figura 10: Detalle frontal de ara romana.



Figura 9: Nova ara romana atopada en marzo do 2001.



Figura 11: Visión da mesma ara.



Figura 12: Basa romana de granito atopada en marzo do 2001.






Figura 13: Muíño de man.



Figura 14: Muíño de man.



Figura 15: Muíño de man.



Figura 16: Estela de Hervés (Troáns).

Pría, mansión que identifica con Iria, cruzando antes de chegar a ela o Ulla por Cesures. Para chegar á seguinte mansión, *Assedonia*, pasaba de novo o río e seguía por Barcala e Couso ata Ponte Vea, onde de novo volvería cruza-lo río Ulla. Despois pasa próxima a Vilariño e Vaamonde e pasando por Lamas, Gastrar e O Pino. Chega a Oines punto onde se coloca esta mansión. Desde Oines por Viladavil, Golán, e montes de Gondollín..... (continúa co trazado da calzada, pero xa que se aparta bastante de Cuntis, non o reproducimos).

Entre outros dos autores que cita Estefanía Álvarez encóntrase Blázquez, que estudia posteriormente o itinerario desta calzada romana e realízao por outro lugar, é dicir, o trazado da vía varía. Leva a calzada romana ata Cuntis, onde cre que hai que localizar *Aquis Celenis*. Monteagudo é outro dos autores que analiza o trazado das calzadas romanas galegas e o itinerario que marca para a vía XIX é diferente dos anteriormente mencionados.

Filgueira Valverde, sitúa a Mansión de *Aquis Celenis* en Caldas de Reis, xa que para el é cruce de vías.

Estefanía Álvarez apunta que a hipotética reconstrución da calzada pasaría por Moimenta, Couso, Moraña, Cequeril e Laxe, pasando por Pena Vicuña diríxese a continuación a Cuntis. Antes desa, atravesa o río Umia pola ponte Taboada. Unha vez pasado Cuntis segue en liña recta por Portela ata Pontevea e cruza neste lugar o Ulla. É necesario sinalar que esta autora analiza todo o percorrido da *Vía XIX*, pero só reproducimos aquel tramo do trazado que nos interesa. Continuando cara ó Norte polo camiño descrito, os quilómetros que corresponden ás 24 millas existentes entre *Turoqua*, unha das mansións do *Itinerario Antonino*, e *Aquis Celenis*, cúmprense en Cuntis. Comenta que os restos atopados en Cuntis confirman que nela estivo esta mansión. A existencia dunha estación de augas esixida polo topónimo queda confirmada polas inscricións dedicadas ás Ninfas. Despois desde Cuntis ata Pría faltaban 12 millas.



Cre que os eruditos anteriores cometeron o erro de levar esta calzada por Caldas de Reis, e que así o proban os vestixios de calzada que quedan por esta zona e analizados anteriormente. Asegura que fronte destes datos non se pode sinalar un só vestixio que poida indicar paso de camiño entre Moimenta e Caldas de Reis. Ademais o feito de cadrar en Cuntis a distancia esixida, unido á existencia de augas, son datos suficientes para identificar esta vila coa antiga *Aquis Celenis*.

Antonio de la Peña Santos (1990-1991) é outro dos autores que se ocupa do estudio do trazado das vías romanas en Galicia e cre que a mansión *Aquis Celenis* encóntrase en Caldas de Reis. Fai un repaso polos trazados propostos polos diferentes autores que se ocuparon deste mesmo asunto e que cremos de grande interese. Así comenta:

- Saavedra, 1863: *Aquis Celenis* está en Caldas de Reis.
- Barros Silvelo, 1875: *Aquis Celenis* é Caldas de Reis.
- Fita e Fernández Guerra, 1880: manteñen o Itinerario e as mansións de Saavedra.
- Blázquez, 1923: *Aquis Celenis* é Caldas de Cuntis.
- Carré Aldao, 1935: *Aquis Celenis* é Caldas de Reis, pero difire con Saavedra xa que fai segui-la vía por Cuntis.
- Gorostola, 1936: *Aquis Celenis* é Cuntis.
- Monteagudo, 1951: é o primeiro en reconduci-la vía XIX pola depresión Meridiana. Non sitúa as mansións.
- Figueira Valverde, 1956: sitúa *Aquis Celenis* en Caldas de Reis.
- Estefanía Álvarez, 1960: sitúa *Aquis Celenis* en Cuntis.
- Tranoy, 1981: recolle o trazado de Monteagudo e sitúa *Aquis Celenis* en Caldas de Reis.
- Sá Bravo, 1984: recolle o trazado de Barros Silvelo.
- Arias Bonet, 1987 e 1989: sitúa *Aquis Celenis* en Cuntis.

A través desta pequena recompilación historiográfica sobre a posible localización desta mansión romana na que sen dúbida quedaron fóra outros moitos autores, vemos como o problema da súa existencia e ubicación na vía XIX está aínda por determinar.

Pese a todo o comentado unha cuestión de grande importancia e que sería relevante para a localización definitiva desta e doutras mansións do *Itinerario*, reside en saber se verdadeiramente se están a ter en conta todas aquelas vías ou calzadas secundarias que eran empregadas polos romanos. Sabemos que en todos aqueles lugares nos que se encontra unha área de ocupación romana, posiblemente estiveran comunicados con calzadas ou vías secundarias, hoxe en día totalmente destruídas. Polo tanto a información do *Itinerario Antonino* ha de se ter en conta como unha pista sobre esta cuestión xa que posiblemente perderan moitos datos de vías e

calzadas secundarias que formaban parte do armazón da rede viaria en época romana.

Con respecto a este asunto Peña Santos comenta que encontrar en Galicia algún resto de vía romana é unha tarefa arduo complicada debido á orografía do terreo, ó minifundio, etc... No que atinxe ó paso da vía XIX tan só se pode afirma-lo seu paso por Pontevedra. Posiblemente a súa construción comezouse en época de Augusto, entraría por Tui e seguiría recta cara ó Norte, pola Depresión Meridiana ata cruza-lo río Ulla nas proximidades de Cesures. As mansións de Sur a Norte son: *TUDE* (Tui); *BURBIDA* (Vilar de Eufesta); *TUROQUA* (Pontevedra); *AQUIS CELENIS* (Caldas de Reis); e pasando o Ulla *IRIA* (Iria Flavia) (de la Peña Santos 1990-1991).

Existen outros autores como Gloria Mora (1981) que identifican *Aquis Celenis* con Cuntis, baseándose para isto, nos restos de construcións balneares, e nos restos romanos relacionados con este balneario. Segundo os datos desta mesma autora, Hübner identifícaa con Cuntis e Tranoy sitúa en Cuntis a *Aquae Calidae* de Ptolomeo, o mesmo ca Blázquez (Blázquez e García Gelabert 1992).

En relación con toda esta cuestión Rodríguez Colmenero (1996) comenta que os *Cileni* son os últimos pobos que habitan a franxa costeira do convento lucense da descrición que deles realiza Plinio. Teñen como cidade máis importante *Aquis Celenis*, que aparece mencionada no só nos Itinerarios, como importante mansión viaria, senón tamén nos textos romano-tardíos como municipio e residencia de bispos. Ptolomeo pola súa parte identifícaa con *Hydata Termá*, Augas Quentes.

Segundo tódolos datos que consultamos hai máis autores a favor da ubicación desta Mansión en Caldas de Reis ca en Cuntis, aínda que tamén conta con algúns seguidores. Sen embargo, o poder descifrar en cal das dúas vilas estivo situada esta mansión romana, é unha tarefa moi complicada á vista dos escasos datos cos que se conta e que os existentes son moi similares para calquera dos dous lugares: en ambos hai restos de antigas construcións romanas relacionadas coas augas, ofrendas, estelas e inscricións, etc....

## CONCLUSIÓNS

Por todo o comentado e como xa se foi vendo no desenvolvemento deste capítulo, Cuntis foi un importante lugar de ocupación romana na antigüidade, non só na vila senón en toda a Comarca. Pese a todo é necesario facer fincapé no feito de que tódolos restos atopados nas terras cuntenses están relacionados con parte da historia relixiosa destas xentes en época romana, e non hai elementos que fagan referencia ós seus espazos domésticos.

A través dos datos comentados, e baixo o noso punto de vista, a estación relacionada coas augas situada na vila

en época romana correspóndese cun Balneario á vista dos achádegos arqueolóxicos, restos arquitectónicos e o feito de que as augas que nacen na vila teñan unha temperatura determinada que apunta cara ó seu uso terapéutico en época romana e que aínda hoxe en día se segue a empregar. O achádegos de ex - votos como aras dedicadas ás Ninfas (divindades das augas), tesouriños de moedas e a existencia dunha posible escultura en bronce relacionada tamén coas augas ou coas propiedades medicinais das mesmas, así o certifican. Ademais o feito de que hoxe en día o balneario actual estea situado no mesmo lugar e que continúe aproveitando augas con propiedades medicinais que manan das terras deste concello, veñen a avaliar esta hipótese.

En Cuntis actualmente existen tres fontes das que manan augas termais:

1. *Lume de Deus*: coñecida por outros como Burga do Foxo, situada fronte da actual hotel-balneario.

2. *Burga do Balneario*.

3. *Castro Quente o Castro*: estas dúas últimas situadas dentro do recinto balnear.

Isto sumado do feito da existencia de cinco casas de baños antigas (Eira Vella, Eira Nova, O Castro, A Virxe e Fornos) fainos reflexionar sobre as dimensións que posiblemente tiña este recinto. Actualmente o Balneario está edificado sobre as casas da Virxe e O Castro, quedando por tanto tres casas de Baños sen identificar. Sen embargo, algúns veciños recordan que en 1992 cando se estaban a realizar obras no parque público de Cuntis encontráronse varios túneles de pedra escavados no xabre que posiblemente formasen parte dun sistema de canalización de augas de época romana<sup>7</sup>. Polos datos referidos, posiblemente se tratase dunha parte do antigo balneario romano, hipocausto ou similar, co que se podería identificar así outra das antigas casas de baños, O Forno. Desta maneira quedan aínda tres casas por identificar e que posiblemente nun futuro poderán axudar a concluí-la historia romana do noso concello. En relación con isto, Madoz (1848-1850) comenta que as casas chamadas da Eira teñen unha delas dous baños e a outra catro, e en cada un deles caben nove persoas coa debida separación para homes e mulleres, cuartos de desafogo e vestiarios, todo isto ben distribuído. Na casa de Santa María ou da Virxe (construída 12 anos antes da publicación desta obra) presenta tamén catro baños e un local no que se poden poñer camas. Sen dúbida o autor refírese neste caso ó antigo balneario, ó primeiro que se construíu en Cuntis. As casas de Hornos e Castro teñen a primeira un baño e a segunda dous, pero mal coidados. Neste caso posiblemente faga referencia a baños ou estancias romanas.

Pese a todo é necesario facer fincapé no feito de que tódolos restos encontrados nas terras cuntenses están relacionados con parte da historia relixiosa destas xentes en época romana, e non hai elementos que fagan referencia ós seus espazos domésticos.

Do mesmo xeito a cantidade de achádegos casuais cos que nos está premiando a terra cuntense, axudan pouco a pouco a lle dar forma ó capítulo romano da súa historia.

#### BIBLIOGRAFÍA

- Anónimo. 1905. "Nueva historia y monografías geográficas de la Provincias de España. Monografía geográfico-histórica de Galicia". Madrid. (páx 592).
- Acuña Castroviejo, F. 1972. "Sobre tres Minervas encontradas en Galicia". *Historia Compostelana*. Nº17. (páx 17-22)
- Barreiro, V. V. 1892. "Descubrimientos arqueológicos". *Galicia Diplomática*. Nº2 (páx 14-15).
- Blázquez, J. M. 1999. "Los cultos sincréticos y su propagación por las ciudades hispanorromanas". En: *Los orígenes de la ciudad en el Noroeste Hispánico*.
- Blázquez, J. M. 1977. *Imagen y Mito*. Madrid.
- Blázquez, J. M.; García Gelabert, M. P. 1992: "Recientes aportaciones al culto de las aguas en las Hispania Romana". *Espacio, Tiempo y Forma. Serie II. Historia Antigua. Tomo V*.
- Díez de Velasco. 1985. "Balnearios y dioses de las aguas termales en Galicia Romana". En: *Archivo Español de Arqueología*, LVIII.
- Díez Platas, F; 1987. *Catálogo e Iconografía de las Ninfas en la Hispania Romana*. Tomo I e II. Madrid.
- Estefanía Álvarez, M.del D. N. 1960. "Vías romanas de Galicia". *Zephyrus*. TXI. (páx 5-103).
- Figueiras Rey, A. 1996. Catalogación Arqueolóxica, Documentación Planimétrica do Casco Histórico de Cuntis (Pontevedra).
- Filgueira Valverde, J. 1944. "Miscelánea: como fueron halladas las aras de Cuntis" *El Museo de Pontevedra*.
- Filgueira Valverde, J. García Alén, A. 1953. Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra. *Museo de Pontevedra. Ponencia desarrollada ante el III Congreso Arqueológico Nacional*. Pontevedra.
- Filgueira Valverde, J.; García Alén, A. 1959. "Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra". EMP, XIII.
- García y Bellido, A. 1969. "Esculturas romanas de Galicia". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. XXIV. (páx 27-34).

<sup>7</sup> Ver esta información en "A Articulación do poboamento medieval na antiga Terra Termarum", de Héctor Picallo Fuentes. (Páxina 117, Nota ó pé nº 3).

- García Romero, C. 1916: "Cuntis, Memorias romanas". *Boletín de la Real Academia Gallega (BRAG)*. Nº108. XI. (páx 273-278).
- García Romero, C. 1917. "Memorias romanas de Cuntis". *BRAG*, 119. XII. 1917 (páx 289-292).
- García Romero, C. 1920: "Cuntis. Memorias romanas". *BRAG*.(páx 174 -180).
- Gómez de Bedoya e Paredes, P. 1765. "Historia Universal de las fuentes minerales de España". II, Santiago.(páx, 39-41).
- Hernández Pacheco, F.; Bellot Rodríguez, F. e López de Azcona, J. M.; 1974: "Estudios sobre el manantial de Caldas de Cuntis". *Annales de la Real Academia de Farmacia*, Nº3-4. Capítulo: "Consideraciones sobre los manantiales minero-medicinales de Cuntis". (páx 29-36, de la separata; páx 30-31).
- Leguina, E. 1907. "Obras de Bronce". Madrid. (páx 35).
- Limón Montero, M. 1697. "El espejo Cristalino".
- Madoz, P; 1848-1850. Diccionario geográfico- estadístico-histórico de España. Madrid.
- Mariño Ferro, X. R. 1997. "Os animais na medicina máxica tradicional". En: Medicina Popular e Antropoloxía da Saúde. *Actas do Simposio Internacional en Homenaxe a Don Antonio Fraguas*. Santiago.
- Menéndez Pidal, R. 1982. Historia de España: España romana (218 a.C- 414 d.C). La sociedad, el derecho, la cultura. Tomo II.
- Moltó, L. 1992. "Tipos de Aguas mineromedicinales en yacimientos arqueológicos de la Península Ibérica". *Espacio, Tiempo y Forma. Serie II. Historia Antigua*. Tomo V. (páx, 216).
- Mora, G. 1981: "Las Termas romanas de Hispania". *Archivo Español de Arqueología*. 58: (páx 37- 89).
- Neira de Mosquera. 1852. "Semanario Pintoresco Español".
- Oró Fernández, E. 1996. "El Balneario romano: aspectos médicos, funcionales y religiosos". En: *El Balneario romano y la Cueva negra... Antigüedad Cristiana (Murcia)*. XIII.
- Otero, R. 1867. "Galicia Médica. Apuntes para servir al estudio de la geografía médica de Galicia". Santiago. (páx, 197-206).
- Peña Santos, A. de la. 1990-91. "Consideraciones sobre las vías romanas de la Provincia de Pontevedra". Castrelos, III-IV. (páx 217-243).
- Picallo Fuentes, H. e Picallo Fuentes, M. 1999. "Achado dunha estela romana na Parroquia de San Mamede de Piñeiro". *A Taboada*. Ano 0; Nº0.
- Rivera, C; Vázquez, V.M, 1883. Guía de Galicia. Madrid. (páx, 122-123).
- Rodríguez Colmenero, A; 1992. "Achegas epigráficas a tres estelas monumentais da beiramar de Galicia: dúas en Vigo ¿Vicus Spicorum? E unha en Santa Comba (A Coruña)". En: Galicia da romanidade á Xermanización. Problemas históricos e culturais. *Actas do encontro científico en homenaxe a Fermín Bouza Brey (1901-1973)*. Santiago. (páx 21-32).
- Rodríguez Colmenero, A. 1993. "Santa Eulalia de Bóveda". En: *Historia da Arte romana de Galicia. Arte Prehistórica e Romana*. Galicia-Arte. Tomo IX. A Coruña.
- Rodríguez Colmenero, A. 1996. "Pueblos prerromanos del convento jurídico lucense". LUCUS AUGUSTI. I. El amanecer de una ciudad. *Fundación Pedro Barrié de la Maza*.
- Sandino y Barcón. 1908. en *BMC de Ourense*. Tomo III, Nº63. (páx 258-259). Sección de "Noticias".
- Schulten, A.; Maluquer, J. 1987. Hispania Antigua según Pomponio Mela, Plinio el Viejo y Claudio Ptolomeo. *Fontes Hispaniae Antiquae*. Barcelona.
- Taboada Leál, N. 1877. "Hidrología Médica de Galicia...". Madrid. (páx 151-152).



# ACHEGAMENTO Ó ESTUDIO DUNHA NOVA ARA CUNTIENSE. DII BUXIMUS: CONTRIBUCIÓN Ó PANTEÓN GALAICO-ROMANO

Héitor e Martiño Picallo Fuentes

*Asociación de Amigos dos Castros*

Fundación Terra Termarum

## Resumo

Pretendemos dar conta con estas investigacións da existencia dunha nova ara romana atopada no Concello de Cuntis que, se ben se presenta grandemente problemática, fai abrollar dispares reflexións de lecturas epigráficas moi semellantes. Nela obsérvanse características claramente indíxenas, sendo ademais portadora dun teónimo non clasificable dentro do panteón galaico-romano existente, por tanto, inédito. Sospeitamos, a tenor da raíz latina do mesmo (Bux-) que tal vez puidese estar relacionada cun *numen* identificable coa flora do monte baixo, como logo se observará.

## Palabras Chave

Ara clásica provinciana. Influencias indíxenas. Desorden gráfico. Dificultade na lectura debido á erosión. Teónimo inédito. Ductus pouco correcto.

## Abstract

The existence of a new Roman ara located in the municipality of Cuntis is here shown. This are is widly problematic, since it allows to make failly different epigraphic lectures. Some clearly indigenous signs are to be seen in then, such as a God's name not previously known in the indigenous-roman pantheon. Due to its Latin basis (Bux-), we suspect its possible relation with some kind of *numen* limited to the vegetation of mounds.

## Keywords

Classical provincial ara. Indigenous influences. Graphical disorder.

"(...) hacia finales del siglo I d.C., sin que podamos datarlo más exactamente, desaparecen aquellas formas de organización socio-política propia de los indígenas (...) y que componía el sistema de *castella*, subdivisiones dentro de comunidades muy poco integradas. A partir de ese momento, los pueblos indígenas de Gallaecia van a funcionar como comunidades políticamente integradas, exactamente igual que las de Italia o de la Bética"<sup>1</sup>.

(G. Pereira Menaut)

## PRIMEIRA PARTE. AMBIENTACIÓN HISTÓRICO-XEOGRÁFICA

Como ben pretende indicar este título, procederemos, antes de entrar de cheo no tema central, a matizar cunhas pinceladas certos aspectos que resultarían interesantes para poder comprender mellor a envergadura e significado do achado arqueolóxico, ambientándonos na necesaria bibliografía especializada no tema e nas particularidades arqueolóxicas da vila cuntiense. Comezamos, logo así, cunhas lixeiras sondaxes no feito indíxena e romanizador, que esforzadamente e con todo rigor ten tratado o profesor G. Pereira Menaut.

## INDIXENISMO E ROMANIZACIÓN

O cronista Estrabón comentábanos no ano 7 a.C., na súa *Xeografía*, que a *Calaecia* (ou Galicia dos seus días) estaba constituída por comunidades practicamente ateas, afirmación carente de fiabilidade como se ten estimado dende xa fai bastante tempo<sup>2</sup>; parece ser que xeógrafos como este pretendían amosar ós ollos dos conquistadores romanos unha identificación entre barbarismo e *galaicos*, definindo deste xeito unha ausencia de xustiza e a

presencia duns *populi* primitivamente organizados-necesitados polo tanto da acción "civilizadora" de Roma<sup>3</sup> -. Ademais dalgúns testemuños epigráficos galegos, actuais investigacións desmente o formulado por Estrabón, reafirmando a tese de se-los xeógrafos clásicos posuidores dunha pouca base nos seus estudos, ora por considerar ós galaicos como poboacións relacionadas cos lusitanos, astures e cántabros, ora por non utilizar informacións de primeira man<sup>4</sup>.

Segundo os datos que puidemos consultar sabemos, por poñer un exemplo simbólico, que tan só no caso das inscricións de aras romanas da provincia de Pontevedra - nas que se poden interpreta-los seus teónimos con plena nitidez- superan o 55% as de veneración pagán. Lembremos, logo así, divindades indíxenas rememoradas nalgúns aras votivas galegas: Aegimuniaego, Aernus, Ariounis Mincosegaeigis<sup>5</sup>, os deuses Ceceagis<sup>6</sup>, Cohvetene, Consuena, Conventina, Deus Lariberus Breonis (Breoro ou Breo), Lari Ocaelaedo<sup>7</sup>, Luc, Nabia, Vestio<sup>8</sup>, e outras moitas, así como algunhas que o foron das nosas demarcacións caldenses, a saber: Coso Soaegoe (Portas), Bandua (Catoira) e Edovio (Caldas de Reis)<sup>9</sup>, etc. Igualmente, nas aras máis primitivas adicadas a IOVI, ou a I(upiter) O(ptimus) M(aximus), pódese suxerir un habitual xeito co que o indíxena ofrece agasallo ou ofrenda (ex voto) ó seu mellor e maior deus, non concibíndose así un concepto pleno e real da figura do Xúpiter clásico. Posteriormente este teónimo suplantaría, polas súas cualificacións de "mellor" e "maior", a todos aqueles "microteónimos" que ocupaban un posto sobresaínte dentro das adoracións indíxenas locais<sup>10</sup>; e logo do impulso que Traxano e Hadrián farían desta deidade clásica, non sería estraño confeccionar aras que, afastadas da propia tipoloxía clásica, levasen gravadas dedicacións a un IOVI cargado de epítetos ou apelativos propiamente indíxenas<sup>11</sup>.

<sup>1</sup> G. Pereira Menaut, 'La formación histórica...', pp. 271-287. Aproveitamos o momento para agradecer as axudas prestadas por X. C. Folgar Laya e os arqueólogos V. Caramés Moreira (Museo do Mar, Vigo) e A. de la Peña Santos (Museo de Pontevedra) na busca da mellora da calidade destes estudos. Estas investigacións que aquí achegamos xa foron publicadas por nós noutra ocasión, tal vez, menos ambientadas do que o están agora. Consúltase ó respecto: H. PICALLO FUENTES, 'Achega ao panteón galaico-romano. Aproximación ao estudio dunha nova ara cuntiense', en *A Taboada*, 5 (xullo 2002), pp. 175-190.

<sup>2</sup> Cf. F. Calo Lourido, *op. cit.*, p.190.

<sup>3</sup> G. Pereira Menaut, 'Los Galaicos...', p. 315.

<sup>4</sup> F. Acuña Castroviejo, *op. cit.*, pp. 236-237.

<sup>5</sup> J. C. Rivas Fernández - A. Seara Carballo, 'Nueva aportación al panteón galaico romano: ARIOUNIS MINCOSEGAIGIS', *Boletín Auriense* (a partir de agora BA) 28-29 (Ourense 1988-1989), pp. 95-102.

<sup>6</sup> X. Rodríguez González - A. Seara Carballo, 'Localización del ara nº 2597 del C.I.L. II y nuevos epígrafes en la provincia de Orense', en BA, 13 (Ourense 1983), pp. 23-29.

<sup>7</sup> X. Rodríguez González, 'Nueva aportación al panteón galaico-romano: Lari ocaelaedo', en BA, 20-21 (Ourense 1990-1991), pp. 204-209. Tanto Lariberus Breonis como Lari Ocaelaedo son dedicacións ós deuses lares pero que amosan epítetos indíxenas que poderían ser datados na época dos Flavios (comezada no ano 69 d.C. con Tito Flavio Vespasiano) ou xa na dos comezos dos Antoninos (96-192 d.C.).

<sup>8</sup> Bandua Veigebreaego, Bono, Bormanico, Brico, Corono, Cossuesegidiaecus, Deverio, Dubedicus, Laeso, Macario, Mandica, Mentiviaco, Marti Cairiogiego, Moelio Mordetitego, Nabia Corona, Ocaere, Peomano, Pilio, Reo, Reva, Verono, Virrore, etc. Forman un conxunto incompleto do listado de teónimos galaico-romanos. Cf. F. S. López Gómez, *Os primeiros galegos...*, pp. 163.

<sup>9</sup> Sobre teónimos galaicos recoméndase consultar C. BÚA, 'Dialectos indoeuropeos na franxa occidental hispánica', en *O Feito Diferencial Galego*, vol. I: A Historia (coord. G. Pereira Menaut, Santiago 1997), pp. 51-99; e tamén J. Untermann, 'Los teónimos...', pp. 343-363.

<sup>10</sup> F. Arias Vilas, *A Romanización...*, p. 140.

<sup>11</sup> Cf. M. V. Quintela, *op. cit.*, pp. 380 e ss.






Figura 1: Mapa arqueológico I.



Figura 2: Mapa arqueológico II.



Figura 3: Mapa arqueológico III.

ou, o que é o mesmo, dos castros. Teñamos presente que tratándose de sociedades ritualistas, como así o testemuñaban a existencia de artes agoireiras (*extispicium*, ornitomancia e piromancia, xa referenciadas por Estrabón e Sílio Itálico<sup>12</sup>), é de necesidade esixida a presenza dunhas "relixións" ou "solucións mítico-relixiosas" que aproximasen un porqué dun "universo terreo e espiritual" ausente dun "manual ou código explicativo". Tamén cómpre ter presente que a sociedade daquel entón non era tan só indíxena ou romana, xa que debemos manitar na idea de que moitos dos membros integrantes das tropas do exército proviñan de diferentes zonas do Imperio. Estes, ademais, curiosamente, utilizarían un latín vulgar mesturado con léxico propio da rexión de onde proviñan; así pois, pensemos que tamén poderían manter divindades de seu, amais das claramente romanas.

Todas estas aclaracións introductorias son debidas ó achado dunha nova ara romana no concello de Cuntis que, por algunhas particulares características, ten semellanza coas elaboracións de trasfondo indíxena, ou ó menos galaico-romano, afastándose, así logo, dos estereotipos propiamente clásicos.

## LOCALIZACIÓN DO ACHADO

Esta peza arqueolóxica, xunto cunha basa dunha columna e varios muíños circulares, foi atopada, parece ser, no centro da propia vila de Cuntis e, segundo a información facilitada a *La Voz de Galicia* pola *Asociación Amigos dos Castros* da mesma veciñanza<sup>13</sup>, deducimos a súa concreta zona de localización nas proximidades das fontes medicinais de auga quente que levan os nomes de *A Burga da*

*Virxe*, *A Burga da Carreira do Conde* e *A Burga da Rúa Real*, todas nas proximidades da actual infraestrutura balnearia.

<sup>12</sup> SILIO ITALICO, *Punic*, III, 344-345 e ESTRABÓN, *Xeografía*, III, 3, 6. Cf. M. NALDINI, *op. cit.*, pp. 56 e 98. En relación coas referidas artes adiviñatorias indicaremos que o *extispicium* consistía en ler ou interpreta-las entranas dos animais ou vítimas previamente sacrificadas; a ornitomancia a interpretación do futuro por medio do canto e o vo das aves; e a piromancia por medio do lume tendo en conta a cor, a forma, as súas muxicas e o seu chasquido.

<sup>13</sup> Cf. *La Voz de Galicia* do 4-V-2001 (edic. Pontevedra, corresp. C. Barral), p. II.

## CONTEXTO ARQUEOLÓXICO

No que afecta á presenza doutros achados arqueolóxicos, da mesma categoría e época histórica rexistrados nas demarcacións cuntienses, cómpre cita-las dúas aras romanas dedicadas ás ninfas e conservadas nas instalacións do Museo de Pontevedra; o epígrafe dunha estela romana atopada no lugar de Soutelo (S. Mamede de Piñeiro) e o fragmento doutra localizada ó pé duns bacelos do lugar da Hervés (Sta. María de Troáns). Ademais, depositada nos xardíns municipais da parroquia de Sta. María dos Baños de Cuntis (e xa dende hai innumerables anos), consérvase outra peza pétrea, alongada, troncocónica e provista no seu extremo inferior dun elemento que, soterrado, lle servía de soporte para ser fincada verticalmente (comunmente coñecido como cipo). O elemento, que non conserva ningún tipo de inscrición, tan só posúe un estriamento lonxitudinal de profundas incisións que percorre toda a súa superficie. Deste xeito, e en relación co contexto arqueolóxico da vila de Cuntis, todo nos leva a vinculala -baseándonos nas concretas características físicas e gardando ademais notables semellanzas con aqueloutra conservada no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense e procedente da zona de Verín<sup>14</sup>-, tal vez con cultos priápicos. Dimensionalmente diremos que 174 cm. é a súa lonxitude máxima aproximada, na que 60 cm. xa son de cipo; ademais o seu extremo superior posúe un perímetro de 71 cm e o inferior de 150.

Continuando cos testemuños histórico-arqueolóxicos estes incrementáanse logo de facermos revisión das publicacións en prensa. Deste xeito, e con datas moi dispares, localizamos tres artigos publicados por Máximo Sar que versan sobre o mesmo tema: as aras romanas cuntienses dedicadas ás ninfas. O primeiro deles, con data do 3 de xuño de 1958, ó igual que acontece cos restantes (3-V-1975 e 24-XII-1999), sinálanos que non foron dúas senón tres as aras descubertas nesta xeografía e dedicadas ás citadas divindades; vémolos cun extracto:

"(...) De esta época son interesantes dos aras votivas que actualmente se conservan en las ruínas de Santo Domingo, Sección Lapidaria del Museo de Pontevedra. Ambas están dedicadas a las ninfas por Cayo Antonio Floro. Existe una tercera en la cual Isaurio Dionisio, liberto del emperador, muestra el agradecimiento a las mismas divinidades. Las de Cayo Antonio, según Filgueira Valverde, fueron encontradas por Don José Cornide y Saavedra, el cual las liberó de su condición de escalones de un antiguo mesón -función muy poco noble tratándose de aras votivas- y las expuso a la curiosidad pública en el atrio de la Iglesia (...)"

Dado que esta última ofrecida por Isaurio Dionisio non a puidemos localizar en ningunha instalación museística



Figura 4: Posible estela da horta do cura. Obsérvase o seu cipo.

### Los canteros de Cuntis habían su "latín" en los más diversos puntos de España

Si se quiere ahondar en la fundación e historia de Cuntis se encuentra uno con el mismo inconveniente con que se tropieza en la inmensa mayoría de las villas gallegas, que no existen archivos, por lo que los franceses, durante la guerra de la Independencia, se encargaron de destruirlos conscientemente. Pero la antigüedad del pueblo le proclamaban una porción de Castros destruidos por el terremoto y los hallazgos de la época de la dominación romana. De esta época son dos interesantes aras votivas que actualmente se conservan en las ruínas de Santo Domingo, Sección Lapidaria del Museo de Pontevedra. Ambas están dedicadas a las Ninfas, por Cayo Antonio Floro. Existe una tercera en la cual Isaurio Dionisio, liberto del Emperador, muestra su agradecimiento a las mismas divinidades. Las de Cayo Antonio, según don José Filgueira Valverde, fueron encontradas por don José Cornide y Saavedra, el cual las liberó de su condición de escalones en un antiguo mesón -función muy poco noble tratándose de aras votivas- y las expuso a la curiosidad pública en el atrio de la Iglesia.

Diario: La Noche  
3 de xuño de 1958

(Maximo Sar)

Figura 5: Recorte de prensa onde se fala dunha terceira ara dedicada ás ninfas.

pública, ademais de ser o único dato que posuímos deste achado, debemos sospeitar que a día de hoxe se poida conservar en mans privadas, ocultando a comprobación da súa lectura epigráfica, ou, en último termo, que se trate dunha información errónea.

Ademais, para recoñecer-la importancia cuntiense na época romana aconsellamos observar-la súa toponimia medieval<sup>15</sup>, onde se pode xa intuír unha sobresaínte importancia termal no seu medievo e que obviamente lle procedía, máis que de seguro, da época romana.

Guiándonos agora da obra de Taboada Leal, *Hidrología Médica de Galicia* (datada en 1877), no seu apartado descriptivo das instalacións balnearias da Virxe, na sección de aplicación hidroterápica para extremidades e chorros, documentaba este autor que tal recinto era semellante ó dunha cova, motivo que nos fixo cabilar na

<sup>14</sup> Cf. A. Rodríguez Colmenero, 'Escultura...', pp. 440 - 446.

<sup>15</sup> Cf. H. Picollo Fuentes, nesta mesma revista 'A articulación do poboamento medieval na antiga Terra Termarum'.

posibilidade dunha edificación de características semellantes ás dunha terma romana, contemplémolo nun parágrafo: "Estos se reciben en una especie de cueva, en la cual hay ocho escalones, bastante cómodos, por cuyo medio, y el de ocho caños situados, tres á cada costado, y dos á la testera, se aplican á la parte que se desee". Con este tipo de comentarios: ¿a quen non lle vén á mente a imaxe das termas de Lugo? Inclusive, ata antes das obras efectuadas nas mesmas instalacións e sufragadas polo mecenado do II Conde de Ximonde (D. Pedro Cisneros de Castro), os baños do Hospital e Casa da Virxe non deixaban de ser unhas "chozas"; como ben nos mostra a documentación que puidemos localizar.

## SEGUNDA PARTE. FISIONOMÍA, ESTUDIO E HIPÓTESE

Proseguimos agora co afondamento nos campos epigráfico, tipolóxico e teórico desta nova ara cuntese que, se ben se nos presenta grandemente laboriosa e de problemática engadida na identificación gráfica dos seus caracteres, non nos deixa de estimular a nosa curiosidade provocando novas interpretacións e, en consecuencia, maior carga de dúbidas na procura dunha máis correcta aproximación epigráfica; aínda que nos decantaremos por relacionala cunha posible adaptación latina da raíz do seu teónimo (*interpretatio romana*).

### DESCRIPCIÓN

Iniciando xa co estudio propio desta nova ara romana cuntese podemos indicar, xa de principio, as características propias da súa fisionomía. Está provista, logo así, de dúas zonas claramente diferenciadas: un campo epigráfico e un dado superior ou cornixa, ausente polo tanto de basamento -apreciando deste xeito quen sabe se unha posible mutilación da peza<sup>16</sup>. A cornixa, decorada mediante tres faixas horizontais (a intermedia máis ancha que as dos extremos), ten por remate superior dous *pulvilli* (*acroterios* ou almofadóns<sup>17</sup>) localizados en senllos laterais, nembargantes está ausente de *foculus* (ou braseiro onde deposita-las ofrendas ó *numen*). Esta mesma moldura superior ten un dimensionado de 30 x 27 x 26 cm. en ancho, alto e espesor, respectivamente; 26 x 50 x 20 será na mesma orde o do campo epigráfico. Unha diferenza de tan só 6 centímetros é a separación dimensional do ancho e o espesor desta última zona, característica do máis habitual nas aras votivas, como nos indica Rivas Fernández<sup>18</sup>.

No que atinxe ó seu estado de conservación diremos que, desgraciadamente, non se atopa na mellor das condicións desexadas, prexudicada non só por posuír un granito de gran groso como soporte material e importantes concentracións micáceas e que lles facilitan un aspecto un tanto rústico, senón ademais pola visible erosión e alteración, debida tal vez a axentes químicos (acaso resultado da acción das augas sulfuradosódicas dos mananciais que se localizaban nas proximidades a onde se puido atopar). Todo isto, como poderemos comprobar, dificultará grandemente unha fácil ou máis precisa lectura da súa inscrición.

Ofrece igualmente particularidade a resaltar o feito de que o seu reverso careza dos elementos decorativos (faixas ou molduras horizontais) que posúe pola contra no anverso; precisando, móstrase totalmente nesta cara sen esculpi-las dúas zonas diferenciais (o dado superior e a área oposta ó campo epigráfico), presentándose alisada, sen traballar e unicamente desbastada. Parece ser, ademais, como curiosidade e guiándonos das aclaracións de Baños Rodríguez e Pereira Menaut, que é esta característica acto de reafirmación do seu indixenismo, sendo "concebidas para ser pegadas a unha parede e chantadas no chan"<sup>19</sup>.




Figura 6: Dimensionado da ara.

### ¿INDIXENISMO OU 'CLASICISMO PROVINCIANO'?

Antes de entrar en materia neste apartado non estaría de máis facer fincapé nunha necesaria aclaración sobre o concreto significado que tentamos amosar coa acepción "indixenismo". Será tratado de tal xeito por nós tan só o aspecto físico e tipolóxico da peza arqueolóxica en

<sup>16</sup> Sobre a estrutura típica das aras romanas de Galiza vid. A. Rodríguez Colmenero, 'Estructura en relieve y vulto redondo', en *Arte prehistórico y romano*, t. 9 da colección "Galicia. Arte" (dir. edic. M<sup>a</sup>. del M. Pérez Negreira, A Coruña 1993), pp. 418 e ss.

<sup>17</sup> Miden na súa altura 3 cm., aproximadamente, estos acroterios

<sup>18</sup> J. C. Rivas Fernández, 'Las inscripciones romanas del "Castillo de Ganade" (Xinzo)', en *BA*, 20-21 (Ourense 1990-1991), p. 226.

<sup>19</sup> G. Baños Rodríguez, *op. cit.*, p. 351



Figura 7: Ara ás ninfas (Baños de Cuntis).

cuestión (as súas características máis ou menos vinculables a un estereotipo lonxe do clasicismo), non polo tanto se é ou non portadora dun teónimo catalogable dentro do panteón romano.

O epigrafista G. Pereira Menaut, nunha das súas numerosas investigacións no campo das inscricións romanas, distingue dous grandes grupos dentro da epigrafía 'corrente': as de raíz indíxena e as 'clásicas' en versións máis ou menos provincianas. As primeiras delas, inauguradas en Galicia no século I d.C. (tal vez antes da época Flavia<sup>20</sup>), son moi pouco numerosas na nosa xeografía no tocante ás inscricións votivas, sendo as que máis as que conforman o segundo grupo, as denominadas provincianas -versións ás veces moi distantes dos prototipos clásicos debido ás súas desproporcións e á incorporación dun dimensionado e decoración indíxenas-<sup>21</sup>. Así mesmo este autor afirmará que:

"(...) en la conformación de las distintas epigrafías, fundamentalmente aquella de carácter máis indígena y aquella más clásica, no depende tanto del origen de las personas que hicieron las inscripciones, sino del ambiente en el que estas fueron hechas. Es el medio, y no tanto las modas o los gustos personales lo que imprime carácter".

Tamén engadirá o feito de que non é estraño que "en el medio rural se concentren los elementos indígenas o indigenizantes, mientras que en el medio urbano o en ambientes de implantación foránea las cosas sean justamente al revés"<sup>22</sup>.

Adscribindo esta nova ara cuntiense a algún destes grupos debemos ser moi cautos, xa que por unha banda garda certa similitude coas propiamente indíxenas (referímonos máis que nada ó feito de non estar tallada polo seu reverso), e pola outra coas 'provincianas' (démonos conta que posúe cornixamento e que non é excesivamente alta), incluso garda certa semellanza, no senso do estilo epigráfico, con aquela atopada a mediados do S. XX en S. Vicente de Présaras (Vilasantar, A Coruña)<sup>23</sup>, e que se clasificaría dentro do grupo de epigrafía 'clásica provinciana'<sup>24</sup>. Malia todo, amosadas as dificultades, envorcámonos por encadrala dentro deste último grupo, o mesmo conxunto ó que Baños Rodríguez designa como "aras votivas galaico-romanas" (ás que pertencen as dúas dedicadas ás ninfas igualmente atopadas en Baños de Cuntis e conservadas nas instalacións do Museo de Pontevedra)<sup>25</sup>.

#### POSIBLE LECTURA EPIGRÁFICA

O contido do epígrafe está distribuído por medio de catro liñas máis ou menos visibles, aínda que puidera ser que antigamente estivese rematado por unha quinta, na que se intúen trazos curvos que tal vez así a constituíron; aínda que tamén a rusticidade da peza lítica, debido claro está á fisionomía do seu gran, pretenda facernos concibir algo ilusorio, obcecados en achar algún outro trazo máis. No primeiro dos casos posibles, e logo de estudia-la ara con diferentes tipos de luz, entendemos a seguinte lectura:

D ii [s]  
B u x  
i m u  
O v i •  
+ + + +

No caso de estar clausurada por unha quinta ringleira de caracteres, e debido a que non se chegaría a formar unha verba completa (a tenor do seu característico estilo epigráfico de ligazón de caracteres), sería lóxico unha terminación nun conxunto de abreviaturas que completase estruturas semellantes as de: v(otum) f(ecit); v(otum) s(olvit)<sup>26</sup>; v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)<sup>27</sup>; v(otum) p(osuit); v(otum) p(osuerunt); p(ro) s(alute); a(ram) p(osuit), etc.

<sup>20</sup> Cf. I. Montranielli, *Historia de Roma* (Barcelona 1971), pp. 327-333

<sup>21</sup> Cf. G. Pereira Menaut, 'Epigrafía "política"...', pp. 295-297

<sup>22</sup> Id., p. 296.

<sup>23</sup> G. Pereira Menaut, *Corpus* ..., p. 107.

<sup>24</sup> Cf. G. Pereira Menaut, 'Epigrafía "política"...' p. 297 e 313

<sup>25</sup> G. Baños Rodríguez, *op. cit.*, p. 351.

<sup>26</sup> G. Susini, *op. cit.*, pp. 61-71

<sup>27</sup> J. M. Coamaño Gesto, *op. cit.*, pp. 61-71



Figura 8: Estudo da ara en positivo e negativo. Interpretación.



Figura 9: Ara ó deus Coso (Roi, Portas).

## CARACTERÍSTICAS DO CAMPO EPIGRÁFICO

Sinalabamos liñas arriba que o campo epigráfico está distribuído nunha superficie aproximada de 26 x 50 cm. en ancho e alto, respectivamente, achegándose a primeira das dimensións a 28 cm. no límite máis inferior. Tratando inicialmente o aspecto da súa aliñación destacamos a súa pouco correcta elaboración, que en casos como no da segunda e terceira ringleira de caracteres amosan un evidente grado de inclinación descendente cara o seu lateral esquerdo. Os espazos interlineais son arbitrarios, na mellor das situacións aproxímase ós 3 cm., na peor á nula presenza (as primeiras letras da primeira e segunda liña, por exemplo, aparecen ligadas entre si polos seus extremos inferior e superior, respectivamente); ademais a primeira aliñación comeza ó pé de cornixa, sen espazo de separación perceptible.

Se analizamos agora a tipoloxía dos seus caracteres representados verémonos obrigados a tratar varias aspectos. Comezamos indicando a súa mala elaboración, cun *ductus* pouco preciso e cun gravado irregular, oscilando o tamaño das letras entre os 8 e os 6 cm., aproximadamente. En segundo termo, os caracteres non se axustan a un correcto gusto clásico (letras como o V, grafado ou correctamente ou co vértice redondeado -U-, difiren do prototipo 'clásico', o que provocou que E. Hübner situase ós epígrafes de aras semellantes entre os séculos II e III<sup>29</sup>). O tipo de U (curvos) aquí amosados son da tipoloxía daqueles esculpidos no fragmento da ara atopada en S. Xiao de Roi (Portas) e, ademais, se atendemos á alternancia de V e U nunha mesma inscrición observáremola, na provincia de Pontevedra, excluindo a que estamos a tratar, na estela de Sta. Eulalia de Atios (Porriño)<sup>29</sup>.



Figura 10: Ara da Sobreira (S. Mamede de Piñeiro, Cuntis).

E terceiro, a existencia de ligaduras nos seus caracteres, por exemplo naqueles que levan a orde 1ª e 2ª da segunda liña (B unido con U), reafirman o seu anarquismo gráfico; caso semellante ó que acontece na estela da Sobreira (S. Mamede de Piñeiro, Cuntis)<sup>30</sup>.

No tocante á presenza de interrupcións debemos indicar que, de habelas, será tan só perceptible no remate da cuarta liña, efectuada mediante un punto. Asemella igualmente a existencia doutro no límite superior da primeira ringleira, mais posiblemente se trate do inicio do trazo alto dun S hoxe desaparecido logo do seu deterioro tralo descascarillamento material.

Todo isto implica chegar a afirmar que a elaboración do decurso epigráfico levouse a cabo sen un estudo previo, en ausencia dun trazado hipotético dos seus caracteres e das súas aliñacións: ¿sabía realmente o epigrafista o que estaba a gravar e, a maiores, decatábase da súa significación, ou ben tan só concibía trazos curvos e rectos como quen realiza unha simple reprodución dun debuxo?

<sup>29</sup> Cf. Acuña Castroviejo, F. *op. cit.*, pp. 46-47. Sería preciso tamén consultar Untermann, J. 'Los teónimos de la región lusitano-gallega', en *Actas del III Coloquio sobre Lenguas y Culturas Paleohispánicas* (Salamanca 1985).

<sup>30</sup> Cf. Rodríguez Colmenero, A. *Galicia Meridional Romana* (Madrid 1977), p. 292-315, 327 e 376.



## INTERPRETACIÓN EPIGRÁFICA

Entrando agora no campo do contido do epígrafe debemos ter presente que non resulta correcto interpretar cada liña como un grupo de caracteres independentes, ausentes de continuidade coas ringleiras precedentes, senón todo o contrario, debemos observar nalguna delas a súa ligazón coa súa inmediata, posuíndo en conxunto unha mínima e completa significación. Polo tanto, tendo en conta os caracteres da primeira liña, DIIS, que en conxunto xa teñen significación plena ("Ós deuses, ou ás divindades..."), son introductorios, evidentemente, do apelativo do *numen* que seguiría a continuación, neste caso particular na segunda liña, iniciado polas letras BUX. Mais con todo estes caracteres non nos ofrecen noticia algunha dunha deidade clásica á que estaría dedicada, tal vez nos leve a sospeitar que se ten que tratar dun culto galaico-romano e, polo tanto, primitivo. O primeiro que nos vén á nosa mente en relación coa raíz BUX, ou semellante, carente polo tanto dun profundo estudo, é a fácil identidade co termo latino *buxus-us*<sup>31</sup>, étimo que daría lugar ás verbas buis (en francés), *box* (en inglés, catalán e aragonés), *boj* (en castelán), *busch* ou *buschsbaum* (en alemán) e buxo (en galego e portugués).

Entrando agora en estudio os caracteres precedentes, os da terceira liña, estes fánsenos facilmente problemáticos, aínda que moi de seguro estean relacionados coas letras do grupo anterior. Ó noso entender aprécianse os grafemas IMU, que completan a latinizada acepción BUXIMU(...), expresada en caso dativo plural ou, ó mellor, xenitivo plural<sup>32</sup>. O seu M ademais prolonga os seus trazos intermedios (os transversais) deica o mesmo nivel dos laterais paralelos, ofrecendo un *ductus* semellante á ara votiva (ou estela?) de S. Pedro de Ferreira (A Golada)<sup>33</sup>.

A cuarta liña gráfanos, tendo en conta o espazo físico no que vai localizado e o seu carácter de abreviatura, o antropónimo do doante (neste caso particular carente de sufixo), e posiblemente atribuíble ó *cognomem* ou *nomem* OVI (*díus*). Rotundamente rexeitamos a súa vinculación, estudiando a tipoloxía gráfica levada ata o de agora nesta ara, co dativo do deus latino Xúpiter (IOVI), como nun primeiro momento se nos puido suxestionar, posto que non tería razón de ser, logo así, a verba introductoria deste campo epigráfico na primeira liña, referímonos ó dativo plural da verba deus (DIIS).

Inmediatamente a este último aliñamento de caracteres puideron ser identificables, tal vez, alomenos unha liña máis, cos seus trazos de menor tamaño e

gravados con menor profundidade, viría a se-la segunda parte deste campo epigráfico. Se na primeira destas áreas as letras ou caracteres gráficos ás veces fanse bastante custosos de identificar, a segunda superficie é practicamente ilexible, se cadra un P e un S poderían ser intuídos; os demais signos que tal vez existiron confundiranse agora cos trazos naturais da propia pedra (provocados polas distintas agrupacións de micas) e coa erosión que sufriu a mesma (ó noso pensar de tipo químico, tal vez debido ós sulfatos e outras sales dos mananciais cos que estivo aproximada). Tampouco lle hai que restar importancia á baixa calidade do soporte material, que aínda que dificultou o seu gravado serviu de catalizador na velocidade da erosión.

A irregularidade das letras, a ausencia de horizontalidade na escrita (tendente sempre á inclinación), e a falta de homoxeneidade nos seus caracteres (isto é, a existencia de U e V), aseguran igualmente a afirmación primitivista da ara votiva. Ou sexa, defendemos non só un indixenismo do seu *numen* senón tamén o do seu confeccionamento material.

## REFLEXIÓNS

Afloran agora varias cuestións que xa se nos puideron suscitar dende un primeiro momento. A primeira versaría sobre a súa aproximada datación na que se podería clasificar esta peza arqueolóxica, sobre a época ou área temporal coa que se relacionaría. En ausencia doutro tipo de informacións cómprenos facilitar, servíndonos igualmente como remate para o estudo epigráfico, unha nova cita de Pereira Menaut que tal vez abra novas luces ó noso interese. Indica así este autor que "la mayoría de las dedicaciones a divinidades indígenas pertenecen a lo que se ha llamado 'gran renacimiento indígena' que tiene lugar en el siglo II avanzado, y son aras clásicas en versiones más o menos provincianas"<sup>34</sup>. Recordemos ademais a Carballo Arceo cando nos afirma que logo da época dos flavios as *gens* ou os *populi* autóctonos, indíxenas, castrexos e de carácter residual veranse obrigados a adecuarse a unha nova formación social "definida por un novo modo de produción dominante"<sup>35</sup>.

Un segundo interrogante será aquel que se cuestiona sobre a esencia ou significado das divindades ás que está dedicada esta ara. A súa resposta, carente dunha formulación firme, aparece cargada, ademais de grandes dúbidas, da necesidade dun afondamento lingüístico e etimolóxico do seu teónimo, e que nolo puidese relacionar con algún fenómeno natural, físico ou xeográfico dun

<sup>31</sup> Teónimo que puido dar orixe á latinizada denominación da cidade de Lugo (*Lucus Augusti*). Cf. Arias Vilas, F. 'Lucus Augusti e o seu contorno. Das orixes á implantación do Reino Suevo', en *Historia de Lugo* (A Coruña 2001), pp. 20-24.

<sup>32</sup> Tendo en conta a vocal temática U, coa que remata o abreviado teónimo (característica da 4ª declinación), completamente podería aparecer denominado, ó mellor, como BUXIMUUM (xenitivo plural) ou ben BUXIMUIBUS ou BUXIMUBUS (dativo plural).

<sup>33</sup> G. Baños Rodríguez, op. cit., pp. 205-206.

<sup>34</sup> G. Pereira Menaut, 'Epigrafía "política"...', p. 299.

<sup>35</sup> L. X. Carballo Arceo, 'Os Castros galegos: espazo e arquitectura', en *Gallaecia*, 14:15 (1996).



mundo primitivo<sup>36</sup>; concepto partícipe de cultos castrexos que terían unha pervivencia e continuidade na época romana, dando explicación con apelativos, ás veces latinizados, da necesidade de "realidades espirituais" permanentes na natureza, nas actividades humanas e no descoñecido: montañas, augas, mananciais, ríos, fragas, o feito da mortalidade, etc<sup>37</sup>. No caso de que este teónimo fose portador dunha raíz latina (*buxus*) respondería, evidentemente, á necesidade dunha *interpretatio* romana<sup>38</sup>, portadora dunha análise previa do significado e dunha posterior "latinización" da denominación do primitivo deus. Sendo deste xeito, a explicación ou resultado sáenos favorecedor na obtención dunha aproximada comprensión; de non acontecer así, e albiscando explicacións polos vieiros das linguas prelatinas, concluíríanse achegamentos moito máis especulativos e dificultosos.

Considerando logo o significado da súa raíz como unha aproximación latinizada, e caendo ó mellor en eidos demasiado arriscados, tal vez teríamos que relacionar ó *numen* coa flora propia do monte baixo, ou, dito noutras verbas, coas matogueiras e queirogas. Sobre adoracións que xiran nesta mesma órbita cómpre salientar a do deus *Luc*<sup>39</sup> (clasificable dentro daqueles que "habitaban" nos bosques sagrados), e a de *Aernus*, vinculable coa vexetación, posuíndo ámbalas dúas unha etimoloxía non latina. Pola contra, outras deidades con raíz latina, ou plenamente latinizadas, pero non catalogables dentro do panteón romano, serían, por exemplo: *Deus Frugifer* (deus da fertilidade), *Deus Sanctus Aeternus* (divindade santa inmortal), *Draco* (serpe extraterrenal), *Patres Dii Salutares* (deuses ancestrais outorgadores de saúde), *Genii Aquarum Sirensium* (xenios sereos das augas)<sup>40</sup>, *Tutela* (divindade protectora)<sup>41</sup>, etc. Logo así, estes Dii Buximus poderían entrar dentro do grupo de deuses de nome romanizado e particularidades indíxenas.

Falamos de romanización do seu teónimo ou adaptación á lingua latina da denominación da deidade indíxena posto que en moitos casos non se chegaba a obter unha identificación correcta e completa cunha devoción existente dentro no panteón romano, tal e como podía pasar cos polisémicos Xúpiter, Saturno, Plutón, Neptuno e Esculapio, a tenor das explicacións de Díez de Velasco<sup>42</sup>.

Ofrecemos con estas investigacións unha nova mostra da presenza e influencia do feito colonizador romano nas terras de (*Caldas de*) Cuntis, unha nova proba epigráfica que, mesturando as tendencias estilísticas introducidas dende Roma co arcaísmo típico das primitivas culturas prelatinas, fan espertar en nós o entusiasmo observando a existencia dunhas divindades indíxenas propias das terras cuntienses, como así o posuíron tantas outras rexións das xeografías galaico-portuguesa e do resto peninsular. *Buximo*, de ser tal o seu nome, trasládase no tempo rotulado en pedra, conmemorado nun altar dedicado "ás súas figuras", reivindicando indirectamente o rescate da pedra labrada e a necesidade de conservación do noso patrimonio, da nosa historia e do feito cultural.

## BIBLIOGRAFÍA

ARQUIVO GRÁFICO "O Carrapucho" (AGOC).

Acuña Castroviejo, F.; 'Panorama de la cultura castrexa en el No. de la Península Ibérica', en Bracara Augusta, 31 (1977).

Arias Vilas, F.; A Romanización de Galicia (Vigo 1992).

“; 'Lucus Augusti e o seu contorno. Das orixes á implantación do Reino Suevo', en Historia de Lugo (A Coruña 2001).

Baños Rodríguez, G.; Corpus de inscricións romanas de Galicia, II, provincia de Pontevedra (Santiago 1994).

Caamaño Gesto, J. M.; 'Aportaciones al estudio de la Cohors I Celtiberorum: una inscripción militar hallada en el campamento romano de Ciudadela (Sobrado dos Monxes-Coruña)', en Brigantium, 4 (A Coruña 1983).

Calo Lourido, F.; A Cultura Castrexa (Vigo 1997).

Díez de Velasco, F.; 'Termalismo y Religión. La sacralización del agua termal en la Península Ibérica y el norte de África en el mundo antiguo', monografía da Revista de Ciencias de las Religiones (Madrid 1998).

López Gómez, F. S.; Os primeiros galegos. Prehistoria e arqueoloxía (Santiago 2000).

Millán González-Pardo, I.; 'Sobre las aras del santuario de Donón (Hio: Pontevedra) supuestamente dedicadas a Liber', en Publicaciones del Museo Municipal "Quiñones de León", 1 (Vigo).

<sup>36</sup> Vid. R. Brañas, Deuses, heroes e lugares sagrados na cultura castrexa (Santiago 2000).

<sup>37</sup> Cf. F. Acuña Castroviejo op. cit., pp. 46-47. Sería preciso tamén consultar J. Untermann, op. cit.

<sup>38</sup> "La fusión religiosa se consolidará por medio de un instrumento de primer orden, la interpretatio romana, consistente en mirar la teología ajena por medio de los instrumentos que ofrece la propia. Se trata de una opción que busca acercar, adaptar al lenguaje romano la realidad diferente, pero termina modificando ambos parámetros en causa". Cf. F. Díez de Velasco, 'Religión romana en la península ibérica: Reflexiones teóricas y metodológicas', public. en prensa, presentado en Valencia, en 1997, no curso da Universidad Menéndez y Pelayo, "Religión y magia en el mundo antiguo".

<sup>39</sup> Teónimo que puido dar orixe á latinizada denominación da cidade de Lugo (Lucus Augusti). Cf. F. ARIAS VILAS, 'Lucus Augusti...', pp. 20-24.

<sup>40</sup> Cf. F. Díez de Velasco, 'Termalismo y Religión. La sacralización del agua termal en la Península Ibérica y el norte de África en el mundo antiguo', en Revista de Ciencias de las Religiones (Madrid 1998), pp. 121-150.

<sup>41</sup> M. Menor Currás, 'Otra ara al dios Tutela', en BA, 9 (Ourense 1979), pp. 305-309.

<sup>42</sup> F. Díez de Velasco. *Termalismo y religión*, pp. 121-150

- Naldini, M.; Martino di Braga contro le superstizioni (Firenze 1991).
- Pereira Menaut, G.; 'La formación histórica de los pueblos del norte de Hispania. El caso de Gallaecia como paradigma', en *Veleia, Revista de Prehistoria, Historia Antigua, Arqueología y Filologías Clásicas*, 1 (Vitoria 1984).
- “; Corpus de inscricións romanas de Galicia, I, provincia de A Coruña (Santiago 1991).
- “; 'Epigrafía "política" y primeras culturas epigráficas en el noroeste de la P. Ibérica', en *Roma y el nacimiento de la cultura epigráfica en occidente* (edit. Francisco Beltrán Lloris, Zaragoza 1995).
- “; 'Los Galaicos', en *Los Pueblos Prerromanos del Norte de Hispania*, (Pamplona 1998).
- Picallo Fuentes, H.-M.; 'Achado dunha estela romana na parroquia de San Mamede de Piñeiro', en *A Taboada*, 0 (decembro 1999), pp. 83-87.
- Picallo Fuentes, H.; 'Unha estela romana en Santa María de Troáns', en *A Taboada*, 2 (xuño 2000), pp. 25-30.
- Picallo Fuentes, H.; 'Achega ao panteón galaico-romano. Aproximación ao estudio dunha nova ara cuntiense', en *A Taboada*, 5 (xullo 2002), pp. 175-190.
- Quintela, M. V.; 'O mundo castexo e a súa integración no imperio romano', en *Prehistoria e historia antigua*, t. 1 da colección "Galicia. Historia" (coord. J. M. Vázquez Varela-F. Acuña Castroviejo, A Coruña 1991).
- Rodríguez Colmenero, A.; *Galicia Meridional Romana* (Madrid 1977).
- “; 'Escultura en relevo e vulto redondo', en *Arte prehistórica e romana*, t. 9 da colección "Galicia. Arte" (dir. edic. M<sup>a</sup>. del M. Pérez Negreira, A Coruña 1993).
- Susini, G.; 'Epigrafía romana e religione tra oriente e occidente', en *Anales de Historia Antigua y Medieval*, 24-25 (Bos Aires 1991).
- Taboada Leal, N.; *Hidrología Médica de Galicia* (Madrid 1877).
- Untermann, J.; 'Los teónimos de la región Lusitano-gallega como fuente de las lenguas indígenas', en *Actas del III Coloquio sobre Lenguas y culturas paleohispánicas* (Salamanca 1985).
- Zielinski, T.; *Historia de la civilización antigua* (Madrid 1987).

# A ARTICULACIÓN DO POBOAMENTO MEDIEVAL NA ANTIGA TERRA TERMARUM

Héitor Picallo Fuentes

*Asociación de Amigos dos Castros*

Fundación Terra Termarum

*Ós meus irmáns: Martiño, Hugo e Gabriel.*

## Resumo

Co estudio que presentamos aquí gustaríanos facilitar algúns datos históricos sobre o poboamento medieval de Cuntis, comezando coa proliferación monástica na súa área xeográfica. Son os seus primitivos mosteiros, como *Sta. Maria de Termis*, San Breixo de Arcos de Furcos, San Miguel de Couselo e tal vez tamén *Sancti Iuliani de Termas de Cundes*, verdadeiras células colonizadoras, repoboadoras e espalladoras das antigas "*villae*" ou entidades poboacionais menores da súa *Terra Termarum*. Serve igualmente esta publicación como pequena introducción da nobreza medieval dalgunha das súas freguesías, tema que será tratado con máis detalle noutra ocasión.

## Palabras Chave

Poboamento medieval. Señoríos laicos. Señoríos monásticos locais. Toponimia medieval. Propiedade. Arcebispado.

## Abstract

With the study we present here, we would like to lay bare a few historical dates about the medieval population of Cuntis, starting from monastic proliferation of his geographical area. It's primitive monasteries, like *Sta. Maria de Termis*, San Breixo de Arcos de Furcos, San Miguel de Couselo and perhaps also *Sancti Iuliani de Termas de Cundes*, real colonizing cells, repopulating and disseminating the antiquity "*villae*" or the minor village entities of his *Terra Termarum*. This publication also serves as a little introduction to medieval nobility of some of it's parishes, a theme which will be treated more carefully in another occasion.

## Keywords

Medieval settlement. Secular domains. Local monastic domains. Medieval toponomy. Land overship. Archbishopic.

## INTRODUCCIÓN

Primeiramente, e antes de nada, é conveniente deixar aquí expresada a miña cordial gratitude a Martiño, meu irmán, por ter grandemente axudado e colaborado na recadación de información e datos necesarios cos que poder dar forma a estas investigacións; achegas sen as cales mutilarían parcialmente a visión xeral do aquí presentado. Así mesmo foi quen de representar unha parte da toponimia medieval cuntiense no mapa que aquí facilitamos.

Durante os diferentes períodos históricos Cuntis contou cunha distribución xeográfica variable e flexible, suxeita, claro está, á tipoloxía histórica de cada momento. A día de hoxe conta coas freguesías de S. Breixo de Arcos

de Furcos, Sta. María dos Baños de Cuntis, Sta. María de Cequeril, S. Miguel de Couselo, S. Fins de Estacas, S. Mamede de Piñeiro, Sta. Baia de Portela e Sta. María de Troáns; todas elas pertencentes eclesiasticamente o arciprestado de Moraña-Cuntis e ó arcebispado de Santiago.

Sirvan aquí estes estudos que realizamos como aproximación á articulación do poboamento medieval cuntiense, traballo que espera ser completado, ambientado e tratado nun próximo estudio máis vizoso e puntual, sobre todo no tocante ós señoríos arcebispaís, rexios e laicos da medieval Terra Termarum.

Baixo o título que aquí se encabeza tentarase igualmente facer unha sondaxe histórica no antepasado monástico das circunscripcións cuntienses, así como unha

pequena introducción ou mera mención cara o proceso de feudalización non só polos cenobios medievais senón tamén por aqueles ricos-homes, fidalgos ou infanzóns (a aristocracia baixomedieval se se prefire), para ter unhas visións máis xerais nos aspectos históricos, cronolóxicos e xeográficos destes lugares.

Comecemos cunha análise sobre a orixe da "urbe" ou vila cuntiense, para proseguir co monacato altomedieval e rematar, a xeito de introducción para unha próxima publicación, cos señoríos feudais laicos na Baixa Idade Media.

## PRIMEIRA APROXIMACIÓN. A ORIXE DA "URBE"

A presenza de mananciais de auga quente no primitivo Cuntis, na comunmente identificada *Aquae Calidae* romana de Ptolomeo<sup>1</sup>, foi a orixe desta antiga vila e o punto de saída do trazado poboacional destas terras. Posteriormente, coa chegada do reino suevo galego, Cuntis, como *Contentos*, sería unha das principais igrexas ou "dioceses" pertencentes á mitra iriense, segundo se nos informa no *Parrochiale Suevum*. Testemuños arqueolóxicos deste período




Figura 1: A articulación do poboamento segundo a documentación medieval

<sup>1</sup> O autor A. Tranoy é da opinión de que a *Aquae Calidae* de Ptolomeo é identificable con Caldas de Cuntis e diferente, por conseguinte, coa igualmente romana *Aquae Celenae* (atribuíble, como é evidente, a Caldas de Reis). Vid. Tranoy, A.; *La Galice romaine*, (Paris 1981), p. 57.



Figura 2: Sartego fincado nos muros da rectoral dos Baños de Cuntis.

aflorarían en distintas ocasións. Sepulturas antropoides, de dobre estola, de cabeceira, puidéronse atopar nos arredores da igrexa parroquial de Sta. M<sup>a</sup>. dos Baños de Cuntis, atribuíbles ó período xermánico; outras, bipedais e feitas con tixelos son identificables cunha época anterior, a tardorromana.

Recentemente, en outubro de 1996, puidemos recoñecer un destes sartegos graníticos inserido nun dos muros da actual casa rectoral dos Baños. As súas dimensións e características claramente o delatan: 2'5 metros de longo exterior, 1'8 de longo interior, a súa cabeceira (onde deposita-la parte superior do corpo do defunto)...<sup>2</sup> Así, recordando a Núñez Rodríguez, podemos dicir que estas antigas necrópoles galaico-suevas adoitaban emprazarse "na metade dun cerro dominado por un castro e nas proximidades dun río, fonte, terma..., ou nas ruínas de edificacións de orixe romana". Os simples topónimos medievais de *Terra Termarum*, *Sancta Maria de Termis* ou *Termas de Cuntis* implicitamente xa nos vinculan este lugar cunha orixe que se remonta evidentemente á época flavia<sup>3</sup>; inda que sería a partir das fundacións monacais cando Cuntis comeza a vertebrar-lo mosaico das súas entidades poboacionais menores, cicelando así a súa propia xeografía.

Pero continuemos cunha breve exposición cronolóxica dos acontecementos históricos antes de afondar na influencia monástica cuntiense. Empecemos no momento no que Cuntis estaba integrado no vetusto condado ou *commisso* de *Morane*<sup>4</sup>, naqueles poucos meses nos que ocupou a cadeira real de Galicia o rei Froilán II de Asturias (924-925), posto que sería no seu primeiro agasallo á igrexa de Santiago (25 de outubro de 925), cando identificamos dous antigos lugares da freguesía das Termas de Cuntis; concretamente trátase do Pazo (*Palatio*) e A Louríña (*Laurinia*).

Logo sabemos que xa dende alomenos o século X algunhas terras desta parroquia comezan a formar parte dos señoríos composteláns, razón pola cal o monarca Afonso V (999-1027), na súa confirmación das antigas doazóns feitas polos seus devanceiros ás institucións catedralicias compostelás (30 de marzo de 1019), sinala, entre outras circunscripcións, dúas áreas xeográficas vinculables ós lugares cuntienses: *Kalidas* (Caldas<sup>5</sup>) e *Trollanes* (Troáns). Confirmatoria destes antigos agasallos tamén foi a bula pontificia de Pascual II (datada o 21 de abril de 1110), onde se recoñece a Cuntis co antigo topónimo medieval de *Terra Termarum*<sup>6</sup> e tal vez, posiblemente, *Terra de Arcobus*<sup>7</sup> con Arcos de Furcos (en Cuntis) ou Arcos da Condesa (en Caldas de Reis):

"(...) integra vobis vestrisque successoribus in perpetuum conserventur, videlicet *terra de Superato, Dormiana, Bavegium, Coronatum, Mercia, Archipresbyteratus S. Pelagii de Cicitello, Mons Sacer, Taberiolus, terra montium* usque ad *Avium, Morracium, Salniense, terra Termarum, terra de Arcobus, Iriense, Pistomarcus, Amabeae* (...)"

## INFLUENCIA DO MONAQUISMO NO TRAZADO XEOGRÁFICO

Parece ser que polo ano 400 da nosa era, na antiga Sé episcopal de Celenes (Caldas de Reis, próxima á vila de Cuntis), tívose que celebrar un concilio, presidido polo

<sup>2</sup> Achado en proceso de catalogación e estudo pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura..., Delegación Provincial de Pontevedra, con data de entrada no rexistro o 15-XI-1999.

<sup>3</sup> É necesario comentar que no ano 1992, cando se estaban a realizar obras no actual parque público de Cuntis (antes horta do igrexario de Sta. María dos Baños), atopáronse varios túneles de pedra escavados no xabre, e consonte ó referido por un dos arqueólogos, puido tratarse dun sistema de canalización termal de época romana. Persoalmente puidemos ver, aproximadamente nas mesmas datas, un túnel de preto de 2'5 metros de diámetro, abovedado, realizado con tixelo, e con auga termal no seu fondo (o que nos fixo pensar nun posible *hypocaustum* romano). Do último destes túneles non tería noticia a Consellería de Cultura, permanecendo aínda soterrado na horta parroquial. Aproveitamos esta ocasión para agradecer todo o "grande apoio" que algúns rexedores do concello cuntiense tiveron sempre por sacar á luz pública toda esta riqueza arqueolóxica, levados sempre non pola súa ignorancia senón polo seu afán de tapar todo aquilo o que dificultase a realización dos seus proxectos urbanísticos. Volvendo de novo a este posible *hypocaustum*, de ser esta construción tal, teríamos aquí o verdadeiro motivo polo cal estes lugares denomináronse *Terra Termarum*.

<sup>4</sup> Temos constancia certa de que o condado de Moraña existía polo ano 958.

<sup>5</sup> Evidentemente trátase de Caldas de Cuntis.

<sup>6</sup> *Terra Termarum* é identificable coa área xeográfica de Caldas de Cuntis e non coa de Caldas de Reis xa que, segundo a documentación que puidemos consultar (Tombo A e B, do ACS, principalmente) e doutras fontes das que teñamos constancia, Caldas de Reis por aquela altura non tiña ningunha entidade poboacional que estivese formando parte das posesión da Igrexa de Santiago. Deste xeito este antigo topónimo medieval cuntiense sérvenos hoxe, conmemorando aquela historia pasada, de motivo máis que suficiente para darlle nome a esta recente Fundación.

<sup>7</sup> O erudito H. de Sá Bravo ofrece unha solución: que se tratasen de ambas "comarcas de Arcos de Furcos y Arcos de la Condesa, hoy Arciprestazgo de Moraña". Vid. Sá Bravo, H. de. *Caldas de Reis. Páginas históricas de la villa y de linajes de la misma y su contorno* (Pontevedra 1986), pp. 38 e 140.

prelado de Braga, Paterno, para tentar poñer fin á difusión da corrente herética priscilianista por estes lugares (Hic Conventus municipiis Celenis actus est). O enraizamento desta sería tal que o reino dos suevos galegos quedaría enmudecido no seu agnosticismo durante un largo período; a Crónica de Idacio de Chaves nitidamente así o expresa: "despois da morte de Prisciliano a herexía asolagou Galicia". Posteriormente, parello á aparición da figura de San Martiño Dumienne e a aceptación do catolicismo pola monarquía galega, xermoláran novas igrexas e mosteiros que "educaban" o nacente grupo fregués.

A masiva proliferación monacal altomedieval na comarca caldense puido estar influída en parte, ó noso concepto, polas seguintes razóns que aquí expoñemos:

1. A grande necesidade de evanxelización, nalgũa medida condicionada polas doutrinas que o heresiarca Prisciliano impregnou na xeografía das Aquae Celenae, e xa incluso antes del os movementos arrianistas. Notemos en primeiro lugar que as medidas combativas contra o priscilianismo non foron drásticas nin militares senón doutrinais e pastorais, creando e erixindo igrexas e cenobios espalladores de cristiandade; e en segundo punto, a vixencia aínda desta herexía a mediados do século VII.

2. Outro concepto puido se-lo agromo da semente deixada por San Froitoso na costa Atlántica trala fundación do mosteiro de Pheonense<sup>8</sup> e doutro localizado nunha illa enfronte do anterior<sup>9</sup>, así como o de Castroleón (instituído por Theodiselo, discípulo do santo berciano).

3. E por último, a posibilidade de servir de freo ó avance do islamismo na época da reconquista.

O que si estamos no certo é que nalgũa medida, Sta. María de Caldas de Cuntis, San Miguel de Couselo, San Breixo de Arcos de Furcos, Cordeiro, Carracedo, Arcos da Condesa, Santo Isidro de Montes e Lantaño foron mosteiros que, en unión co tamén posíble de San Xiao de Caldas de Cuntis, constituíron os núcleos difusores dos asentamentos da bisbarra caldense en parte do medievo.

De todos é sabido que os mosteiros na Idade Media foron os depositarios da cultura e do saber (claramente aparece expresado na *Sancta Regula: meditare aut legere*), sendo verdadeiros obradoiros de vida intelectual (a creación de *scholae* monásticas para os *oblato* así o testemuña); desempeñando así mesmo funcións

socioeconómicas como a repoboación e o labor pastoral; actuando como verdadeiras células colonizadoras; e como non, en verbas de Ribeiro Coelho, "os monges procedían como empresas agrícolas, ou industriais, ou comerciais".

### San Martiño e San Breixo de Arcos de Furcos

Tanto Sta. María de Caldas de Cuntis como o restante grupo de igrexas cuntienses citadas anteriormente foron na súa orixe profesas a un monaquismo prebenedictino. Sirva para comezar o exemplo do mosteiro dúplice de San Martiño e San Breixo de Arcos de Furcos, que no ano 898 (en tempos do lebanense Sisnando I, bispo de Iria), fiel á observancia regular de San Froitoso de Braga, sete monxes e unha monxa submetíanse en corpo e alma ó seu abade Aaulfo (*Kartula concessionis et regula traditionis*). Así, os presbíteros Sisnando, Tructesindo, Anaxildo, Gudesteo, Vexito, Fortunit e Fromicuro<sup>10</sup> en concomitancia coa *deuota* Fradegunda entregaban ó seu señor, o referido Aaulfo, as súas persoas e tódolos seus bens mobles e inmobles.

Dúas comunidades, ambas de distintos sexos, perduraron en Arcos como vemos ata fins do novecentos, ó igual que ocorría por aquelas alturas, a tenor das investigacións de Linage Conde, con case toda a Europa continental e insular. Resulta necesario engadi-lo feito de que en Galicia, anacronicamente, tíñase aínda noticias do haber destes arcaicos cenobios en tempos do prelado D. Diego Xelmírez<sup>11</sup>; vexámolo nun extracto da Historia Compostelana onde o pontífice Pascual II promulga claras medidas para rachar con certas conductas, obviamente pouco espirituais, que latexaban no leite destas comunidades:

"Aquilo que escoitamos dicir, de que pola vosa rexión habitan monxes con monxas, é de todo punto inconveniente. Para cortalo, dispoña enerxicamente a vosa experiencia de xeito que, os que actualmente están xuntos, sepárense en divididas e afastadas habitacións, segundo mellor lle parece á vosa discreción e ó consello de varóns relixiosos; e en diante non volva a tomarse tal costume".

Retomado de novo o tema de Arcos, era logo ademais, así como acontecía co resto do monacato galego de tradición visigótica, unha agrupación xerárquica encabezada pola figura do seu abade e que, á luz das achegas facilitadas por Andrade Cernadas, por medio do referido pacto bilateral dábasete ó superior da

<sup>8</sup> Para algúns historiadores é o coñecido mosteiro de San Cibrán de Calogo, para outros Poio ou algún mosteiro que se puido erixir na xeografía de Marín.

<sup>9</sup> A illa de Arousa, ou Tambo...

<sup>10</sup> Nalgúns extractos que puidemos consultar de distintos atados do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS), Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS) e o Catedralicio da mesma cidade (ACS), o citado presbítero Fromicuro aparece transcrito como Frumario.

<sup>11</sup> Xa no Concilio I de Braga (561) indicábase no anatema XV a expresa prohibición de que os cegos e monxes puidesen convivir na compañía de mulleres ("como acontecía cos priscilianistas"); tan só podendo compartí-la súa vida coa súa nai, con algunha irmá, tia ou con outra muller estreitamente ligados por lazos de parentesco inmediato. Cf. Pérez de Urbel, J. "San Martín y el monaquismo", en *Bracara Augusta*, 8 (1957) p. 50.



comunidade funcións características ás dun prelado (figura do abade-bispo). Sometemento este semellante ó pacto que se establecía entre o monarca e os seus súbditos (remeniscencias posiblemente xermánicas)<sup>12</sup>.

O cenobio de Arcos estaba instaurado en réxime hereditario, dito en outros termos, estaba vencellado a un grupo nobre laico, desenrolador do seu vivir e posuidor dos seus herdos e padroado; mosteiro, como os restantes da súa categoría, reservado tan só ás vocacións da familia dos fundadores.

Revelador igualmente do antepasado de Arcos é o reflectido nas aclaracións que aparecen no reverso do pergameo orixinal deste mosteiro, conservado fragmentariamente no AHUS, as cales aquí reproducimos parcialmente:

"Donacion que hicieron â Adaulfo abad, Sisnando, y Trutesindo, y Gudesteo, y Fortunio, y Anagildo, y Formicuro, presbiteros, de todos y cualesquiera bienes que ellos pareciere tener por herencia de sus padres, así muebles, como raizes, villas, pomares, viñas, bosques, jomentos, animales, bueyes y vacas, y casas, y otras cualesquiera cosas, y esto para que lo tenga la yglesia de San Martin de Arcos, que sus abuelos edificaron, y los monges que alli habitaban".

Comentarios que se colixen do extracto anterior en comparanza co pergameo orixinal de *Scî Uerissimi* son os seguintes:

1. Debemos interpreta-la verba "donación" co significado derivado da palabra latino-medieval "traditio": entregar ou transmitir pero, ambientados no monaquismo froitosiano, entenderemos non só os bens mobles e inmobles senón igualmente as propias persoas (*seruus Christi*).

2. A expresión: "la yglesia de San Martin de Arcos, que sus abuelos edificaron", asepéranos a propiedade familiar do mosteiro (avoengo); que continuada do último elemento coordinante ("y los monges que alli habitaban"), reflíctenos o vivir monástico nesta freguesía dende bastante antes de promulgarse este *Pactum*, alomenos dende o século VIII.

3. Se sabemos logo que nesta terra habitaban monxes antes de que se edificase a igrexa de San Martiño, o simple concepto "edificar" pode suxerir "renovación ou reconstrucción monástica".

4. A dobre advocación deste mosteiro, San Martiño e San Breixo (devocións ostensiblemente de introducción lusa), podería responder a unha clara diferenciación arquitectónica, á existencia de dous templos, oratorios ou altares xa que, observando a Regula Communis in verbas novamente de Linage Conde, "no podía haber una capilla común para monjes y monjas; y sólo en caso de necesidad podían permanecer ellos y ellas en el mismo

sitio (...) Tampoco podían comer ni trabajar juntos ni hablar a solas".

Continuando co devir dos acontecementos e deixando atrás estas aclaracións, retomaremos a historia deste cenobio na primeira metade do século XI, xa que logo, despois de ter sufrido a metrópole compostelá a fins da centuria anterior o asedio das tropas do visir Almanzor, Arcos pasaría a formar parte dos señoríos de San Pedro de Antealtares. Señorío que sería compartido dende 1168 polas institucións catedralicias compostelás (Cabido e Mitra); trala permuta efectuada polo monarca Fernando II das igrexas *Sancto Uerissimo de Arcus*, Sta. María de Caldas de Cuntis, San Mamede de Piñeiro (ou de Guimarei, se atendemos á súa primitiva designación reflectida no Tombo B do ACS), San Fins de Estacas e Sta. María de Troáns (coa fin de recupera-la cidade de Coria, Caceres):

"(...) et uobis domno Petro, ecclesie Compostellane archiepiscopo, atque successoribus uestris, ecclesiam sancte Marie de Caldas de Contines, cum suo caracterio et cum quanto regalengo in ipso caracterio habeo, et cum omnibus suis appendiciis et cum aliis quinque ecclesiis, uidelicet sancta Maria de Truanes et sancto Felice et Sancto Mamete de Uimarei et sancto Michaelae de Cousello et sancto Uerissimo de Arcos, ut ab hac die et deinceps prefatas ecclesias habeatis (...)"

En relación co asentamento da comunidade de San Martiño e San Breixo de Arcos de Furcos, segundo as fontes documentais e servíndonos igualmente de guía o testemuño popular, non foi moi lonxe do Castro de Arcos de Arriba, parello ó lugar do Fragoso, onde se situou O Mosteiro da Manguela, A Igrexa da Manguela ou a tamén coñecida popularmente Igrexa dos Mouros.

Xa para rematar ese apartado, a modo de pequeno paréntese e prestando por uns momentos a nosa atención a un punto da régula froitosiana, sobrancearemos o feito de que neste tipo de mosteiros, no tocante á súa estrutura territorial, podíanse distinguir dúas áreas principais claramente diferenciadas: o mosteiro e o exterior a el; sendo, en conxunto, unha infraestrutura semellante ás *villae* baixoimperiais. O couto de Arcos de Furcos, o casal de Furco de Vilar Donega, Villa Amiga, Cornado, Ducio e Piso serían algúns dos abrollos poboacionais eclosionados no seu entorno.

#### SAN XIAO DE CALDAS DE CUNTIS

Deixándonos guiar agora polas consideracións de I. Bango Torviso, A. del Castillo López, J. Carro García, J. Barreiro Somoza, A. G. Biggs e R. A. Fletcher, entre outros, haberá que manifestar que S. Xiao de Caldas de Cuntis debeu ter sido igualmente outra das importantes igrexas monásticas altomedievais cuntienses. A copia orixinal da

<sup>12</sup> J. Gil, "La normalización de los movimientos monásticos en Hispania: reglas monásticas de época visigoda", en *Codex Aquilarensis*, 10, (1994), p. 14.



Figura 3: Portelo de S. Xoán (Posible antiga entrada ó cenobio medieval de S. Xiao).

súa entrega, conservada no tomo A do ACS, parece indicalo claramente: a raíña dona Urraca concedíalle ó prelado D. Diego Xelmírez "scripturam firmitatis de ecclesia de Sancti Iuliani de Caldas de Contines cum casa de abbate, cum testationibus et hominibus et hereditate que ad ipsam casa abbatengam pertinet (...)".

Así, entendemos que as formas *casa de abbate* e *casa abbatengam* son atribuíbles ás dependencias dunha comunidade monástica que, ó noso xuízo, estudando detidamente o tema, aventurariámonos a considerar que tal comunidade carecía posiblemente por aquela altura dalgún tipo de vida regular. Foi S. Xiao propiedade rexia ata aquel entón, ano 1116, posteriormente coa súa doazón integrárase dentro da mesa dos señoríos catedralicios composteláns.

Sirva de inserción un necesario comentario ó respecto, o feito de que esta doazón de S. Xiao de Caldas non foi a única entrega ó mitrado D. Diego Xelmírez de propiedades cuntienses de dona Urraca. A condesa de Galicia e raíña de León tentou merca-la confianza do arcebispo compostelán en múltiples ocasións, outra, en relación co tema que nos leva, foi cando ela xunto coa nobre Trixia Ximénez depositan conxuntamente na mesa do pontífice

de Santiago varios lugares da xeografía de Sta. María de Troáns, concretamente as partes que lles correspondían en Superata (Sobrada), Guldreganes (Guldrigáns) e Truanes (Troáns):

"Similiter mando et dono vobis quas debeo habere pro aliis meis hereditatibus, quas vendidit frater meus Petrus Enxemeniz sine meo consilio et voluntate in Salnes, Superata, Guldreganes, Truanes, pro quibus debeo ego Trigria Enxemenzi me prius integrare et postea dividere alias cum fratribus meis. De omnibus his praesatis hereditatibus ego Regina D. Urraca et Tigria damus et concedimus Ecclesiae B. Jacobi et vobis Archiepiscopo nostras portiones".

Retomando de novo a idea central deste apartado, tan só nos queda manifestar dúas últimas consideracións en relación a S. Xiao de Caldas de Cuntis, unha histórica e outra no tocante á súa localización:

1. Segundo as nosas investigacións esta igrexa puido ter formado parte dos herdos que unha Encomenda da orde templaria tivo nas terras, ou circunscripcións, de Moraña, Salnés e o couto de Arcos da Condesa (tema que trataremos máis de vagar noutra ocasión).

2. A súa localización exacta atopábase onde aínda perdura hoxe o haxiotopónimo de O Portelo de San Xoán (variación etimolóxica de Xiao ou Xulián<sup>13</sup>), lugar onde pervive o recordo na memoria colectiva dos habitantes das súas proximidades, segundo as verbas dos seus maiores, "dun antigo mosteiro que se desfixo para construí-la actual igrexa parroquial".

#### SANTA MARÍA DE CALDAS DE CUNTIS

Remitíndonos de novo á entrega do ano 1116 da igrexa de S. Xiao pola raíña Urraca observamos que nesta dádiva non estaban integrados a igrexa de Sta. María, a casa dos monxes (ou *monacos*), S. Vicente e tódolos seus herdos; xa que eran do avoengo e xurisdicción do abade Pedro e do xuíz Gundesindo. A cláusula *avolentie* (ou avoengo) faínos aseverar que este mosteiro era de propiedade familiar, ligado ós membros da "liñaxe" dos citados Pedro e Gundesindo. Matinemos tamén na idea de que moitos dos mosteiros altomedievais prebenedictinos dependían



Figura 4: Lápida de Adaulfo, abade de Sta. María de Termis (debuxo do autor).

<sup>13</sup> Observando o *Mapa Topográfico Nacional de España* emitido polo IGN, Caldas de Reis 15241, escala 1: 25.000, a localización da antiga igrexa ten por coordenadas: X: 535.900 e Y: 4.720.525. A Consellería de Cultura (Delegación de Pontevedra), ten rexistrado este zona arqueolóxica, identificándoo co antigo empromazamento dun mosteiro altomedieval.



Figura 5: Signo rodado do Rei Fernando II no pergameo da doazón de Sta. María de Caldas de Cuntis.

plenamente da aristocracia local; posteriormente, logo da completa introducción da *Regula Benedicti*, xa non en tan esaxerada medida (aínda que si no aspecto de acadar novas fontes económicas das que acrecenta-los seus avarentos coutos monásticos).

O coñecemento da xurisdicción laica de Sta. María lévanos a confluír na idea de que este cenobio se puidese clasificar dentro do grupo coñecido como de *sui iuris*; aqueles que dispoñían de xurisdicción propia: canónica, punitiva e penal; abstraídos das supremacías ou autoridades rexia e eclesiástica. Isto vese reafirmado posteriormente cando no mesmo documento dona Urraca concede (ou mellor dito, ratifica), ós aludidos Pedro e Gundesinde -xunto cos seus herdeiros- a libre posesión dos seus referidos alodios, suxerida coa cláusula *iure hereditario* (dereito de herdanza).

A escaseza de testemuños documentais que completen a historia desta comunidade cuntiense atende, segundo as explicacións de García Álvarez e por extrapolación do mosteiro de S. Cibrán de Calogo (Vilanova de Arousa), á súa condición de mosteiro familiar, xa que "é perfectamente sabido que un mosteiro que se atopa en réxime de herdeiros ninguén lle facía doazóns".

Retomando o fío cronolóxico, haberá que indicar que dende aquelas datas pouco lle quedaba a Sta. María de Caldas de Cuntis co seu labor monástico, na posesión dunha autonomía alomenos parcial, posto que no ano 1159 esta casa pasaría a formar parte dos bens das dignidades catedralicias trala súa doazón ó mitrado D. Martiño Martínez polo rei Fernando II.

Vinculado a este mosteiro pertence a lápida mortuoria do abade Adaulfo, conservada nos muros da actual parroquial<sup>14</sup>, na que, a raíz dos estudos do padre García Romero, pódese interpretar do seu epitafio que na "Era millessima centessima decima sexta, et tertio idus Martii memoriam celebris abbatis Adaulfi, fecimus", isto é, "no ano 1078 tres días antes dos *idus* de Marzo fixemos memoria ó célebre abade Adaulfo".

No tocante á localización deste antigo mosteiro altomedieval é de indicar que estivo emprazado a escasos 50 metros da igrexa de S. Xiao<sup>15</sup>, nas proximidades do río Gallo e a carón dos antigos mananciais mineromedicinais (parello á infraestrutura termal romana que debeu existir<sup>16</sup>), razón que deu orixe a unha das súas denominacións, *Santa María de Termis*.

Facendo fincapé agora no aspecto poboacional podemos sinalar que esta freguesía vén a ser a que maior número de núcleos poboacionais presenta na xeografía cuntiense e, tendo en conta as súas características medievais, a que máis elevada densidade de habitantes puido posuír, tal e como acontece na actualidade. Foron coñecidos no medievo os lugares de *Sancta Maria (de Caldas Contines, de Caldas de Cunctis ou de Termis)*, *Sancti Iulianis (de Caldas Contines ou de Termas de Cuntis)*, a ermida ou igrexa de S. Vicente, *Gigiso* (Xinzo), *Gosteu, Regadio* (O Rogadio), *Lages* (ou *quintaas de Laios*, como Laxos), *Laurinia* (A Louriña), *Palatio* (O Pazo), xunto con outros que desgraciadamente quedaron eclipsados pola ausencia de transmisión documental.

### **San Miguel de Couselo**<sup>17</sup>

"San Miguel de Goncelo, monasterio antiquísimo que, según dicen, fué de los primeros que hubo en Galicia; está media legua de Caldas de Rey y tres leguas de Pontevedra, en una montaña asperísima. Anejóse a San Martin el año de mil y trescientos y nouenta; está ahora la iglesia en pie y vense las ruinas de los claustros, que están haciendo demostración de una grande antigüedad".

Quen así realiza unha sinopse da historia da comunidade Couselo é o Padre Yepes na súa Crónica General de la Orden de San Benito Patriarcha de religiosos, datada no ano 1609. Significativamente entendemos que este antigo cenobio cuntiense situouse nunha das abas do monte Xesteiras, nas proximidades do rego gallado chamado dos Sequeiros. A súa concreta localización responde a tres ángulos básicos:

1. Ser fiel á característica de esta-los seus profesos illados; como así o indica a orixe do vocablo monxe (do

<sup>14</sup> Referímonos a Santa María dos Baños de Cuntis.

<sup>15</sup> Deténdonos a consultalo *Mapa Topográfico Nacional de España* emitido polo IGN, escala 1: 25.000, Caldas de Reis 152-II, a súa localización ten as seguintes coordenadas: X: 535.875; Y: 4.720.475. Coincide co emprazamento da actual igrexa parroquial de Sta. María dos Baños de Cuntis.

<sup>16</sup> Pensemos que a palabra *Thermae* era unha das designación da época imperial romana que facía relación ás instalacións (de dimensións xeralmente considerables), destinados ó baño de auga quente. Vid. A. Ernout, A. Meillet, *Dictionnaire étymologique de la langue latine*, (Paris 1979), p. 690.

<sup>17</sup> A denominación deste mosteiro procédelle dunha planta que debeu abondar na súa xeografía (o couselo); curiosamente, e modo de anécdota, a cultura popular tamén designa a esta *crasulácea* co apelativo de *orella de frade*.

grego monacos - monachós-, solitario), retirado do mundo, tanto física como espiritualmente (*fuga mundi*), aínda que moitas veces non deixase de ser nada máis que unha concepción teórica.

2. O aproveitamento das características xeográficas para fornecerse de auga, tanto para o propio consumo como para igualmente ser empregada no regadío do horto monástico<sup>18</sup>.

3. Clara finalidade defensiva, acubillado ó amparo do promontorio rochoso; defensa no tocante á propia necesidade humana de sentirse protexido coma nos conceptos de resgardarse das inclemencias meteorolóxicas e dos posibles asedios (tendo dende o seu emprazamento unha boa visión do que acontecía no val).

Outro tema a tratar, xa antes de meternos de cheo nunha breve cronoloxía da súa historia cenobítica ata fins do medievo, é interpreta-la seguinte afirmación: "monasterio antiquísimo que, según dicen, fué de los primeros que hubo en Galicia". O coéngo-cardeal Jerónimo del Hoyo pode axudarnos a entende-lo seu contido cunha breve explicación: "esta feligresía de San Miguel es anexa al monasterio de San Martín y della dicen fueron los primeros monjes, quando era monasterio dellos, a fundar el de San Martín y hay grandes vestigios que lo haya sido".



Figura 6: Sta. María da Corticela, primitivo emprazamento do mosteiro de S. Martiño Pinario.

Logo parece ser que previa a *inventio* de Teodomiro da arca marmórica do apóstolo Santiago e a parella creación das comunidades de S. Pedro de Antealtares (posteriormente denominado S. Paio) e Sta. María da Corticela (primitivo *locus* de S. Martiño de Fóra, ou Pinario), o mosteiro de Couselo xa posuía vida regular e, por extensión, obviamente, legatario dalgunha norma prebenedictina (acaso froitosiana). A presenza de Couselo polo século X e a súa existencia dende alomenos o IX é da opinión do investigador H. de Sá Bravo, quen afirma que o rei galaico-astur Afonso II (791-842), levaría monxes das comunidades de San Cibrán de Calogo e San Miguel de Couselo para fundar, na segunda década do século IX, as comunidades custodias do locus sanctus.

Temos coñecemento que Couselo polo ano 1064, estando ó fronte do seu mosteiro o abade Ansiliano, merca varios herdos mariñeiros no territorio Saliniensi, concretamente, Villa de Usa (Sta. María de Caleiro) e Cores (San Miguel de Deiro), ambos lugares antigamente integrados no couto de San Cibrán de Calogo:

"Guntado Galindiz juntamente con sus hermanos vendio a Ansiliano, Abbadi de Sant Miguel de Couselo, y a los demas monges de la herdad que tenia en la villa de Usa, tierra de Salnes junto al mar, Cores que es el lugar de Coron de lusan, junto a Villanueva, y la qual es la mitad de la misma villa, con sus cassas y heredades. Era de 1102 maço 162, fol 16".

A política mercantil de Couselo nesta adquisición de propiedades costeiras respondía, claro está, á presenza de mercadorías mariñeiras útiles para o seu propio consumo, inclusive o tan prezado sal, importante moeda de cambio na economía do medievo. Posteriormente, coa aceptación da regra benedictina polos monxes de Couselo, o degoiro de ter na súa titularidade herdades mariñeiras e nas marxes fluviais sería máis intenso, as súas despendas debían estar continuamente nutridas dunha importante cantidade de produtos derivados do mar e dos ríos, xa que a propia Regula Benedicti prohibíalle ó "monxe negro" comer carne de cuadrúpedes. Aves, peixes, crustáceos e moluscos serían o complemento da dieta básica monástica (formada por panum et vinum<sup>19</sup>, como produtos fundamentais): "Cárniūm vero quadrúpedum omnímōdo ab ómnibus abstineátur comestio, praeter omníno débiles aegrótos" (RB, cap. 39).

Couso (a carón do río Ulla, na freguesía de Sta. María de Couso), algunhas pertenzas na vila de Caldas de Reis (á beira do Umia) e outras en Dorna (acaso en Sta. M<sup>a</sup>. de Sacos, xunto ó Lérez, preto de Pontevedra), serían entidades poboacionais e herdos que axudarían a Couselo

<sup>18</sup> Deducimos, consultando o Mapa Topográfico Nacional de España emitido polo IGN, escala 1: 25.000, Padrón 120-IV (8-16), que o lugar exacto do convento sitúase próximo ó lugar que aparece sinalado co nome de Mosteiro, pero as coordenadas correctas da súa situación son: X: 535.200; Y: 4.725.100. Da súa localización xa ten noticia a Consellería de Cultura.

<sup>19</sup> Viño que lle procedería a Couselo, ademais dos seus propios bacelos e dos existentes nos arredores (como por exemplo en Arcos de Furcos), das terras de Caldas de Reis e o propio Salnés; igualmente non debemos restar importancia ás terras de Veia onde se elaboraba por aquel entón o recoñecido vinum ulianum.

no seu abastecemento de recursos fluviais; Pontevedra completaría os mariñeiros. No tocante ás propiedades eminentemente agrícolas Couselo contou con diferentes villae e posesións en S. Mamede de Piñeiro, Sta. Baia da Portela, Sto. André de Veá e o lugar de Furco (preto da Casiña, S. Breixo de Arcos de Furcos), así como a totalidade da súa parroquia; ocupando os seus dominios monásticos, á luz da información que puidemos recadar, unha extensión que podería achegarse ós preto de 25 quilómetros cadrados.

Non temos constancia documental do ano no que este mosteiro cuntiense puido acepta-la norma beneditina, posiblemente así o fixese polo século XII. Pensemos que dende o Concilio de Coyanza (1055) e os composteláns de 1060 e 1063 as obsoletas disciplinas visigóticas eran encarreiradas á súa reconversión, dirixidas a acepta-lo receoso modelo nursiano. Inclusive, posteriormente, cara 1085, nun concilio congregado en Burgos polo Cardeal Ricardo, decretábase a abolición total do rito visigodo nos reinos de Castela e León (Arias 1966:60); nembargantes, e durante varias décadas, Galicia continuaría respirando nos seus mosteiros aires aínda xermánicos<sup>20</sup>.

A 4 de maio de 1206, segundo o tomo B do ACS, dende a metrópole compostelá, Afonso VIII de Galicia e León concederíalle a Couselo a facultade de acouta-las súas posesión. Con esta carta de couto, seguindo as explicacións de Pallares Méndez, o monarca delegaba o poder xurisdiccional que posuía en Couselo en favor deste recinto monástico e concedía, por extensión, un espazo inmune ás xustizas dos oficiais e dos axentes do estado. Dende aquel momento o cenobio cuntiense, encabezado pola figura do seu abade, legalizaría a súa propia administración territorial:

"In Dei nomine, ego Adefonsus, Dei gratia, rex Legionis et Gallecie, per hoc scriptum perpetuo duraturum notum facio, presentibus et futuris, quod incauto monasterium Sancti Michaelis de Couselo, por suos terminos et diuisiones ubicumque potuerint inuenire"<sup>21</sup>.

Confirmarán o acoutamento deste mosteiro os tenentes de Monterroso e Lemos (Gonzalo Núñez), da Limia (Gonzalo láñez) e de Toroño (Nuño Núñez); procedendo do mesmo xeito os prelados Rodrigo (de Lugo), Paio (de Mondoñedo), Afonso (de Ourense) e Suerio (de Tui), en unión co propio Deán do Cabido catedralicio compostelán.

Aproximadamente unha centuria despois Couselo comezará a entrar en declive; ó noso entender 1303 debeu se-la data de inflexión cara o seu inmediato esvaeamento, momento no que era Prior de S. Miguel un tal Pedro Suárez. O porqué desta afirmación reside no simple feito de ter vendido a comunidade cuntiense ó mosteiro de S. Martiño de Fóra unha parte dos seus herdidos mariñeiros na



Figura 7: Capitel románico do antigo mosteiro de Couselo

freguesía de Sta. María de Caleiro, importantísima e necesaria fonte de ingresos que debería ter continuado na súa posesión. Este feito é sintomático dun claro proceso de degradación, agravado, posiblemente, pola nefasta crise do século XIV: a peste negra, a guerra de sucesión co seu parello cambio de dinastía monárquica, a fame, os grandes abusos que os señores encomendeiros (xunto con algúns abades comendatarios) facían ós mosteiros, etc. Así a todo aínda lle quedaría preto doutra centuria en posesión dunha autonomía que precisaba ser absorbida ou, alomenos, compartida, para poder dalgunha maneira subsistir.

O ano 1390 foi a data da súa supresión e a inmediata incorporación ó mosteiro compostelán de S. Martiño de Fóra. A partir destes momentos as súas facendas, herdidos, excecións e prerrogativas pasarán directamente a ser controlados pola abadía compostelá, quedando Couselo como mosteiro anexo, priorado administrativo e núcleo centralizador do monto tributario que posuía S. Martiño na comarca; rendas que serían encarreiradas dende esta freguesía cuntiense á comunidade de Santiago pola antiga *via velegia* (que discorría polo val de Veá e petaba ós muros da cidade compostelá na coñecida porta da Mámoa).

Tentemos analizar agora o tipo de propiedades que albergou Couselo dende o aspecto da súa designación segundo os documentos e extractos que puidemos consultar. Resulta, a partir deles o seguinte cadro, non de todo exacto debido á relativa ausencia de documentación orixinal conservada, pero que si nos serve para ter unha visión xeneralizada do seu dominio monástico:

Pazos (paaços):	4,26%
Casas:	10,64%
Herdades:	10,64%

<sup>20</sup> Disto da boa mostra a existencia de mosteiros dúplices no arcebispado de Santiago en tempos do prelado Diego Xelmírez e o Papa Pascual II (vid. apartado 4.1.)

<sup>21</sup> ACS, tomo B, fol. 54v. (a transcripción é nosa).



Cortiñas, leiras, veigas e agros: 36,17%  
Casais e villae: 38,29%

Outro aspecto necesario sería rastrear a localización das mesmas; tendo por conclusión (se observamos o seguinte cadro adxunto), que eminentemente gozaba dun dominio monástico reducido, onde imperaban as propiedades e entidades de explotación agrícola-gandeiras.

Herdades fluviais: 6,38%  
Herdades costeiras: 8,52%  
Herdades exclusivamente rurais: 85,10%

Pero, ¿cal era a tipoloxía arquitectónica do cenobio de Couselo? A tenor das fontes consultadas podemos reconstruír estilisticamente as edificacións principais e perimetrais do conxunto monástico, mais non o seu dimensionado. Por unha banda o seu espazo físico estaba claramente acoutado, dispoñéndose no seu interior de tres superficies principais: a igrexa xunto coas dependencias da comunidade, o adro (in circuitu ecclesiae) e as terras de cultivo (acibarium); constituída esta por cortiñas, agros e lugares de pasto para os rabaños; achegadas a outra fonte directa e gratuita de recursos, o monte. O adro, primeira limitación física da propiedade eclesiástica, daría acollida a todas aquelas construcións próximas secundarias e, ademais, á necrópole (que neste caso particular situábase ó norte do templo). Por fin, no que toca ás edificacións principais, o plano constructivo situaría as dependencias claustrais en torno a arquerías románicas ou tårdorrománicas no lateral sur da igrexa, e este último edificio (co seu eixo de cruxía orientado este-oeste), provisto de entrada principal - "curiosamente máis pequena e baixa que a travesa", aberta cara o propio monte Xesteiras (no lateral oeste). Isto no que se refire ó seu alzado. En planta deducimos unha igrexa de reducidas dimensións, síntoma dun limitado dominio territorial. Unha soa nave emparellada a unha única ábsida semicircular ou cuadrangular; todo baixo teitume de madeira, espida, polo tanto, de abovedamento ptreo, era a súa modesta estrutura.

En relación agora coa súa plástica constatámo-la existencia dun edificio monacal enmarcable, posiblemente, no espazo comprendido polo primeiro románico, cunha fábrica de mala calidade a base de sillariños (sillares miúdos); se non era xa moito máis primitivo. Logo, a partir do último tercio do S. XII, levantaríanse novos lenzos utilizando os mesmos vellos e pobres elementos constructivos, sendo decorados austeramente coa sobriedade vexetal nos capiteis - segundo as pezas das que temos coñecemento da súa existencia- e coa gornición de billetes que recobren as súas aberturas.

Era por conseguinte Couselo un establecemento semihermítico, claramente entendido dende os puntos de vista económico e xeográfico: afastado da "terra"




Figura 8: Fragmento dun documento do s. XV onde se menciona o pazo de Soutelo e mosteiro de Couselo

fisicamente, pero ligado a ela no tocante á súa economía familiar; non como observamos dende o aspecto vocacional, como nos aclararía Linage Conde.

## A FIDALGUÍA NA TERRA DAS TERMAS

"Ha el arçobispo en la iglesia de Santa Maria de Cunctis de cada año çinco moyos de pan que fassen doze cargas e doze libras en cada año. Ha de fueros de los que labran por pan en toda la felegresia, salvo de los fijosdalgo, que tiene vn par de bueys, vna tega de pan de la medida de la Eglesia, e XX soldos e vn galina".

(Extracto das rendas e dereitos que posuía o Arcebispo de Santiago D. Lope de Mendoza nas terras de Caldas de Cunctis)

Vemos ata o de agora que de principio as terras cuntenses foron de propiedade rexia e monástica local, logo de S. Martiño Pinario, S. Paio de Antealtares e as dignidades catedralicias; sendo cada un deles os verdadeiros incitadores da explotación e proliferación de casais, villae e outras entidades poboacionais rurais. O seu método impulsor era o característico daquelas épocas, o feudal.

Deste xeito, mosteiros, Mitra e Cabido emitirían cuantiosos contratos forais concedendo temporalmente, durante as vidas dos seus foreiros e varias voces, o usufructo de padroados de beneficios eclesiásticos, casais, freguesías enteiras, vilares e incluso casas grandes e pazos. Xermolarían incluso a partir destas concesións administrativas da terra edificacións militares que, dando fachenda ós seus propietarios, servirían de baluarte e distinción entre a pequena e reducida nobreza local e os numerosos servos da gleba; tal foi o caso da Torre dos Mouros, localizada no lugar de Sebil (Sta. M<sup>a</sup>. de Cequeril) e da que podemos dar conta da súa presenza xa na primeira metade do S. XIV.

Ilustrando o usufructo de padroados e outorgamentos forais de casas grandes pódenos servir o exemplo particular de García do Monte (nobre de segunda clase) que, chegado ó ano 1454, a 9 de abril, é gratificado polos seus bos servicios, de mans de frei Gonzalo de Mezonzo (abade de S. Martiño de Fóra), co antigo pazo de Soutelo e o casal de Guimarei (ambos en S. Mamede de Piñeiro e pertencentes orixinariamente ó mosteiro de S. Miguel de Couselo). Pero neste caso particular o agasallado,



ademais de pagar cada un año "des e oyto libras de boa moeda branca" en concepto de renda, ¿a qué específicas obrigas quedaba suxeito? Claramente aparece expresado no documento orixinal: levantar de novo o pazo, que por aquela altura xacía arruinado, e actuar do mesmo xeito coa igrexa parroquial.

É logo ostensible que coa concesión de mercés axudábase a repoboar e conservar herdades que doutro xeito quedarían ermas, incultivadas e as súas dependencias xunto coas "instalacións" agropecuarias arruinadas. Dilucidase tamén do testemuño anterior, e servindo ademais de apoio os datos facilitados por Villares Paz (Villares Paz 1992), que a primeira clase foreira dos señoríos sería maioritariamente a baixa e media nobreza. Aconteceu algo semellante co lugar do Loureiro, concedido polo abade de Pinario, frei Fernán García de Rendar, no ano 1425 ó notario da parroquia de Sta. Baia da Portela, Durán García de Xinzo.

Deixamos arriba mencionado igualmente a adxudicación de feudos polas dignidades arcebispaís de Santiago; sirva de única e última mostra que aquí presentaremos, coa fin de non demorarnos demasiado, aquel concedido, no ano 1448, polo arcebispo D. Álvaro Núñez de Isorna ó Mariscal D. Sueiro Gómez de Soutomaior das freguesías de S. Mamede de Piñeiro, Sta.

María de Troáns e Sta. Baia da Portela, entre outras terras. Igualmente o Mariscal sería herdeiro do *cotto darcos de furtus* (propiedade que contemporaneamente debía estar dentro dos señoríos de Antealtares).

Pero esta explotación da terra (tanto "xurisdiccional" como no propio senso agrícola), suscitaría, do mesmo modo que no resto de Galicia, unha serie de abusos por parte dos usufrutuarios. Esta aristocracia cobizosa de poder, prestixio e posesións, coa fin de rubir un novo posto na escala social, controlaría boa parte dos señoríos monásticos e catedralicios caendo, paulatinamente, na imposición da súa "lei" por riba das barreiras legais; motivo que sería o xerme de numerosos preitos levados polos tribunais eclesiásticos e reais. Conflictos sobre a posesión e a propiedade da terra que fondamente enraizaron no país galego de entón e de hoxe.

Rematamos aquí estas sondaxes na pequena pero rica historia cuntiense co desexo de poder facilitar ás nosas xentes un traballo máis completo e exhaustivo, aventurándonos en aspectos aínda sen tratar pero que esperamos sexan de bastante interese para todos nós.

## FONTES DOCUMENTAIS

A. Archivo Documental do Museo de Pontevedra



Figura 9: Sartego do Mariscal Sueiro Gómez de Soutomaior (debuxo do autor).

## Ficheiros

Concello de Caldas de Reis e Cuntis

Colección Casto Sampedro

Cartapacios 70.2 e 72.4

B. Santiago de Compostela. Arquivo Catedralicio de Santiago (ACS)

Tombos A, B, C (vol. I-II); Tombo de Tenencias I (vol. I-II) e Tombo de Tenencias II.

Atados 79, 80, 81, 82, 87 e 425.

Cartapacio 8

C. Santiago de Compostela. Arquivo Histórico Diocesán de Santiago (AHDS)

Fondo Xeral.

Atado 8 da serie Xurisdiccional

Cartapacio 5 da serie de Privilexios Reais.

Fondo de San Martiño Pinario.

Atados 2, 2 bis, 3, 25, 26, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 49, 51, 52, 53, 55, 56, 57, 58, 59.

D. Santiago de Compostela. Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS)

Fondo de Bens Nacionais. Serie San Martiño.

Atados 466, 814, 816, 817, 822, 826 e 1155.

E. Madrid. Arquivo Histórico Nacional (AHN)

Serie Clero.

Atados 1927, 1930 e 1935

Cartapacio 513 (San Martiño Pinario)

F. O Baño (Cuntis). Arquivo Documental e Fotográfico "O Carrapucho".

Agás as ilustracións nas que se indica outra procedencia nunha entreparéntese as restantes proceden deste arquivo particular.

## BIBLIOGRAFÍA

Andrade Cernadas, J. M. 1995. Monxes e mosteiros na Galicia medieval. Santiago.

Andrade Cernadas, J. M. 1996. La vida cotidiana de un monasterio medieval. *Semata*, 7-8: 295-307.

Andrade Cernadas, J. M. 1997. El monacato beneditino y la sociedad de la Galicia Medieval (siglos X al XIII). Sada.

Arias Cuenllas, M. 1966. Los monasterios beneditinos en Galicia. *Studia Monastica*, 8, fasc. 1: 35-69.

Baliñas Pérez, C. 1998. Gallegos del año mil. A Coruña.

Bango Torviso, I. 1979. Arquitectura románica en Pontevedra.

Barreiro Somoza, J. 1987. El Señorío de la Iglesia de Santiago de Compostela (Siglos IX-XIII).

Biggs, A. G. 1983. Diego Xelmírez. Vigo.

Bishko, C. J.; Spanish and portuguese monastic history 600-1300 (London 1984), apart. I "The pactual tradition in hispanic monasticism", pp. 513-531.

Carro García, J.; "La inscripción medieval de la iglesia de Santa María de Cuntis", BRAG, 309-320, (1956), pp. 77-84.

Castillo López, A. del; Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia (Santiago 1972).

Díaz Martínez, P. C.; "Monacato y Sociedad en la Hispania Visigoda", en Codex Aquilarensis, 2, (1989), pp. 47-62.

Escribano, V.; "El priscilianismo y Gallaecia (ss. IV y V)", en Semata (coordinador Marco V. García Quintela), 7-8, (Santiago 1996), pp. 251-295.

Fletcher, R. A.; Saint Jame's catapult. The life and times of Diego Gelmírez of Santiago de Compostela, (Oxford 1984).

Flórez, H.; España Sagrada, 20, (Madrid 1763).

García Álvarez, M. R.; "¿De Calogo a San Martín pasando por la Corticela?", en Compostellum, 17, (1973), pp. 251-284.

García de Cortázar, J. A.; "Las formas de institucionalización monástica en la España medieval", en Codex Aquilarensis, 2, (1989), pp. 63-83.

García M. Colombás, M. B.; San Benito, su vida y su regla, (Madrid 1968).

García Romero, C.; "La inscripción de la iglesia de Cuntis", en BRAG, 179, (1926), pp. 257-262.

González González, J.; Regesta de Fernando II, (Madrid 1943).

González Vázquez, M.; El arzobispo de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400), (Sada 1996).

Falque Rey, E.; Historia Compostelana, (Madrid 1994).

Hoyo, J. del; Memorias del arzobispado de Santiago (1607), edic. de Á. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ e B. VARELA JÁCOME, (1949).

Linage Conde, A.; Los orígenes del monacato beneditino en la Península Ibérica, I-III, (León 1973).

Linage Conde, A.; "La tardía supervivencia de los monasterios dobles en la península", en Studia Monastica, 32, fasc. 2, (1990), pp. 365-379.

López Alsina, F.; La Ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media, (Santiago 1988).

López Ferreiro, A.; Historia de la Santa, Apostólica, Metropolitana, Iglesia de Santiago de Compostela, II-IV (Santiago 1899-1901).

López Ferreiro, A.; Galicia Histórica. Colección Diplomática, (Santiago 1901).

Lucas Alvarez, M.; El tumbo A de la catedral de Santiago, (Santiago 1998).

Madoz, J.; "Arrianismo y Priscilianismo en Galicia", en

- Bracara Augusta, 8, (1957), pp. 68-87.
- Mattoso, J.; "Sobrevivência do Monaquismo Frutuosiano em Portugal durante a Reconquista", en Bracara Augusta, 22, (1968), pp. 73-90.
- Nock, F. C.; *The Vita Sancti Fructuosi*, (Washington 1946).
- Núñez Rodríguez, M.; "Enterramientos y sarcófagos de la Galicia prerrománica", en Archivos Leoneses, 31, (1977), pp.359-379.
- Orlandis Rovira, J.; "El movimiento ascético de S. Fructuoso y la Congregación Monástica Dumienne", en Bracara Augusta, 22, (1968), pp. 82 e ss.
- Pallares Méndez, M<sup>a</sup>. C.; "Los cotos como marco de los derechos feudales en Galicia durante la Edad Media (1100-1500)", Linceo Franciscano, 31, (1978), pp. 201-225.
- Pérez de Urbel, J.; "Caracter y supervivencia del Pacto de San Fructuoso", en Bracara Augusta, 22 (1968), pp. 226-242.
- Pérez de Urbel, J.; "San Martín y el monaquismo", en Bracara Augusta, 8 (1957), pp. 50-67.
- Picallo Fuentes, H.; Alternativa xacobeá por Baños de Cuntis , en prensa: El Correo Gallego, La Opinión. Historia, 25-VII-2002, p.42.
- Picallo Fuentes, H.-M.; O Monacato medieval na Historia de Caldas de Cuntis, en Museo de Pontevedra, 56 (2002), pp. 9-101.
- Recuero Astray, M.; Romero Portilla, P. Rodríguez Prieto, M<sup>a</sup>. A.; Documentos medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188), (A Coruña 2000).
- Ribeiro Coelho, J. C.; "Achegas para o estudio do Rito Bracarense", en Bracara Augusta, 22, (1968), pp. 270-282.
- Rodríguez González, Á.; O Tumbo Vermello de Don Lope de Mendoza, (Santiago 1995).
- Sá Bravo, H. de; El monacato en Galicia, I-II, (A Coruña 1972).
- Senara González, C. de la; "El monasterio medieval como centro de espiritualidad y cultura teológica", en Codex Aquilarensis, 3, (1990), pp. 61-84.
- Teja, R.; "Los orígenes del monacato y su consideración social", en Codex Aquilarensis, 2, (1989), pp. 11-31.
- Torres Rodríguez, C.; El reino de los suevos, (A Coruña 1977).
- Yepes, A.; Crónica general de la Orden de San Benito patriarca de religiosos, II (Irache 1609), edic. parcial de J. Pérez Urbel I-III, (Madrid 1959-60).



# O CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO. ALTERNATIVA MENOR POR CUNTIS

Héitor Picallo Fuentes

*Asociación de Amigos dos Castros*

Fundación Terra Termarum

"Non se entende por peregrino senón ó que vai  
cara a casa de Santiago ou o que volta dela".  
(Dante, *La Vita Nuova*)

**Os meus bistíos:**

*Dolores Fuentes Buján e Manuel Conles Giménez*

## Resumo

As presentes investigacións teñen por pretensión amosar unha serie de datos históricos, artísticos e devocionais dunha ruta secundaria do Camiño Portugués Xacobeo que liga as terras lusas e do Sur de Galicia, dende o concello de Barro, pasando por Moraña, Cuntis, A Estrada e Teo, coa metrópole compostelá (estámonos a referir á antiga *via velegia*). Igualmente intentaremos ter presente para a realización destas investigacións a análise da toponimia menor e maior dos concellos por onde esta ruta alternativa discorre.

## Palabras Chave

Camiño de Santiago. Camiño Portugués. Ruta xacobeana menor.

## Abstract

The present investigations have the object to show historical, artistic and devotion dates, to a secondary route of Jacobus portuguese way, which joins its lands, from the district of Barro passing Moraña, Cuntis and Veia with the city of Compostela (we refer to the antique "*via velegia*"). We also try to have present for these investigations the analysis of the minor or mayor place names of the districts where this alternative route passes.

## Keywords

Way to Santiago. Portuguese way. Minor Route.

## INTRODUCCIÓN

Todas estas investigacións aquí expostas poderían partir dunha detida análise das desaparecidas murallas de Santiago, dende os posibles xeitos cos que se podía acceder ou saír da cidade. O propio recinto defensivo da antiga Compostela ofrecía ó viaxeiro (peregrinus) sete portas de saída ó extramuros: a Porta Francigena (Porta Francixena ou Porta do Camiño, que ligaba o verdadeiro Camiño Francés con Santiago), a Porta Penne (Porta da Pena, a carón de S. Martiño Pinarío, que unía a ruta inglesa pola Coruña, O Faro, Ferrol, Pontedeume, etc., así como as vías marítimas), a Porta de Subfratribus (Porta de Sofrades, pegada á casa da comunidade franciscana, que actuaba do mesmo xeito que a anterior), a Porta de Sancto Peregrino (Porta do "Santo Romeu"), ó pé do Hospital dos Reis Católicos que achegaba ós viaxeiros das vías de peregrinación por Fisterra e Noia, ó igual que por outras rutas de mar), a Porta de Falgueriis (Porta Faxeira, ó remate das rúas do Franco e do Vilar que daba acceso ó Camiño Portugués por Petronum -Padrón-), a Porta de Macerellis (Porta de Mazarelos, fronte ó convento das madres mercedarias, da que se podía ir por Lalín ó sur de España pola Ruta da Prata) e a Porta de Susannis (Porta da Mámoa, fin da rúa das Orfas que era o remate ou o comezo da antiga *via velegia*, que discorria polo val de Vea con rumbo a Caldas de Cuntis e Moraña e uníase, nun dos seus ramaís, ó Camiño Portugués no que hoxe é o concello de Barro).

Logo, observando o antedito, caberíanos formular unha primeira pregunta: se seis das portas de Santiago daban saída a múltiples alternativas viarias principais xacobeas ¿por qué non pensar que a Porta de Susannis realizaba o mesmo tipo de servizo? Non sería estraña a súa confirmación, a súa vinculación a unha ruta alternativa menor; sendo esta tese a que imos tentar defender e razoar no estudio que aquí presentamos. Xa antes de nada hai que entender que os camiños xacobeos formaban orixinariamente un tecido, unha rede de vieiros




Figura 1: Murallas de Santiago no último tercio do S. XI (A. López Carreira, *A cidade medieval galega*, p. 79).




Figura 2: Camiños principais xacobeos (Camiños portugueses de peregrinación a Santiago, Xunta de Galicia, dir. edic. M. García Iglesias, p. 15).

principais e secundarios cos que se poder dirixir á basílica compostelá; posto que así como na antigüidade "tódolos camiños levaban a Roma", no medioevo poderíase dicir que tódolos camiños conducían a Santiago.

## CONSIDERACIÓNS HISTÓRICAS

De todos é sentido que nos confíns da Sé iriense, nas primeiras décadas do século IX, o prelado Teodomiro recoñecía nun outeiro próximo á igrexa de San Fiz de Solovio, pertencente ó seu dominio eclesiástico, o osario de Santiago o Zebedeo, daquel que a tradición conformou como figura detonante do proceso evanxelizador da antiga Hispania romana. Esta "inventio" traería consigo a creación dun santuario que dese protección ós restos cinerarios, unhas comunidades de monxes que custodiasen as reliquias, e a infraestrutura viaria precisa para a propagación publicista do achado e a aproximación dos *peregrini* que, desexosos de redimi-las súas faltas, acordasen viaxar cara ó recinto sacro. O Vieiro principal dende sempre, tal e como se nos expresa no Liber Sancti Jacobi, sería o traxecto procedente do exterior dos Pirineos (de aí que levase as denominacións de Camiño Francés, Ruta Franca, Vía Francixena, etc.), e tendo en conta o punto de saída dos seus ramaís -as proximidades de Mons Pessulanus (Montpellier), Podius (Le Puy), Viziliacus (Santa María Magdalena de Vézelay) e Urbs



Turonica (San Martiño de Tours, López Pereira, 1993: 59,154), nexa comunicativo de toda a rexión francesa coa cidade do Apóstolo.

## O Camiño Portugués

Pronto agromarían dos antigos vieiros do Imperio Romano os novos itinerarios xacobeos, marítimos e terrestres, e entre outros as rutas portuguesas, das que podemos constata-la súa existencia dende alomenos o mesmo século XII. Así o deixa claramente anunciado o xeógrafo árabe Edrici na súa obra "Recreo do que ansía recorre-os horizontes do mundo", mencionando dous traxectos portugueses cara Compostela: un desde Coimbra por mar e outro desde a mesma cidade por ruta terrestre (Duarte Rodrigues, 1993:60,63).

Pero antes de nada, antes de meternos na análise das terras cuntesas, investiguemos máis polo miúdo o traxecto principal portugués. Segundo João Duarte Rodrigues, partía este da capital lusa pasando por Santarém, Tomar, Coimbra, Porto, Braga, Ponte de Limia e Valença do Minho, enlazando con este itinerario numerosas rutas menores (como dende Lamego, Mesó Frio ou por Bragança, por exemplo). Discorria logo así este traxecto principal polo que fora a primitiva vía romana XIX que enlazaba Bracara Asturicam con Luco Augusti pasando por Tude (Tui), Burbida (Pazos de Borbén), Turoqua (Tenorio), Aquis Celenis (Caldas de Reis ou Caldas de Cuntis), Pria e outras masións setentrionais, para encarreirarse incluso rumbo a Astorga<sup>1</sup>.

## Infraestructura viaria. Os camiños reais por Baños de Cuntis

Temos coñecemento que polas terras cuntesas cruzaban varios camiños que unían diferentes rexións da xeografía galega e do exterior, servindo de pontes introductoras de mercadorías e útiles de consumo para as diferentes terras da bisbarra. Neste apartado tan só expoñeremos o traxecto dalgunhas vereas reais que nos espertan unha maior interese para este traballo, non sendo o conxunto viario aquí exposto a totalidade dos camiños existentes:

1. Dende os portos de mar de Rianxo, Carril, Vilaxoán, A Pobra, Cambados, etc., accedíase á vila dos Baños por un dos camiños que atravesaba a freguesía de Sta. María de Troáns (posiblemente polo lugar da Carreirancha) e que se comunicaba así mesmo directamente coa vila de Caldas de Reis. Por el, a xeito de rede introductoria de mercadorías, circulaba unha importante cantidade de peixe fresco e salgado, comestibles, panos, etc.




Figura 3: Camiños reais cuntesas.

2. Outra alternativa viaria, recordando a Ferreira Priegue, procedente de Ponte Caldelas, e posiblemente tamén de Salvaterra e Arcos de Valvedez (no país luso), aproximábase a Cuntis por Terra de Montes, cruzando as freguesías de Sta. María de Muimenta (Campo Lameiro), San Martiño de Laxe (Moraña)<sup>2</sup> e Sta. María de Cequeril (en Baños de Cuntis)<sup>3</sup>, sendo, segundo algúns historiadores, un posible antigo trazado da vía romana que polo interior unise as metrópoles de Bracara Augusta e Lucus Augusta. Dísenos ademais nun documento do século XVIII, redactado por D. Xosé Piñeiro Cancio, coéngo doctoral do Cabido catedralicio de Lugo, e transcrito por Filgueira Valverde que: "Este pueblo (...) es cabeza de jurisdicción perteneciente a la dignidad episcopal. Yo creo se halla en la vía militar de Tyde a Lucus Augusti por Burbida (...) "(Filgueira ,1994:232-3). Afirmación que tamén así a consideraba o ilustre polígrafo "galego" Fr. Martiño Sarmiento.
3. Pola vetusta Ponte Taboada (construción divisoria das antigas xurisdiccións dos Baños e Peñaflo), dábase entrada á vila de Cuntis ás mercadorías e viaxeiros procedentes das terras de Pontevedra e do sur. Discorria este camiño por Barro e Moraña, pasando

<sup>1</sup> Vid. X. M. Caamaño Gesto, "Vías Romanas", en GEG, (dir. R. Otero Pedrayo), 30, (1974), pp. 31-33. Tamén sería recomendable consultar A. Blázquez, "Vía romana de Braga a Lugo, por el interior", en BRAG, 73, (1918), pp. 118-127.

<sup>2</sup> Para Elisa Ferreira Priegue este camiño era unha antiga vía romana secundaria. Cf. E. Ferreira Priegue, Los caminos medievales de Galicia, (Ourense 1988), p. 113.

<sup>3</sup> Non demasiado lexos deste vieiro localizouse ata a Baixa Idade Media o cenobio cisterciense feminino de San Xurxo de Codeseda. Desperta igualmente o noso interese a entidade poboacional menor que a carón destes lugares leva os nomes de Pedrafita ou Parafita (Nigoi, A Estrada).




Figura 4: Adaptación do mapa de J. R. Menéndez de Luarca.




Figura 5: Vías comerciais importantes na Idade Media Galega (E. Ferreira Priegue, Galicia en las rutas del comercio medieval, Faro de Vigo 1991,p. 430)

polo lugar da Albergaría (en San Salvador de Saiáns). Este ramal (polo que transitaban tropas, correos, mercadores e "la mayor parte de el vino que se da en el Riuro como es bien publico y notorio"), será motivo de múltiples comentarios nestas investigacións, xa que tendo en conta un exhaustivo mapa confeccionado por Menéndez de Luarda observamos que á altura do concello de Barro, aproximadamente, bifúrcase a ruta portuguesa aparecendo unha alternativa secundaria xacobeá, sinalando nela o mesmo autor a existencia de dous hospitais. Loxicamente, sospeitamos que estas instalacións asistenciais que insinúa debían de ser A Albergaría (en Saiáns) e o antigo hospital da vila cuntiense.

4. Dende a propia vila *do Baño*<sup>4</sup> podía o transeúnte vagar por Arcos de Furcos, Castro Loureiro, Matalobos, San Xiao de Veá e Barcala ata a vila de Padrón, ou inclusive á cidade de Compostela e outras localidades setentrionais por Teo e A Ramallosa (era esta propiamente a antiga *via velegia* que enlazaba co camiño de Moraña que tratamos no punto anterior). A modo ilustrativo podemos indicar que nun subforo de 1679 outorgado por D. Pedro Núñez de Guzmán Enríquez de Soutomaior (Marqués de Montealegre e Conde de Villaumbrosa), a un fidalgo de Arcos de Furcos, cítase tan só nese documento ata en oito ocasións a expresión: "el Camino Frances que vá a los Baños"; o que insinúa a existencia dun ramal (no noso caso particular procedente de Portugal), e que discorría pola freguesía antedita e a propia vila cuntiense (vieiro que tamén se coñecería cos nomes Camiño de Castilla ou de Castela e Camiño Real).
5. Se dende a vila cuntiense nos encarreiramos á freguesía de San Fins de Estacas pasando polo lugar de Magán<sup>5</sup>, polo camiño real do monte, chegamos ás inmediacións da entidade poboacional de Pedrafita (nas terras de Valga) e dende alí igualmente a Padrón, Iria Flavia e Santiago.




Figura 6: Fragmento do subforo de D. Pedro Núñez de Guzmán.

<sup>4</sup> Nome co que ata fai moi pouco se coñeceu concretamente á vila de Cuntis.

<sup>5</sup> Nas inmediacións desta entidade poboacional de Magán atopamos, no mesmo antigo camiño que se encarreira a Valgo e Iria Flavia, un marco granítico de factura semellante á dun miliario romano (fincado en posición invertida), e que serve de lindes divisorios entre os concellos de Cuntis e Caldas de Reis; coñécese co nome do marco do carreiro.

## Asistencia hospitalaria e relixiosa. Institucións de acción caritativa

"Tódolos hóspedes que se acheguen, sexan recibidos como se fosen Cristo en persoa, pois El dirá: "fun hóspede e recibíste-me". (Regula Benedicti)

Deixamos indicado liñas arriba que nesta posible alternativa menor xacobeá existían xa dende antigo dous supostos hospitais. Cuntis, dende o século XVIII como mínimo, contaba con un no que estaban ó fronte un cirurxián e un administrador; realmente tratábase das antigas instalacións do Balneario da Virxe<sup>6</sup>, como se deduce do seguinte extracto do interrogatorio do Catastro do Marqués da Ensenada:

"A la trigesima pregunta de dicho interrogatorio digeron que en esta feligresia ay un hospital el qual sirue de baño a donde concurren los enfermos a tomar vaño y curarse, el qual administra Verisimo Rodriguez da Fraga (...)".

O prelado compostelán, como señor destas terras e xurisdicción, ofrecía con este hospital unha asistencia sanitaria pública para os veciños dos lugares e para todos aqueles transeúntes que facían camiño a Santiago, ou incluso ós que padecendo algunha doenza achegábanse á casa de baños co obxecto de aliviar-las súas dores reumáticas, respiratorias, cutáneas e incluso de "esterilidade".

En relación ó lugar da Albergaría (en San Salvador de Saiáns, Moraña), debemos botar man de novo ás explicacións de Ferreira Priegue xa que, este topónimo, facía clara referencia a "unha institución medieval de características similares ás do hospital, pero ó parecer de menos categoría; sería unha especie de refuxio para mendigos, vagabundos e camiñantes".

Así a todo, para ter conciencia de axuda hospitalaria ó camiñante nas terras cuntienses en momentos anteriores témonos que remontar á Idade Media, xa que a existencia de antigos mosteiros altomedievais así o denota (Picallo Fuentes, *A articulación do poboamento na antiga Terra Termarum*, no mesmo número da revista). Os cenobios (incluso xa os de observancia prebenedictina<sup>7</sup>), estaban obrigados a acoller ó viandante; onde se lle facilitarían, en verbas de López Calvo, "leito, teito, misa e mesa"; desempeñando labores hospitalarios, de hospedaxe e incluso de hospicio. Ofrecían os mosteiros ó homo viator alimento espiritual e alimento físico, cura animarum e cura do corpo, asistencia tanto relixiosa como médica.

Eran pois case exclusivamente as institucións monásticas, segundo as consideracións do mesmo López

Calvo, ós únicos centros medievais que ofrecían axuda médica ós necesitados. Couselo, Arcos de Furcos e Sta. María de Tormis serían tres comunidades cenobíticas que puideron actuar deste xeito consonte ás súas propias normas monásticas (benedictina e prebenedictinas). Aproximemos ata nós unhas verbas de M<sup>a</sup>. Helena da Cruz Coelho, nota de importancia capital para o afondamento no tema das peregrinacións:

"As velhas casas monásticas, sediadas no mundo rural, não se desvinculam porém do seu papel assistencial (...). Só então quando situados em eixos viários, sobretudo os que acompañavam os grandes caminhos de peregrinação para Santiago ou Roma, é que os mosteiros mantiveram uma real importância assistencial, dobrando-se de albergarias, hospitais e enfermarias para socorrer os que lhes imploravam pão e ajuda".

Comentaba tamén Villaamil y Castro que "poucas eran as poboacións, especialmente dentro de Galicia, que non contasen coa súa correspondente albergaría ou hospital de peregrinos", ademais "a cada igrexa e a cada mosteiro achábase anexo un hospital" (Villaamil y Castro, 1902: 4-5, 234 e seguintes).

San Xiao de Termas de Cuntis foi outra igrexa de moita relevancia para estes lugares da xeografía caldense na Idade Media, incluso puido ter sido igualmente outra casa monástica. Pero o que agora estimula a nosa atención en relación con este templo é o seu haxiográfico, San Xiao. Era así a súa advocación un claro síntoma do espírito asistencial (concretamente o propio San Xiao ou Xulián, foi alcumado como "O Hospitalario") e, polo tanto, estreitamente relacionado cos camiños e cos camiñantes (Ferrera:34). Inclusive esta igrexa levaba na voz da súa tradición popular o vínculo á milicia da Orde do Temple (tema do que trataremos en breve).

Contaban logo así os camiños de peregrinación en xeral, e as terras cuntienses en particular, cunha infraestrutura razoadamente deseñada, emprazando nas súas vías de tránsito: "hospitais, gaferías, santuarios, humilladeiros, igrexas de refuxio con seguro do rei" (Fernández del Riego, 1984:10) etc.

## Asistencia xurídica

Dispoñía así mesmo a pequena vila de Caldas de Cuntis na Idade Media, dende alomenos o século XI, cos necesarios organismos administrativos: xuíces, notarios e mordomos, concretamente; e que deberon depender na súa orixe da xurisdicción real, para logo, posteriormente, dende a segunda metade do século XII, selo da dignidade

<sup>6</sup> Non debemos confundir este hospital coa fundación tamén hospitalaria realizada século XIX no mesmo emprazamento polo segundo conde de Ximonde.

<sup>7</sup> San Isidoro de Sevilla deixaba indicado na súa *Regula Monachorum* que a terceira parte dos beneficios monásticos fosen repartidos entre os estranxeiros. Algo semellante acontecía na de San Froitoso, onde se estipulaba que os seus monxes debían atender ós enfermos e camiñantes. Pero debido a que en moitas ocasións os mosteiros estaban ateigados de xente estraña o III Concilio de Zaragoza (691) tentou restrinxila hospedaxe neles, xa que ás veces semellaban da-lo aspecto de "mesóns de segreiros". Cf. J. M. Anadrade Cernadas, "Hospitalidad con el peregrino", en *Historia Viva*, 23, Xacobeo'99, (1999), (dir. J. Tomás de Salas), pp. 10-11.

arcebispo de Santiago, a cal abranguería incluso o dereito de caritel<sup>8</sup>. Deste xeito, un xuíz que atendese tódolos conflitos acaecidos na veciñanza era posto na vila cuntiense polo arcebispo compostelán. Estes mesmos órganos xurídico-administrativos deberon contribuír á protección dos romeiros que por Cuntis vagaban rumbo a Compostela; posto que é ben sabido que o peregrino gozaba de protección xurídica, incluso supranacional (Plötz, 1984:245); así entre outras execucións que se lle concederon dende antano estaba a de non contribuír co portádegos, "peaxe nin ningún dereito polos animais ou cousas que acarrexase por razón do seu camiño" <sup>9</sup>. De xeito similar aparece expresado no código lexislativo máis importante da Idade Media, "As Sete Partidas" de Afonso X: "quando passaren los romeros por sus logares honrarlos e guardalos". Pode servir tamén de exemplo o feito de que Afonso XI (1312-1350) difundise durante o seu reinado unha *pax regis* coa fin de protexer ós *peregrini* e ós forasteiros que transitaban polo trazado xacobeo (Plötz, 1984:246).

### Asistencia técnica

Con este título indicaremos todos aqueles medios que se lles ofrecían ós romeiros co obxecto de protexelos militarmente. Para eso contou a "Vía Francixena" cunha serie de milicias ou corpos especializados que pretendían a seguridade daqueles que facían camiño a Compostela; estámonos a referir, entre outras ordes militares, ós Templarios e ós Hospitalarios. Dos primeiros trataremos xa de comezo.

Pobreza, castidade e obediencia, xunto coa defensa e escolta armada dos peregrinos que se dirixían ós Santos Lugares (Roma, Santiago e Xerusalén), foron os preceptos primixenios ós que estivo suxeita a milicia do Templo de Salomón; razón pola que se coñeceu ós seus compoñentes como "monxes-cabaleiros". Varias serían as áreas xeográficas galegas nas que asentarían as súas posesións, destacando pola súa importancia a baía do Burgo do Faro (A Coruña), e marcando igualmente o seu selo no que atinxe ás nosas circunscricións, aínda que non sabemos dende cando, nas terras de Moraña, O Salnés<sup>10</sup> e o couto de Arcos da Condesa.

Misterio, lenda e un halo de incerteza invaden as razóns polas que Clemente V, mediante o Concilio de Vienne (1312), decide suspender a Orde do Temple e transferilos seus bens directamente á disposición de Fernando IV de Castela e León. Corenta e cinco anos máis tarde produciríase o cambio de dinastía monárquica; Henrique II pasaba a ser, "por la gracia de Dios, rey de

Castiella, de Leon, de Toledo, de Gallizia, de Seuilla, de Cordoua, de Murçia, de Jahen, del Algarbe, de Algezira et señor de Molina", e con el o último momento da custodia rexia dos bens templarios da nosa xeografía. Sería logo o 26 de setembro de 1371 cando dende a cidade de Toro o rei Henrique entrega ó Deán de Santiago e ó seu Cabido catedralicio "todas las heredades, rentas et derechos que nos auemos et nos pertenesçe auer en Tierra de Salnes et de Moraña et en el Coto de Arcos de Condesa"; quedando excluído desta dádiva o que se nos revela no seguinte extracto que publicamos:

"(...) retenemos, para nos et para los reyes que regnaren despues de nos en Castiella et en Leon, mineras de oro, et de plata, et de azul, et de otro metal qualquier si las y ouiere, las cuales dichas heredades, et rentas, et derechos fueron de la orden del temple, et pertenesçen a nos para fazer dellos lo que la nuestra merçed fuere, pero que retenemos para nos et para los reyes que regnaren despues de nos en Castiella, et en Leon (...) "<sup>11</sup>.

Pero estes, parece ser, eran bens grandemente cobizosos, xa que serían múltiples as razóns que alegaría Pedro Enríquez de Castro (*Conde de Trastámara, Lemos y Sarria, Bolo y Viana, y señor de Villafranca y Ponferrada, condestable de Castilla*<sup>12</sup>), para atribuírse a súa herdanza (que ocuparía subrepticiamente ata 1398) (Pardo de Guevara, 2000:238).

Outro dato interesante para este apartado, que en ausencia destas anteriores notas informativas quedaría en maior tea de xuízo, é unha achega facilitada por Filgueira Valverde extraída dun documento do século XVIII conservado na catedral de Lugo, no que se indica que "tambien hay la tradición de que la iglesia antigua fué de los Templarios y se llamaba de San Juan (...) "(Filgueira Valverde, 1944:232). Estase a referir, obviamente, ó primitivo templo de San Xiao (ou Xulián) de Caldas de Cuntis. Polo tanto, á luz das referencias históricas desta bisbarra, o feito aí exposto non é lóxicamente tan dubidoso.

Faciamos igualmente mención ó comezo deste apartado ó feito de que así mesmo colaborou na axuda e protección ós romeiros a Orde de San Xoán de Xerusalén (ou dos Hospitalarios), tendo ésta, tal vez, igualmente pertenzas nas terras de Moraña. Así o insinúa de Sá Bravo ó analiza-la arquitectura da románica igrexa de San Pedro de Rebón, cando indica que o "tímpano de la portada principal estuvo durante varios años empotrado en el muro que circunda el atrio de la iglesia. Tenía esculpida en la parte central la Cruz de la Orden de los Sanjuanistas o Caballeros de Malta, dentro de un círculo de bolas, con

<sup>8</sup> Dereito exclusivo que posuía o señor para selar e estampillar documentos, debéndose pagar por este servizo.

<sup>9</sup> X. A. López Calvo, "Peregrinacións, hospitalidade e pegados xacobeos na comarca eumesa", en Catedra. *Revista Eumesa de Estudios*, (1999), 6, p. 166.

<sup>10</sup> Por terra de Moraña entendemos o concepto de bisbarra, o que correspondería hoxe á arqiprestado do seu nome; o caso do Salnés, é semellante.

<sup>11</sup> A transcripción é nosa.

<sup>12</sup> Parte do epitafio da sepultura deste aristócrata que se conservou en S. Francisco de Lugo. Cf. J. García Oro, *La nobleza gallega en la Baja Edad Media. Las casas nobles y sus relaciones estamentales* (Santiago 1981), p. 23.

cuatro rosetas exteriores correspondiendo a los brazos de la cruz" ( Sá Bravo, 1978:429) .

Recordemos agora dous conceptos importantes:

1. A Orde do Hospital foi unha das milicias que na península tentou absorber parte dos impostos e herdos do Temple trala súa supresión e a parella desamortización dos seus bens (o 14 de marzo de 1319 o Papa Xoán XXII asignaba as herdades templarias do reino de Castela ós Sanxoanistas, feito que, na opinión de Martínez Díez, non debeu chegar á súa plena consumación; os reis casteláns, cobizosos destes relictos caudais, non estaban dispostos a someterse ó ordenado polo Sumo Pontífice).
2. A localización da citada parroquia de San Pedro de Rebón, no concello de Moraña, non se atopa moi lonxe do lugar da Albergaría (en Salvador de Saiáns), ó pé da referida alternativa menor xacobeas que debeu cruzar esta bisbarra. Non sería aventurado logo supoñer que o orixinario albergue que lle deu nome a esa entidade poboacional tivese algo que ver cunha orde de tipo relixioso-militar.

Facendo agora un balance total do exposto neste punto podemos indicar que, dalgún xeito, tanto os templarios como os hospitalarios deberon contribuír á defensa dos camiñantes que se dirixían ó santuario compostelán; acaso creando algún tipo de construción ou pousada na que poder dispoñer da básica asistencia sanitaria (ou dalgún outro tipo) en beneficio do *peregrinus*.

## O Voto de Santiago

A xeito de esbozo, e para remate deste capítulo, á luz das deducións de Rey Castelao sobre a percepción do Voto de Santiago (imposto que servía de base económica das institucións xacobeas -Arcebispo, Cabido, capela de música da catedral e Hospital Real de Santiago-), é ostensible afirmar que dende xa o século XV ata a primeira metade do XIX as terras cuntesas, ó igual que ocorría coas restantes bisbarras da diocese compostelá (incluso algunhas exteriores ó reino de Galicia), colaboraron coa percepción deste imposto, contribuíndo ó enriquecemento destas institucións do Antigo Réxime<sup>13</sup>; tal e como se deduce igualmente dos datos facilitados polo CME cando recolleemos a lista do conxunto tributario catedralicio (ó Cabido, ó Arcebispo, á Nosa Señora da Piedade -e ós seus capeláns- e ó Apóstolo Santiago), nas parroquias cuntesas<sup>14</sup>.

## ICONOGRAFÍA E DEVOCIÓN RELACIONADOS CO CAMIÑO

A difusión do culto a un determinado santoral ligado ó Camiño é outro tema que desliza-lo destes estudos daría unha mutilada visión dos influxos relixiosos, culturais e artísticos do feito Xacobeo en relación con estas terras. A piedade popular, necesitada de axuda mediática con Deus, vitalízase con santuarios e altares baixo o patrocinio do concreto conxunto devocional, latexante nas nosas igrexas entre a relixión oficial e a relixión do pobo (fóra do propio campo da ortodoxia), entre o estritamente doutrinal e o mítico. Pretendía a iconografía no devoto dous claros obxectivos: un fin Sotérico, motivando a devoción cunha recompensa extraterrenal ("a salvación" e "a vida eterna"); e outro Latreútico, a adoración ós santos e a Deus (Montreal, 2000:10). Particularmente o romeiro tamén necesitaba do amparo e protección de mediadores no seu camiñar; santos, que sendo peregrinos coma eles mesmos, ocupasen un lugar nos retablos das igrexas para servir de tutela, ideal e pregaria no traxecto viario.

### Santiago Apóstolo

Primeiramente, como non, deberase trata-la figura de Santiago Apóstolo. O seu achegamento devocional á bisbarra cuntesa tívose que producir en momentos xa de bastante antigüidade (tal vez na Idade Media). Afirmamos isto baseándonos na existencia dunha capela na parroquia de Santa María dos Baños coñecida co nome do Santiaguíño da Ermida ou o Santiaguíño do Monte, lugar onde aínda perdura a súa romaría, mais non co esplendor que no seu día debeu posuír. A existencia deste pequeno templo data como mínimo do século XVI, xa que deste xeito así nolo insinúa o cóengo-cardeal Jerónimo del Hoyo, nas súas Memorias del Arzobispado de Santiago (1607). No seu interior gardábase a efixie ecuestre do fillo do Zebedeo, caudillo na mítica batalla de Clavixo, simbolizando o apoio ás tropas cristiás contra os musulmáns<sup>15</sup>. Non demasiado lonxe deste santuario está a parroquial de Sta. M<sup>a</sup>. de Cequeril, e nela achamos a continuidade devocional ó Apóstolo (confirmatoria é a presenza dunha talla na súa honra). No caso de que proseguísemos por esta ruta cara Terra de Montes volveríamos a facer outra obrigada parada nunha próxima igrexa (xa nos lindes de Campo Lameiro), estémonos a referir a Morillas<sup>16</sup>, que aceptou a Santiago como patrocinio.

Analicemos agora o traxecto que dende Moraña conduce a Cuntis, posto que sería no primeiro destes

<sup>13</sup> Ver gráficos 1, 2 e 3 de O. Rey Castelao, "El Voto de Santiago", *Historia Viva*, 23, Xacobeo'99, (1999), (dir. J. Tomás de Salas), p. 46 e ss.

<sup>14</sup> Vid. AHPP, Catastro do Marqués da Ensenada, libros das freguesías de Troáns, Estacas, Portela, Baños de Cuntis, Arcos de Furcos e Cequeril (falta San Mamede de Piñeiro).

<sup>15</sup> Para máis información sobre a iconografía do Apóstolo Santiago é recomendable consultar: J. M. García Iglesias, "Hacia una caracterización de la iconografía jacobea en la Galicia del siglo XVI", en *Compostellanum*, 29, (1984), pp. 355-388. En relación coa efixie conservada na citada ermida sinalaremos que recentemente seica foi "roubada".



Figura 7: O Santiaguíño da Ermida.

concellos e na freguesía de Sta. María de Cosoirado (límitrofe coas terras de Campo Lameiro), onde tamén se observa un profuso achegamento relixioso ó fillo do trono. En dúas imaxes custodiadas no seu templo Santiago nunha é romeiro (co característico atavío da peregrinatio), noutra cabaleiro (brandindo a espada contra os infieis en Clavixo).

Nembargantes Cuntis perdeu en S. Mamede de Piñeiro o fervor que antano se tivo a este santo; consultando os libros de fábrica desta freguesía indicásenos a existencia nos seus altares, a comezos do século XVII, das tallas dos fillos do Zebedeo (aínda que as súas devocións poida que fosen moito máis antigas)<sup>17</sup>. Arcos de Furcos tamén compartiu o mesmo sentimento por Santiago e a súa perda igualmente tralo paso do tempo; podemos afirmalo seu acaroamento ó Apóstolo analizando a simboloxía dun dos seus altares colaterais, posto que a pé de retablo representase dous bordóns de peregrino cruzados e unha cuncha de vieira por enriba deles (insignias que nos fan cuestionarnos a posibilidade de que primitivamente unha imaxe de Santiago fose a titular ou compartise o patrocinio deste capela<sup>18</sup>).

Santiago o Zebedeo tamén aparecía representado xunto co restante grupo apostólico e a figura de Xesús na decoración pictórica que existiu na bóveda da capela maior do santuario de Nosa Señora do Castro Loureiro (ou do Loreto), simbolizando a última cea e o sacramento da Eucaristía; representación da que xa se tiña noticia neste templo dende a primeira metade do século XVIII<sup>19</sup>.

## Devocións cuntienses introducidas polo Camiño Francés

Pode servir de exemplo deste apartado dous casos rechamantes da devoción popular. Comezaremos coa virxe pirenaica de Nosa Señora de Monserrat, a cariñosamente coñecida como La moreneta, que na freguesía de Arcos de Furcos debeu gozar dun forte fervor popular. Así nolo manifesta a existencia dun peto na súa honra na aldea da Casiña<sup>20</sup>, onde a veciñanza deposita patacas e froitos da terra como ofrenda e rogativa co obxecto de obter unha boa colleita para o seguinte ano. Na propia igrexa da parroquia tamén aparece a súa talla, curiosamente cun branco facial da que non lle é característica (xa que esta iconografía pertence ó tipo chamado das Virxes negras), e que podería ser de bastante antigüidade e interese artístico. A imaxe da parroquial represéntase sedente e co Neno no colo (tipo Theotokos -nai de Deus-), nunha rexión montañosa (simbolizando a cordilleira de Montserrat), con dúas ermidas e dúas figuras humanas ó seu pé (que a iconografía considera peregrinos que se aproximan ó santuario). Esta devoción é unha de tantas que a propia Ruta Franca introduciu dende o alén pirenaico, aproximando as culturas, ritos e crenzas das terras italianas, francesas, alemáns, etc.

Caso similar a este tamén o constitúe o da Nosa Señora do Loreto, representación iconográfica que comeza a estenderse por Europa, maioritariamente dende o século XV, e que se ve conmemorada igualmente no Santuario do Loureiro (en Sta. Baía de Portela), dende alomenos o século XVI, demostrando deste xeito a súa introducción pola mesma ruta xacobea dende as terras da rexión de Ancona na península italiana (onde nace a súa veneración no século XIII). A efixie máis difundida é a que aparece María co neno no seu colo, ambos sobre o teito dunha casa que se eleva polas nubes coa axuda anxelical. A casa simboliza a vivenda que tivo a sagrada familia en Nazaret (tal e como aparecía tamén nun peto de esmolos conservado no mesmo templo da freguesía de Portela)(Gaité: 129).

<sup>16</sup> Freguesía de Campo Lameiro que xunto con Sta. Isidro de Montes, Sta. María de Muimenta e S. Cristovo de Couse, ata comezos do século XIX, estiveron incluídas dentro da xurisdición dos Baños de Cuntis.

<sup>17</sup> No ano 1620 aproximadamente ordeábase o seguinte: "Primeramente dio por descargo ciento y veinte y dos reales que costaron los dos hechuras de ymagenes de San Juan y Santiago que hizo Pedro Soares, vezino de Santiago". Cf. Libro de Fábrica II de San Mamede de Piñeiro (1620-1695), fol. 5.

<sup>18</sup> Esta suposición faínos cuestionarnos igualmente a posibilidade de que os atributos deste altar (cuncha e bordóns), puidesen, no caso de non estar relacionados con Santiago directamente, ser atribuíbles a San Roque, xa que este santo utiliza, así mesmo, a indumentaria peregrina.

<sup>19</sup> "Ytem ciento y veinte reales que llebó el pintor por pintar los doce apostoles que se allan en dicha Capilla". Cf. Libro de Fábrica I do Santuario e ermida de Nosa Señora do Loureiro (1678-1807), fol. 84.

<sup>20</sup> Entidade poboacional antigamente pertencente ó mosteiro de Couselo e, logo da súa desaparición, igualmente á súa freguesía.





Figura 8: Peto da Nosa Señora de Monserrat no lugar da Casiña.

### Santoral hospitalario e de protección ós camiñantes

Outra figura do santoral a ter presente é a de San Amaro "O Peregrino", protector dos camiños e camiñantes. Comenta a súa lenda que procedente dunha adiñeirada familia decide destina-la súa copiosa faldriqueira de herdanzas na erección de hospitais e asilos para o coidado de indixentes. A súa devoción cuntese faise visible na parroquia de San Mamede de Piñeiro no século XVII<sup>21</sup>, acontecendo do mesmo xeito en Sta. Baia de Portela<sup>22</sup>. Gustaríanos facer aquí fincapé no aspecto de que esta alternativa secundaria do camiño portugués que cruzaba por estas terras comezase no lugar chamado de San Amaro, na parroquia de San Mamede da Portela (no concello de Barro), onde se conserva aínda unha entidade poboacional menor que leva o nome de A Parada. Neste último lugar, ou nos seus arredores, seica existía unha venta onde adoitaban antigamente os romeiros deterse a comer e beber (Ferreira Priegue:103-104). Dende alí un podía encarreirarse a Santiago tanto por Caldas de Reis como por Caldas de Cuntis (ruta menos transitada).



Figura 9: Ermita de Sto. Ildefonso, antigamente de S. Xoán, na parroquia de Sta. M<sup>a</sup>. de Troáns.

Topónimos menores como A Pousada e A Pousadiña, que aínda se conservan na parroquia dos Baños de Cuntis, ou incluso As Pousadas en San Mamede de Piñeiro, fan igualmente alusión a construcións destinadas a dar alimento e descanso ós viaxeiros.

Dentro deste grupo de santos protectores do que estamos a tratar sitúase igualmente o xa mencionado San Xiao ou Xoán "O hospitalario"<sup>23</sup>. Pola xa referida via velegia existía a súa devoción nas igrexas de S. Xiao de Termas de Cuntis e S. Xiao de Veá (A Estrada). Outras veces esta advocación aparece confundida tralo paso do tempo coas de San Xoán Evanxelista (o outro fillo do Zebedeo) e a de San Xoán Bautista<sup>24</sup>. Estoutra compartía vecindade devocional dende aproximadamente o século XV na vetusta ermida de Santo Ildefonso na parroquia de Sta. María de Troáns. A imaxe do decapitado Bautista fai referencia segundo a simboloxía iconográfica ás confrarías da Misericordia e a outras congregacións que prestaban asistencia ós condenados a morte. Xeneralmente é representado na imaxe dun xoven vestido cunha túnica de pel de carneiro (que simboliza o Agnus Dei)(Montreal, op. cit.:309-312), tal e como se pode observar na referida ermida do Sto. Ildefonso.

A maior influencia na propagación do culto a San Xoán (Xulián ou Xiao) "o Hospitalario" exerceuna principalmente a orde militar que levaba o seu nome, San Xoán de Xerusalén, e, en segundo plano, a do Temple.

Sinálanos Ferreira Priegue a San Cristovo como outro santo patrón dos camiñantes, aínda que en Galicia a súa advocación fose e sexa escasa, estendéndose principalmente polo país galego ata ben entrada a Baixa Idade Media. Así a todo por estas terras a presenza deste

<sup>21</sup> Cf. Libro de Fábrica III de San Mamede de Piñeiro (1698-1812), fol. 4.

<sup>22</sup> "Itan seis reales y medio de la composición de uns santos viejos que son San Amaro, Sta. Eulalia y Nra. Sra." Cf. Libro de Fábrica I de Sta. Baia de Portela e San Miguel de Couselo, (1655-1800), fol. 115.

<sup>23</sup> A súa haxiografía indica que logo da morte dos seus pais San Xiao constrúe un hospital para peregrinos.

<sup>24</sup> Unha das devocións a este santo aparece en San Miguel de Couselo a partir da fundación no ano 1704 polo vigairo desta parroquia, D. Xoán Caramés, dunha confraría baixo a súa advocación.

xigante cinocéfalo "portador de Cristo" particularízase en case tódalas freguesías de Moraña, en San Cristovo de Couso (Campo Lameiro) e Sta. María dos Baños de Cuntis. A súa efixie máis singular é a dun home esvelto vadeando un río co Neno Xesús nun ombreiro, servíndose do tronco dunha árbore (normalmente unha palmeira) como apoio do seu corpo.

Outro santo peregrino é San Roque, unha das figuras máis sobranceiras que dende Francia se asentou nos rezos populares de Galicia. A súa persoa proxecta os símbolos do desprendemento dos bens terreaís e a dedicación á caridade, relacionándose estreitamente deste xeito coa asistencia hospitalaria e a peregrinaxe<sup>25</sup>. Facendo caso da haxiografía e as devocionais a este santo, Andrés Ordax comentáranos que a súa introducción foi principalmente levada a cabo pola Orde dos Dominicos e outras institucións relixiosas. Devoción esta que nas terras cuntenses exteriorízase na imaxinería de tódalas súas parroquias e nas confrarías que levaron o seu nome, concretamente en Couselo e Portela (dende o século XVII, como mínimo), Troáns (igualmente dende as mesmas datas) e Estacas (xa a partir do XVI).

### San Xosé peregrino

Dúas son as imaxes que en relación con San Xosé avivan a nosa curiosidade: a primeira residía antigamente no santuario de Nosa Señora do Loureiro<sup>26</sup> e a outra nos propios muros do adro da actual igrexa parroquial de S. Breixo de Arcos de Furcos. Na representación da talla que existiu en Portela<sup>27</sup> San Xosé aparecía apoiado no seu baculus e fuxía con María, o Neno e unha burriña rumbo a Exipto. Efixie que deu orixe, nos arredores do santuario, mercé á afectividade da súa xente, a dúas cariñosas denominacións populares: La Borriquita ou A Burriña. Temática ésta que facía clara alusión ó tránsito de camiñantes e á dureza do camiño. Trátase dun motivo non moi estendido pola península pero que ten unha das súas mellores representacións peregrinas nun capitel historiado conservado na catedral de Ciudad

Rodrigo, onde San Xosé identifícase co atuendo típico dun romeiro (sombreiro e bordón coa correspondente cabaza).

No tocante á representación conservada no adro da igrexa de Arcos de Furcos (nas inmediacións do trazado do 'Camino Francés que va a los Baños') descóbrese novamente a influencia xacobeá nos restos dun baldaquino gótico (datable a fins do século XV ou a comezos do primeiro tercio do XVI). Trátase de tres lumieiras de arco conopial nas que se esculpiron as pasaxes bíblicas da natividade, o desencravo de Cristo e a adoración dos reis magos, sendo o primeiro dos programas iconográficos o máis atraínte para os nosos estudos. Neste represéntase o nacemento de Xesús, protexido polas figuras da Virxe, San Xosé, o boi, a mula. San Xosé merece grandemente o noso interese: represéntase axeonllado, servíndose da propia fisionomía escultórica do arco, e ataviado cunha coroa "real", unha túnica larga, a esclavina (ou capa curta coa que protexelos seus ombreiros das inclemencias meteorolóxicas), o bordón de peregrino (ou baculus), e o cabazo (onde levalla bebida para o camiño). É a día de hoxe na terra cuntense, así logo, a manifestación escultórica máis singular e antiga conservada que fai clara referencia ó feito xacobeo.

### Estancias de iniciación cara o santuario compostelán

Un dos últimos temas que trataremos será o dos santuarios, facendo tamén parada naqueles que son de culto mariano. O culto ás reliquias e ás imaxes (impulsadas notablemente dende a segunda metade do




Figura 10: Lumieira do baldaquino gótico de Arcos de Furcos.

<sup>25</sup> Lembremos que S. Roque era natural de Montpellier, viviu a mediados do s. XIV e a súa haxiografía recórdanos que repartiu toda a súa fortuna entre os necesitados, posteriormente fariase peregrino e caídaría dos enfermos pola peste.

<sup>26</sup> Coñecido no século XVI como igrexa ou ermida do Castro Lourido.

<sup>27</sup> Lamentablemente esta imaxe foi roubada fai varios anos.

século XVI polo Concilio de Trento),(Sobrado,1999:899-900), a oración en santuarios e ermidas rurais, as devocións ós santos avogosos representados nestes pequenos centros sacros... actúan como intercesores entre os homes e Deus e, servíndonos dunha expresión de Hans Dünninger, aliviadores de penas e pecados cunha eficacia *quasi* sacramental (incluso xa dende antes da introducción das indulxencias).

Varios foron os santuarios que se localizaron nesta bisbarra. Dende as circunscripcións morañesas, pasando polos Baños de Cuntis e o val de Veá, facemos estancia nun itinerario abondoso de santuarios que serven de iniciación e práctica devota cara o máis grande de todos eles, a arca cineraria da basílica compostelá. Comezaríamos o noso "Rosario" asistindo ó santuario de San Breixo de Barro e a súa multitudinaria romaxe. Fariamos estancia logo tamén no dos Milagres de Amil (que dende o século XVIII os romeiros recorren en multitude na busca dos favores da Virxe, templo que ata o ano 1823 ofrecía ós alí chegados un teito onde poder pasa-la noite); o de Santa Xusta de Moraña (onde se debe beber da fonte milagreira e facer un nó nunha folla da planta do millo); a Nosa Señora do Castro Loureiro (da que temos razón do seu haber dende o século XVI, onde rezando con fervor certas oracións o camiñante recibe as súas indulxencias); o Santuario de San Ramón (en Mesego, Cuntis igualmente, levantado no século XVIII); a capela de San Francisco de Asís (na parroquial de Sta. María de Cequeril, onde se custodian varios "anaquiños do Lignum Crucis" e algúns ósos das santas Liberata e Reparata); O Santiaguíño da Ermida (onde se conservaba a tradición veciñal de introduci-la imaxe do cabaleiro Santiago no leito do río Umia cando o tempo ofrecía un ano de seca, como implorándolle ó apóstolo a necesidade de chuvias) e os milagres de Requián (en Sta. María de Frades, en terras de Veá, no concello da Estrada).

## REFLEXIÓN

Ante todos estes indicios cabe formula-las seguintes cuestións: ¿puido ter pasado polas terras de Cuntis, Moraña e Veá unha ruta alternativa menor do Camiño Xacobeo?; de ser así: ¿tivo algo que ver na aparición deste desvío o protagonismo dun antigo monacato medieval en Cuntis (centros de hospitalidade e asistencia espiritual), e a presenza de propiedades de ordes relixioso-militares na comarca?; ¿foi a antiga via velegia unha verdadeira extensión do camiño portugués a Santiago?. A tenor do aquí exposto todo nos fai considerar unha posible triple resposta afirmativa.

De seguro que este tal vez fose un xeito ou unha fórmula bastante solemne co que rematar estas investigacións; mais agora o *cénit* será outro, posuirá este ademais -aínda non sendo un estudio clausurado ou pechado, todo deberá ser retomado, diseccionando e completado noutra ocasión-, unha finalidade

eminentemente concluínte, connotacións claramente ratificadoras do noso propósito investigador: a via *velegia* dende antes da segunda metade do S. XVI posuía atributos propiamente xacobeos, albergou unha infraestrutura deseñada *ex professo* para o *homo viator*.

## POST SCRIPTUM. CONFIRMACIÓN DOCUMENTAL

Reservamos entón ata o final -aínda que tal vez asemelle estar rompendo a estrutura propia do noso decurso analizador-, o verdadeiro esplendor dos contidos, as probas documentais corroboradoras do propósito que pretendíamos ó inicio do titular. Nembargantes é de aclarar que estas vindeiras formulacións débenselle a uns estudos histórico-toponímicos de M. Castiñeira Rodríguez.

Sobre os seus comentarios investigadores merece sobrancear aquela achega que nos informa sobre a existencia dende antes do ano 1632 dunha confraría na parroquia de S. Pedro de Toedo (dentro do que antano foron os lindes da xurisdicción de Veá) e baixo o patrocinio de San Roque, santo protector dos camiñantes e contra da peste (Picallo Fuentes, H.-M., 2002: 92). Entre as obrigas estatutarias que levaba expresa esta congregación de fieis, erixida para o exercicio de obras de piedade e caritativas, destacaba aquela que indicaba que:

*"si muere un pobre o un peregrino dentro de la feligresia de San Pedro de Toedo, aunque no mande cosa alguna a la dicha cofradía, siendo avisados los vicarios, le vayan a buscar para enterrarle, y se entierre con los cofrades y cera de dicha cofradía y se le haga una misa por su ánima (...)"*.

Comenta o referido Castiñeira, ademais, que esta asociación devota levaba rexistrada atribucións claramente interparroquiais, xa que nela inscribíanse diferentes confrades das freguesías veciñas á de Toedo (Sta. Baia de Matalobos, S. Paio de Figueroa, Sta. María de Aguións e S. Xoán Bautista de Santeles) (Castiñeira Rodríguez, 2002: 13-14). Pero aínda se pode engadir algo máis, extensivamente portaba implicitamente varias significacións sociais de carácter relixioso-asistenciais. Por unha banda, no caso de que os viaxeiros sufrisen unha irremediable e irreversible doenza vital ou enfermidade, o confrade (*cum frater*) debíalle facilitar a aquel varias das súas ultimas vontades. Para o corpo vivo moribundo, proporcionarlle unha habitación de repouso, auga para se lavar, unha comida e lume para entrar en calor; para último alimento do espírito: a posibilidade de confesalas faltas e pecados a un crego (*ministro de Cristo*) xunto coa necesaria administración dos sacramentos (Comuñón e Unción de Enfermos), unha misa de soterramento e os ornatos e cera para a cerimonia fúnebre; e por último, para o cadáver: un nicho ou anaco de terra do camposanto onde poder dar habitación ás súas cinzas.

Seguindo coas achegas de M. Castiñeira tamén é para dar realce nas súas investigacións a información que trata sobre D. Xoán González de Figueroa, xa que nas últimas vontades deste fidalgo das terras de Veá -un dos máis poderosos das demarcacións citadas, das de Tabeirós e da parte setentrional de (Caldas de) Cuntis-, facía vínculo dos seus bens ós seus herdeiros, suxeitándose a eles a fundación dunha das máis importantes obras pías da comarca e de forte impresión sanitario-asistencial. Referímonos á creación da capela do Espírito Santo, que:

*"fundó por su alma y sus ascendientes dos misas rezadas cada semana, para la limosna de las cuales, levantar dicha hermita y edificar junto a ella una casa que sirva de ospicio a los peregrinos que pasan a visitar el Sepulcro del Santo Apóstol Santiago (...) como más bién consta de copia del testamento, otorgado, y autorizado en forma, que halló su merced entre los papeles de Fundaciones de dicha iglesia de Figueroa, por la cual parece pasó la autorización y corroboração de dicho testamento por ante la justicia hordinaria de la Jurisdicción de Bea, y pasó en el año de 1589". (Castiñeira Rodríguez, 2002: 9-12).*

Pero analisemos un pouco a verba hospicio. Esta, derivada do latín *hospitium*: acción ou acto de ofrecer hospitalidade a un (*hospitium praeberre alicui*), levou consigo implícitas características, como observamos, de axuda e servizo ó viaxeiro; e a edificación, en si mesma, sería considerada coma "casa destinada para dar albergue e acoller a pobres, viaxeiros e peregrinos"; definición esta última que nos ofrecerá semellanza, posteriormente, cunha das acepcións do concepto hospital (*hospitális*): "establecemento que serve para recoller pobres e peregrinos por tempo limitado".

## IN TERMINIS

Está, logo así, despois de todas estas reflexións, investigacións e comentarios, claramente xustificada a existencia do paso desta alternativa menor xacobeá, variante do camiño principal portugués que pasa por Caldas de Reis. Foi, como conclusión final, a ruta Barro-Moraña-Cuntis-Veá (A Estrada)-Teo-Santiago un meditado itinerario mercantil, militar e devocional; un dobre camiño para os viaxeiros a Santiago: un rumbo terrestre de coñecemento, de descubrimento, de achegamento ás devocións e á Fe (á comunicación con Deus), e un camiño de solidariedade con un mesmo e cos demais -solidariedade recíproca, posto que o propio camiño, na súa infraestrutura, como vemos, é servil co camiñante-. A busca de explicacións, da Verdade e do segredo (*mystikos*) proxectou, por enriba daquel camiño físico, xeográfico, un nivel superior de vieiro: o camiño da Fe.

Enténdese entón que o camiño físico, atraeu, pola proximidade do santuario compostelán, o camiño da

espiritualidade; pero tamén podemos comprender que este último creou, alterou ou condicionou o camiño físico mesturándose con el mesmo: agromarán devocións, novas e pedagóxicas imaxinerías relixiosas, santuarios, infraestruturas asistenciais, alteracións ou exencións socio-políticas e unhas fortes e constantes prácticas -particulares e colectivas, en base a figuras individuais ou institucionais- nos principios ético-morais, no compartir cos demais e cos forasteiros: a Solidariedade.

## CARTOGRAFÍA

*Mapa Geographico del Reyno de Galicia*: Contiene las provincias de Santiago, Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Orense y Tui...; por Tomas Lopez (Madrid 1784), [Adicado ó Conde de Florida-Blanca].

*Espagne et Portugal*: Carte détaillée en IX feuilles; gravé par P. F. Tardieu (Paris 1785-1798).

*Charta Geografica Regnum Galaeciam* (hispanice Galicia) in suas Provincias divisum repraesentans ex ilis D. Tomas Lopez ii couigavit F. L. Güssefeld; per Homan Haeredes (Norimbergae 1800).

*Des Königreichs Gallicien Nördlicher Theil*; von Franz Johann Joseph von Reilly (Wien 1789-1806).

*Carta Geometrica de Galicia*: Dividida en sus provincias de Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra..., levantada y construida por el Dr. D. Domingo Fontán, (Paris 1845).

*Mapa Topográfico Nacional de España* emitido pola Dirección General del Instituto Geográfico Nacional (IGN), escala 1: 25.000, Caldas de Reis 152-II, Padrón 153-I e Codeseda 153-I.

## FONTES DOCUMENTAIS

- A. Cuntis. Arquivos parroquiais das freguesías de S. Mamede de Piñeiro, Sta. Baía da Portela, S. Fins de Estacas, Sta. María dos Baños de Cuntis e S. Miguel de Couselo (hoxe custodiados no AHDS):  
Libros de Fábrica.  
Libros das distintas confrarías.
- B. Santiago de Compostela. Arquivo Catedralicio de Santiago (ACS): Cartapacios diferentes de documentos soltos.
- C. Santiago de Compostela. Arquivo Histórico Diocesán de Santiago (AHDS): Distintos atados do fondo xeral das series de visitas pastorais e rendas e bens beneficiais.
- D. Pontevedra. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP): Catastro do Marqués da Ensenada.
- E. O Baño (Cuntis). Arquivo Documental e Fotográfico "O Carrapucho". Agás as ilustracións nas que se indica outra procedencia.

## BIBLIOGRAFÍA

- Andrade Cernadas, J. M. 1995. *Monxes e mosteiros na Galicia medieval*. Santiago.
- Andrés Ordax, S. 1993. La iconografía artística jacobea. En *El Camino de Santiago: Camino de Europa*. El Escorial, Julio de 1991: 119-167. Pontevedra.
- Barber, M. 1970. The origins of the Order of the Temple. *Studia Monastica*, 12, fasc. 2: 219-240.
- Bouza-Brey, F. 1982. *Etnografía y folklore de Galicia*. Vigo.
- Castiñeira Rodríguez, M. 2002. Novas matizacións encol do topónimo A Estrada. En *A Estrada: Miscelánea histórica e cultural*, 5 : 5-18. A Estrada.
- Cruz Coelho, M<sup>a</sup>. H. da. 1992. Os mosteiros medievais num tempo de hospedar e de caridade. *Codex Aquilarensis*, V Seminario sobre el Monacato, 6: 9-35.
- Fariña Jamardo, X. 1996. *Orixe, nacemento e evolución dos concellos pontevedreses*. Santiago : Xunta de Galicia
- Ferreira Priegue, E. 1988. *Los caminos medievales de Galicia*. Ourense.
- Goicoechea Arrondo, E. 1971. *Rutas Jacobeas: historia de la peregrinación, arte en la peregrinación, caminos para la peregrinación*. Estella.
- Hoyo, J. del. 1949. *Memorias del arzobispado de Santiago* (1607). Eds. Rodríguez González, A. e Varela Jácome, B.: 446-448.
- López Calvo, X. A. 1999. Peregrinacións, hospitalidade e pegadas xacobeas na comarca eumesa. *Cátedra. Revista Eumesa de Estudos*, 6: 163-186.
- López Pereira, X. E. 1993. *Guía medieval do peregrino. Códice Calixtino, libro V. Estudio, edición e traducción*. Vigo.
- Mariño Ferro, X. R. 1987. *Las romerías / peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo.
- Martínez Díez, G. 1996. El proceso de disolución de los templarios: su repercusión en Castilla. *Codex Aquilarensis*, 11: 87-106.
- Montreal y Tejada, L. 2000. *Iconografía del cristianismo*. Barcelona.
- Picallo Fuentes, H. 2002. *Alternativa xacobeá por Baños de Cuntis*, en prensa: El Correo Gallego, La Opinión. Historia, 25-VII-2002. p.42.
- Picallo Fuentes, H.-M. 2002. O Monacato Medieval na Historia de Cuntis. *Museo de Pontevedra*, 26; 9-101. Pontevedra.
- Plötz, R. 1984. La peregrinatio como fenómeno Alto-medieval. Definición y componentes. *Compostellanum*, 29: 239-265.
- Rodríguez Gonzalez, A. 1978-1980. Caminos en la antigua provincia de Santiago, durante 1787. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 31: 383-422.
- VV. AA. 1998. Cartografía. *Galicia*, (coord. Precado Ledo, A.), 12. A Coruña.





# MÁMOAS, CASTROS E TESOUROS: A MOURINDÁ NAS TERRAS DE CUNTIS

Xurxo M. Ayón Vila e Francisco Ameixeiras Sánchez

*Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento*

Consejo Superior de Investigaciones Científicas - Xunta de Galicia

*Asociación de Amigos dos Castros*

Fundación Terra Termarum

“Daquela había moitos encantos... e agora non hai...!”  
(Muller de 45 anos, *Arcos de Arriba*)

## Resumo

Este artigo recolle a tradición oral vencellada ós xacementos arqueolóxicos de natureza monumental espallados pola paisaxe de Cuntis. Neste senso abórdase a interpretación deste imaxinario popular a partir das recentes investigacións desenvolvidas sobre o tema dende a Arqueoloxía e máis a Antropoloxía Cultural.

## Palabras Chave

Cuntis, Antropoloxía Cultural, Historia Oral, folklore, lendas, *mouros*.

## Abstract

This article shows the oral tradition that exists on archaeological sites settled in the Council of Cuntis (Pontevedra, Galice). In this sense we try to interpret this set of legends starting from the archaeological and anthropological research.

## Keywords

Cuntis; Cultural Anthropology, Oral History, folklore, legends, *mouros*.

## INTRODUCCIÓN<sup>1</sup>

Neste capítulo centrámola nosa atención no universo mítico recreado polo campesiñado galego arredor dos xacementos arqueolóxicos a partir das informacións orais recollidas na zona de Cuntis. Cómpre suñar que a elección da temática abordada neste pequeno traballo resposta ás propias angueiras dos membros da *Asociación de Amigos dos Castros de Cuntis* (xerme orixinario da *Fundación Terra Termarum*) que levan desenvolvendo dende inicios da década de 1990 un encomiable labor de pescuda etnográfica e antropolóxica por toda a comarca, conscientes da necesidade de rexistrar un legado que está a piques de desaparecer definitivamente.

A este respecto realizouse un amplo traballo de campo (entrevistas e conversas cos paisanos, optando preferentemente polos informantes máis vellos) cuns resultados que se reflicten na escolma que pecha o presente estudo.

Estes traballos de prospección e catalogación arqueolóxica de xacementos castrexos e galaico-romanos realizada por afeccionados á Arqueoloxía veu cubrir o baleiro bibliográfico existente na zona estudada. A pesares da súa riqueza arqueolóxica e folklórica, Cuntis constitúe un territorio tradicionalmente abandonado pola investigación, de aí que só algúns xacementos e as súas lendas aparezan citados indirectamente en estudos de carácter global ou referencias secundarias inseridas en estudos sobre concellos limítrofes (Bouza Brey 1944; Escola de Couso 1975; Aparicio Casado 1999).

A este respecto, na liña de traballo iniciada pola citada asociación implicase de cheo o Laboratorio de Arqueoloxía do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (de agora en adiante, LAr do IEGPS) no marco da colaboración encetada coa *Fundación Terra Termarum* aportando unha perspectiva antropolóxica e arqueohistórica ó labor precedente.

A liña de investigación seguida polo LAr vencella intimamente a problemática arqueolóxica do Noroeste e maila colaboración e interdiscipliniedade entre Arqueoloxía Rural, Arqueoloxía da Paisaxe e Antropoloxía Cultural, dando lugar a un traballo de síntese sobre a xenealoxía e evolución histórica do espazo rural tradicional galego con resultados complementarios e perfectamente aproveitables por parte desas tres disciplinas (Criado 1991; 1993; Criado et al. 1998; Criado e Ballesteros 2002; Candal 1993).

Este eido de estudio estase a complementar cunha aproximación ó imaxinario popular galego que procura datos no folklore para esclarecer aspectos tan variados dos puntos de interese arqueolóxicos como a cronoloxía, a

localización ou o proceso de cristianización (García Quintela e Santos 2000; Santos e García Quintela 2000; Arizaga 2002).

Neste traballo en concreto levouse a cabo unha revisión do tema que permitiu expoñer-lo estado actual das investigacións encol do mundo lendario referido ós mouros ou habitantes míticos de castros e mámoas, e debuxa-las características máis sobranceiras do debate historiográfico mantido deica hoxe. Este estudo forneceunos o marco interpretativo no que inseri-las lendas recollidas e ver ata que punto se corresponden co mesmo.

Agardamos que estas páxinas constitúan o punto de partida para un estudo máis amplo do corpus folklórico dos xacementos desta zona.

### A RELACIÓN ANTROPOLOXÍA E ARQUEOLOXÍA.

#### UNHA REFLEXIÓN

Neste último tercio de século, as alcumadas Ciencias Sociais viron como a crise da Postmodernidade contribuíu decisivamente á súa marxinación, non só no eido académico, senón tamén na súa consideración por parte da sociedade e do sistema de saber-poder imperante. Da reivindicación da cientificidade de disciplinas coma a Historia, das angueiras de procurar unha interdiscipliniedade e de chegar a unha Historia total, pasouse á extrema fragmentación do discurso histórico ata o punto de levar á práctica o *todo vale* que tanto entusiasma ós postmodernos anarquistas teórico-metodolóxicos.

A Historia semella ter cumprido un ciclo secular; agora voltamos ó s. XIX, co gusto polo particularismo, o narrativismo histórico, a biografía (cando non haxiografía) dos grandes personaxes, a historia política, despois de ter pasado polas consabidas etapas de achegamento á Socioloxía, ás Ciencias Económicas, á Antropoloxía, etc... En definitiva, a Historia vén sendo a eterna disciplina en crise que só acada unha mínima aplicación práctica cando o Poder emprega ós historiadores para lexitima-lo cambio institucional, a Comunidade Autónoma, cantón ou Estado-Nación de turno. Nestes tempos que corren, a Historia a Debate só é posible nun ano Xacobeo.

En troques, cremos que a Antropoloxía (e empregamos este termo obviando un debate terminolóxico, para nós improdúcente) saíu mellor parada en relación ós envites académicos, á sociedade e ó sistema de saber-poder. Deste xeito, no primeiro nivel citado, a tradición anglosaxona en Antropoloxía xa constitúe de por si un aval importante para desenvolver

<sup>1</sup> Este artigo é unha versión ampliada da charla impartida polos autores o 20 de abril de 2001 na Biblioteca Municipal de Cuntis no marco do *Ciclo de Conferencias sobre Patrimonio Arqueolóxico* organizado pola Fundación Terra Termarum Castrolandín e o LAFC da Universidade de Santiago de Compostela..

proxectos ou actividades investigadoras nunha vella Europa na que a Socioloxía francesa tamén acadou un grande prestixio e sempre tivo moito que dicir.

No tocante á consideración da sociedade, a temática antropolóxica, a Antropoloxía Cultural, vende moito, porque trata con sociedades vivas, exóticas ou propias; velaí a cantidade de publicacións divulgativas do estilo de *National Geographic*, os estudos das Deputacións sobre as tradicións populares da provincia de turno, as lendas, o imaxinario colectivo. Ata eidos especializados coma a Antropoloxía Física ou a Paleontoloxía viven un momento de esplendor sen precedentes co gallo da macro-campaña comercial de Atapuerca, por non ir máis lonxe.

Dende o punto de vista político, a Antropoloxía xoga un papel fundamental e constitúe un compañeiro inseparable da Historia á hora de debuxar identidades colectivas. Política e Antropoloxía tamén van collidas da man; velaí por exemplo os congresos sobre feitos diferenciais, a perspectiva etnográfica e folklorista impulsada por gobernos conservadores para os que o Patrimonio Etnográfico, a música tradicional, o modo de vida labrego cos seus revival de seiturias e mallas constitúen un campo de actuación e estudo privilexiado. Por non falarmos do enfoque que politiza a tradición, concebíndoa coma fonte, coma esencia nacionalitaria enxebre do ser histórico dunha comunidade.

Esta vén sendo a situación (minimamente esbozada) da relación, nun entorno próximo e inmediato, da Historia<sup>2</sup> e da Antropoloxía coa realidade sociopolítica actual. Agora ben, ¿que pasa coa relación entre ámbalas dúas disciplinas? ¿é aconsellable e rendible dende o punto de vista da investigación? ¿é a antropoloxía histórica, a etnohistoria unha alternativa de síntese á crise do discurso histórico?

A este respecto, estamos plenamente convencidos da necesidade dunha interdisciplinariedade para acadar un mellor coñecemento das sociedades do pasado, prehistóricas ou históricas. Sen dúbida non se trata dunha opinión orixinal, nin pretende selo.

A procura dunha antropoloxía histórica no contexto historiográfico europeo vén sendo un anxeio, resultado do achegamento entre a antropoloxía estruturalista e a alcumada Escola dos Annales francesa dende a década de 1960 (Burguière 1988, 1995).

Lévi-Strauss abriría as portas ó achegamento e aproximación entre a historia e a etnoloxía. Contrario ás directrices impostas polo agnosticismo histórico propio da antropoloxía funcionalista, considera que no achegamento á estrutura inconsciente é onde converxen e diverxen o método histórico e etnolóxico: mentres a historia se

preocupa pola evolución liñal, na dimensión da diacronía, a etnoloxía interese pola estrutura, na dimensión da sincronía. Unha combinación destas dúas perspectivas permitiría acadar un máis pleno coñecemento das sociedades; á análise etnolóxica dunha cultura singular (descrición das relacións funcionais, institucións, vencellos cultura/individuo) cómpre engadir o coñecemento do desenvolvemento histórico<sup>3</sup> que desembocou e deu lugar a esa forma actual:

*La etnología no puede permanecer indiferente a los procesos históricos ni a las más altas expresiones conscientes de los fenómenos sociales. Pero si les dedica la misma atención apasionada que el historiador, es para obtener, mediante una especie de marcha regresiva, la eliminación de todo lo que deben al acontecimiento y la reflexión. Su objetivo consiste en alcanzar, más allá de la imagen consciente y siempre diferente que los hombres forman de su propio devenir, un inventario de posibilidades inconscientes, cuyo número no es limitado [...] En este sentido, la célebre fórmula de Marx: 'los hombres hacen su propia historia, pero no saben que la hacen' justifica, en su primer término, la historia, y en su segundo término, la etnología. Al mismo tiempo, muestra que ambos caminos son indisolubles (Lévi-Strauss 1987: 70).*

A alcumada terceira xeración de Annales, artífice da *Nouvelle Histoire*, recollería este espírito multidisciplinar desprazando a súa atención dende a demografía histórica, de carácter cuantitativo, cara a antropoloxía histórica, a historia socio-cultural e a historia das mentalidades (Barros 1993). Este xiro antropolóxico, definido por M. Vovelle como o paso *do sótano ó faiado*, reivindicaría o achegamento da historia cara a etnoloxía e a explotación da riqueza folclórica coma fonte histórica:

*De todas las ciencias humanas torpemente llamadas humanas la etnología es aquella con la que la historia ha entablado (pese a malentendidos y a ciertos rechazos de una y otra parte) el diálogo más fácil y más fecundo [...] El folklore, aunque demasiado separado de la historia, ofrece al historiador de las sociedades europeas que quiere recurrir a la antropología un tesoro de documentos, de métodos y de trabajos que haría bien en interrogar antes de volverse hacia la etnología extra-europea. Folklore demasiado despreciado, etnología del pobre, que sin embargo es una fuente esencial para la antropología histórica de nuestras sociedades (Le Goff 1983: 9).*

Na tarefa de desenvolver un proxecto de Antropoloxía histórica do Occidente preindustrial participarían membros destacados desa escola como Georges Duby, Le Roy

<sup>2</sup> Para unha fonda análise da evolución da Historia como disciplina e unha crítica historiográfica véxase a liña de traballo en Historia Teórica desenvolta por Bermejo Barrera (1982, 1986, 2000).

<sup>3</sup> *"Sólo el desarrollo histórico permite sopesar los elementos actuales y estimar sus relaciones respectivas. Y poquísima historia (porque, tal es, desgraciadamente, el destino del etnólogo) vale más que nada de historia". (1987: 60).*

Ladurie e sobre todo Jacques Le Goff (1983, 1985) promotor dunha liña de investigación antropolóxica aplicada á sociedade medieval. Guiado por estes presupostos profundizaría en aspectos do universo mental, ata aquel intre marxinados pola investigación, coma a concepción do tempo, do traballo, a sociedade tripartita, o pensamento mítico presente na cultura popular, as estruturas de parentesco, as relacións persoais....

Esta tendencia continúa a ter na actualidade un peso específico nos programas de investigación, cursos e seminarios promovidos pola Escola dos Annales e influíu notablemente, xunto coa *History from below* anglosaxona, na investigación histórica europea.

O que resulta chamativo é que esta procura de colaboración para avanzar no coñecemento das formacións socio-culturais non callou dun xeito definitivo alomenos no eido no que nos movemos. E isto, na nosa opinión, é achacable única e exclusivamente ó contexto anteriormente esbozado, no que agromou un academicismo corporativista no seo do *establishment* universitario.

Deste xeito, toda Ciencia Social aspira a que se lle vexa recoñecido pola comunidade investigadora e pola sociedade en xeral, o seu estatuto científico; isto conleva a necesidade de definir un ámbito de estudo específico que lle confira o carácter de *especialidade*, cun aparato teórico-metodolóxico propio capaz de xerar coñecemento por si mesmo, sen ter que recorrer a disciplinas auxiliares.

Os historiadores enchen o peito ó falaren do que eles alcuman *disciplinas auxiliares*, disciplinas, cando non técnicas, de segunda orde, das que se valen para desenvolve-lo verdadeiro coñecemento. As ciencias son como as linguas, ningunha é boa ou mala, bonita, fea, intrascendente ou interesante; son os falantes, os científicos quen crea unha xerarquía na que, por suposto, a súa disciplina ocupa o primeiro lugar do podio. Velaí as tentativas de converter á Historia na nai das Ciencias Sociais por parte dalgún esgreivo historiador, ou as aireadas críticas de amplos sectores por introducir na investigación modelos teóricos, e aportacións metodolóxicas procedentes doutras disciplinas. En vez de recoñecer-las propias limitacións, é moeda corrente considerar estes achegamentos coma un atentado á pureza da disciplina, coma unha sorte de colonialismo que impedirá á Historia ser unha ciencia de seu.

Todo isto vale tamén, obviamente, para o caso da Antropoloxía, unha disciplina relativamente xove, para o noso caso, que se adentra na Universidade (estáse agardando por un Segundo Ciclo de Antropoloxía en Galicia) e presenta problemáticas semellantes. De feito, temos comprobado en máis dunha ocasión as reticencias por parte dos antropológos á hora de aplicar en Prehistoria modelos teóricos antropolóxicos. É dicir: a *disciplina de disciplina*, a xeito de disciplina de partido, o gremialismo, lexa a que acusen os antropológos de lixeireza ós

historiadores cando fan algunha achega desde tipo e viceversa. O realmente importante é a natureza da disciplina e non o avance do coñecemento. Todos falan de achegamento pero ninguén o practica a non ser que se creen equipos interdisciplinares de profesionais para proxectos de alto presuposto. Para *curriculum*.

Quizais o panorama que se debuxa neste texto teña un toque milenarista, pero cremos que a situación na Universidade fundamenta sobradamente argumentacións deste estilo. E iso que dentro do que cabe, aquí existe unha tradición senlleira que privilexia a figura do historiador-antropológo e teñense aportado traballos interesantes froito da colaboración entre Antropoloxía, Arqueoloxía e Historia.

Con todo o dito ata agora non estamos a sinala-la inexistencia total dun achegamento, senón simplemente sulñamos uns condicionantes, impostos polos propios profesionais, que frean tentativas de meirande alcance. Sinceramente cremos que unha interdisciplinariedade real resulta enormemente rentable para a investigación como así o amosa un bo acopio de traballos desenvolto desde unha perspectiva etnohistórica, resultado da tan denostada *fragmentación do discurso histórico* nas últimas décadas.

Como se pode apreciar, ata o de agora falamos da relación entre Historia e Antropoloxía, sen facer referencia expresa ó eido da Arqueoloxía e a Prehistoria. Neste segundo ámbito de estudo, cremos que resulta necesaria, incluso todavía máis, unha colaboración coa Antropoloxía por cuestións que veñen dadas pola súa propia idiosincrasia e natureza. Se se parte da idea (non compartida por tódolos sectores da investigación) de que a Prehistoria aspira a coñecer-lo patrón de racionalidade dunha determinada formación socio-cultural do pasado a partires da cultura material, resulta obvio que para interpreta-lo rexistro arqueolóxico en clave social faise inevitable a aplicación ou contrastación de modelos teóricos procedentes da Antropoloxía. ¿E isto por que? Simplemente porque a Antropoloxía goza do privilexio de dispoñer dos suxeitos lingüísticos, dos integrantes vivintes da cultura que se analiza; o antropológo ten diante súa unha cultura viva, mentres que o historiador manexa documentos e o arqueólogo restos materiais, mudos.

Neste senso os datos aportados dende a Antropoloxía constitúen un referente básico á hora de aborda-lo estudio de sociedades prehistóricas; esta circunstancia explica o amplo desenvolvemento da alcumada Etnoarqueoloxía, disciplina promovida fundamentalmente no ámbito anglosaxón, no que a Prehistoria se identifica plenamente co que para nós vén sendo a Antropoloxía. Sen dúbida o estudo das sociedades prehistóricas e históricas non é posible sen a bagaxe conceptual, sen os modelos teóricos fornecidos pola Antropoloxía; cómpre non esquecer que os diferentes tipos de sociedade dos que se fala en Prehistoria (cazadores-recolectores, sociedades

segmentarias, xefaturas, etc...) foron definidos en función dos criterios empregados polos antropólogos nos seus traballos con sociedades *primitivas* actuais.

A pesares de iso vemos como existen grandes reticencias, por parte de amplos sectores da investigación no noso país, á hora de aplicar modelos antropolóxicos co obxectivo de tentar definir a sociedade pre/prototípica que xera a cultura material estudada polos arqueólogos. Sirva de exemplo un caso cercano coma o da cultura castrexa, no que calquera tentativa neste senso é respostada sen paliativos coas argumentacións antes esgrimidas sobre a independencia da Prehistoria con respecto a outras disciplinas, a imposibilidade de obter información sociolóxica dos cacharros, etc, etc...

Agora ben, para o noso caso, existen outros eidos da investigación arqueolóxica nos que a colaboración coa Antropoloxía Cultural xa se ten dado con moi bos resultados, ampliando as perspectivas de proxectos que en principio se cinguían á obtención de información de xacementos arqueolóxicos. Estámonos a referir, por exemplo, ós estudos etnoarqueolóxicos que fan fincapé na integración de xacementos de natureza visible no imaxinario colectivo, na paisaxe cultural das comunidades rurais tradicionais, xunguindo prospección superficial e recopilación de referencias lendarias vencelladas con eles, rentabilizando toda a información potencial existente, antropolóxica e arqueolóxica, sobre eses xacementos.

Neste contexto o interese das lendas non só se remite ó eido arqueolóxico, histórico ou antropolóxico, non se queda na súa mera utilización como fonte; a súa recolleita, a sistematización dun corpus folklórico constitúe a clave para a súa preservación na memoria colectiva; a este respecto compartimos plenamente a necesidade de concienciación dos investigadores á hora de incluír nos seus traballos as referencias antropolóxicas, moitas veces esquencidas ou deixadas de lado; como ten sinalado Buenaventura Aparicio Casado (1996: 258): *Lamentablemente, se está perdiendo la última posibilidad de recoger, con método, un folklore que tiene sus días contados por mor del imparable proceso de desintegración en que se encuentra sumida la llamada sociedad gallega tradicional. Con esta actitud se está impidiendo la obtención de datos fundamentales para el estudio de las mentalidades y creencias de este tipo de sociedad, que fue -no lo olvidemos- la predominante en Galicia en los últimos siglos.*

## O IMAXINARIO POPULAR: DE SUPERSTICIÓN A OBXECTO DE ESTUDIO

A situación de risco de morte natural desa tradición oral vén de lonxe. Pódese trazar un claro itinerario de todo este proceso histórico enmarcándoo no seo da confrontación entre a cultura das elites e a cultura popular tradicional, un conflito que se pode retrotraer ó período de conformación

da sociedade galaicorromana e á súa cristianización. Aínda que o debate historiográfico encol do alcance real da romanización en Galicia permanece vixente, é certo que se deu un proceso de sincretismo relixioso e de respecto ás crenzas indíxenas por parte do poder político. Sería a Igrexa, na súa loita contra o paganismo, a institución que levou adiante un verdadeiro proceso de civilización dos costumes na súa tarefa evanxelizadora entre as comunidades campesiñas.

Nesta tentativa encádrase o labor de Martiño de Dumio no s. VI, verdadeiro artífice da conversión ó catolicismo do reino suevo e que legou unha obra crucial (*De correctione rusticorum*) que amosa claramente as fortes pervivencias pagás existentes nesa época na Gallaecia con ritos e prácticas que chegaron en diferentes versións ata a actualidade:

*Así no mar invocan a Neptuno, nos ríos ás Lamias, nas fontes ás Ninfas, nos bosques ás Dianas, que son todos demos e espíritos malignos que atormentan e vexan ós homes sen fe, que non saben protexerse co sinal da cruz. {...}*

*¿Cómo é que algúns de vós, que renegaron do diabo e dos seus anxos e dos seus cultos e das súas malas obras, agora volven novamente ós cultos ó diabo? Pois encender cirios xunto ás pedras, ás árbores, ás fontes e polas encrucilladas, ¿qué outra cousa é senón culto ó diabo? As adiviñas e os agoiros e a celebración dos días dos ídolos, ¿qué outra cousa é senón culto ó diabo? Celebra-las Vulcanais e as Kalendas, adorna-las mesas, poñer loureiros, prestar atención ó pó, derramar no lume derriba dun tronco gran e viño e botar pan á fonte, ¿qué outra cousa é senón culto ó diabo? Que as mulleres ó tecer invoquen a Minerva que para casar observen o día de Venus e presten atención a que día se sae de camiño, ¿que outra cousa é senón culto ó diabo? Feitizar herbas para encantamentos e invoca-los nomes dos demonios ó face-lo encantamento, ¿que outra cousa é senón culto ó diabo? (López Pereira 1996: 84-5, 91-4).*

A identificación de prácticas rituais tradicionais co paganismo e maila idolatría constituíu a arma ideolóxica esgrimida polas autoridades eclesiásticas no período medieval para combater-lo imaxinario popular (Gurevich 1992). Tanto nos concilios de Braga e de Toledo, así como nas actas sinodais e informes de visitas pastorais ás parroquias rurais galegas aparecen continuas referencias á cristianización de antigos lugares de culto (montes, pedras, encrucilladas...) onde se levaban a cabo prácticas que favorecían a fertilización ou a cura de enfermidades.

No Antigo Rexime a estrita aplicación da Contrarreforma concedeu un papel sobranceiro ós tribunais inquisitoriais que perseguiron a cotío ese universo mítico vencellándoo directamente á herexía, á maxia e maila nigromancia (Burke 1990). Asemade as prácticas de relixiosidade no rural do país misturaban a miúdo vellas prácticas coa ortodoxia católica baixo o *placet* incluso daqueles cregos de baixa extracción social

coñecedores da racionalidade campesiña (Saavedra 1994; Dubert 1994; González Lopo 2001).

Estas reminiscencias pagás, idólatras e herexes a ollos da Igrexa serían vistas no s. XVIII como *supersticións vulgares* polos eruditos comprometidos cos ideais ilustrados, quen loitou contra toda a mitoloxía e formas de relixiosidade popular, contrarias á Razón e ó progreso humano. Estas só se converterían en obxecto de estudo co Rexurdimento e o desenvolvemento do protonacionalismo decimonónico (provincialismo e rexionalismo).

O interese romántico pola cultura popular e maila Historia de Galicia levou a un amplo sector da intelectualidade do país, moi influenciada polo que estaba a acontecer en Europa, a centrarse no estudo das manifestacións culturais máis sobranceiras do campesiñado galego: lingua, rituais, *supersticiones vulgares*, simboloxía... Neste contexto ambivalente de reivindicación dos valores da cultura tradicional e de construción historiográfica, por unha banda, e doutra de denuncia etnográfica desas supersticións do pobo (Rodríguez López 1910), xurdirían os primeiros debates encol do pasado celta da etnia galega e da presenza ou non de elementos prehistóricos e paganizantes na vida cotiá do rural galego. As *Historias de Galicia* de Benito Vicetto e Murguía marcarían un fito, servindo de punto de arranque para consideracións e interpretacións de cariz antropolóxico encol de todos eses elementos da mentalidade e o modo de vida campesiño tradicional (Pereira 1996, 2000).

Estes estudos agromarían definitivamente no seo da construción ideolóxica do nacionalismo galego da man dos membros do *Seminario de Estudos Galegos* no primeiro tercio do s. XX. A adopción do concepto herderiano de Nación, de raigame orgánico-historicista, que concibe ó campesiñado galego coma a base dun ente histórico (a Nación galega) definido por unha serie de feitos obxectivos coma a lingua, o modelo de hábitat ou as tradicións populares, fomentaría o desenvolvemento da investigación etnográfica (Beramendi 1987; Máiz 1997).

A interdisciplinariade promovida polos pioneiros do *Seminario de Estudos Galegos* deixou unha fonda pegada na investigación arqueolóxica en Galicia; a obra desenvolta e o enfoque asumido por Cuevillas e Risco (*Direitor da Seizón d'Etnografía do SEG*) conduciu a un estreito achegamento entrámbalas dúas disciplinas. Este vencellamento plasmaríase no afortunado proxecto de catalogación dos castros galegos promovido dende a revista *Nós*, dentro do cal á prospección arqueolóxica xunguíaselle unha exhaustiva recolleita das referencias lendarias e tradicións vencelladas ós xacementos.

Esta liña de investigación deu como resultado que Galicia conte co *corpus* máis amplo de folklóre vencellado a xacementos arqueolóxicos da Península (Aparicio 1999).

Na actualidade a colaboración entre a Antropoloxía e a Arqueoloxía faise, máis ca nunca, necesaria. Atopámonos perante unha realidade cultural marcada por unha clara dicotomía. Dunha banda contamos coa sorte de presenciar aínda unha *paisaxe cultural fosilizada* no noso país, froito fundamentalmente dun tradicional aillamento, da pervivencia dunha estrutura agraria tradicional e do fracaso real da industrialización. Non obstante, por outra banda, os procesos de mecanización do agro, de emigración masiva da poboación rural, e mailo espallamento da educación intensificados a partires da década de 1960, leváronnos a unha etapa na que se culmina o proceso de desartellamento do modo de vida campesiño tradicional, coa conseguinte desaparición definitiva de todo un universo mítico, dunha cosmovisión e patrón de racionalidade do que as xeracións futuras non terán máis ca unha vaga constancia.

#### O DEBATE ANTROPOLÓXICO: SIGNIFICADO E FUNCIÓN DOS MOUROS.

No s. XIX recolléronse as primeiras opinións sobre a verdadeira natureza dos *mouros*: éstos son considerados unha referencia explícita ós mouros históricos, os cales, coas súas *razzias* ó Norde terían deixado unha pegada traumática na mente das comunidades campesiñas; outros coma o citado Murguía concebiríanos coma reminiscencias de mitos precristiáns; os arqueólogos portugueses, coma Martins Sarmiento, estaban convencidos de constituíren unha lembranza directa das primitivas poboacións prehistóricas que habitaron o NW hispánico.

Dentro desta variedade de interpretacións, imos centrar a nosa atención unicamente nos modelos explicativos fornecidos dende unha perspectiva antropolóxica nos últimos anos, sen esquecer-la básica, e nalgúns temas, definitiva, aportación de Vicente Risco á cuestión que nos ocupa.

#### A etnografía histórico-cultural: os mouros como seres míticos

Sería o etnógrafo ourensán da Xeración Nós Vicente Risco quen primeiro tentou levar a cabo unha interpretación científica da figura do *mouro* no imaxinario popular galego; a súa tentativa insírese dentro do proxecto ou programa encetado polo Seminario de Estudos Galegos para o estudo da literatura popular galega. Se ben a súa perspectiva romántica e o peso da súa concepción orgánico-historicista da nación galega, condicionou a visión risquiana do tema (preocupada por constata-la presenza da alma galega *-volkegeist-* na literatura popular<sup>4</sup>), a súa investigación segue sendo un punto de partida básico neste tema, principalmente por catro cuestións:

<sup>4</sup> Hoxe os feitos culturás considéranse coma manifestazóns visíbeles e externas d'unh'alma colectiva, coma formas criadas pola y-alma d'un pobo, que por elas s'espresa, e todas elas, coherentes unhas co-as outras, sin que ningunha d'elas poida ter un desenrolo independente, compoñen unha expresión fisonómica completa que o historiador pode interpretar (Risco, 1928: 142).



·Estableceu unha clasificación certa dos diversos xéneros da literatura popular, inserindo no eido da épica narrativa (Risco 1928: 144) ás *lendas de mouros* alcumadas lendas por estar decote localizadas (o que nela se conta acontece nun lugar determinado: no Castro de tal, na Fonte de cual...) e por darse como acontecida realmente, a diferenza do conto, creación literaria que acontece en lugar e tempo indeterminados. Asemade define á lenda mouro coma prototipo de *lenda mítica*:

*A leenda é mítica si se refire a persoaxes sen existencia histórica: sirvan d'exemplo os mouros que habitan nos castros. Estas lendas solen ser espricativas. O pobo quer unha espricazón dos feitos qu'observa; os nosos paisanos perderon a lembranza dos nosos antepasados que ergueron os castros, e queren saber quen fixo aquelas fortificazós, e pol-a lei das trasposicións de Raul Rosières, puxo os mouros no canto dos verdadeiros construtores dos castros*

·Sistematizou os rasgos máis salientables que conforman a fisonomía dos *mouros* (Risco 1927: 10-5) debuxando un esquema que se mantén inalterable: seres encantados vencellados a elementos naturais da paisaxe e xacementos prehistóricos, agochados subteraneamente, cunha tremenda forza física e poderes máxicos, posuídores de riquezas a moreas, gardadores de tesouros, non-cristiáns e mesmo antropófagos a xeito dos ogros dos contos europeos.

·Demostrou a inexistencia dunha correspondencia directa entre os mouros encantados e mailos mouros históricos. Esta identificación non se fai posible pola febleza dos rasgos comúns, que se reducen a catro aspectos:

1. O nome.
2. Non son cristiáns.
3. Ás veces son escuros de pel.
4. O feito de que os mouros de Marrocos falen dos de Galicia cando os galegos van facer o servizo a África.

Para o noso autor o nome de *mouros* vén expresar máis ben o seu carácter pagán e non cristián ca unha semellanza cos mouros históricos que si se atopan presentes, por exemplo, na épica castelá. Neste sentido sería unha verba que serve para designar a calquera xente non cristiá tanto dos tempos antigos coma modernos. Citando ó propio Risco:

*En todo caso, o buscarlles unha base histórica ós mouros encantados, nonos leva a ningures; por que deixa sen espricar o mais dino de ser esculcado: o que hai de verdadeiramente mítico. Aínda o que teñen de mouros, haino que buscar no campo da leenda.* (Risco 1927: 2-4).

·Adoptou unha perspectiva comparada na súa análise da verdadeira identidade desta caste de seres míticos

(da mesma natureza cas *donas, xigantes, enanos, señores*, nomes todos eles cos que tamén son aludidos); Risco amosa como a crenza en habitantes míticos de monumentos prehistóricos, penedos, fontes, vencellados a tesouros, é unha tradición moi estendida en Europa. Neste contexto os mouros serían semellantes ós *gnomos* e *kobolds* celto-xermánicos das lendas do Norde de Europa, os *elfos*, os *korrigans* bretóns.

Vicente Risco chega á conclusión de que os mouros, coma seres que habitan os monumentos prehistóricos son orixinariamente os seus habitantes verdadeiros, pero mitificados; seguindo os seus postulados, a tradición popular tería unha base histórica, *non nos mouros, mais nos xentís anteriores ós mouros, n-aquiles antigos galegos qu'as historias chaman celtas* (1927: 8); sería o mesmo caso dos elfos, dos *korrigan* e dos *Tualha-De-Danand* na Irlanda. Deste xeito explícase que os labregos galegos sitúen, na súa particular perspectiva cronolóxica, sempre ós mouros, coma unha raza anterior ós romanos, os cales terían botado ós anteriores dos castros galegos. Os *mouros son a pseudomorfois dos primitivos habitantes de Galiza que nesta forma perviviron e perviven na memoria popular* (1972: 323).

## UNHA REVISIÓN DENDE A ANTROPOLOXÍA: A DICOTOMÍA LABREGOS VS MOUROS

A investigación etnográfica de Risco insírese no contexto teórico-metodolóxico fornecido polo historicismo cultural de influencia alemana, sentando unha liña interpretativa da que participan traballos etnográficos coetáneos (Castro López 1929) e posteriores (Cuevillas e Fraguas 1955; Taboada 1955). A renovación desta perspectiva viría dada pola asunción dende os anos 60 de novos marcos interpretativos desenvolto no seo da Antropoloxía Cultural, destacando os traballos iniciais de X. M. González Reboredo, levados a cabo no Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos (1971, 1971a). Este investigador desenvolve dende a súa tese de licenciatura unha liña de traballo que procura as claves da intelixibilidade do universo lendario vencellado ós *mouros* dentro da propia sociedade rural galega (1993, 1995). Neste sentido unha análise formal dos relatos dos mouros leva a unha aparente dicotomía entre labregos e mouros:

LABREGOS	MOUROS
Actividade fundamentalmente humana	Actividade moitas veces nocturna
Vida normal na aldea	Vida subterránea ou en lugares especiais
Actividade económica baseada na agricultura e gandeiría	Posesión de tesouros e riquezas, incluso agrarias, sen especial esforzo
Son cristiáns	Non son cristiáns
Non teñen poderes especiais	Teñen poderes especiais

Estas contraposicións semellan apuntar á idea de que os mouros son unha simbolización extrema don *non labrego* por excelencia; non embargantes, segundo X. M. González Reboredo, esta dicotomía reflicte unha situación de interdependencia, xeralmente asimétrica ou desvantaxosa para o labrego. A este respecto os mouros serían unha imaxe cultural da vida diaria, simbolizando ós elementos alleos ó campesiñado como grupo caracterizado basicamente polo seu traballo; en verbas do autor citado: *o que si resulta evidente é que estes mouros levan un estilo de vida diferente dos labregos que serve para simbolizar o que é unha vida poderosa e regalada, como as que imaxinan as sociedades campesiñas para os segmentos de sociedade que os transcenden. Por iso seguimos pensando que estes relatos cumpren a función social de lembrarlle á comunidade campesiña un feito de gran importancia: que existen personas máis ricas e con máis poder que non son do seu segmento social* (González Reboredo 1995: 20-1).

A situación de dependencia do campesiñado lévao a marca-las diferencias entre quen é labrego e quen non o é, mediante unha afirmación simbólica da realidade social que se reflectiría, polo tanto, nestas lendas de mouros.

### Aproximacións dende o estruturalismo

Os achegamentos máis recentes á problemática do imaxinario popular deben a súa base metodolóxica á Antropoloxía e maila Arqueoloxía estruturalistas. Dende esta óptica pónse en dúbida a liña interpretativa historicista, difusionista e evolucionista chantada pola Xeración Nós na arqueoloxía galega segundo a cal o folklóre popular conservaría fosilizados crenzas das sociedades prehistóricas (Cuevillas e Bouza 1929). Deste xeito o tratamento da información etnográfica levou ós arqueólogos e etnógrafos a ver unha correspondencia idéntica entre a sociedade do pasado e a do presente, non só no que se refire a aspectos concretos de cultura material, senón tamén na súa estrutura social, aparato simbólico, etc... Este enfoque presentista de raigame esencialista deu lugar a inferencias arqueolóxicas que invalidan totalmente a práctica etnoarqueolóxica<sup>6</sup>, como aquelas que ven unha continuidade total entre a cultura castrexa e a sociedade rural tradicional (Bermejo 1978).

Co gallo de superar esta óptica tradicional desenvolveuse un programa de traballo dirixido na Universidade de Santiago por J. C. Bermejo Barrera - herdeiro do mestradgo de C. Alonso del Real (1971, 1983, 1991)- fructificando nunha serie de traballos de investigación que abordaban diversos aspectos da mitoloxía contemporánea da cultura rural galega dende

unha óptica estruturalista (Bermejo 1986; Criado 1986; Llinares 1990; 1990a; Bermejo e Llinares 1991; Aparicio 1999).

Esta nova vía procura unha análise das formas mitolóxicas dentro do contexto cultural que lle dá sentido e individualidade sen introducir un principio de racionalidade alleo ó mesmo

*Los mitos que se narran en relación con ciertos petroglifos y otros restos arqueológicos, únicamente nos ilustran, en cuanto tales mitos, acerca de la sociedad que los cuenta, y nada de aquella otra que construyó el objeto o monumento que sirve de pretexto al mito. [...].*

*Así pues se impone descubrir cómo se configura dicho sistema en el pensamiento gallego actual, antes de apelar a pervivencias y permanencias de épocas prehistóricas, recurso cómodo de plantear porque siempre son sencillos de exponer, fáciles de creer, y difíciles, en cambio, de evidenciar y demostrar. El análisis debe ante todo ocuparse de reconstruir un sistema sincrónico coherente. Y sólo una vez construido éste, a la luz de la forma y dimensiones que adopte, se podrá comparar y relacionar con otros sistemas de culturas que pensaron cosas similares o completamente distintas en otros tiempos y lugares* (Criado 1986: 244-45).

Os restos arqueolóxicos preséntanse xa que logo como a materia infraestructural empregada polas comunidades campesiñas para a construción dos mitos.

Dentro deste contexto a interpretación encol do significado e papel dos mouros no imaxinario popular é fornecida principalmente polos estudos de M. Llinares García. Para esta investigadora (Llinares 1990; 1990a), os mouros non son simplemente o paradigma do *non labrego*; se ben recoñece que este compoñente existe, non considera que sexa nin o máis importante nin o definitorio para a caracterización dos mouros; citando as súas verbas: *O non campesiño non se percibe como pagán, nin como dotado de poderes máxicos, e ademais unha das características de toda mitoloxía é expresa-la propia sociedade que a crea, e non outra marxinal ou allea a ela* (Llinares 1990: 31-2).

Segundo esta autora os mouros non serían nada en si mesmos, senón que son utilizados para expresar simbolicamente conceptos que preocupan á sociedade popular galega; os mouros son un dobre simbólico dos campesiños, cos que expresan cousas como o concepto de humanidade (o mouro é a alteridade, o non-humano, o *outro*), a idea de muller (a moura é moi atractiva, rica e laboriosa, pero extremadamente perigosa). Polo tanto, os

<sup>6</sup> "En la analogía normal (aquella que ha dado lugar por ejemplo a lo que groseramente se conoce como 'paralelos etnográficos') lo análogo se entiende como prueba de identidad y así resulta que el término desconocido se comprende basándose en el familiar: la inferencia analógica es una extensión del sentido desde lo familiar a lo ignoto y, como tal, es en realidad una traslación de la subjetividad familiar hacia lo otro; de este modo constituye tanto una negación de la subjetividad analizada como una universalización del modelo subjetivo del analista" (Criado 1999: 12).

mouros non poden facer referencia a nada alleo ó mundo campesiño galego, senón que expresan o que lles é máis peculiar e ademais é preocupante ou conflictivo.

#### ANÁLISE DAS LENDAS RECOLLIDAS

Neste apartado tentaremos suliña-los aspectos máis sobranceiros presentes no material etnográfico fornecido polo noso traballo de campo; a este respecto, as lendas recollidas reflicten tres aspectos:

1. As principais características e cualidades atribuídas a estes seres míticos polos nosos labregos.
2. A meirande parte dos temas vencellados a riquezas e tesouros agochadas nos castros e mámoas.
3. A concepción do pasado propia da cultura popular

#### Rasgos definitorios dos mouros. Principais temas lendarios

Os *mouros* eran unha raza belicosa cun modo de vida no que a guerra sempre está presente; de aí que para o campesiñado, os castros fortificados constitúan unha proba evidente das guerras da *Mourindá*, vencellando sempre ós castros como lugar de habitación e defensa destes seres míticos.

*No carapucho do castro Sevil os mouros fixeron parapetos para defenderse.*

*Daquela, como non había aviación, facían aquelas murallas no castro Loureiro para defenderse.*

*Vouche decire...antes, decían que vivían, homes que andaban vestidos coma os moros<sup>6</sup>, que o contaba miña abuela. Miña abuela morreu de ochenta e oito anos, e dicían eso, que vivían moros alí, e que tiñan a entrada detrás do castro. (Castrolandín).*

*iNa Torre dos Mouros de A Ermida había covas. Dín que mataran a un mouro dende Ciquiril (ó outro lado do río Umia), cunha flecha, cando levaban ós cabalos a beber ó río. Alí había casas.*

*Outros veciños aseguran que na Torre dos Mouros hai un túnel ó que non se lle ve o fondo, e que comunica coa ribeira do Umia. Por alí levaban a beber ós cabalos a beber ó río cando había asedio.*

Asemade non deixa de ser significativo que os nosos informantes teñan unha concepción moi clara da articulación dos asentamentos castrexos na paisaxe, sendo conscientes da súa intervisibilidade e función de dominio e control do espazo; deste xeito, a cultura popular, na súa explicación do mundo castrexo como



Figura 1: Vista do Castro Sevil dende a muralla do castro de Castrolandín.

fenómeno histórico non deixa de coincidir plenamente neste aspecto coas conclusións ás que se teñen chegado dende a perspectiva da Arqueoloxía espacial ou Arqueoloxía da Paisaxe. Os paisanos relacionan este vencellamento entre os castros da comarca coa súa funcionalidade estratéxica e militar:

*Dín que os castros, dende o Pico Sacro, o Castro Loureiro, o Castro de Arcos, o Castro Sevil, que debaixo de cada castro hai unha viga de ouro.*

*Disque dende o castro Loureiro (ó norte) ó castro de Arcos enviaban sinais de lume a este castro e este a súa vez ao castro de Rebón, para avisar dalgún perigo (a dicir do señor que o relatou : "o morse da época").*

*Os castros eses, o orixe dos castros, ven de..., ven dos celtas..., e os celtas, buscaban eses extremos máis altos pra facer señas por mediación de fogo aos outros castros,...de noite, con morse, por se se vía*

<sup>6</sup> Ás veces os informantes empregan o termo moros para referirse ós mouros: *Non hai moito tempo que teñen dito en Morería: "Tenemos que ir allá, que dejaron allá nuestros antepasados muchos tesoros..."* Creemos que se trata dunha identificación popular consolidada recentemente. Outras enquisas etnográficas levadas a cabo na terra de Lemos (Ayón 1997) amosan como os que empregan este concepto son informantes de sexo masculino de meirande idade que tiveron experiencias bélicas en Marrocos ou na Guerra Civil onde trabaron contacto cos rifeños. Desta mesma opinión é B. Aparicio (1999: 339-40). Esta formación militar explica tamén a interpretación que fan da paisaxe castrexa como un conxunto de baluartes defensivos comunicados entre si visualmente e con outros métodos como o *morse*.

*atacado o Castro de Rebón (Moraña), facer señas ó Castro de Sta. Cruz (Moraña), e ó Castro Loureiro (Cuntis),...e iban alá, uns a defender ós outros, e de noite comunicábanse por medio de fogo.*

Os mouros habitan xeralmente baixo a terra, baixo a coroa dos castros, en minas ou covas, nun mundo subterráneo (símbolo da natureza salvaxe) que se opón á cultura representada pola aldea:

*Os vellos do lugar contaban que o castro era oco por dentro e que se escoitaban ruidos por dentro (Castrolandín).*

O tema da cadea de ouro que comunica os castros entre si, ou cun elemento significativo da paisaxe (río, monte, fonte, etc...) así como a presenza de tesouros (o que levaría á realización de escavacións por parte dos paisanos) é un dos máis espallados no folklóre da comarca:

*Hai unha porta soterrada de ouro, grande coma a porta da igrexa.*

*Dende os castros de Casterrandín, ós castelos de Meira, a fonte do Facundo, as maravillas do mundo<sup>7</sup> (Castrolandín).*

*No Castro Sevil había unha viga de ouro...*

*Dende o Castro de Arcos ó de Loureiro hai un muíño roendo ouriño.*

*Do castro de Arcos ó de Loureiro, hai unha viga chea de diñeiro.*



Figura 2: Vista aérea do Castro Loureiro.

Os mouros son posuídores de enormes riquezas, encantos gardadores de tesouros<sup>8</sup>, -estes asociados á presenza de galiñas e pitos de ouro-que tamén poden ser protexidos por animais simbólicos como serpes<sup>9</sup> encantadas:

*A señora Manuela veu unha galiña con pitos de ouro, camiño do muíño de Cadabuxo*

*Dicían que había unha mina e que de aí saíu unha serpe voadora bufando (Castrolandín).*

*Un home foi a cavar ó castro por buscar o tesouro e dis que apareceu unha serpe grandísima... e asustouse de tal xeito que marchou e non volveu máis alá enriba (Castro Sevil).*

*Na finca de A Pedreira (entre O Piso e o Caeiro), había un "encanto", "O encanto da Pedreira". Dicían as vellas de antes que alí aparecíase unha galiña con pitos de ouro, e cando os querían coller, desaparecían.*

Outra referencia constante é a presenza dunha fermosa moura (dona, encanto) que se aparece peiteando os cabelos en fontes, castros, ríos ou regatos. A moura simboliza á muller sensual, transgresora, perigosa<sup>10</sup>, presentándose coma unha imaxe-símbolo eminentemente cultural asociada a unha natureza salvaxe oposta á humanidade culturalizada da aldea (González Reboredo 1989: 68). Aparentemente semella unha reminiscencia das divindades femininas asociadas ó culto das augas (Ninfas, Lamias, etc...):

*Tamén dicían que naquel lugar -na Pedreira-aparecían tres mulleres cun valde de auga na cabeza, que ían coller auga ó río, e non falaban con ninguén nunca.*

*Na Fonte do Olla do Sol véíase, o mencer, unha meniña bailando enriba dunha pedra... eu fun varias veces alí á mañanciña pero nunca a vin...*

*Tamén se dí que na Manguela reuníanse as meigas, que nunha ocasión, unha muller de Arcos, veu alí unha muller asustouse e baixou correndo. Tamén se dí que alí véíase unha santa que bailaba.*

*Alí no castelo de Meira había unha señorita que salía tódolos días espeitando nunha nena, e alí había unha fonte, alí había unha fontíña ...*

As características máis sobranceiras dos mouros como seres míticos sintetízanse de xeito paradigmático na seguinte lenda recollida por nós:

<sup>7</sup> Este tipo de coplas populares referidas á riqueza existente entre xacementos destacados na paisaxe é bastante común en toda Galicia. Por exemplo: *Entre os Castros e a Penela, Monteliño do Pedrón, sete cantariñas de ouro, e unha do pozón* (Os Castros, Gundiños, Sober, Lugo) (Ayán 1997).

<sup>8</sup> Estas lendas levaron ó campesiñado a escavar en mámoas e castros na procura de riquezas agochadas. N. Tenorio resume nun estilo moi decimonónico este proceso no seu libro de 1895: *Con la creencia anterior se enlaza otra muy extendida entre los aldeanos, y es la de que existen cuevas y sitios encantados donde se guardan tesoros ocultos y el conocimiento que de ellos tiene el diablo, a quien hay que hacer venir, por medio de ensalmos y encantamientos, para que muestre el lugar donde se hallan escondidos, dando señales ciertas, o que él mismo los descubra y entregue. El haberse encontrado alguna que otra vez en los sitios donde estuvieron emplazadas las habitaciones de los primitivos pobladores del país, objetos de los que usaban tanto en las ceremonias o ritos religiosos, cuanto en los usos de la vida ordinaria, hace que los lugares propios para encontrar los tesoros sean, generalmente, los que ocuparan los antiguos castros que abundan en la región, ocurriendo muchas veces, que los creyentes gastan su pequeña fortuna buscando lo que no llegan a encontrar en toda su vida.* (Tenorio 1982: 159-60).

<sup>9</sup> Para unha análise da figura da serpe no folklóre vencellado a xacementos arqueolóxicos véxase o traballo interpretativo de F. Criado (1986).

<sup>10</sup> *En la moura aparece compendiada toda la reflexión de la cultura popular gallega. La moura recoge tanto el aspecto socialmente adecuado de la mujer como su lado oscuro y peligroso para el hombre.* (Linares e Bermejo 1991: 39).



Figura 3: Vista do Castelo de Meira.

*Era un home encantado que había no castro...e os encantos non se podían descubrir...Eu agora topaba contigo e era dun encanto, e era invisible, e estaba nunha cueva e facía negocios contigo e dábache unha fortuna e ti non podías dicir "foi do encanto..." nin descubrir o do encanto...Se non se rompía todo... e él díxollo á muller... e a muller díxolle...descubreuno entonces o encanto !, e nunca máis lle recibiron nada...e despois pasou tempo e non veu nunca máis a aquel home do encanto, ata que un día, na feira de Meira ...-en Meira houbo unha feira moito máis importante que a de Cuntis!- ...E na feira de Meira veuno e ..."E usted por aquí, e tal, canto tempo hai que non o vín e tal...", e o do encanto díxolle "¿Y con que ojo es que me ve ?";..."¡Con este!"...i E botoulle o ollo fora!...*

O conto garda un especial interese porque recolle algúns dos aspectos máis significativos presentes na concepción popular deste seres míticos, como é a súa caracterización como personaxes encantados, con poderes máxicos, asiduos das feiras (o lugar máis importante para intercambios económicos fóra da comunidade local, centro de reunión de xentes de distinta procedencia e situación socioeconómica, lugar de relación entre mouros e labregos), non son cristiáns, posuídores de enormes riquezas e tesouros.

Por último, cómpre suliña-la concepción do pasado imaxinario imperante na cultura popular, ás veces, *contaminada* por influencias *eruditas*:

Os relatos fornecidos polos nosos informantes<sup>11</sup>, reflicten á perfección o discurso histórico do campesiñado galego, o proceso racionalizador do campesiño para aprehender e explica-las manifestacións materiais do pasado (Aparicio 1999: 326-7). Para os paisanos, o pasado é o escenario inmutable polo que pasaron unha



Figura 4: A dorsal que delimita o concello polo E constitúe un verdadeiro espacio mítico. Vista dende o W.

serie de razas de xeito sucesivo e conflictivo. A través dos restos de actividade cultural que non poden ser atribuídos á acción da natureza (os castros e as mámoas fundamentalmente), pero que o labrego non considera como pertencentes á súa cultura, foron desfilando, en tempos antigos, indeterminados (*cando reinou a Mourindá*), unha serie de razas pagás que se foron expulsando mutuamente.

Neste abano de antergos imaxinarios mistúranse nun *totum revolutum* a tradición de fonda raigame (mouros), a relixión cristiá<sup>12</sup> e o culto xacobeo (a expulsión dos moros polo apóstolo Santiago), acontecementos históricos (a francesada, as guerras carlistas, os fuxidos), e referencias eruditas (celtas): *o castro é de cando estiveran os moros aí..., de cando fora a guerra dos moros, e dos carlistas e todo eso...*

## A FESTIVIDADE DO S. XOÁN NO CASTRO DE CASTROLANDÍN

A enquisa etnográfica levada a cabo durante o traballo arqueolóxico de campo demostrou a pervivencia de numerosas lendas e tradicións vencelladas co xacemento castrexo de Castrolandín. Sen dúbida a máis sobranceira de todas elas era a celebración do S. Xoán na croa do castro por parte dos veciños da aldea de Castrolandín, un ritual que perviviu ata a guerra civil.

No ano 2001 a iniciativa da Asociación de Amigos dos Castros procurouse a recuperación desta festividade respectando o seu verdadeiro sentido co fin de evitar crear unha festa carente de significación como moitas das festas gastronómicas ou históricas creadas *ex novo* na actualidade (festas celtas, galaicas, etc...).

<sup>11</sup> Véxase a escolma que pecha o presente capítulo.

<sup>12</sup> É curioso como cando se perde a memoria histórica encal dunha ruína de época histórica coma unha capela, os paisanos atribúen esa construción ós mouros aínda que tradicionalmente se consideran coma non cristiáns. Este é o caso da *Manguela onde contaban que poñían misa os mouros, que tiñan alí a súa igrexa, na que tamén había tumbas...* Todo o mundo coincide en afirmar que alí están aínda os restos daquela igrexa ou capela, a maior parte dos cales servirían para levantar moitas das casas da aldea.





Figura 5: O castro de Castrolandín: monumento construído para ver e ser visto.

O deseño da festa e maila súa materialización correspondeu ós veciños de Castrolandín, coñecedores e garantes da tradición, que levaron a cabo na práctica a recuperación deste espazo arqueolóxico, verdadeiro marco para a acción social e elemento senlleiro da paisaxe tradicional.

### O castro: un espazo simbólico na paisaxe

O castro de Castrolandín pode ser considerado como un espazo simbólico dentro da paisaxe cultural da zona, como así o amosan as referencias orais recollidas na zona.

Dende a Arqueoloxía tense constatado a existencia dun proceso histórico de apropiación simbólica e cristianización dos poboados fortificados da Idade do Ferro en Galicia por parte das comunidades rurais tradicionais. Este fenómeno presenta unha triple vertente:

*antropolóxica*: este tipo de reocupación simbólica resposta en grande medida á cosmovisión propia do campesiñado. O castro, integrante do saltus, é un espazo non doméstico no que moran seres imaxinarios, no que se pécibe unha ruptura na vinculación histórica entre aqueles e a comunidade actual. A pesares de consideralos espazos pagáns, opostos á paisaxe culturizada da aldea, foron ritualizados servindo de espazo colectivo e referente identitario dentro do territorio (Llinares e Vázquez Varela 1990: 112-13).

*arqueolóxica*: o estudo arqueolóxico permite caracterizar o proceso de abandono destes asentamentos e o seu peso na configuración do

hábitat rural tradicional en época altomedieval. Asemade plantéxase a hipótese de que este tipo de apropiación deuse xa na propia Idade do Ferro, cando as comunidades da 2ª Idade do Ferro ritualizan antigos asentamentos precedentes (Parcero 2000; 2001).

*histórica*: plantexámo-la hipótese<sup>13</sup> de que a cristianización dos castros é un proceso cíclico, impulsado pola Igrexa, e no que se identifican catro grandes momentos: 1) a época paleocristiá, no contexto da loita contra o priscilianismo; 2) a época altomedieval, coa formación do sistema parroquial (Andrade 1996); 3) século XVI, coa Contrarreforma, e 4) século XIX, no que, perante o perigo de laicización da sociedade, a Igrexa retoma esta antiga práctica.

Xa que logo cómpre destacá-lo papel xogado por un monumento protohistórico como escenario simbólico. Os castros, tralo seu abandono coa romanización pasarían a converterse en espazos periféricos na paisaxe rural tradicional, converténdose nunha área máis de captación de recursos económicos. Non obstante, o seu papel de resto material dun pasado pagán non pasou inadvertido para a sociedade tradicional nin para a Igrexa, xa nos intres temperás da cristianización do noso país. Velaí que se constrúisen capelas no cumio de castros, e se celebren romarías, procesións e cerimoniais de carácter relixioso sobre estes asentamentos protohistóricos.

O castro preséntase xa que logo non coma un espazo de culto nin adoración senón coma soporte simbólico<sup>14</sup>, lugar de encontro entre o mundo oculto e o mundo visible, centro privilexiado para a circulación entre seres humanos e sobrenaturais (Mandianes 1984: 71-2).



Figura 6: Os castros ubícanse no actual “saltus”, en contraste co espazo culturizado da aldea (no val).

<sup>13</sup> Abual, R.; Ayón, X. e Parcero, C.: *O castro como espazo simbólico na paisaxe rural galega* (en preparación). Neste traballo ampliamos algúns dos aspectos apenas esbozados neste apartado.

<sup>14</sup> Como sinala Fernández de Rota os espazos comunitarios da parroquia (fragas, monte comunal, encrucilladas) veñen sendo un espazo da natureza escasamente domesticada, un área periférica menos frecuentada, de aí que se presenten como lugares segmentados con identidade propia, co seu propio mundo representativo e simbólico. A este respecto o castro aparece perfectamente delimitado no seo da parroquia, sendo normalmente un espazo veciñal, ritual, pragmático, simbólico e representativo, que remarca a forza intergrupar e a cohesión da comunidade (Fernández de Rota 1984: 152-55).



## A recuperación dunha festividade ritual

A celebración da noite de S. Xoán no cumio de castros da Idade do Ferro foi unha tradición bastante común en diversas zonas de Galicia. Tratábase dunha celebración na que confluían diversos rituais (Risco 1933: 409-10; Fraguas 1953; Lisón 1971: 303-14; Taboada, 1972: 72-8; Taboada 1980; Tenorio 1982: 141-2; Mandianes 1984: 75-81; Mariño 1985: 137-9; González Reboredo 1989):

*Ritual propiciatorio e purificador;* no solsticio de verán, o lume protexería as propiedades, o gando e as terras da comunidades dos ataques das meigas, os trasgos, etc... Asemade favorecería á fecundación, o saltaren as mulleres en idade fértil por riba da lumieira.

*Ritual de autoafirmación dunha aldea* fronte ás comunidades veciñas. A fogueira nun punto alto coma un castro serve de referente identitario ós habitantes da aldea.

*Ritual de cristianización dun asentamento protohistórico,* que conserva o seu carácter de espacio simbólico, ritual e pagán para a sociedade campesiña actual.

Dende o punto de vista sociolóxico pódese interpretar como unha festa de autoafirmación da comunidade, neste caso a aldea, nunha época do ano na que se inicia un

novo ciclo agrícola caracterizado pola presenza maioritaria de traballos agrícolas comúns, como a seitura e a malla. Nunha economía de subsistencia, a existencia de abundosa man de obra para desenvolver esas tarefas facía necesaria a colaboración veciñal, a relación entre as casas. Esta situación contrasta á súa vez co ideal de autarquía e autosuficiencia das unidades familiares, algo característico en calquera sociedade campesiña.

Esta dicotomía ou tensión agochábase ritualmente mediante festividade como a festa de San Xoán, na que se reafirma a colectividade, a unidade interveciñal, en oposición a outras comunidades veciñas<sup>15</sup>. Neste senso a elección dun cumio ou un outeiro como lugar de ubicación das fogueiras resposta a esta necesidade de reflexar na paisaxe a comunidade aldeá en contraposición ós núcleos de poboación veciños:

*Na noite de S. Xoán, a xente subía polo "camiño das cabras" e arriba facíase un morico pequeno e outro grande de toxos...primeiro, antes de que os de Campo (os veciños rivais) acendesen a súa fogueira, prendíase lume ó morico pequeno, de tal xeito que, mentres os de Campo prendían despois a deles fachendeándose de ser a máis grande, os de Castrolandín prendían entón o seu morico grande de toxo, rindo de últimos sobre os de Campo. (Castrolandín).*



Figura 7: Fogueira do San Xoán na croa do castro (ano 2001).

<sup>15</sup> La altura y potencia de las llamas, en sitio bien visible, es un reto competidor que se lanza a las aldeas vecinas y, por tanto, una expresión de solidez interna y autoafirmación frente al exterior (Lisón 1974: 156).

As fogueiras sobre outeiros e xacementos na noite de S. Xoán ou nas vésperas doutras datas sinaladas foi unha práctica moi espallada por toda Europa. Segundo o estudio comparativo de Frazer (1991: 700-715) os tres grandes rasgos da celebración do solsticio estival foron as lumieiras, a procesión de teas polos agros e o costume de botar a rodar unha roda pola aba dun monte. En zonas tan distantes coma a Alta Baviera, Bretaña, Suabia, Noruega, Dinamarca ou Lituania acendíanse fogueiras sobre cuíñas alumeando a paisaxe. Os lumes de véspera de tódolos Santos en Escocia (*Samhnagan*) e Gales (*Coel Goeth*) realizábanse sobre outeiros destacados establecéndose unha ardua competencia entre aldeas.

No noso país esta práctica era bastante común (Fraguas 1953; Taboada 1980), destacando os folións da Ribeira Sacra do Miño<sup>16</sup>, os mellor estudiaados deica o momento. Tamén eran fitos importantes a noite dos fachós no castelo de Monterrei (Verín, Ourense) e a procesión de San Sebastián en Castro Caldelas (Ourense) que aínda pervive na actualidade.

Hoxe en día en Galicia, a realización de folións de véspera con fachos na croa dun castro só se conserva en dúas parroquias da provincia de Lugo: Castelo (Taboada) e Vilelos (O Saviñao), onde se recuperou polo labor desenvolvido fundamentalmente por emigrantes retornados. Estas festas realízanse na noite anterior á festa do santo patrón. Son os chamados *folións de véspera* (Vázquez Rodríguez 1997-98).

En Castrolandín a tradición tiña lugar na noite de San Xoán<sup>17</sup>, e conservouse ata os anos 40. No 2000 recuperouse, non co ánimo de inventar unha nova festa como as que proliferan actualmente, senón mantendo o sentido histórico e antropolóxico que encerra.

Un par de semanas antes a rapazada do lugar ía recollendo casa por casa os materiais vexetais empregados (palla, madeira, piñas) para faceren o chamado *castelo de S. Xoán* formado por un conxunto de atados vexetais secos coroados por piñas pringadas de unto a xeito de fachas que se cravan previamente todo arredor do perímetro da muralla térrea do castro.

O ritual da noite de San Xoán iniciase co prendido dunha fogueira emprazada no centro da croa. Cando comeza a esmorecer préndese o alcumado *castelo de San Xoán*.

Esta celebración ritual constitúe algo excepcional en Galicia. Por unha banda non se trata dun folión de véspera vencellado a unha festa patronal, e por outro, a execución difire dos folións coñecidos ata o momento, a meirande

parte desaparecidos ou alterados sustancialmente (sustitución das fachas por pólvora). En Castrolandín perviven tanto as técnicas tradicionais para elaboralas teas, coma un recordo nítido do rito.

Deste xeito Castrolandín preséntase como unha imaxe representativa da festa do S. Xoán no rural galego. Vendo ardé-lo castelo de S. Xoán, visible dende toda a bisbarra, e participando activamente deste rito cos habitantes da aldea, compréndese perfectamente a maxia, o alcance e multidimensionalidade simbólica desta festividade que reforza aínda máis o papel do castro de Castrolandín como fito no territorio, desta volta, alumeando na paisaxe nouturna do val de Cuntis.

ESCOLMA<sup>18</sup>

## Referencias orais

### Castro de Castrolandín

"A señora Manuela veu unha galiña con pitos de ouro, camiño do muíño de Cadabuxo"

"Por moito que chova, a Chan do Castro nunca empoza a auga, debe meterse nalgunha parte..."

"No castro hai un pote cheo de ouro"

"Din que hai ...petróleo"

"O Castro é oco por dentro..."

"Hai unha porta soterrada de ouro, grande coma a porta da igrexa"

"O castelo de S. Xoán prendíase enriba, na croa, e despois acendíanse unhas piñas dispostas todo en derredor da croa do castro"

"No S. Xoán xuntabase moito toxo coa aportación de cada veciño, que poñían na porta das súas casas o seu, de tal xeito que quen non o poñía non tiña dereito a acudir a festa"



Figura 8: Espazo simbólico no entorno do castro de Castrolandín.

<sup>16</sup> X. M. Vázquez Rodríguez (1997-98: 296-99) no seu excelente traballo cataloga tódolos folións de véspera tradicionais nos concellos de Chantada, Carballo, Saviñao e Pantón. En 82 casos tiñan lugar nun monte ou outeiro (máis da metade do total de folións), celebrándose en 9 casos en castros (case o 8 % do total dos folións).

<sup>17</sup> De acordo cos nosos informantes, na zona de Cuntis tamén se celebraba o S. Xoán no costríño de Conxo, no castro Laureiro e na chaira coñecida como Entrecastros, emprazada entre dous cotos, un dos cales é o castro perto do lugar de Sevil, coñecido como Coto da Raposeira.

<sup>18</sup> No encabezamento das referencias folklóricas sinalamos ó xacemento ó que se vencellan as lendas recollidas. Asemade, cómpre indicar que á hora de transcribirlas citas optamos por adopta-la variante dialectal da zona, e non *traducilas* ó galego normativo, xa que, deste xeito, gaña en naturalidade, e reflicte moito mellor os matices, as cadencias, a naturalidade e espontaneidade deste tipo de fontes orais.



Figura 9: Proceso de elaboración do castelo de San Xoán. Trátase dun traballo colectivo que comeza coa procura das piñas e ramaxes (1) coas que se confeccionan as estacas (2) que se cravan ó longo do perímetro da muralla (3) . Ó mesmo tempo habilitase a fogueira central (4), a primeira que se acende. A estacas son prendidas despois con teas pringadas de unto (5 e 6).

"Na noite de S. Xoán, a xente subía polo "camiño das cabras" e arriba facíase un morico pequeno e outro grande de toxos...primeiro, antes de que os de Campo (os veciños rivais) acendesen a súa fogueira, prendíase lume ó morico pequeno, de tal xeito que, mentres os de Campo prendían despois a deles fachendeándose de ser a máis grande, os de Castrolandín prendían entón o seu morico grande de toxo, rindo de últimos sobre os de Campo"

"...Non hai nada.. son contos do Arco da Vella... e dicían, sí, que había unha galiña con pitos de ouro...pero eu non vín nin galiña nin pitos..."

"Hai unha galería que atravesa o castro de lado a lado"

"Dicían que había unha mina e de que aí saíu unha serpe voadora bufando"

"Hai unhas campás de ouro soterradas no lugar das Campaiñas, perto do castro"

"Os vellos do lugar contaban que o castro era oco e que se escoitaban ruidos adentro"

#### Castro Sevil

"No carapucho do castro os mouros fixeron parapetos para defenderse"

"Contan que houbo un tempo que pasou por alí o cabalo do apóstolo e petou unha couce nunha pedra, e que a pedra caeu monte abaixo, hoxe sigue alí e se se medira comprobaríase que é o pedazo que lle falta ó penedo de arriba. A de abaixo chámalle Pedra do Picotiño e a de arriba é a Pedra das Ferraduras, na cal aínda se ven as pegadas das ferraduras que alí deixou o cabalo (son as pías que reteñen a auga)"

"Na Fonte do Ollo do Sol véíase, ó mencer, unha meniña bailando enriba dunha pedra... eu fun varias veces alí á mañanciña pero nunca a vin..."

\*Fonte do Ollo do Sol : Esta fonte está moi perto da croa do castro.

"No Castro Sevil había unha viga de ouro..."

"Un home foi a cavar ó castro por buscar o tesouro e dis que lle apareceu unha serpe grandísima... e asustouse de tal xeito que marchou e non volveu máis alá enriba"



Figura 10: A Pira dos Mouros, este lugar é o centro da paisaxe mítica formada pola necrópole tumular.

"Din que os castros, dende o Pico Sacro, o Castro Loureiro, o Castro de Arcos, o Castro Sevil, que debaixo de cada castro hai unha viga de ouro, e había un señor que foi alá, ó Castro Sevil, a excavar. Por que pasaban moita miseria, que nin tiñan casa. A él dixeronlle que sí que alí había unha viga de ouro, e dis que se puxo a excavar, e dis que escapou, dis que co medo, e él non era medoso nin tal cousa, e dis que daba nas mans no cú, que dis que veu unha culebra enorme, enorme... tamén será unha leyenda, pero eu oíno así".

#### Castelo de Meira

Deste castelo afírmase de que tiña un "encanto", ademais o tesouro parecía ser aquí un "castrón de ouro"... Na croa a xente creía ver unha entrada formada por unhas pedras apoiadas en ángulo e unha "eira dos mouros"... que pola descrición, parece ser que podería tratarse do afloramento das pedras dalgũa casa circular.

Disque dende o castro Loureiro [ó norte] ó castro de Arcos enviaban sinais de lume a este castro e este a súa vez ao castro de Rebón, para avisar dalgún perigo [a dicir do señor que o relatou : "o morse da época"].

#### O castríño de Xinzo

Celebrábase tamén o S. Xoán na súa croa. Existe o flokllore común a outros castros, da galiña dos pitos de ouro e a viga.

#### Entrecastros (Sevil)

Na chaira así coñecida, entre dous cotos, un dos cales é o castro perto do lugar de Sevil, coñecido como Coto da Raposeira, celebrábase tradicionalmente o S. Xoán.

Deste lugar tamén se afirma que se xuntaban as meigas (perto existe "A Fonte das Meigas").

#### Castro Loureiro (A Aurela)

Comparte topónimo "A Aurela" co castro de Arcos... Castro e antecastro son coñecidos como Eiras dos Mouros.... (eira grande e eira pequena). "Daquela, como non había aviación, facían aquelas murallas para defenderse"..

Díse que polo trazado da actual estrada que sube ó Alto da Cruz pasaba o antigo Camiño Real.

Fálase da existencia dunha mina e tesouros.

#### Castro de Arcos

"Dende o Castro de Arcos ó de Loureiro hai un muíño roendo ouriño".

"Do castro de Arcos ó de Loureiro, hai unha viga chea de diñeiro."



Figura 11: Mámoa II de ArribaTroáns.

"Máis de ún fora a cavar alí ... nos tamén fomos cavar alí un día, sendo nenas,...cun cura de aquí..."

#### *Mámoas de Zo*

A Lagoa é coñecida como A Eira dos Mouros... a súa forma redonda explícase porque era a Eira de mallar onde os mouros poñían unha besta atada a unha corda no centro e a facían pisar o cereal, de ahí a depresión circular.

As mámoas non parecen ser coñecidas con este nome aínda que unha muller as nomeou coma "as momas" (quizais por escoitar o nome a alguén). Díciase que dentro delas había un odre cheo de ouro, e de que algun veciño que tiña un libro para buscar ese tesouro. Tamén se dí que eran lugares que pola súa elevación, usaban os mouros para facer de "centinelas". Unha delas, coñecida coma o "Forno da tella" puido ser reaproveitada para esta función nalgún tempo, pois aparece unha abundante cantidade de tella en derredor. Moi perto desta mámoa asegúrase que había unha pedra coa pegada dunha man , e marcas das pegadas de diversos animais: unha cabra, un cabalo, unha vaca... [desaparecida despois da repoboación].

Tamén perto do forno da tella había unha "fonte dos cunchos"... na que habitaban uns moluscos similares aos "croques" mariños, moi pequenos...(existen outras "fontes dos cunchos" en Cuntis.

Nun outeiro próximo afirmase que unha pedra ten forma de "trono", e noutro outeiro existe unha pedra branca coñecida coma "o santo".

"Dixeron que había ouro enterrado e por eso non bota toxo...

e aínda o hai... parece que aínda non o sacaron"

"Non medra o toxo e sempre hai auga, normalmente hai auga, pero aínda que non a houbese, non medra o toxo"

"Hai un libro nunha casa que pon que alí hai un tesouro".

"Aí decían se había o fel dunha vaca cheo de cartos, icheo de ouro!, e algunha xente viña a cavar..."



Figura 12: Mámoa I da Eira dos Mouros.

#### *Mámoas de Troáns*

Coñécense coma " Os petoutos dos mouros ", e tamén poseen unha toponimia específica para algunha delas ("Petouto do Sino")... díse que os vellos do lugar contaban que alí estaba soterrado algún mouro, que moi abaixo estaba "o sepulcro", onde o enterraban con grande cantidade de "género" e tesouros"... moitas delas foron obxeto de moi recente violación por parte dalgúns veciños (20-30 anos) que dixeron non topar nada...Máis recentemente, algunha delas ["o petouto do Sino"] foi aberto cunha pala mecánica pero parece que tampouco atoparon o suposto "tesouro".

#### *Fonte Facundo*

"Dende os castros de Casterrandín

Ós castelos de Meira

Á Fonte do Facundo(\*)

... As maravillas do Mundo ..."

\*Fonte Facundo : queda arriba do Carrapucho, indo para Anllada, na Fonte Piñeira. Alí contan que había unha viga de ouro.

#### *Encanto da Manguela*

Na Manguela había outro encanto, alí aparecíase unha galiña con pitos, que logo desaparecían.

Contaban que na Manguela poñían misa os mouros, que tiñan alí a súa igrexa, na que tamén había tumbas... Todo o mundo coincide en afirmar que alí están aínda os restos daquela igrexa ou capela, a maior parte dos cales servirían para levantar moitas das casas da aldea. Tamén se dí que na Manguela reuníanse as meigas, que nunha ocasión, unha muller de Arcos, veu alí unha muller asustouse e baixou correndo. Tamén se dí que alí veíase unha santa que bailaba (lenda similar a que hai no Castro Sevil, na Fonte do Olló do Sol, na que se dí, que ó mencer, aparecía unha meniña que bailaba sobre unha pedra ...)



### Encanto da Pedreira

"Na finca de A Pedreira (entre O Piso e o Caeiro), había un "encanto", "O encanto da Pedreira" . Dicían as vellas de antes que alí aparecíase unha galiña con pitos de ouro, e cando os querían coller, desaparecían"

"Tamén dicían que naquel lugar aparecían tres mulleres cun balde de auga na cabeza, que ían coller auga ó río, e non falaban con ninguén nunca"

"Daquela había moitos encantos"

"Daquela había moitos encantos... e agora xa non hai...!"

### Entrevistas

*Castrolandín (Cuntis). 6 de abril de 2001. Tres mulleres, R1 duns 83 anos, R2, R3, R4 duns 68-73 anos*

P: ¿ Qué é o que dicían antes ?

R1: Vouche decire...antes, decían que vivían, homes que andaban vestidos coma os moros, que o contaba miña abuela. Miña abuela morreu de ochenta e oito anos, e dicían eso, que vivían moros alí, e que tiñan a entrada detrás do castro, alí aínda fai así un pedazo, como metido para adentro, no camiño do carro, que eles non subían para arriba, eles metíanse polo camiño do carro que hai na fondonada, abaixo, e metíanse para arriba, decía miña abuela.

P: ¿ E metíanse por dentro do castro ?

R1: Polo medio medio...

P : ¿ Era hueco entón o castro ?

R1: Debe de ser, e o caso é que por moito que chova, de inverno, por moito que chova, arriba non cae unha gota de auga... non cae unha gota de auga... se coñece que... cae para abaixo, é de supoñer, eso, nós, o que decían os vellos...que ó demais nós...

P: ¿ E qué máis contaban? ¿non había ahí tesouros? ...

R1: Aí, sí...falaban o da galiña ...

R2: A mín contábame mamá, que lle contara a miña abuela, unha tal difunta Xaquina de Guerra... da casa das de Guerra, que estaba alí onda xogan ó fútbol ós rapaces, na Areeira (detrás do castro), - agora xa non está a Areeira como estaba antes-, que tiñan un campo de fútbol ós rapaces... pero agora estase achicando...-, e entón, que vira unha galiña, e que os pitos que parecían de ouro, e queríalos coller, e escaparon, pero veu a buscar xente abaixo...

R3: ¡Desaparecían!, queríalos coller e desaparecían... e foron alá e non encontraban nada.

R2: Eu recordo que era ben pequena... e iba por ahí porque tiñamos unhas leiras por alí, polo lado de arriba ...¿ E non vos acordades?, que había unhas cousas brillantes... desas pedras...

R1: ¡E Hainas!, que lle chamaban, platino, ... platina...

R2: ...E a mín decíanme que era prata, e eu collía...

R1: Son trociños así, e quítanselle, e van despegándose, e queda coma si fora cristal...

P : ¿ E tamén había unha mina, non ?

R3: Sí, sí, había unha mina de barro.

P: ¿ E eso que era, dos mouros ? ¿Tamén era antiga?

R1: Decían eso, decían eso...

R2: Decían que aparecera un libro... pero eu o libro nunca o ví..., e tamén decían,... "Dende o castro Sevil ó castro de Casterrandín ..."

R1: " ...O Castro Fajundo ... hai as maravillas do mundo ..."

R2: " A Fonte Fajundo..."

P: ¿Cómo era, cómo era...?

R2: "Dende o Castro de Sevil, ó castro de Casterrandín..."

R1: " ... O Castro de Fajundo", ique eu acordo!...

R2: "... a Fonte de Facundo, estaban as maravillas do mundo..."

P: A ver, ¿Cómo era?, ¿qué escoitaba vostede, tamén ?

R1: E así,...é

R2: Alí non hai castro

R1: " Dende o Castro Sevil ó castro Fajundo hai as maravillas do mundo"... eso o contaba miña abuela e acordo ...

P: ¿ E o castro Facundo onde estaba?

R2: Era por detrás do Carrapucho... é unha fonte que hai...

P: Ah, era unha fonte, non era un castro...

R1: Hai un monte alto, e chámáranlle o castro, como nós chamámoslle aí a este monte alto, o castro, ...e no Castro Sevil, tamén hai unhas... según contaba meu pai, que aí arriba, onda os outeiros, hai unha llanada moi parecida á de aquí, a de o Chan do Castro.

P: ¿E alí tamén estaban os mouros, no Castro Sevil?

R2: Non, máis ben na Lagoa (...) A Eira dos Moros, xa lle chaman a Eira dos Moros

R1: Eira dos moros, chamábanlle...

R2: Sí, da Lagoa ...

P: ¿E tamén contaban que había riquezas?

R1: ¡...E ha de haber!, si as había antes, a de haber, que ninguén as explotou...

R2: E por Laxos, abriron e cerraron, porque por aí por Laxos encontraron... había, dice que... e había, trociños de barro, e estaba dividido, dice como se houbera cuerdas...e alí cerraron despois xa...

R3: ¡Pero aquí xa non deixaron cavare!

R3: Pois aquí dixeron que había un pote

P: ¿Un pote?

R3: Un pote

R1: ¡Un pote de ouro!



R3: Un pote, ...metido dentro ...quixeron cavar, pero non deixaron...

P: ¿Pero houbo quen buscou?

R3: ¡Claro, claro!, querían buscar o pote pero non deixaron...

P: ¿E onde dicían estaba o pote de ouro?

R3: O pote dín que estaba pola parte esa onde dí esta... cara a porta...

R2: ...Mamá, decía que para que, cando mallaban o trigo, cos manles, e tocara ben, que enterraran un aí, na eira, unha vez, Oscar e Ramón, ...bueno, Jesús era grandíño ...aí..Ai!, cando nos levantamos pola mañán... ¡o que aí fozaran!. E cando veu a pala aí da escavación cando tiraron eso... eu decíalle...¡Andade con coidado!... ¡Aí ven o pote!...¡Bah!., non apareceu en ningún sitio. Debe de estar contra o cuberto...

P: E tamén decían que había un pote de ouro que estaba no castro...

R1: No castro ...

R2: No castro, sí, no castro, na caída, na caída de alí (...), que estaba enterrado alí, onde As Cubeliñas...[onda os depósitos da auga].

R2: Unha pista que hai,(...), que sale así un pouco máis arriba da Areeira...

R3: Por onde se vai agora para a Chan do Castro, na parte de abaixo das Cubeliñas...

R3: Dín que está... (...), na caída, na caída que está onde detrás do castro ...

P2: E Mercedes, ¿tú no me contaras que decían que alí que hay una puerta enterrada igual que la ...o fue Ester...-, igual que la que hay en la iglesia de Cuntis ?

R2: Ah, eso sí

R1: Eso contábao miña abuela., contaba que había unha porta ... (...)

P: ¿En donde?

R1: No monte ese...

P : ¿Enterrada?

R1: ¡Enterrada!

P ¿ E como era?

R1: ¡Eu que sei!, eso quen o sabe é miña irmán

R2: Decían que tocaba, a hueco alí, coma se houbera algo...

P: ¿ E da viga de ouro?, ¿ Tamén había unha viga de ouro aquí no castro?

R1: Bueno, eu, da viga de ouro non me lembro nada

R3: Bueno, decían que había ouro...

R1: Ouro sí, de cando estiveran os moros ahí..., de cando fora a guerra dos moros, e dos carlistas e todo eso...

R2: E que fai moitos anos xa viñeran uns arqueólogos ahí e despois dixeran que non, que era unha terra arenisca, que non sei qué...

P: ¿E vostedes acórdanse do S. Xoán que se facía aquí?...¿cómo era aquilo?, ¿non se facía na Chan do Castro?

R3: ¿A Chan do Castro?, ¿O Castillo?, Sí oh !

P : ¿E cómo se facía?, cóntenos, a ver ...

R3: Pois mira, poñíase un pino no medio, e arredor, todo leña, todo leña ...¡Hasta arriba!, que faciamos un castillo...que ibamos a competencia con todos ...

R2: ...Cos de Campo ...

R1: ...E gañabamos, porque, Calvos e Laxos, e Campo... e todos iban a competencia ...

R1: E o noso estaba no alto, ¡home!

R1: E o noso estaba no alto... era o ganadore.

R2: Porque era o que mellor ardera, e entónces...

R3: ...¡Na mesma Chan!, ¿eh?...

R2: ...Arredor da Chan, poñer, ó mellore, paus con piñas...

R3: ¡Paus con piñas!, para acender...

R2: Para que miraran de lexos... e pensarán...

R3: Estaba precioso aquilo ¿eh?

R2: Que xa estaba encendido...

R2: E entónces, ó apagarse aquilo despois o outro e encendían ...(...). E mira que parviños eramos, que en vez de cortar por alí o toxo, como costaba traballo...témolo levado de aquí das casas...

R3: ¡Panadas de toxo das casas!

P: E entónces, a xente recollía o toxo, e cada un poñía o seu...

R2: ...E traballamos o millor unha semana

R3: ¡Bueno!

P: ...E cómo se organizaba...¿Unha semana antes?

R1:...¡E quince días!...íamos ás piñas (...), e ibamos a vender as piñas ó panadeiro ...

R3: ¡Para botar foguetes...!

R1: ...Daquela, levabamos un caldeiro e petábase... (...)

R3: ...Sentábanse alí os vellos (nas cabaceiras), os outros ibamos todos para o monte, pero os vellos sentábanse, imatábanse á risa! (...)

R1: Pero os que podían aínda iban para arriba ¿eh? (...). E nós, aquí en Casterrandín era o castillo máis bonito que había.. que ardían todos, e todos estaban no fondo e o noso estaba no alto, víannos de tódalas partes.

R1: ...E nunha caldeira ou nunha bañeira, íbamos ás herbas de S. Juan, e botábaselle alí a víspora de S. Juan, e o outro día, coa aquela auga que tiña aquelas flores, que cheiraba moi ben, ¡lavábase un!

(incorpórase R4 á conversa)

P2: ¿Y de hacer el castillo no te acuerdas, de hacer el castillo allá arriba?

R4: Ah, sí oh, e con piñas... todo arredor do castro e con cordeles e con alambres ...

R3: ¡Pasábamolo pipa!

R4 : ...¡E con piñas!...era máis bonito que ningún...ícomo estabamos no alto!...aquelas piñas encolgadas ardendo todas, todas ardendo, todas ardendo, arredor do castro, todas, íera bonitísimo!, e íbamos andando ó castillo por alá arriba, subindo polos aqueles carballos, e sentados na porta de Delia, e máis miña nai, e nas escaleiras...

*Castrolandín (Cuntis). Marzo 2000. Erundina, 72 anos*

P: ¿E que había aí arriba, no castro?

R: Aí hai unha llanada ¿non sabes?, que aí vivían...había...antiguamente, unha llana, ¿non sabes?

P: E alí qué dicían que había?, ¿Que dicían?

R: Aí seica había petróleo no fondo ...

P: ¿Sí?

R: Sí...

(...)

R:...E que había unhas pedras que eran artigos de lujo ¿eh?...

*A Patela (Cuntis). Maio 2000. Patelas, 83 anos*

P: ¿E cómo se facía o S. Xoán?

R: Cortábase toxo, íbanse buscar árbores onde os había... ó mellor leña cortada, que se cortaba no monte, e se non, cortábase tamén o toxo no castro, e tamén se amontonaba....

P: ¿...E despois o das piñas...?

R: E despois,... o das piñas era aparte... eso era... a fogueira!, era eso, e despois, arredor, conforme está así o borde do castro, todo arredor... pola parte de arriba non, polo fronte de abaixo,...dende a parte de alá, que ven así... ¿non?... estaban a tres ou catro metros ... ou cinco ou seis, esas piñas...

P: ¡Cunhas estacas!

R: Era unha estaca, que se cortaba...e un árbol que ten esta altura... ou que ten.... Podábase, todo esto... íbase podando todo esto...e en cada poda de esas... metíase unha piña seca, e formábase entón... bueno, según fose o tamaño do árbol... podía... ser así..., podía ser así... podía ser un pouco máis alto, un pouco máis baixo... e esas clavábanse a "x" metros, que non era tampouco medida ningunha... e entón, ó que oscurecía a noite, queimábase a fogueira, e máis prendíase eso...

P: ¡Lume...!

R: Un lume a todo eso era o que...

(...)

R: Eso, desde a guerra civil, xa non se facía.

P: Alí arriba hai unha centralilla en ruínas, a primeira centralilla eléctrica de Cuntis... e hai, arriba, un pozo... é pequeno, ten unha fondura así, de dous ou tres metros,...

e decían que desde alí ó castro que había unha viga de ouro,...pero...

*Mesego (Cuntis). Marzo 2000. Clemencia, 67 anos (de Arcos de Arriba, Cuntis)*

"Dín que os castros...os castros, desde, desde o Pico Sacro: hai o Castro Loureiro, hai o Castro de Arcos, hai o Castro Sevil,...que debaixo de cada castro hai unha viga de ouro..."

*Lornés (Troáns). Xuño 1998. Pascual -de Rebordelo (Cuntis)- (73 anos)*

"Mesmo daquela pedra -A Pedra das Ferraduras- caeu a Pedra do Lameiro e a Pedra do Picotiño...pois os pedazos coinciden uns cos outros, que si se foran a medir cunha cinta comprobaríase que foi así, que é certo o que dín os antepasados, os primitivos, que dín que por alí pasou o Cabalo do Apóstolo que pegou unha patada e que fendeu a Pedra do Lameiro e a Pedra do Picotiño"

Outros veciños afirman que vense aínda as pegadas do cabalo sobre a pedra das ferraduras (pías naturais).

"Unha nena aparecía a bailar alí, dicían que iba por alí a mañán ben cedo, unha nena moi bonita, antes de que saíra o sol, na Fonte do Olo do Sol. Eu fun algunha vez por alí a esa hora a ver si a vía, pero non a víñ..."

Lenda similar á da finca da Manguela (Arcos), onde dín que hai unha "Igrexa dos Mouros" -posible convento medieval- e contan que se aparecía unha "santa" que bailaba..."

"Na Torre dos Mouros de A Ermida había covas. Dín que mataran a un mouro dende Ciquiril (ó outro lado do río Umia), cunha flecha, cando levaban ós cabalos a beber ó río. Alí había casas."

Outros veciños aseguran que na Torre dos Mouros hai un túnel ó que non se lle ve o fondo, e que comunica coa ribeira do Umia, "Por alí levaban a beber ós cabalos a beber ó río cando había asedio ...".

*Souto (Sta. Cruz de Lamas, Moraña). Abril 2000. Paulino, 67 anos (de Sta. Cruz de Lamas, Moraña)*

"Os castros eses, o orixe dos castros, ven de..., ven dos celtas..., e os celtas, buscaban eses extremos máis altos pra facer señas por mediación de fogo aos outros castros,...de noite, con morse, por se se vía atacado o Castro de Rebón (Moraña), facer señas ó Castro de Sta. Cruz (Moraña), e ó Castro Loureiro (Cuntis),...e íban alá, uns a defender ós outros, e de noite comunicábanse por medio de fogo"

"E o encanto do Castelo de Meira íballe vender o viño ós encantados, e dábanlle unha fortuna polas cousas...gañaban...ital!, ... entón el non podía contalo

a ninguén... pero díxolle á mullere, e a mullere... súpóse e xa non pudo ir vender máis ó encanto que nunca máis lle recibiron mercancia ningunha... E entón, un día, na feira de Meira -que había a feira de Meira- e topou o arrieiro, topou con aquel home do encanto... e díxolle "¡E usted por aquí e tal...!", "¡Pois sí, esto e aquilo!", "¿Con qué ojo es que me ve?", díxolle o do encanto a él... "¡Con este!", él díxolle... e foi él e... ¡Botoulle o ollo fora! Seguidamente miraron toda a feira e buscaron todo en busca del e o do encanto había desaparecido...!"

"...Estaban no Castro de Meira, que vivían en cuevas no castro de Meira..."

O Castro de Meira queda indo para alá, antes de chegar a Meira, onde hai o transformador do alumbrado de coches, o de reparación de coches, aquel curuto que ten eucaliptos, aquel é o castro!"

"... Era un home encantado que había no castro... e os encantos non se podían descubrir... Eu agora topaba contigo e era dun encanto, e era invisible, e estaba nunha cueva e facía negocios contigo e dábache unha fortuna e ti non podías dicir "foi do encanto..." nin descubrir o do encanto... Se non se rompía todo... e el díxollo á muller... e a muller díxolle... descubreuno entón o encanto !, e nunca máis lle recibiron nada...e despois pasou tempo e non veu nunca máis a aquel home do encanto, ata que un día, na feira de Meira ...-en Meira houbo unha feira moito máis importante que a de Cuntis!- ... E na feira de Meira veuno e ... E usted por aquí, e tal, canto tempo hai que non o vín e tal...", e o do encanto díxolle "¿Y con que ojo es que me ve ?", "... ¡Con este!"... ¡E botoulle o ollo fora!..."

P: ¿Que se contaba dos castros dos mouros... do que eran?

R: E dicían, aí en San Andrés (Caldas), hasta decían que habían deixado un tesouro aí...

P: ¿En San Andrés? ¿En Monte Porreiro, sería?

R: Non sei, non sei, en San Andrés ou en S. Clemente (Caldas)<sup>19</sup>, ...decían que habían deixado un tesouro..., pero (...). Non hai moito tempo que teñen dito en Morería : "Tenemos que ir allá, que dejaron allá nuestros antepasados muchos tesoros..."

*Meira (Cuntis). Xuño 1998. Fragmento de conversa cunha muller de 83 anos*

R: Alí no castelo de Meira había unha señorita que saía tódolos días espeitando nunha nena, e alí había unha fonte, alí había unha fontaña ...

P: ¿...E aparecía na fonte?

R: ...E aparecía unha señora, seica peiteando unha, ... unha nena... e despois e... non sei que foi deso...

P: E sólo se vía poucas veces...¿non?

R: Porque antes falaban da compañía...falaban... de esas cousas, moitas así.... pero...

*A Pena (Troáns). 24 Febreiro de 2000. Entrevista a dúas mulleres da zona sobre as mamoas que alí hai, R1 duns 73 anos, R2 duns 47 anos*

P: Mire, por favor, quería saber... un sitio que lle chaman aquí "O Petouto dos Mouros"?

R1: Petouto dos Mouros, O Petouto dos Mouros... antes chamábanlle aquí na (...) na cancela da (...) Os Petoutos... e un está na (...)

P: ¿Que eran, uns montículos que había?

R1: ...¡É verdá!... Aí, no monte aquí, onda aquel eucalipto...e despois hai outro alá, no medio do monte... así, tamén de terra.

P: ¿Chamábanlle o Petouto dos Mouros?

R1: ¡Os Petoutos dos Mouros!

P ¿E qué había alí? ¿Que contan que había alí?

R1: ¡Que había ouro!

R2: Eee... que contan os vellos qué había,... que se enterrara un mouro pero que lle botaran moitas cousas...

¿E iban aí a buscar...?, ¿por eso teñen buratos ... así no centro...?, ¿iban alí a remexere a ver si había algo? tamén fun, eu tamén fun, home, eu tamén fun remexer...

P: ¿Sí?, ¿E encontrou algo?

R1: Bueeeeno,... encontrei carajos e máis vintenoves... eu e máis este home que había aquí... que estaba aquí e que non está, e fumos co gando para o monte, e fumos ahí, co gando, que íamos daquela,... e fumos ee... iremexere!... Foi o finado de Antón de Juan Aboi a casa de Pepe a de Picallo a pedirlle unhas sachas para...para cavar, mentres estabamos alí, a vere, e cavamos, e cavamos e cavamos... e o finado de D. Antonio,... nos cavabamos,... e o finado de D. Antonio... esporriñando...

R2 ...¡Esporriñando!... ¡Aí que gracia!... (...) . Pero non sabes cómo decía Ema... Ema decía que... o sepulcro que aínda estaba embaixo, ...e despois que foi cando botaron toda esa terra arriba...

R1: Sí, pero aí xa había unha fondonada...

R2: ¡Había unha fondonadiña!

R1: ...Xa había unha fondonada...

R2; Sí, unha fondonadiña así...

R1: ... Cansámonos de facer alí ... e alí non apareceu... ¡Nada!

R2: ... E cómo iba a aparecer que despois metéronlle a pala, agora que lle sacaron terra pola parte de acá,...e non apareceu nada!

P: ¿E non había pedras chantadas?

R1..No, nooo, no... Non, porque xa decían que a parte de terra era arriba...

R2: É o que decía Ema, que o sepulcro que estaba embaixo, e despois aínda amontonaron todo, todo arriba...

<sup>19</sup> Probablemente se refira ó Castro de Monte Armada, moi próximo ó concello de Cuntis, e sito nesa parroquia)

R1: Toda esa terra.

R2: Decían, decían ...

R1: Aí se cadra fixeron... o sepulcro máis abaixo... e se cadra aí hai algo....

P: Entón non atoparon ningún cacharro de barro, nengunha pedra ...

R2: i...Naada !, nada, non topamos nada ...

R1: Pero eso xa ten que haber quen sabe cantos anos....

P: ¿ E contaban que había unha viga de ouro ?

R1: Claaro, ique había algo de ouro ...!

R2: iUn mouro!, que enterraran alí un mouro, e que lle votaran non sei qué cousas, que lle votaran moito género, que... decía a finada madriña, que lle botaban género, ...que enrollaban todo nunhas bandas de género que meteron alí, que lle botaron ... e ela dicía,...io qué lle dicían!

R1: ...i O que lle dicían!, que ela,...

P: ¿ E un sitio que lle chaman "A Pedra do Altar"?

R1: A Pedra do Altar tamén é alá ....

R2: ¿Dónde?

R1: iAlá!...

P: ¿E alí qué hai?

R1: iHai unha pedra!, como outra calquera, como hai aquela... como había ...

R2:...E máis, aínda máis ...

P: ¿E non ten alí grabados nin nada?

R2: Chámanlle A Pedra do Altar, é un nome que temos,... en medio do monte...

R1: Aquí, se cadra, un falar,... un falar ¿eh?... Aquí se cadra, neste ou neste, se cadra... pode haber, pero... é o que dí este chaval...pode haber , pero... iSabe Dios a qué profundidade!... Porque, tiña, tiña... moitos siglos xa hombre!...

P: Ó mellor hai 300 anos escavaran xa, e xa levaron o que había...

R1: Sí, porque aí aínda parece que non escavaron, alí na pedra do altar...

P: ¿Tamén dicían que había ouro alí?

R2: Eu, na Pedra do Altar nunca oín que había ouro enterrado...eu aí nunca oíra...Máis arriba, arriba do Fial... máis arriba do Fial, alá cerca do Monte de S. Clemente ...

P: ¿E está arriba dun outeiro? [A Pedra do Altar] ).

R2: Unha pedra movida, como é aquela de acolá, así, unha pedra como aquela mesmo, ... non era máis grande ¿eh? ... Aínda non sei si sería se cadra máis pequena que aquela pedra que hai alí, ...alá no medio do monte (...)

R1: ...Aí se cadra, se hai algo, pode aínda haber aí...

P: ¿...E o Monte do Ouro?...¿Tamén dín que había alí algo...?

R1: O Monte do Ouro,... chamábanlle aí.

P: ¿ E eso porqué?, ¿Tamén dicían que había?

R1: iClaro!,... ese,e máis este ... decían era, decían era ... iEsa burrada! (...)

[Nótese como se confunde Ouro con Mouro... algo tamén moi evidente no seguinte fragmento dunha entrevista a mesma muller (R1), un ano despois....-

*A Pena (Troás). Abril 2001. Señora duns 74 anos*

P: ¿Aquí chamábanlles ás mámoas os petoutos dos mouros?

R: O Outeiro dos Mouros... ou dos ouros... o outeiro dos ouros...io Outeiro do Ouro!

P: ...Porque contaban os vellos que alí había...

R: Que enterraran os vellos ...iOuro!... Os vellos que morreran antes... ou os que mataban ...ou non che sei que lles facían, decían que, eles, que antes de entregalo, que colleron e foron ao enterrar aí a eses sitios, que o enterraran... decían os vellos de aquí...

P: ¿ Non toparon pedra nengunha ...?

R: iNada!, non... que se sepa non...

P: ¿ E os petoutos...cantos habería...?

R: iAquí había dous!

P: ¿Dous...?

R: Un aí, no Folgare,... e outro aí, aí enriba, pero ese outro xa escarvou aí un fulano e... e meteuno dentro de...? ¿non sabes?... iAllanou!

P: ...¿ E chamábanlle Outeiriños do Ouro?

R... outeiro dos mouros, dos ouros,... iDo Ouro!

P: ...E entón a lenda é que había ouro dentro, enterrado...

R: ...iHome!, decían, decían eso, os vellos...

(...)

R: Sabendo que había ouro... ¿Pensas que non ía alguén a traballar con palas, con sachas e eso ...?, xa hai, xa hai fosa no medio...

*Zo (Cuntis). Abril de 2001 -Amparo, 68 anos*

Visita ó lugar e conversa polo camiño cara ás "Momas"... nada máis chegar, fainos unha primeira observación sobre puntos de referencia na paisaxe "para ós mouros"...

"Alí chamábamolles nós A Pedra do Santo ..."

[Sinalando cara unhas pedras claras que destacan no medio dunha lomba nun alto].

"... No tempo dos moros miraban a pedra esa e ó Castro Sevil..." (...) " Os moros aquí,... había, ... a pedra esa, no tempo dos moros, e miraban aquel alto, e o Castro Sevil, que se ve desde acolá"



Figura 13: Petouto do Sino.

[Cando se refire "á pedra esa" está a falar de A Pedra da Águia do Monte Xesteiras...Punto de referencia en todo o val de Cuntis e considerada por outros veciños coma "un monumento", "os canteiros non podían tocala co pico de ferro..."].

R Aquí se chaman As Momas. Había tres momas, que eu me acorde ¿eh?, e están aí,... bueno, estragáronas todas cos eucalitos ...

## CONSECUENCIAS

Recollemos ó longo deste texto fragmentos dun discurso elaborado ó longo do tempo polo campesiñado para afrontar o pasado. Non se trata dun discurso historiográfico, baseado en restos materiais ou na textualidade, senón do produto dun patrón de racionalidade, dunha reflexión colectiva sobre a propia sociedade. A súa natureza oral confírelle á súa vez o seu verdadeiro valor<sup>20</sup> e o seu meirande perigo, xa que corre un risco grave de desaparición.

Quedan no tinteiro aspectos tan sobranceiros deste discurso coma o papel fundamental da muller na transmisión desta tradición ou as variacións que este discurso vivo e dinámico sofre de xeración en xeración en función dos avatares e conxunturas históricas<sup>21</sup>.

Con todo cremos que se acadou minimamente o obxectivo inicial proposto, isto é, a recuperación do papel simbólico que xogan os xacementos arqueolóxicos de natureza monumental dentro do territorio, da paisaxe mítica que se sobrepon a aquel e do discurso agromado dentro da cosmovisión da sociedade rural tradicional.

Un discurso igual de válido e lexítimo que a historiografía académica, un *pensamento salvaxe* (Lévi-Strauss 1964) un xeito literario de ve-lo pasado que forma parte das máis fermosas creacións inmateriais do noso Patrimonio.

## AGRADECEMENTOS

A tódalas xentes de Cuntis que aportaron o seu saber cun entusiasmo desmedido e unha paciencia infinda. A Felipe Criado, polo seu apoio incondicional. A David Barreiro, Suso Amado, Álvaro Arizaga e Paula Ballesteros pola revisión do texto. A Urxa Fraie, na lembranza daquela castrexa noite de San Xoán.

## BIBLIOGRAFÍA

- Aboal, R.; Ayán, X. e Parceró, C. O castro como espazo simbólico na paisaxe rural galega (en preparación).
- Alonso del Real, C. 1971. *Superstición y supersticiones*. Madrid : Espasa-Calpe, D.L.
- Alonso del Real, C. 1983. Notas etnográficas de O Courel. *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. T. 1: 131-140.
- Alonso del Real, C. 1991. Pasados indíxenas en la Sierra de O Bocelo y en el valle del río Furelos: paisaje sin Arqueología. En Criado Boado, F. (dir.). 1991. *La Arqueología del Paisaje en Galicia. El área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales*. (Campañas de 1987, 1988 y 1989). *Arqueoloxía/ Investigación*, 6: 19-25. Santiago: Xunta de Galicia.
- Andrade Cernadas, J. M. 1996. Las "Villae" en la Galicia de la mutación feudal : el caso de Celanova. En Vázquez Varela, J. M. et al.: *A guerra en Galicia ; O rural e o urbano na historia de Galicia*: 277-90. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores.
- Aparicio Casado, B. 1992. *A tradición oral en Poio*. Pontevedra: Ed. Deputación Provincial.
- Aparicio Casado, B. 1996. La interpretación popular de los grabados rupestres gallegos en Rodríguez Casal, A. (Coord.). *Humanitas. Estudios en homenaxe ó profesor Dr. Carlos Alonso del Real*. Univ. de Santiago. Volume I; pp. 257-283.
- Aparicio Casado, B. 1999. *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega*. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80. Sada: Edición do Castro.

<sup>20</sup> Se trata de tiempos más remotos que pueden apuntar a distintas épocas del pasado. En estos casos el discurso adquiere no ya un valor importante sino, para el nativo, pleno. Lo que se conoce se sabe exclusivamente a través del discurso. Pueden quedar restos o referentes del pasado, pero sólo viven en un discurso colectivo, que se transmite y está ya más o menos fijado. Los nativos no son historiadores, no tienen por lo general inquietudes por verificar lo que les han contado, y transmiten a su vez, a quien tenga interés en escucharlo, historias cuyo valor está más en el mismo contenido del relato en el que se transmiten (García et al 1991: 60).

<sup>21</sup> Una idea que ya tenía hace mucho tiempo, y que me ha sido confirmada en esta experiencia, es la de que la imagen tradicional del folk, como algo inmóvil y homogéneo, es una fantasía romántica inconsistente. Las variaciones en cuanto a los temas de interés, al tipo de relato, etc. Entre unas y otras generaciones, incluso en una misma persona según a que tema se refieran, demuestran, por el contrario una gran movilidad (Alonso del Real 1991: 20).

- Arizaga Castro, Á. 2002. A hipótese "O Niño do Corvo": santuarios na paisaxe. (Traballo de Investigación de Terceiro Ciclo). Departamento de Historia I, Facultade de Xeografía e Historia, USC. Santiago de Compostela. Inédito.
- Ayán Vila, X. M. 1997. *Aproximación á cultura castrexa e á romanización no concello de A Pobra de Brollón (Lugo)*. Traballo Academicamente Dirixido. Universidade de Santiago. Inédito.
- Ayán Vila, X. M.; Bóveda Fernández, M<sup>a</sup>. M.; Criado Boado, F. e Otero Vilariño, C. 2002. *A auga dos mouros: rexurdimento de Castrolandín. Programa de actividades para a posta en valor do xacemento prehistórico de Castrolandín*. Santiago: LAR, IEGPS (CSIC, XuGa).
- Barros, C. 1993. La contribución de los Terceros Annales y la Historia de las mentalidades: 1969-1989. En González Mínguez, C. (Ed.). *La otra historia: sociedad, cultura y mentalidades*: 87-118. Bilbao: Univ. de Bilbao.
- Beramendi, L. 1987. *El nacionalismo gallego en el primer tercio del siglo XX*. Santiago: USC.
- Bermejo Barrera, X. C. 1978. *La sociedad en la Galicia Castreña*. Santiago: Follas Novas.
- Bermejo Barrera, X. C. 1982. *Psicoanálise do coñecemento histórico*. Sada: Ed. do Castro.
- Bermejo Barrera, X. C. 1986. *O final da Historia: Ensaio de Historia Teórica*. Vigo: Xerais.
- Bermejo Barrera, J. C. 2000. *Pensa-la Historia: ensaios de historia teórica*. Vigo: Ir Indo.
- Bermejo Barrera, X. C. e Llinares García, M. 1991. Los antepasados imaginarios. En Villares, R. (dir.): *Historia de Galicia*: 21-40. Vigo: Faro de Vigo.
- Bouza Brey, F. 1944. Castros de la comarca de la Estrada. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, I: 7-38. Santiago: CSIC.
- Bouza Brey, F. 1958. Mitos e costumes encol da festa de S. Xoán en Galicia. *Galicia Emigrante*, 33.
- Burguière, A. 1988. La antropología histórica en Le Goff, J.; Chartier, R. e Revel, J.: *La Nueva Historia*: 38-65. Bilbao: Ediciones Mensajero.
- Burguière, A. 1995. L'anthropologie historique et L'École des Annales. En Barros, C. (Ed.): *Historia a Debate*, III: 127-37. Santiago: Historia a Debate D. L.
- Burke, P. 1990. *La cultura popular en la Europa moderna*. Madrid: Alianza.
- Candal Cancelo, M<sup>a</sup>. J. 1993. *Relaciones entre yacimientos castreños y elementos del sistema tradicional gallego de ocupación del espacio*. (Tesis de Licenciatura). Departamento de Historia I, Facultade de Xeografía e Historia, USC. Santiago de Compostela. Inédito.
- Castro López, R. 1929. *Reseña histórico descriptiva de la parroquia de Vilar de Ortelles y su comarca y de los monumentos protohistóricos del partido de Monforte de Lemos. Con una relación de los principales santuarios, leyendas, supersticiones y otras curiosidades antiguas del país*. Monforte de Lemos: Imprenta de F. Rodríguez.
- Criado Boado, F. 1986. Serpientes gallegas: madres contra rameras. En Bermejo Barrera, J. C.: *Mitología y Mitos de la Hispania prerromana*, 2: 241-274. Madrid: Akal.
- Criado Boado, F. 1991. The Galician Rural Landscape and its archaeological genealogy. En *Actas do I Simposium de estudos galegos/ 1st Oxford Conference on Galician Studies*: 169-82. Pontevedra: Xunta de Galicia.
- Criado Boado, F. 1993. Límites y posibilidades de la arqueología del paisaje. *Spal*, 2: 9-55.
- Criado Boado, F. 1999. *Del Terreno al Espacio: Planteamientos y Perspectivas para la Arqueología del Paisaje*. CAPA (Criterios y Convenciones en Arqueología del Paisaje), 6. Santiago: Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe.
- Criado Boado, F., Amado Reino, X. y Martínez López, M<sup>a</sup>. C. 1998. *La Arqueología en la Gasificación de Galicia 1: Plan de Control y Corrección de Impacto Arqueológico*. CAPA (Criterios y Convenciones en Arqueología del Paisaje), 4. Santiago: Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe.
- Criado Boado, F. y Ballesteros Arias, P. 2002. La Arqueología rural: contribución al estudio de la génesis y evolución del paisaje tradicional. En *Congreso de Ingeniería Civil, Territorio y Medio Ambiente* (1<sup>o</sup>. 2002. Madrid, 13,14 y 15 de febrero de 2002): 461-479. Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos, Comisión de Medio Ambiente. Madrid: Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos.
- Dubert García, I. 1994. A Cultura popular na Galicia rural do Antigo Réxime, 1500-1830 : Ofensivas e resistencias. *Grial*, t. 32, n. 122 (abr.-xuño 1994): 235-254.
- Escola de Couso. 1975. Algúns castros da Estrada. Concurso de coñecemento provincial. Deputación de Pontevedra. (Traballo dirixido polo mestre Olimpio Arca). Inédito.
- Fernández de Rota, J. A. 1984. *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Madrid: CIS, Siglo XXI.
- Fraguas Fraguas, A. 1953. Notas sobre el fuego en Galicia. *Zephyrus* IV. Salamanca.
- Fraguas Fraguas, A. 1999. *La Galicia Insólita. Tradiciones gallegas*. Sada: Edición do Castro. 7<sup>a</sup> edición (ed or. A Coruña: Librigal, 1973).
- Frazer, J. G. 1991. *La Rama Dorada. Magia y religión*. Madrid: FCE (13a reimp.) (ed. Or. 1890).



- García García, J. L.; González Reboredo, X. M. e Fernández de Rota, X. A. (Coords). 1991. *Lindeiros da Galeguidade-I. Simposio de Antropoloxía*. A Coruña: Consello da Cultura Galega.
- García Quintela, M. V. e Santos Estévez, M. 2000. Petroglifos podomorfos de Galicia e investiduras reais célticas: estudo comparativo. *Archivo Español de Arqueología*, 73: 55-26. Madrid: CSIC.
- González Lopo, D. L. 2001. *Las mentalidades religiosas del Antiguo Régimen en la Galicia Occidental*. Santiago: Facultade de Xeografía e Historia, USC.
- González Reboredo, X. M. 1971. Folklore dos castros do Incio. *Grial*, 31: 21-29 Vigo.
- González Reboredo, X. M. 1971a. *El folklore en los castros gallegos*. Santiago de Compostela: USC.
- González Reboredo, X. M. 1989. *A Festa de S. Xoán*. Vigo: Ir Indo.
- González Reboredo, X. M. 1993. Mouros, donas, e tesouros. Breves consideracións arredor de temas lendarios. En *Congreso Álvaro Cunqueiro*. Actas: 155-161. Lugo: Deputación Provincial.
- González Reboredo, X. M. 1995. *Lendas galegas de tradición oral*. Vigo: Galaxia. (2ª edición).
- Gurevich, A. 1992. *Historical anthropology of the Middle Ages*. Ed. by Jana Howlett. Cambridge: Cambridge Polity Press.
- Le Goff, J. 1983. *Tiempo, trabajo y cultura en el Occidente medieval*. Madrid: Taurus.
- Le Goff, J. 1985. *Lo maravilloso y lo cotidiano en el Occidente medieval*. Barcelona: Gedisa.
- Lévi-Strauss, C. 1964. *El pensamiento salvaje*. México: FCE.
- Lévi-Strauss, C. 1987. Historia y Etnología. En *Antropología estructural*: 49-72. Barcelona: Paidós.
- Lisón Tolosana, C. 1971. *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Siglo XXI.
- Lisón Tolosana, C. 1974. *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*. Madrid: Akal.
- López Cuevillas, F. e Bouza Brey, F. 1929. Os Oemstrimnios, os Saefes e a Ofiolatría na Galiza. A Coruña: Nós.
- López Cuevillas, F. e Fraguas Fraguas, A. 1955. Los castros de la tierra del Saviñao. En *III Congreso Nacional de Arqueología* (Galicia, 1953): 273-348. Zaragoza.
- López Pereira, X. E. 1996. *Cultura, relixión e supersticións na Galicia sueva. Martiño de Braga: De Correctione rusticorum*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Llinares García, M. 1990. *Os Mouros no Imaxinario popular galego*. Santiago: USC.
- Llinares García, M. 1990a. *Mouros, ánimas, demonios*. Madrid: Akal.
- Llinares García, M. e Vázquez Varela, J. M. 1990. Señalización simbólica del territorio: la acción de los seres imaginarios. En *Actas del Simposio Internacional de Antropoloxía Identidade e Territorio*: 97 e ss. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- Máiz, R. 1997. *A idea de Nación*. Vigo: Edicións Xerais.
- Mandianes Castro, M. 1984. *Loureses. Antropoloxía dunha parroquia galega*. Vigo: Galaxia.
- Mariño Ferro, X. R. 1985. *Cultura Popular*. Manuais do Museo do Pobo Galego, 1. Santiago: Museo do Pobo Galego.
- Mariño Ferro, R. 1996. *Contos maravillosos*. Mitos e tradicións. Vigo: Edicións do Cumio.
- Parcero Oubiña, C. 2000. Tres para dos. Las formas del poblamiento en la Edad del Hierro del Noroeste ibérico. *Trabajos de Prehistoria*, 57: 75-95. Madrid: CSIC.
- Parcero Oubiña, C. 2001. *La construcción del paisaje social en la Edad del Hierro del NW ibérico*. Santiago: USC (edición en CD).
- Pereira González, F. 1996. Unha Contribución ó estudo da historia da arqueoloxía galega: O emprego da información arqueolóxica en Galicia (1800-1922). *Gallaecia*, 14/15: 7-29. Sada: Edicións do Castro.
- Pereira González, F. 2000. O Pensamento antropológico de manuel murguía, raza e cultura. *Cuadernos de estudios gallegos*, 47, fasc. 113: 327-382. Santiago: CSIC.
- Risco, V. 1927. Da mitoloxía popular galega: os mouros encantados. *Nós*, 43 e 45. Santiago.
- Risco, V. 1928. Ensaio dun programa pró estudo da literatura popular galega. *Nós*, 56. Santiago.
- Risco, 1933: Notas encol do culto do lume na Galiza. En *Homenagem a Martins Sarmiento*: 409-410. Guimarães.
- Rodríguez López, J. 1910. *Supersticiones de Galicia*. Madrid: Imprenta de Ricardo Rojas.
- Taboada, J. 1955. Las leyendas castreñas en *III Congreso Nacional de Arqueología*: 233-245. Zaragoza: Imprenta Octavio y Peláez.
- Saavedra Fernández, P. 1994. *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*. Barcelona: Crítica.
- Santos Estévez, M. e García Quintela, M. V. 2000. Petroglifos podomorfos del noroeste peninsular: nuevas comparaciones e interpretaciones. *Revista de Ciências Históricas*, vol. XV: 7-40. Porto: Universidade Portucalense.

Taboada Chivite, X. 1972. *Etnografía galega. Cultura espiritual*. Vigo: Galaxia.

Taboada Chivite, X. 1980. *Ritos y creencias gallegas*. A Coruña: Sálvora.

Tenorio, N. 1982. *La aldea gallega*. Vigo: Edicións Xerais (ed or. Cádiz, 1914).

Vázquez Rodríguez, X. M. 1997-98. Cerimonias de véspera. Os folións na Ribeira Sacra. *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, VIII. Vol. 1: 215-3



Figura 14: Castelo de San Xoán no castro de Castrolandín (ano 2002).

# PROXECTO DE RECUPERACIÓN E REVALORIZACIÓN DO CASTRO DE CASTROLANDÍN

Carlos Otero Vilariño

*Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento*

Consejo Superior de Investigaciones Científicas - Xunta de Galicia

## Resumo

Achegámonos a un exemplo de actuación arqueolóxica branda, neste caso a roza e limpeza dun castro no concello de Cuntis, abordada como o punto de arranque dun máis amplo proxecto de posta en valor do xacemento. Deterémonos nas fases de traballo e nas cautelas adoptadas, así como nas resultas da intervención, tanto de carácter científico como patrimonial.

## Palabras Chave

Patrimonio Arqueolóxico, Xestión do Patrimonio, Posta en valor do Patrimonio, Arqueoloxía Preventiva, Cultura Castrexa.

## Abstract

This article deals with an example of archaeological intervention based on the conservation of a hillfort settled in the Council of Cuntis (Pontevedra, Galice, Spain). This work was the starting point from a major project of Heritage Assessment. We show not only the different phases of the archaeological works and the mitigation strategy adopted but also the results on archaeological research and Management of Cultural Heritage of this project.

## Keywords

Archaeological Heritage, Management of Cultural Heritage, Heritage Reassessment, Preventive Archaeology, Culture of 'castros', Iron Age.

## PASADO E PRESENTE DE CASTROLANDÍN

O castro emprázase na parte superior dun escarpe que se abre ó val de Cuntis. As condicións de visibilidade e visibilización son excelentes, establecéndose unha relación visual directa entre o castro e o val e vila de Cuntis.

Da significación social do castro no pasado abonda dicir que ata non hai moito tempo acollía e daba significado a un San Xoán popular, a recuperación do cal é o obxectivo dunha das actuacións propostas neste anteproxecto. No presente, por desgracia, o castro convertérase nun espazo degradado e infrautilizado, ocupado por un bosque de piñeiros e matorral que o facían intransitable e mesmo case imperceptible. Por engadidura, o esquecemento no que caíra explica que se causasen as múltiples afeccións que hoxe podemos constatar, como o corte do parapeto e a colmatación dun tramo de foxo (para dar acceso ó recinto a vehículos pesados), a escavación de diversas foxas no interior do recinto, e o corte de elementos da súa periferia por efecto da construción de pistas e actividades extractivas.

O contexto patrimonial, social e económico no que se localiza Castrolandín é propicio: Cuntis conta cun rico patrimonio arqueolóxico e etnográfico (presencia de restos castrexos, romanos e medievais na vila e arredores, o paso do Camiño de Santiago Vello, etc), e a unha escala máis ampla hai que citar a proximidade do conxunto de arte rupestre de Campolameiro. O contexto social ten como virtude principal o dinamismo da vida cultural do concello, animada a nivel municipal e por asociacións, cun rico programa de actividades dirixidas á divulgación dos valores do Patrimonio Cultural. Por último hai que considerar a Cuntis como concello integrado no *hinterland* pontevedrés, así como a súa proximidade a Compostela.

Neste punto é necesario facer unha breve historia do proxecto. Gracias ás actuacións que detallamos puidemos ampliar os nosos coñecementos sobre o xacemento ata o punto de poder plantexa-la súa posta en valor, e, o que é mais importante, atalla-lo seu proceso de deterioro. Por



Figura 1: Ubicación da zona de traballo.



Figura 2: Foto antiga do castro de Castrolandín.

outra banda, quixemos dá-los primeiros pasos cara a súa adecuación física, perseguindo tres obxectivos; pór este ben a disposición da sociedade desde o primeiro momento, testar a resposta do público e a bondade das actuacións emprendidas, e adiantar algo do traballo que implicará a súa futura posta en valor. Estas actuacións serviron para dinamizar e implicar a veciños e especialistas na posta en valor do xacemento, así como para demostrar as posibilidades do proxecto e a nosa determinación en levalo adiante.

Toda actuación que teña lugar sobre un xacemento arqueolóxico haberá ter en conta a estrutura e natureza da propiedade dos terreos sobre os que se asenta, pois calquera actuación sobre estes chans deberá contar coa aquiescencia de propietarios e administracións implicadas. Estando localizado o sitio en terreos propiedade da Comunidade de Montes de Castrolandín, hai que destacar que é precisamente o interese de ésta, e da *Asociación de Amigos dos Castros de Cuntis*, implicadas no coñecemento, protección e promoción do Patrimonio Cultural, o que fai arrincar o proxecto. Son estas instancias quen se poñen en contacto co *Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais* da Universidade de Santiago de Compostela (LAFC) para, dentro dun marco de colaboración, achá-la fórmula para a posta en valor do xacemento.

Así pois hai que considerar importantísimo tanto o carácter endógeno da iniciativa, como a aquiescencia e colaboración dos veciños, que son ademais propietarios dos terreos. Desde entón celébranse diferentes xuntanzas entre as que cómpre destacar a realizada o 5 de setembro de 2000, na que participaron representantes do concello, a *Comunidade de Montes*, a *Asociación de Amigos dos Castros* e o LAFC. Como froito destas xuntanzas chégase ó acordo de acometé-la recuperación e posta en valor de Castrolandín. Pronto chegamos á conclusión de que era necesario constituír unha unidade de xerencia ou institución que leve a cabo o proxecto, resolvendo para comezar o problema da cesión de terreos. Deste xeito xorde a idea de constituí-la *Fundación Terra Termarum* de



Figura 3: Visita ó castro de membros do LAFC, Asociación de Amigos dos Castros e a Comunidade de Montes de Castrolandín (verán de 2000).

*Castrolandín*, co padroado formado a partes iguais por representantes do concello, comunidade de montes e a *Asociación de Amigos dos Castros*. Nos estatutos desta fundación recóllense como obxectivos a conservación e promoción do xacemento, cuxos terrenos seránlle cedidos por un período de 30 anos.

#### ACTUACIÓNS REALIZADAS

A historia das actuacións desenvolvida ata o momento céntrase en primeiro lugar na cofa e limpeza do castro xa realizada por unha empresa madeireira (tala de arbolado) e operarios do concello de Cuntis (cofa e limpeza). O estado de abandono no que se atopaba o xacemento facía necesario emprendé-la súa cofa e limpeza previa de acordo cos seguintes obxectivos:

- Posibilita-la visibilización das súas estruturas para así coñecé-lo seu estado actual de conservación e planificar futuras actuacións arqueolóxicas e de adecuación.
- Empezar diversas actuacións que consideramos necesario executar nun momento inicial, como a ampliación da planimetría existente, a limpeza das estruturas exhumadas, e a adecuación de accesos operativos ó xacemento para a realización de diversos traballos.
- Freá-lo deterioro do sitio provocado pola medra descontrolada da vexetación.
- Recoñecer as especies vexetais presentes para a realización dun estudo botánico conducinte ao establecemento dun proxecto de axardinamento do lugar.

Como sexa que estes obxectivos hanse satisfacer tendo en conta paralelamente a salvagarda das especies vexetais protexidas ou mesmo o seu interese de cara ó seu




Figura 4: Vista xeral do castro antes e despois da tala. Vista dende o W.

aproveitamento futuro, desenvolvemos o traballo a través de diferentes fases, que podemos ver detalladas, xunto a outros datos de interese, no capítulo 7 deste volume.

Outras actuacións que tiveron lugar ó amparo desta iniciativa son as seguintes:

- **Ciclo de conferencias** "O Patrimonio Arqueolóxico de Cuntis e a Xestión do Patrimonio Arqueolóxico", impartidas na primavera de 2001 por profesores e investigadores da USC, e técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.
- **Celebración do San Xoán** nos dous últimos anos na croa do castro, de acordo cunha tradición popular por entón perdida e recuperada ó efecto, coa participación e colaboración xeral dos veciños.
- *Exposición sobre a Cultura Castrexa* realizada pola *Fundación Terra Termarum Castrolandín* na Biblioteca do Concello de Cuntis no verán de 2001.
- **Presentación dunha comunicación** sobre os traballos habidos en Castrolandín no *I Congreso Internacional de Ecoturismo*<sup>1</sup> celebrado en Oleiros (A Coruña) no verán de 2001.

<sup>1</sup> X. M. Ayón Vila e M<sup>a</sup>. M. Bóveda Fernández. 2001. *La recuperación del castro de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra) como recurso ecoturístico: de espacio natural a paisaje cultural*. Ponencia inédita.



Figura 5: Detalle da exposición sobre a cultura castrexa (Cuntis, 2001).



Figura 6: Detalle dun dos talleres castrexos celebrados no castro o día de San Xoán 2002.

- **Deseño dunha páxina web** na que se recollen as actividades e proxectos da Fundación así como abundante información sobre o Patrimonio Arqueolóxico de Cuntis.
- **Montaxe dun stand expositivo** no SIPAC celebrado en Santiago en outubro de 2001.
- **Organización de talleres castrexos** no castro de Castrolandín o día de San Xoán de 2002 coa elaboración de diferentes réplicas da cultura material da Idade do Ferro no eido dun proxecto de Arqueoloxía experimental.

Á luz destas actividades podemos corroborar o interese tanto da *Fundación Terra Termartum Castrolandín*, como do Concello de Cuntis e o LAFC por seguir adiante na recuperación deste xacemento e do conxunto do Patrimonio Cultural da bisbarra, así como a necesidade de dar un decidido paso adiante cara a consolidación desta nova oferta cultural, e a recuperación e protección do xacemento.

## OBXECTIVOS E PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Considerado o contexto de partida apuntado no apartado anterior como o pasado e o presente de Castrolandín, os obxectivos aquí plantexados serán os que orientarán o futuro do xacemento. En primeiro lugar cómpre **protexé-lo ben**: consideramos primordial freá-lo seu deterioro que se manifesta hoxe en diferentes actuacións, incontroladas (escavacións furtivas, arrase de sectores de estruturas defensivas por parte de diferentes axentes institucionais e particulares, bioturbación provocada polas raíces de abundante vexetación arbórea), que deixarán de ter lugar a través do recoñecemento social do xacemento, e a súa posta en valor. Neste sentido non compartimos a idea de que o uso e desfrute dun xacemento provoque o seu deterioro. Moi ó contrario: é precisamente o seu coñecemento e uso social unha garantía de conservación sempre que haxa un control efectivo e unha boa orientación dos traballos, para o que é necesario que exista e se siga unha programación ben definida.

En segundo lugar é imprescindible **integrá-lo ben**: buscar e constatar os argumentos e realidades que posibiliten a súa contextualización histórica, xeográfica e social, e na mesma liña definí-lo seu papel na trama xeográfica e social, detectando os baleiros que Castrolandín pode encher en Cuntis e *viceversa*.

Esta liña de actuación conduce tamén a **transformar o ben en recurso cultural**: Esta transformación realizarase dun modo intanxible xerando unha narrativa e contidos para a fundamentación do papel apuntado no apartado anterior. A transformación tanxible será a tradución material desta fundamentación (ilustración do xacemento), pero tamén funcionará como o seu motor (investigacións no xacemento).

Neste senso a calidade da posta en valor resultante ha posibilitá-la inclusión do sitio dentro da futura rede do Patrimonio Arqueolóxico Galego deseñada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia.

Paralelamente débese concebí-la actuación tamén como unha estratexia para o desenvolvemento, social, cultural e económico, implicando ós veciños e asociacións en todas aquelas tarefas nas que poidan desempeñar un papel, así como na toma de decisións, do mesmo modo que o fixeron ata o presente. Noutras verbas continuaremos primando a participación dos veciños en pé de igualdade.

Cómpre tamén fortalecé-lo sentimento de identidade e pertenza ó territorio da comunidade, así como o papel das asociacións, unha das caís (*Terra Termartum Castrolandín*) é a promotora do proxecto. Trala súa recuperación, Castrolandín será un espazo arqueolóxico e un espazo tradicional, pero tamén un novo espazo para a acción social. Os traballos deben respectar e promocionar estes 3 espazos que conflúen en Castrolandín.

Podemos plantexá-los obxectivos desta actuación desde outro punto de vista: definindo o que chamaremos a



orientación e destino de Castrolandín, o que quere ser e cal é o papel que pode desempeñar coa súa posta en valor. Cremos poder respostar a estas preguntas sinalando cais son os ámbitos, materiais e inmateriais, que pretendemos xerar ou recuperar, pois como veremos, neles expresárase dun modo implícito o que preferimos que sexa Castrolandín e que papel pode desempeñar. Podemos de feito considerar a xeración destes ámbitos como os obxectivos básicos da posta en valor do sitio.

En primeiro lugar coa posta en valor o que pretendemos levar a cabo é a recuperación, a reconstrución dun espazo histórico como é un poboado castrexo. Sexa esta reconstrución total ou parcial, o importante é que sexa suficientemente ilustrativa, e polo tanto útil para que o público coñeza como puido sé-lo poboamento e a cultura castrexa. Nesta liña, cremos que outros períodos da historia que deixaron tamén a súa pegada en Castrolandín (cuxa constatación depende dos resultados da escavacións) poden ter acollida na mensaxe que sobre o xacemento queremos transmitir. En segundo lugar, coa posta en valor de Castrolandín xerarase un novo espazo libre no poboamento municipal, unha zona verde para o lecer dos veciños e, mesmo se establecerá unha zona de transición entre o chan urbano e rústico que actúe como garante da conservación deste último. Na mesma orde de importancia, podemos xerar un novo ben cultural, que represente un rol de relevo no contexto comarcal e mesmo galego, como representante dunha cultura tan importante na Protohistoria de Galicia como é a castrexa. Por último, coa adecuación do xacemento á realización de visitas poderemos crear un novo recurso do turismo cultural, que funcione como un factor de atracción deste tipo de turismo a Cuntis e a súa bisbarra.

Dado o carácter deste texto, apuntamos unicamente uns principios metodolóxicos xenéricos, aínda que iso si aplicabeis máis alá deste ámbito. Son os principios que conforman o modo de facer do conxunto de actuacións. Para comezar é preciso ter claro cal é o tipo de actuación perseguida, para entón actuar en consecuencia. Non se pretende levar a cabo unha musealización, ou un centro de interpretación no xacemento, senón executar un conxunto de actividades para significar e pór no mapa o castro como paso imprescindible para a súa vertebración na rede de recursos culturais de Cuntis. Trátase en definitiva de conservar e acrescentar un ben patrimonial tal e como cita no seu artigo 1 a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

A este respecto optárase pola rehabilitación das construcións existentes antes que a destrución que existe ou a construción de cousas novas. Sirvan de exemplos a proposta de aproveitar como base de traballo o antigo matadoiro municipal ubicado ás beiras do Rego de Patelo, que o concello vai rehabilitar, ou a conservación de boa parte da vexetación autóctona do castro para dar sombra ós visitantes.




Figura 7: O castro de Castrolandín coa aldea ó seu pé (maqueta feita pola Asociación de Amigos dos Castros).

Abógase pola definición dun eixo entre Castrolandín e o núcleo de Cuntis, a través do antigo matadoiro municipal, co Rego de Patelo como fío argumental. Este eixo pode ser temático (establecido en función dos contidos transmitidos na ilustración do xacemento) pero tamén físico, por medio da adecuación dun vieiro fluvial.

Nesta mesma liña proferimos como núcleo temático deste fío argumental a presenza e importancia da auga tanto dentro da paisaxe actual como na vida dos antigos poboadores castrexos. Observaránse con detemento as implicacións económicas, presentes e futuras, de cada actividade, especialmente daquelas que só adquiren sentido se se poden manter no tempo. Isto implica non multiplicar en exceso as iniciativas, senón detallar e reconsiderar cada unha delas. Neste senso, existen produtos, acontecementos e fenómenos, que poden ser mercantilizados sen perder o seu significado (patrocinio de festas tradicionais, visitas a escavacións).

Se ben é desexable un protagonismo local nas diversas actividades a realizar, é necesario que as competencias e responsabilidades de cada un dos membros da Fundación (Comunidade de Montes, Asociación e Concello), do LAFC e de calquera outro axente implicado estean definidas desde un principio. O beneficio deste protagonismo será mutuo. Os discursos e modos de facer empregados non conducirán á fosilización deste novo espazo social, senón a unha flexibilidade e mobilidade acorde co papel que Castrolandín pode desempeñar dentro da trama urbana e social de Cuntis.

Paralelamente o bo facer como arqueólogos e a conservación dos bens arqueolóxicos presidirán o deseño e execución das actuacións. Cada actividade debe proxectarse e executarse tendo presente que os seus resultados poden ser útiles para outras actividades, co fin de optimizar recursos e esforzos e tirar proveito de posibles sinerxias.

Cada actuación ou conxunto de actuacións só poderán ser levadas a cabo previa elaboración dun informe que será remitido para a súa aprobación ó Director Xeral de Patrimonio, a Consellería de Familia e Xuventude ou a quen competa en cada caso. Ademais é pertinente ter informadas a estas entidades de cada paso dado e actuar tras atinxir un consenso. De feito unha das funcións deste proxecto é a de servir de documento para a discusión entre todas as partes implicadas: Fundación, Dirección Xeral de Patrimonio e o LAFC.

Proferimos unha clasificación das diferentes actuacións atendendo á súa finalidade; así, en primeiro lugar definiremos as que chamaremos actuacións para a consolidación da actuación xa realizada, isto é, a cofa e limpeza do castro. En segundo lugar, as actuacións de adecuación e conservación: conducentes a converté-lo castro nun espazo cultural e de lecer visitable e atractivo. Abrangue actuacións como a escavación, consolidación, habilitación de infraestruturas, sinalética, etc. Consideraremos tamén as actuacións de interacción co entorno: aquelas destinadas a xerar forzas centrífugas e centrípetas entre o espazo cultural proposto, as persoas e actividades implicadas, e o resto dos veciños (actividades de difusión e divulgación, espazos para a participación). Por último definiremos as accións para a captura de datos:

de carácter excepcional, teñen como finalidade recabar os datos necesarios para a realización e traballos posteriores, como poida sé-la redacción dun Plano Director para a posta en valor de Castrolandín

## POSIBILIDADES DO PROXECTO

Cremos que a posta en valor de Castrolandín conta coas seguintes fortalezas, entendidas como oportunidades, posibilidades e potencialidades do lugar e o seu contexto patrimonial e social. O xacemento ten un elevado potencial arqueolóxico, en canto semella mostrar un bo estado de conservación; nesta liña, a monumentalidade das súas estruturas visíbeis é evidente. Por outra banda o carácter endógeno da iniciativa garantiu a dispoñibilidade dos chans sobre os que se asenta o sitio, pero tamén é unha expresión da positiva actitude de veciños e concello de Cuntis.

Asemade Castrolandín é un espazo arqueolóxico, pero tamén social, como se pode extraer da súa utilización como lugar de xogos e de celebración da festa de San Xoán hai tan só unha xeración. O xacemento, cunha accesibilidade óptima, atópase moi próximo á capital do concello, coa que mantén unha interesante relación de intervisibilidade, así como coa maior parte do Val de Cuntis. A este respecto Castrolandín pode vincularse ó Cuntis termal e fluvial por medio do Rego de Patelo, e polo tanto á auga como fío argumental da narrativa. Finalmente contamos xa con polos de dinamización (*Fundación Terra Termarum Castrolandín*, Biblioteca Municipal...) do tecido social, que de feito colaboraron nas actividades realizadas ata a data.

### Xacemento

	Asesoramiento					
Investigación						
Conservación						
Adecuación física						
Ilustración						
	máxima	media	mínima	mínima	media	máxima
	PRESENCIA			DUREZA		

### Contorno de Protección

CONTENIDO DE FOTOCOPIACIÓN						
Investigación						
Conservación						
Adecuación física						
Ilustración						
	máxima	media	mínima	mínima	media	máxima
	PRESENCIA			DUREZA		

### Entorno

Investigación						
Conservación						
Adecuación física						
Ilustración						
	máxima	media	mínima	mínima	media	máxima
	PRESENCIA			DUREZA		

Sen embargo o proxecto conta tamén cunha debilidade importante: a ausencia de elementos ou estruturas arqueolóxicas chamativas, capaces de aportar rasgos distintivos e apoiar unha completa ilustración do fenómeno castrexo. De todos modos, esta debilidade pode paliarse mediante a escavación do xacemento.

Tras esta análise sucinta podemos apontar, a modo de conclusión, diferentes estratexias para potenciar as fortalezas e paliar as debilidades suñadas:

En primeiro lugar semella imprescindible e urgente comezar a escavación dun sector do xacemento, continuar e incrementar as actuais tendencias e sinerxias dentro da colaboración con asociacións e veciños e implicar dun modo directo -incluso nas actuacións sobre o xacemento- a veciños e asociacións de fóra de Castrolandín e mesmo de Cuntis. A realización de talleres, conferencias, escavacións e campos de traballo poden ser moi uteis ó respecto.

Para ampliar a difusión dos traballos habidos no xacemento, cómpre acadar un nivel de calidade nos resultados das actuacións que recomenden incluí-lo xacemento na rede do Patrimonio Arqueolóxico Galego proxectada pola Dirección Xeral de Patrimonio.

## EXECUCIÓN DO PROXECTO

Cremos convinte centrarnos agora nas bases conceptuais ou, dito doutro xeito, a filosofía de traballo que guiará o deseño e execución das actuacións de posta en valor. Comezaremos por nos deter nas implicacións que a delimitación do xacemento ten na súa posta en valor. Seguidamente enumeraremos os obxectivos básicos de actuación para, por último, deternos ponto por punto nas bases conceptuais de cada un dos tipos de actuación propostas.

A delimitación do xacemento de Castrolandín, así como do seu contorno de protección, débese entender como o produto de diferentes actuacións: a limpeza do sitio permitiu levar a cabo a súa prospección intensiva, e elaborar unha planimetría detallada que nos permitirá precisar os contornos. Se a isto sumamos o coñecemento e estudo do parcelario da zona, poderemos entón abordar o establecemento de ambos ámbitos, os correspondentes ó propio xacemento e o seu contorno de protección. Isto, ademais de ser útil para a xa citada zonificación do xacemento, é un paso previo e indispensable para a incoación de expediente de Ben de Interese Cultural para Castrolandín, medida que consideramos óptima se desexamos garantir a conservación do xacemento e o seu entorno.

A delimitación do xacemento terá importantes consecuencias no que incumbe á presenza e dureza das actuacións presentes e futuras en cada unha das tres zonas definidas. Consideramos presenza das actuacións

ó seu volume e intensidade, mentres que a súa dureza expresará o grao en que poidan afectar negativamente ó entorno arqueolóxico, natural e paisaxístico. Nos gráficos anteriores presentamos unha relación entre a presenza e dureza das actuacións de investigación, conservación, adecuación física e ilustración, e os ámbitos do sitio, contorno de protección e entorno. Queremos advertir que consideramos como entorno á zona externa ó contorno de protección, que se extenderá ata alá onde existan relacións visuais ou significativas co xacemento que sexan consideradas de relevancia.

Como podemos ver, consideramos que a presenza de actuacións se debe incrementar en relación directa coa proximidade ó xacemento, mentres que a súa dureza se manterá en relación inversa con esta proximidade.

## BASES CONCEPTUAIS DE TRABALLO

Entendemos a ilustración do xacemento como o proceso de conversión da interpretación arqueolóxica da cultura castrexa, e en particular do xacemento de Castrolandín nunha mensaxe comprensible e atractiva ó público. É por iso que a consideramos como a tarefa máis importante e delicada das que integran a posta en valor do sitio, xa que de non atinxirse os seus obxectivos, o xacemento carecerá de significado para o visitante máis alá do que son os seus restos materiais máis evidentes. Queremos por outra parte que esta mensaxe tire partido do potencial explicativo e representatividade do xacemento e o seu entorno como testemuño do mundo castrexo.

Poñemos que a estrutura da ilustración estea integrada por un tema principal, que se desenvolverá a través de diferentes subtemas, que serán considerados como as unidades básicas de significación da ilustración.

Suxerimos agora dun modo inicial e aproximativo, este tema, que podería sé-lo poboamento castrexo en Cuntis e as súas pegadas na arqueoloxía e no presente, expresado a través de tres fíos argumentais:

- As características coñecidas e o desenvolvemento da cultura castrexa. Noutras palabras, o que coñecemos do mundo castrexo e os trocos nel acontecidos.
- O castro como unidade de poboamento e produción na Idade do Ferro.
- A importancia da auga na vida castrexa, que pode reflectirse na presenza de construcións determinadas (alxibes), elementos constructivos para se protexer da auga (teitos de colmo) ou mesmo o papel dos ríos e o mar no imaxinario indoeuropeo. O cercano Rego de Patelo pode ademais aproveitarse como fío conductor e argumental entre Castrolandín e Cuntis, aproveitando a existencia de muíños, un matadoiro e mesmo unha pequena central eléctrica en desuso, que pode pór en contacto pasado e presente no que se refire ao aproveitamento da auga.




Figura 8: Emprazamento e planimetría do castro de Castrolandín.

Estes tres subtemas plantexaranse en diferentes puntos de información dispostos no xacemento, para o cal recomendamos elaborar os contidos en función do percorrido de visita proposto. A ubicación destes puntos ou fitos decidírase ademais en función do potencial ilustrativo que ofrezca cada un deles. Podemos dicir doutro modo que se propón detectar e ilustrar o máis destacable de cada lugar, para facer fincapé nas oportunidades que os recursos patrimoniais nos aportan de por si. Non se opta pola estratexia oposta, de realizar actuacións duras e custosas para adecuar os bens e o entorno á mensaxe que queremos transmitir. Tamén se terán en conta, á hora de definir estes fitos, a accesibilidade e outros criterios de corte funcional, así como rigorosas cautelas patrimoniais.

Consideramos conveniente ter en conta diferentes criterios básicos de traballo á hora de elaborar os contidos para a ilustración do sitio, a cal debe ser:

- **Rigorosa** desde un punto de vista científico, especialmente no que se refire a aqueles contidos da ilustración que na actualidade só podemos enunciar a nivel de hipótese. O feito de que esta información non fose definitivamente contrastada debe facerse transparente ao público.
- **Global** en canto o que quere representar é o

fenómeno do poboamento castrexo, e non mostrar unha adición daqueles elementos que o expresan.

- **Integrada** no presente, no sentido de que a ilustración do mundo castrexo pode vehicularse mellor apoiándose en similitudes -e mesmo pervivencias- establecidas entre o mundo castrexo e o rural galego.
- **Ilustrada**, valla a redundancia, a través de exemplos e paralelismos cercanos ó visitante, para unha mellor comprensión dos contidos.
- **Insistente** nos contidos de maior importancia, reforzando as ideas básicas con exemplos e constatacións sucesivas ó longo dos diferentes puntos de información.

Cremos asemade conveniente enumerar unha serie de criterios para o deseño dos contidos e a elaboración do material interpretativo. Estes criterios pódense tomar como principios básicos que rexerán o proceso de traballo desde a concepción ata a materialización da posta en valor do sitio. En primeiro lugar serán utilizados como elementos participantes na interpretación tanto os restos do castro como a propia paisaxe humanizada no seu conxunto, como causa e efecto da acción social ó longo do tempo, considerándose o xacemento como unha expresión de ésta.

Tomaranse as dimensions espacial e temporal como adecuadas para a análise do fenómeno do poboamento castrexo e a súa interacción co medio. O marco temporal non só será o pasado, senón o presente e mesmo o futuro; por exemplo considerando como contidos da narrativa a celebración de festas e acontecementos tradicionais. As investigacións e traballos habidos na zona serán tamén obxecto de divulgación.

Asemade considérase preferible o uso de guías da zona como vehículo de interpretación, alomenos para grupos concertados durante os meses de verán. No seu defecto recorreráse ó uso de cartelería e folletería. En cada punto de información procurarase que os *items* ou unidades de información non sexan mais de cinco, para facilitar a súa apreensión.

Os temas e subtemas serán expresados ó visitante desde un principio, en pro dunha maior claridade, e de que este oriente e organice intelectualmente a súa visita. Haberá que ter especial coidado en modular os contidos de cada punto de información en busca dun duplo obxectivo:

1. Posibilitar unha visita incompleta e mesmo desordenada por parte dos visitantes, e, paralelamente,
2. premiar a visita ordenada e completa coa promesa dunha ilustración e experiencia máis completas, e mesmo plantexando interrogantes cuxa resposta se ofrece en etapas posteriores do percorrido.

As actuacións de adecuación física do xacemento á realización de visitas deberán deseñarse e materializarse de acordo cos seguintes criterios. O impacto sobre o entorno arqueolóxico, natural e paisaxístico há de ser mínimo ou inexistente. A conservación do sitio será un obxectivo primordial, por enriba da funcionalidade das actuacións de posta en valor. Neste sentido seguiranse estratexias de revalorización branda, que ilustren o xacemento sen implicar fortes actuacións sobre a súa materialidade. A súa aparencia visual non debe entrar en disonancia co entorno, tendendo a fundirse nel.

O seu mantemento há de ser mínimo, para así poder presupostar con realismo os gastos de mantemento da actuación. E, paralelamente, procurarase que a súa funcionalidade sexa ó mesmo tempo máximo, pero axustada ás necesidades do público, sen adoptar medidas de ámbito e capacidade esaxeradas.

Partindo destes criterios xerais, plantexamos agora as bases conceptuais para as diferentes actuacións de adecuación física do xacemento.

### Adecuación para a visita

É un criterio básico garantir o acceso a todos e cada un dos fitos definidos nos percorridos internos e externos do xacemento; neste sentido, establécese unha escala na

dureza das actuacións encamiñadas á adecuación de camiños ó tránsito de peóns. A actuación no interior do sitio ha de ser de carácter moi branda, limitada á limpeza de vieiros. Unha actuación máis dura sería incompatible tanto coa conservación do xacemento como coa do entorno natural.

Nos accesos ó sitio si é viable e conveniente acometer actuacións máis duras, fundamentalmente por dúas razóns: en primeiro lugar, pode ser necesario o acceso de maquinaria ás inmediacións do xacemento precisamente para acometer traballos de conservación e escavación, e, en segundo lugar, o grao de alteración do entorno permite actuar sobre el con dureza sen menoscabo da súa situación actual, mesmo mellorándoa.

No que atinxe á sinalización de acceso ó lugar proferimos a instalación de báculos con cartaces indicadores pouco agresivos co entorno, e un deseño e cor corporativa -todavía por definir-, cuxa intención é diferenciar a sinalización relativa a Castrolandín, para facilitá-la súa identificación por parte dos visitantes.

As actuacións de axardinamento do castro estarán encamiñadas á obtención dunha cuberta vexetal apropiada para mellorar o estado de conservación do xacemento, visibilizar as estruturas do castro, facilitar o tránsito polo lugar, e mesmo posibilitar que o castro funcione na práctica como un parque a disposición dos veciños. Para atinxir estes obxectivos habemos de levar a cabo un tratamento da cuberta vexetal baseado na realización de cofas e aplicación de herbicidas, que implica determinadas cautelas. En consecuencia respectaranse aquelas comunidades vexetais protexidas ou de interese localizadas no xacemento, mediante a aplicación coidadosa de herbicidas que non se fixen ó chan nen deixen resíduos, evitando por outro lado a afección de explotacións agrarias adxacentes.

O deseño e ubicación do diferente mobiliario que no futuro sirva para acondicionar o sitio á realización de visitas ha de ter en conta tres factores: en primeiro lugar a súa aparencia non debe resultar disonante co entorno, sendo conveniente mesmo que se disolva nel; por outra parte há de procurarse a súa ubicación naqueles puntos nos que xa se localicen outros elementos de mobiliario, sen por iso provocar concentracións excesivas. Por último o mobiliario escollido implicará os menores gastos de mantemento posibles.

### Material interpretativo

A cartelería constituirá a unidade básica de interpretación do sitio, en canto debe posibilitar por si só a súa ilustración. Aínda que é preferible a realización de visitas guiadas dado o seu maior atractivo, capacidade informativa e elasticidade, un elevado custe e dificultade de mantemento aconsellan que a interpretación do xacemento poida sustentarse no uso de materiais gráficos






Figura 9: Diferentes aspectos do entorno natural de Castrolandín.

e escritos, folletería e cartelería. Como principio básico de traballo, cremos conveniente ubicar un cartaz (panel ou mesa interpretativa) en cada un dos fitos do percorrido definidos. O volume de información contido en cada cartaz será básico, sintético e cun forte compoñente gráfico, posto que contidos demasiado mestos impedirían ó visitante manter un adecuado nivel de atención e retención de conceptos. As mesas contarán cun deseño harmónico co seu entorno, e o soporte gráfico garantirá unha axeitada resistencia ós elementos e o vandalismo. Proponse a utilización de impresión láser sobre vinilo, protexida por unha lámina de policarbonato.

A edición e distribución de folletería terá como obxectivo unha ilustración do castro en maior profundidade, destinada a aqueles que desexen facer

unha visita máis proliza ou incrementar os seus coñecementos tras un primeiro achegamento ó xacemento. Cremos que a distribución da folletería pode realizarse desde o concello e a biblioteca de Cuntis, aínda que posteriormente pode ampliarse tamén ó centro que finalmente se habilite para a ilustración do xacemento e a celebración de actividades vinculadas a el. É por suposto recomendable extender a súa distribución á secretaria de información turística do Concello de Cuntis.

## ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR: A EXECUCIÓN DO PROXECTO

### PLANO DE ORDENACIÓN E ADECUACIÓN DO LUGAR

Os que chamamos traballos de axardinamento terán como obxectivo á consecución dunha cuberta vexetal desexable para a realización de visitas -facilitando o paso- a ilustración do xacemento -facendo visibles as súas estruturas- a mellor conservación dos seus elementos, e a xeración dun novo espazo verde para o disfrute dos veciños.

Coa intención de obter un axardinamento que faga agradable e transparente a visita, e que actúe en beneficio das especies vexetais protexidas, as actuacións estarán encamiñadas á eliminación das especies vexetais non desexables, como o mato de 'toxo' e silva, fentos e máis herbas. Esta eliminación levaráse a cabo co repetido emprego de herbicidas selectivos de baixa residualidade e, se é necesario, con cofas periódicas. Paralelamente conservaránse as especies protexidas e de interese presentes, entre as que destacan o arbolado autóctono que se desenvolve ó N e SE do castro. Do mesmo modo permitirase a medra natural de herbáceas de baixo porte sobre o terreo antes ocupado polas especies non desexables. Para a consecución destes obxectivos prefírese seguir o seguinte plano de traballo:

1. Realización dun estudio por parte dun especialista, no que se recollan os requirimentos para a sulfatación e a revexetación.
2. Aplicación de herbicidas. Hai que advertir que esta aplicación acostuma facerse secuenciadamente ó longo do tempo, segundo as especies a tratar, e que mesmo necesita de aplicacións de reforzo pasado un período de tempo.
3. Execución dunha revexetación ou axardinamento: como xa apuntamos, debe realizarse para cubrir diferentes necesidades: xerar un espazo ameno para as visitas, proveer de sombra, freá-lo deterioro do xacemento e significar algúns dos seus elementos menos visibles. Por outra parte hai que ter en conta a posibilidade de que o castro haxa de ser sometido a unha "cuarentena" de visitantes ata que a revexetación se establece.



A posibilidade de acceder ó sitio en vehículos de motor recomenda a instalación de medidas de protección alomenos indicativas da existencia de restos arqueolóxicos. Con esta fin aconséllase o valado do castro de acordo coa figura 14. Prefírese o emprego dun valado de carácter lixeiro, realizado con postes de madeira tratada unidos por unha cadea plástica, sendo o seu único obxectivo sinaliza-lo castro, e non tanto impedir o paso. Non se pretende que o valado sirva como instrumento limitador do acceso ó xacemento, nin moito menos da súa visibilidade. Moi ó contrario, o obxectivo perseguido é delimitar o xacemento, e evitar alteracións específicas, como as producidas por automóviles ou animais. É por isto que se prefire abrir dúas entradas no valo; unha, na pista de acceso á acrópole, dun ancho capaz de dar acceso a vehículos, pero que permanecerá pechada ó público, e outra na área de acceso, dun ancho inferior, que só permitirá o paso de persoas, e que permanecería permanentemente aberta ó público.

Como xa dixemos, os accesos ó interior do xacemento non son en absoluto un problema, con excepción do risco que comportan precisamente as facilidades que ofrecen para acceder ó castro en vehículos a motor. Neste sentido, recoméndase unha vez máis limitar o acceso por medio de portas nos puntos sinalados na figura 14. Semella necesario habilitar un espazo de aparcamento na zona marcada na figura 13 para así posibilitar unha visita ordenada, concentrando neste punto os vehículos nun punto pouco visible desde o sitio.

Configúranse así dous accesos: o que chamaremos acceso sul, de carácter peatonal, e que só se abriría ó paso de vehículos relacionados cos traballos no castro. A través del poráse final ó percorrido polo xacemento. O acceso E será o que canalice a chegada e estacionamento de vehículos, e desde o que se inicia o percorrido de visita. É conveniente sinalar que entre ambos puntos se ubica a área de recreo, coa que a súa accesibilidade se resolve sen obrigir ó tránsito sobre o sitio.

Nesta liña propónse habilitar un espazo de aparcamento, actuación que se limitará á explanación dunha pequena área, establecendo como prioridade remexer a mínima cantidade de terras para non afectar ó chan ante a posibilidade de que sexa fértil. Entón pavimentarase a zona explanada con material lixeiro e remexible (escombros e grava, por exemplo). Cabe a posibilidade de adoptar solucións máis complexas, pero respectuosas, como un pavimento de *slurry* sobre *geotex*, por exemplo. Por último delimitarase a área adoptando unha solución que sirva ó tempo para paliar-lo impacto visual do aparcamento, por exemplo extendendo unha pantalla vexetal arbustiva.

En canto á sinalización de acceso ó sitio prevése instalar sinais indicativos en 4 cruces de camiños, de modo que garantan o acceso a Castrolandín desde a estrada N-640, á altura da capital do concello. Asemade é

desexable ubicar un panel indicador ó pé do acceso E do xacemento, que sirva á vez de indicador e de cartaz de benvinda.

A instalación dun mobiliario básico considérase preceptiva para facer posible a visita e preservar-lo castro en bo estado. En consecuencia ubicaranse papeleiras en número e lugar detallado no apartado correspondente á zonificación do xacemento. Estudárase se se mercarán a unha empresa, se se utilizarán papeleiras do concello (de as haber dispoñíbeis), ou se serán realizadas por unha escola taller. En calquera caso buscarase un deseño de papeleira harmonioso co entorno e mesmo coa sinalética. Utilizaranse métodos de ancoraxe o menos agresivos posibles, tentando aproveitar pedras ou árbores xa existentes. Consideramos ademais conveniente instalar lugares de asento, en principio na área arborada de recreo localizada ó SE do xacemento. Recoméndase que estean constituídos por unidades indivisibles de mesa e dous bancos corridos de madeira. É preferible que a súa solidez e peso non fagan necesaria a súa ancoraxe, e que o acabado sexa rústico e robusto, harmónico co entorno.

O deseño das papeleiras estará supervisado pola fundación e o LAFC, así como a súa instalación, e a decisión do lugar concreto de ubicación. Será importante garantir un servizo regular de baldeiramento das papeleiras; o idóneo sería que se fixese cargo o servizo de recollida de lixos do concello. O deseño dos lugares de asento será supervisado pola fundación e o LAFC. A execución pode ser competencia dunha escola taller ou dunha empresa de carpintería.

Consideramos importante establecer no interior do sitio e no seu entorno un percorrido preferente, para así ordenar-la visita dun modo acorde coa ilustración do xacemento. O percorrido estará xalonado por varios fitos ou puntos de observación, desde os que o visitante contemplaría diferentes elementos ilustrados a través dunha cartelería instalada ó efecto. Preferimos o establecemento dun percorrido que ademais de nos achegar ó xacemento, facilite boas vistas exteriores do mesmo, dada a monumentalidade das súas defensas. O percorrido interno proposto, como vemos na figura 14, iniciárase na área de aparcamento, onde se ilustraría o conxunto do xacemento e os percorridos propostos. Unha vez chegados ó recinto central do xacemento, a través do acceso E, fariase unha presentación específica do xacemento e o poboamento castrexo, dada a boa visibilidade que temos da paisaxe desde esta zona. O seguinte fito ubicaríase ó longo do acceso sul, onde se ilustrarían as hipotéticas relacións entre Cuntis e Castrolandín, e entre éste e a auga, usando o Rego de Patelo como fío argumental. O percorrido pecharíase, a través da estrada, voltando de novo á área de estacionamento. Este percorrido debe considerarse só como unha proposta inicial, modificable e ampliable en función da definición de novos temas de interese, e dos



Figura 10: Vista xeral da croa do castro trala tala. Vista dende o S.

resultados que futuras escavacións no xacemento poidan ofrecer. Non é un problema menor definir a maneira na que conduciremos ó visitante por este percorrido preferente, sen por iso impedir a realización doutros percorridos de visita; cremos que o axeitado é configurar o percorrido dun modo inmaterial, a través de indicacións feitas na cartelería, onde se encadearán os temas de modo que conduzan ao punto seguinte. Ademais, isto pode completarse cun plano xeral do xacemento, presente en cada panel, onde se indique o punto no que se atopa o panel, e o percorrido a seguir.

Propomos tamén un segundo trazado, correspondente ó que chamaremos sendeiro do Patelo, cuxa materialización depende da habilitación dun carreiro peatonal de contacto entre o acceso sul ó xacemento, e o antigo matadoiro de Cuntis. A definición deste percorrido persegue tres finalidades: que o visitante obteña unha nova perspectiva do sitio e a paisaxe agraria e natural do seu entorno, recuperar a ribeira do Rego do Patelo, e involucrar materialmente o matadoiro con Castrolandín.

#### PLANO DE ACTUACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

A realización dunha planimetría detallada é imprescindible para contar cunha base cartográfica para as actuacións posteriores. É moi útil ademais para elaborar modelos dixitais, moi ilustrativos en actividades de difusión. Recoméndase facer un levantamento topográfico da totalidade da área de actuación (comprendida entre as pistas actuais). Ir mais alá das estruturas visibles do castro xustifícase en primeiro lugar porque así se contará cunha base cartográfica fiable para futuros traballos de acondicionamento no sitio, e en segundo lugar porque o custe se incrementaría moi pouco, habida conta especialmente da escasa complexidade do relevo a topografiar. Contémplase a posibilidade de facer un relevamento a dúas escalas diferentes: cada 50 cm na área do xacemento, e cada metro no resto. A planimetría realizarase empregando equipos de localización GPS e

estación total. O deseño e execución desta actuación corresponderían ó LAFC, tendo en conta especialmente o alto custe que suporía contratalos a unha empresa de topografía, e a súa inferior experiencia no topografiado de xacementos arqueolóxicos.

Como paso previo á realización dunha campaña de escavacións prevese a realización de sondaxes arqueolóxicas en zonas de interese, nas que se considera que poidan xurdir elementos distintivos e ilustradores do sitio, como son o recinto central, muros, accesos e terrazas. Asemade realizarase unha posterior análise dos materiais e evidencias exhumadas. A súa finalidade é aportar datos para, en primeiro lugar, comezar a caracterizar e comprender o xacemento, e, en segundo lugar, saber que zonas son máis atractivas para desenvolver posteriores campañas de escavación máis ambiciosas.

En función dos datos extraídos nas sondaxes realizadas, poderá acometerse a realización de sucesivas campañas de escavación. Deste modo poderemos aportar elementos que como xa dixemos axuden á ilustración do xacemento, nos axuden a comprendelo, e poidan servir como elementos distintivos de Castrolandín.

No que se refire á consolidación e restauración das estruturas do sitio, cremos necesario facer unha avaliación previa e exhaustiva da situación actual do xacemento. Posteriormente, a escavación irá acompañada de actuacións de restauración e consolidación dos restos exhumados, que garantan a súa conservación e exposición, se resulta recomendable. Este traballo será dunha magnitude dependente da natureza dos restos exhumados. Hai que ter presente que é necesario manter unha axeitada porcentaxe de esforzos entre escavación, restauración e consolidación, avaliando se a exhibición dos restos exhumados pode afectar á súa conservación. No caso de non xurdir estruturas destacables, pode pensarse en desvíalos esforzos cara a realización de restitucións en estruturas afectadas no pasado. En todo momento hanse ter en conta os gastos de mantemento que implique a exhibición dos restos.

#### PLANO DE ACTIVIDADES DE INTERACCIÓN CO ENTORNO SOCIAL

A execución destas actividades é imprescindible para que a revalorización de Castrolandín cobre sentido e repercuta no tecido social, tal e como apuntamos na análise das fortalezas e debilidades do proxecto. Suxerimos unha división en cinco tipos de actividades atendendo á súa diferente natureza. Se ben a formación dun campo de traballo arqueolóxico é unha actividade en si, a súa utilidade é múltiple, cruzándose horizontalmente con outras actividades, como a realización de sondaxes, revexetación, etc. Distinguimos asimesmo entre actividades formativas e informativas que, sendo de

diferente natureza, poden complementarse perfectamente como entón veremos. Por último queremos tratar aparte as actividades de recuperación do folcklore, pola relevancia que poden ter desde un punto de vista patrimonial e ata práctico, polo efecto positivo que poden ter sobre as comunidades veciñais e pola urxencia da súa realización, pois este folcklore está fixado nunha tradición oral en vías de desaparición.

Por último, as actividades de divulgación e difusión poden ser consideradas como medio de rentabilizar e vehicular cara o entorno os resultados do conxunto de traballos realizados. Son en definitiva a ferramenta básica para dar sentido ás demais actuacións, pois fará participe delas á sociedade, sendo o único modo de facer viable (e lexítimo) un proxecto que como este depende estreitamente da repercusión social que xere.

A celebración dun campo de traballo arqueolóxico aparelha un aforro evidente en man de obra, e o que é mais importante, é unha oportunidade para a formación dos participantes, e a súa sensibilización cara a conservación e promoción dos bens do Patrimonio Arqueolóxico na medida que se impliquen profesionais e participantes doutros concellos, poderemos ademais traballar en beneficio da difusión do proxecto e o troco de ideas e persoas dentro e fóra da bisbarra

Cremos beneficioso tamén levar a cabo diferentes actividades de formación. O seu obxectivo é utilizar, tanto os resultados das diferentes actividades habidas en Castrolandín, como os coñecementos daqueles especialistas participantes, na formación do público interesado. Non é menor o obxectivo de divulgar os resultados dos traballos, para atraer ó público ó xacemento.

Estas actividades poden complementarse coa realización de charlas, de temática variada, aínda que centradas na Prehistoria e tomando como referente a cultura castrexa con Castrolandín como exemplo. O número e temática das charlas dependerá dos conferenciantes. O lugar proposto para a súa realización, á espera de que a fundación chegue a dispor de local propio, podería sé-la Biblioteca Municipal de Cuntis, tal e como veu acontecendo nas conferencias realizadas ata o presente.

Outro tipo de actividades serían as de información, destinadas a publicitar nos medios a existencia de Castrolandín como lugar de lecer e formación, e facilitar ó público o seu desfrute. Estas actividades serán dúas; por unha parte a creación dun gabinete de prensa encargado de informar á prensa e de elaborar material de fondo para a súa publicación ou difusión en radio ou TV, e por outra parte a realización de excursións organizadas a Castrolandín e o restante Patrimonio Cultural do concello de Cuntis.

Por último poderían levarse a cabo diferentes actividades para a recuperación do folcklore. Polo momento a única actividade definida, e xa celebrada nos anos 2001 e 2002, é a realización dun San Xoán tradicional en Castrolandín. Non obstante, é un obxectivo principal desta actividade recuperar e celebrar aquelas outras celebracións tradicionais de Castrolandín, tanto do lugar como do castro. Seméllanos moi importante ter presente que propoñemos recuperar unha festa tradicional, aínda lembrada tal e como era, e non inventar outra festa celta como as que proliferan na actualidade. A repetida celebración do San Xoán acarreará diferentes beneficios; é unha demostración, polo demais festiva e espectacular, de que Castrolandín é xa un espazo e un significado recuperado para os veciños. Ademais, a organización e celebración do evento é unha ocasión para que os veciños, membros da fundación, Comunidade de Montes e LAFC se dean cita no lugar, comprobén os beneficios da súa colaboración, e crean no futuro do proxecto. Paralelamente esta primeira experiencia identificou desde un principio Castrolandín como un lugar para a diversión e maila aprendizaxe, e non como un problema ou simplemente un solar sen aproveitamento algún.

Por último hai que reseñar que na primeira edición do San Xoán puidemos comprobar que a celebración da festa non afecta no mais mínimo á integridade do ben, e que os veciños se implicaron na celebración pero tamén na preparación da festa, que en todo momento consideraron como propia.

## PLANO DE PUBLICACIÓNS

Podemos considerar tamén a futura realización de dous tipos de publicacións: artigos en publicacións especializadas, e dípticos e folletería variada. A publicación de artigos persegue satisfacer dous obxectivos: en primeiro lugar manter ó público informado sobre o Patrimonio Cultural do concello, así como dos traballos habidos arredor de Castrolandín e a Fundación, e en segundo lugar rentabilizá-los resultados dos traballos. A propia liña de publicacións do LAFC é un marco ideal para a publicación destes artigos; o destinatario desta información é o público especializado ou alomenos interesado previamente no tema; por iso semella recomendable, para poder chegar ó grande público, complementar esta actividade coa publicación de dípticos e folletería.

A temática desta folletería evolucionará paralelamente ó avance dos traballos en Castrolandín. Se no inicio o seu carácter será xenérico, case de presentación do proxecto, co avance da adecuación do sitio, os seus contidos serán máis concretos e circunscritos ó propio castro e á realización de visitas.



Figura 11: Pista de acceso ó xacemento. Vista dende o S.

#### PLANO DE ACTUACIÓNS EXTERNAS

Cremos que a correcta implementación da posta en valor de Castrolandín, e o seu mantemento futuro como unha oferta de calidade implica a realización do que chamaremos actividades externas. Este carácter externo vén dado polo feito de que tales actuacións implican iniciativas aínda non contempladas nen neste proxecto nen fóra dela, aínda que a súa realización viría a complementalo moi positivamente. Estas actuacións son dúas: a creación dun centro cultural, e a execución dun sendeiro ó longo do Rego de Patelo.

A creación dun centro cultural multipropósito, concretamente no antigo matadoiro de Cuntis, que habería de ser rehabilitado ó efecto, suporía contar cun espazo para a información dos visitantes de Castrolandín, e un punto desde o que organizar e amparar diversas actuacións no castro e o seu entorno. A idea de rehabilitalo matadoiro xurdiu xa do propio concello de Cuntis, se ben non se precisou exactamente a súa finalidade e características; non obstante somos conscientes de que há servir para múltiples finalidades, e que o apoio das actividades no castro podería ser só unha delas.

A implementación dun sendeiro ó longo do Rego da Patela beneficiaría á actuación de diversas formas: en primeiro lugar, crearía un nexo de unión física entre o castro e Cuntis para o seu percorrido a pé, ó longo dun atractivo entorno natural. Cremos que este sendeiro debería de feito pór en contacto a central eléctrica abandonada co matadoiro, ambos situados respectivamente á altura de Castrolandín e a capital do concello. En segundo lugar poderíase xerar un discurso, coa auga como fío argumental, que vincule Castrolandín co Cuntis termal, e a existencia de central eléctrica, matadoiro, muíños, etc. Consecuentemente, poderíamos conformar un conxunto patrimonial e cultural que supera o risco de converter a Castrolandín nunha acción isolada e pouco contextualizada.



Figura 12: O castro como espazo social. Celebración do S. Xoán no ano 2001.

#### PROXECCIÓN DA POSTA EN VALOR DE CASTROLANDÍN

Incluimos nas figuras adxuntas, a modo de presentación sintética, o modelo de posta en valor proxectado. Engadimos outras informacións substanciais, como as principais afeccións que presenta o castro, actuais vías de acceso, e un percorrido suxerido para a visita ó sitio. Con independencia de que esta proposta sexa definitiva, cremos imprescindible partir dun modelo determinado para facilitar os traballos, así como evitar actuacións contradictorias ou antieconómicas.

#### ZONIFICACIÓN E INFRAESTRUTURAS

Utilizando como guión as figuras adxuntas, ésta é a descrición da zonificación e infraestruturas propostas:

##### Figura 13: zonificación, afeccións e accesos

1. **Área de recepción:** zona de acceso ó xacemento, onde se poden ubicar elementos como cartelería e papeleiras. Elíxese esta zona por facilitar unha boa visión do conxunto do sitio e estar próxima a unha pista de acceso. É ademais un excelente punto de partida para un percorrido polo xacemento (detallado máis adiante).
2. **Área de aparcamento:** na figura suxírense dous emprazamentos para ésta, a norte e sul da área de recepción. Decantámonos por esta última ó presentalo terreo aquí unha maior regularidade e, sobre todo, atoparse máis alonxada de posibles restos arqueolóxicos. De feito a zona situada ó norte situaríase sobre o que pode ser un extremo do foxo.
3. **Área de recreo de Castrolandín:** De acordo cunha proposta dos representantes da Comunidade de Montes de Castrolandín, esta zona reservárase para

área de recreo aberta ó público. Con esta fin limitouse a tala de piñeiros nesta zona (para dar de sombra), e aconséllase a instalación de bancos e papeleiras.

4. **Instalacións municipais do servizo de augas:** A proximidade destes dous edificios, e o feito de se atopar no presente fóra de servizo, tendo sido ofrecidos polo concello para o seu aproveitamento, anímannos a suxerir inicialmente a súa adecuación para o seu uso como almacéns, ou outras infraestruturas de apoio para a realización de traballos no castro.

5. **Parcela propiedade da Comunidade de Montes de Campo.** Esta cuña de terreos constitúe hoxe unha pantalla visual arbórea que impide a visión nítida do castro desde a estrada, unha vez postos en contacto con esta comunidade de montes, acordouse, aínda que sen data, a tala do arborado.

6. Baixo este epígrafe destácanse as máis importantes **afeccións** que o castro presenta hoxe:

6a: alteracións esporádicas producidas por actividades de cantería.

6b: esta zona presenta alomenos as seguintes alteracións: a apertura dunha pista de acceso ó interior do castro provocou o corte do parapeto na súa extrema E, e a colmatación do foso anexo. Paralelamente o sector do foxo que se estende cara o sul está escavado pola caixa dun camiño tradicional.

6c: cortes producidos na ladeira da acrópole, de orixe descoñecida. No extremo NE do castro, un posible parapeto e terraza foron cortados pola pista.

6d: escavacións, probablemente arqueolóxicas, no recinto do castro. Son alomenos 3 pequenas fosas rectangulares.

Á marxe disto, pódese supor que o paso dos tres camiños de acceso sinalados na figura con trazo discontinuo afectou desigualmente a estruturas periféricas do castro, especialmente no seu lado NE.

7. **Zona de escavación preferente.** Neste sector aconséllase o desenvolvemento de sucesivas campañas de escavación, dado que é aquí onde se prevé localizá-la área de habitación do castro, e polo tanto localizaránse estruturas de meirande interese.

En primeiro lugar proferimos un percorrido de visita polo xacemento, que arrincando da área de recepción, percorra o foxo e ascenda ata o actual acceso ó recinto castrexo, que atravesa para saír polo extremo N e descer pola ladeira NE da acrópole, aproveitando unha estreita terraza xa existente. Tras pasar baixo unha pequena canalización pétrea, na ladeira E da acrópole (a natureza e adscripción desta canalización está aínda por concretar), percorre un segundo foxo, para saír de novo ó camiño de acceso á necrópole e dirixirse á estrada, aínda que o visitante pode deter-se antes na área de recreo, se así o

desexa. Cremos que este percorrido percorre a totalidade das estruturas máis interesantes do sitio -con independencia dos resultados de futuras escavacións-, posibilitando unha visita comprensiva e global.

O perímetro de valado proposto debe actuar como elemento de protección do ben, pero sen limitar a súa percepción visual. O seu obxectivo non será tanto impedirla entrada como delimitá-la ben, aínda que si servirá de rigoroso limitador do tránsito rodado ó interior do castro, complementado cunha porta que peche a pista que dá acceso a el. O valado non pecha todo o espazo de actuación, limitándose ó espazo ocupado polos elementos máis significativos do sitio, co ánimo de non impedir outros usos do lugar, como o proporcionado pola área de recreo.

A área de recepción, situada xunto a un acceso e o aparcamento, concíbense como un lugar para definir e organizar o inicio da visita ó xacemento. Paralelamente, aquí aportaránse os contidos básicos para significar o sitio, a través da colocación dunha mesa interpretativa. Pódese optar por manter aberta ó público esta área, para o que se valará só o seu lado N.


As edificacións do servizo de augas municipal, xa referidas na figura anterior, presentan en principio un inconveniente para ofrecer outro uso que non sexa o de almacén, como é a súa pequena superficie e a escasez de vans para a iluminación e aireación.

Plantéxase instalar un número indeterminado de asentos na área de recreo, en cantidade non demasiado abundante, para non converté-la nun merendeiro que afecte visualmente ó xacemento, e xere unha carga de visitantes e suciedade que o sitio non poida soportar.

Nesta liña semella imprescindible ubicar alomenos tres papeleiras-contedores ó longo do percorrido de visita; a primeira delas na área de recepción, a segunda na entrada á acrópole e unha terceira na área de recreo. Quizais sexa recomendable non obstante ubicar dúas papeleiras nesta última zona.

## RECOMENDACIÓNS: UN PLANO DIRECTOR PARA CASTROLANDÍN

A xustificación de elaborar un Plano Director responde a tres necesidades básicas: en primeiro lugar establecer unha garantía permanente de protección de Castrolandín, en segundo lugar o que constitúe a súa finalidade principal: prever e vertebrar tódalas actuacións, evitando dispersións e contradicións, buscando a multifuncionalidade dos seus resultados. Por último, poderemos contar cun documento marco oficial que ubique cada unha das actuacións a efectos prácticos e administrativos, facilitando a tramitación de cada actuación ó considerala como parte dun proxecto de posta en valor conxunto. Por outra banda, un Plano



- 1 Área de acceso.
- 2 Zonas de aparcamento suxeridas.
- 3 Área de recreo.
- 4 Edificacións do servizo municipal de augas.
- 5 Parcela propiedade da Comunidade de Montes de Campo.
- 6 Principais afeccións arqueolóxicas.
  - 6a Remocións do solo a causa de actividades extractivas.
  - 6b Corte ol parapeto, colmatación do foxo e escavación do mesmo por un camiño tradicional.
  - 6c Corte de estruturas do castro.
  - 6d Zonas escavadas.
- 7 Zona de escavación preferente.
  - Acceso este.
  - - - - - Acceso sur.
  - · - · - Acceso ó lugar de Castrolandín.

Figura 13: Zonificación, afeccións e accesos.






Figura 14: Infraestructuras e percorrido de visita.

Director é un excelente punto de partida para concretar un Plano Especial válido para a súa integración dentro dun planeamento urbano.

A súa elaboración, sen embargo, implica aceptar alomenos dúas condicións: a necesidade de traballar para ampliá-los nosos coñecementos sobre o sitio e o seu entorno, e -isto é fundamental- mante-la *Fundación Terra Termarum Castrolandín* como unidade sólida de xestión do xacemento e interlocutor, para posibilitar que se satisfagan os seguintes requerimentos:

- Definir, tras consenso entre tódalas partes interesadas, cal será o alcance do Plano Director, e en función de iso o seu custe nese momento, terase que asumir un compromiso para o seu financiamento.

- Establecer cales son as competencias e deberes dos axentes implicados: fundación, concello, LAFC, empresas e especialistas implicados. Neste sentido é recomendable chegar á sinatura dun convenio para a realización dos traballos.

- Definir interlocutores válidos para a comunicación e toma de decisións ó longo do proceso.

- Formar un equipo de traballo interdisciplinar, e unha unidade de xestión con entidade propia para a elaboración do Plano Director.




Figura 15: Vista retrospectiva do xacemento, croa trala súa limpeza, corte do parapeto por unha pista de acceso, e meta de muíño atopado ó pe do castro trala súa limpeza .

## TÍTULOS PUBLICADOS

### TAPA

- TAPA 1** Documentación de un Entorno Castreño: Trabajos Arqueológicos en el área de Cameixa
- TAPA 2** Landscape, Archaeology, Heritage
- TAPA 3** El Archivo Digital del Registro Arqueológico
- TAPA 4** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 2: Evaluación de Impacto Arqueológico de la Red Vigo - Porriño
- TAPA 5** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 3: Excavación del Túmulo nº3 del Alto de San Cosme
- TAPA 6** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 4: Corrección de Impacto de la Red de Lugo
- TAPA 7** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 5: Corrección de Impacto del Ramal Pontevedra - Ourense
- TAPA 8** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 6: Estudios de Evaluación de Impacto
- TAPA 9** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 7: Hacia una Arqueología Agraria de la Cultura Castreña
- TAPA 10** Memoria del Grupo de Investigación en Arqueología del Paisaje 1992-1997
- TAPA 11** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 8: Corrección de Impacto del Gasoducto de Transporte Vilalba - Valga
- TAPA 12** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 9: Corrección de Impacto del Gasoducto de Transporte Valga - Tui
- TAPA 13** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 10: Sondeos en el Yacimiento Romano-Medieval de As Pereiras
- TAPA 14** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 11: Corrección de Impacto del Gasoducto de Transporte Ribadeo Vilalba
- TAPA 15** El GPS en Arqueología: introducción y ejemplos de uso
- TAPA 16** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 12: Intervenciones en Yacimientos Prehistóricos
- TAPA 17** Introducción a la Cerámica Prehistórica y Protohistórica en Galicia
- TAPA 18** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 13: Corrección de Impacto de las Redes de Pontevedra
- TAPA 19** Paisajes Culturales Sudamericanos: De las Prácticas Sociales a las Representaciones
- TAPA 20** La cultura material cerámica en la Prehistoria Reciente de Galicia I: Yacimientos al Aire Libre
- TAPA 21** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 14: Corrección de Impacto de las Redes de Coruña
- TAPA 22** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 15: Corrección de Impacto de la Red de Ourense
- TAPA 23** Arqueotectura 2: La vivienda castreña. Propuesta de reconstrucción en el castro de Elviña
- TAPA 24** Estudio de depósitos con industrias líticas del Paleolítico Inferior y Medio en la cuenca media del Miño
- TAPA 25** Arqueotectura 1: Bases Teórico-Metodológicas para una Arqueología de la Arquitectura.
- TAPA 26** Especificaciones para una gestión integral del Impacto desde la Arqueología del Paisaje
- TAPA 27** La Arqueología en la Gasificación de Galicia 16: Excavación del yacimiento de Monte Buxel
- TAPA 28** La Organización socio-política de los Populi del Noroeste de la Península Ibérica. Un estudio de antropología política histórica comparada

## TEMÁTICA TAPA

Esta serie ofrece de forma sintética resultados de trabajos y proyectos arqueológicos. Su finalidad básica es divulgar de forma ágil y rápida una información que habitualmente no es accesible hasta estados avanzados de elaboración. La serie es un instrumento esencial de una filosofía de trabajo, basado en un modelo de gestión integral del Patrimonio Cultural dentro de la cual se comprende la práctica arqueológica como una unidad que se inicia en la identificación y recuperación del registro arqueológico, continúa con su valoración y estudio, ofrece soluciones a la gestión actual de los bienes que lo integran, y culmina en la rentabilización, divulgación y publicación de los resultados del trabajo.

## ADMISIÓN DE ORIGINALES

- Se admitirán para su publicación los trabajos que sean presentados y aprobados por el Comité Editorial siempre que se ajusten a la temática anterior y a las normas que aquí se establecen.
- Los originales serán revisados por un grupo de evaluadores que informarán sobre la pertinencia de su publicación y recomendarán cuantas modificaciones crean convenientes para incluir el trabajo dentro de las series. En todo caso la correspondencia con los autores se realizará desde el Comité Editorial.
- Los trabajos serán remitidos a la secretaría de Capa y Tapa, y tendrán como fechas límites para su entrega el 30 de Abril y 30 de Octubre de cada año.
- A los autores se les enviará una prueba del documento para que sea revisado antes de su publicación, con la sugerencia de que realice las correcciones recomendadas. Una vez sean publicados se le remitirán dos ejemplares, independientemente del número de autores firmantes.
- Los autores podrán solicitar ejemplares adicionales previo pago de los mismos.

## NORMAS DE FORMATO

- Los trabajos se podrán realizar en cualquier idioma, pero siempre tendrán que llevar un resumen/abstract (máximo 150 palabras) y palabras clave/keywords en inglés (máximo 20 palabras). En el caso de que el trabajo estuviese en inglés, estos irán en un segundo idioma.
- Tendrán una extensión mínima de 25.000 palabras y una máxima de 40.000, ó 50 páginas a una columna con tamaño de letra 10, interlineado sencillo, incluyendo el espacio para las figuras.
- Irán precedidos de una hoja donde se indiquen: título, nombre del autor, dirección, teléfono, correo electrónico (si lo tiene), y fecha de envío del trabajo.
- Se enviarán en soporte digital, aparte de dos copias en papel.
- Se deben de enviar preferentemente en Microsoft Word y si no fuese posible en un programa compatible.
- Dado el carácter de ambas series, se recomienda emplear una parte gráfica lo más amplia posible. Se recuerda que toda la publicación será en B/N, por lo que las figuras deberán ser elaboradas en función de ello.
- Los títulos se tendrán que diferenciar fácilmente del texto y entre ellos, pudiendo ir numerados.
- Los diferentes apartados: anexos, apéndices, etc..., deberán ir precedidos de un salto de página.
- Los cuadros, mapas, gráficos, ... se presentarán preferentemente en soporte digital y, además y en cualquier caso, copia impresa en papel de calidad y numeradas al dorso.
- Se señalará a lápiz en el margen del texto el lugar sugerido para su ubicación de cada una de las figuras.
- Los pies de figura se colocarán en una hoja aparte indicando claramente a que figura pertenece.
- Las notas deberán de ir al pie, y su numeración debe de ser continua.
- La bibliografía se colocará al final del documento, ordenándola alfabéticamente y adaptándose a los siguientes ejemplos:

Arias Vilas, F.; Cavada Nieto, M. 1979. Galicia bajorromana. *Gallaecia*, 3-4: 91-108. Santiago de Compostela.

Harris, E. C. 1991. *Principios de estratigrafía Arqueológica*. Barcelona: Crítica (Ed. Original inglesa de 1979).

Renfrew, C. 1986. Introduction: peer polity interaction and socio-political change. En Renfrew, C.; Cherry, J. F. (ed.). *Peer polity interaction and sociopolitical change*: 1-18. Cambridge: Cambridge University Press.







# 29

# TRATA



CSIC



INSTITUTO DE ESTUDIOS  
GALEGOS PADRE SARMIENTO

Fundación  
TERRA TERMARUM  
Castrolandín